



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 105

**Sesión plenaria**  
12 de marzo de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



# ORDEDO DÍA

---

## Punto 1. Texto legislativo

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de memoria histórica democrática de Galicia (doc. núm. 38857, 10/PPL-000028)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 374, do 19.10.2018

## Punto 2. Comparecencias

### 2.1 46813 (10/CPP-000094)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar do novo modelo de atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019

Acumúlase na anterior a seguinte:

### 2.2 46741 (10/CPP-000093)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos Grupos Parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do novo modelo de atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019

### 2.3 47234 (10/CPP-000095)

Do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, por petición propia, para informar da posta en marcha dos novos plans e medidas en materia de turismo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

## Punto 3. Mocións

### 3.1 47155 (10/MOC-000129)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento das informacións en materia de igualdade. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 44014, publicada no BOPG nº 417, do 23.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.02.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

### 3.2 47158 (10/MOC-000130)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Pierres López, María Luisa**



Sobre as melloras que debe implementar e impulsar a Xunta de Galicia en relación coa Rede de centros de información á muller. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 44310, publicada no BOPG nº 423, do 31.01.2019, e debatida na sesión plenaria do 26.02.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

### **3.3 47162 (10/MOC-000131)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 25183, publicada no BOPG nº 260, do 14.02.2018, e debatida na sesión plenaria do 26.02.2019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

## **Punto 4. Proposicións non de lei**

### **4.1 6062 (10/PNP-000523)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Pazos Couñago, José Alberto e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda do Goberno galego ao Concello de Vigo para que retorne ao consenso acordado para a modificación da Lei da Área Metropolitana de Vigo e ao cumprimento desta, así como do cumprimento do convenio asinado en materia de transporte metropolitano garantindo as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias con independencia do seu lugar de procedencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 15.03.2017

### **4.2 42689 (10/PNP-003205)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre o impulso da Xunta de Galicia para convocar unha xuntanza da mesa sectorial que trate os problemas específicos dos colectivos de profesionais de PAC, servizos de urxencias e transporte sanitario urxente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 414, do 18.01.2019

### **4.3 43460 (10/PNP-003247)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para a mellora da situación da atención primaria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

### **4.4 44557 (10/PNP-003328)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Novo Fariña, María Isabel e seis deputados/as máis**



Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central co fin de cubrir as vacantes na Unidade de Policía Adscrita a Galicia e de incrementar os seus efectivos ata un mínimo de catrocentos setenta e cinco

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

#### **4.5 44794 (10/PNP-003350)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Solla Fernández, Eva**

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan de mellora da atención primaria, así como as actuacións que debe levar a cabo en relación coa dotación de persoal e horarios de traballo dos puntos de atención continuada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019

#### **4.6 45209 (10/PNP-003393)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa asunción de novas competencias pola Comunidade Autónoma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

#### **4.7 45704 (10/PNP-003429)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe impulsar o Goberno galego para a incorporación de cláusulas de igualdade na contratación pública de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

#### **4.8 46293 (10/PNP-003467)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa fenda salarial de xénero e as desigualdades existentes no mercado laboral, así como coa revalorización das pensións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

### **Punto 5. Interpelacións**

#### **5.1 37279 (10/INT-001243)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre os criterios do Goberno acerca da normativa do galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

#### **5.2 41768 (10/INT-001396)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**



Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co sector da industria electrointensiva galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 405, do 03.01.2019

### **5.3 44325 (10/INT-001451)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política do Goberno galego en materia de vivenda protexida

Publicación da iniciativa, BOPG nº 423, do 31.01.2019

## **Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**

### **6.1 47245 (10/POPX-000133)**

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre a incidencia que está a ter a xestión do Goberno galego en materia de política industrial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

### **6.2 47251 (10/POPX-000134)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da eliminación do coñecemento da lingua galega como requisito para acceder á función pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

### **6.3 47252 (10/POPX-000135)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para afrontar os riscos para o autogoberno de Galicia derivados das ameazas de recentralización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

## **Punto 7. Preguntas ao Goberno**

### **7.1 44042 (10/POP-005264)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis**

Sobre a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

### **7.2 47232 (10/PUP-000229)**

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis**



Sobre as medidas que vai adoptar o Goberno galego para garantir a conexión prioritaria da vía ártabra coa autovía A-6 co fin de darlle efectivo servizo á área metropolitana da Coruña

### **7.3 47241 (10/PUP-000230)**

#### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

#### **Rodríguez Barreira, María Julia e seis deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do Plan director para o corredor atlántico de mercadorías presentado recentemente polo Ministerio de Fomento

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

### **7.4 46095 (10/POP-005490)**

#### **Grupo Parlamentario de En Marea**

#### **Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre os obxectivos da posta en marcha nos centros educativos dunha campaña de concienciación infantil e xuvenil a favor da minaría en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 434, do 20.02.2019

### **7.5 47212 (10/PUP-000228)**

#### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

#### **Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para favorecer o mantemento da actividade produtiva da empresa Poligal en Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

### **7.6 47250 (10/PUP-000231)**

#### **Grupo Parlamentario de En Marea**

#### **Casal Vidal, Francisco e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións de carácter político, administrativo e lexislativo que vai desenvolver o Goberno galego para evitar ou desincentivar a deslocalización de empresas moi rendibles e imprescindibles para o tecido industrial e produtivo de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

### **7.7 46380 (10/POP-005520)**

#### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

#### **Fernández Gil, César Manuel e oito deputados/as máis**

Sobre as liñas mestras que vai seguir a política do Goberno galego para continuar avanzando nos eidos da igualdade e da coeducación en Galicia nos vindeiros anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019

### **7.8 45580 (10/POP-005434)**

#### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

#### **Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia respecto da atención sanitaria que se está a prestar na comarca de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019



**7.9 45761 (10/POP-005457)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego da atención pediátrica no concello de Zas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.*

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de memoria histórica democrática de Galicia. (Punto primeiro da orde do día)**

Presentación da proposición de lei: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 13.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Burgo López (S)* (Páx. 17.), *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 20.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 22.)

Rolda de réplica: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 26.)

### ***Votación do texto lexislativo***

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de memoria histórica democrática de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención*. (Páx. 28.)

*O señor presidente anuncia a acumulación de dúas comparecencias para o seu debate conxunto.* (Páx. 29.)





**Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar do novo modelo de atención primaria.** (Punto segundo da orde do día)

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do novo modelo de atención primaria.** (Punto segundo da orde do día)

Intervención do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 29.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 36.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 39.), *Sra. Solla Fernández (EM)* (Páx. 43.) e *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 46.)

Réplica do Goberno: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 49.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 55.) Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG) (Páx. 57.), o señor Torrado Quintela (S) (Páx. 57.), a señora Solla Fernández (EM) (Páx. 59.), o señor Núñez Centeno (P) (Páx. 61.) e o señor conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña). (Páx. 63.)*

### **Cambio no desenvolvemento da orde do día**

*O señor presidente comunica que se vai pasar anticipadamente ao punto terceiro da orde do día. (Páx. 64.)*

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento das informacións en materia de igualdade.** (Punto terceiro da orde do día)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 65.)*

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Quinteiro Araújo (EM).* (Páx. 65.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 70.) e *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 72.)

*A señora Quinteiro Araújo (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 74.)*

*A señora Arias Rodríguez (P) solicita a palabra ao abeiro do artigo 76 do Regulamento e intervén para pedirlle á señora Quinteiro Araújo (EM) a retirada dunhas expresións. O señor presidente concédelle a palabra á señora Quinteiro Araújo (EM) para responder sobre a devandita petición. (Páx. 76.)*



**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, sobre as melloras que debe implementar e impulsar a Xunta de Galicia en relación coa Rede de centros de información á muller. (Punto terceiro da orde do día)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 78.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Pierres López (S). (Páx. 78.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 81.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 83.) e Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 85.)*

*A señora Pierres López (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 87.)*

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes. (Punto terceiro da orde do día)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 88.)*

*Intervención do grupo autor da moción: Sra. Otero Rodríguez (S). (Páx. 89.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 92.) e Sra. Vázquez Verao (EM). (Páx. 93.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Prado del Río (P). (Páx. 95.)*

*A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 97.)*

***Votación das mocións***

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento das informacións en materia de igualdade: rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención. (Páx. 99.)*

*A señora Pierres López (S) explica o resultado da transacción sobre o texto da súa moción, que se vota a continuación. (Páx. 99.)*

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, sobre as melloras que debe implementar e impulsar a Xunta de Galicia en relación coa Rede de centros de información á muller: aprobado por 71 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 100.)*

*A señora Otero Rodríguez (S) explica o resultado da transacción sobre o texto da súa moción, que se vota a continuación. (Páx. 100.)*



Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes: *rexeitado por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.*

### **Cambio no desenvolvemento da orde do día**

*O señor presidente comunica que se vai adiantar unha das preguntas ao Goberno, do punto sétimo da orde do día.* (Páx. 101.)

### **Pregunta de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia.** (Punto sétimo da orde do día)

*Intervención da autora: Sra. Pierres López (S).* (Páx. 101.)

*Contestación da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracions Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 102.)

*Réplica da autora: Sra. Pierres López (S).* (Páx. 103.)

*Réplica da Xunta: Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracions Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 104.)

### **Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, por petición propia, para informar da posta en marcha dos novos plans e medidas en materia de turismo.** (Punto segundo da orde do día)

*Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González).* (Páx. 105.)

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx.113.), Sr. Pérez Seco (S) (Páx. 117.), Sra. Chao Pérez (EM) (Páx. 120.) e Sra. Romero Fernández (P). (Páx. 123.)*

*Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González).* (Páx. 126.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 132.) Nesta rolda interveñen a señora Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 133.), o señor Pérez Seco (S) (Páx. 134.), a señora Chao Pérez (EM) (Páx. 135.), a señora Romero Fernández (P) (Páx. 137.) e o Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González). (Páx. 138.)*



### **Cambio no desenvolvemento da orde do día**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica o debate anticipado da interpelación 5.1. da orde do día antes de pasar ao punto de proposicións non de lei. (Páx. 140.)*

**Interpelación de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios do Goberno acerca da normativa do galego. (Punto quinto da orde do día)**

Intervención do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 141.)

Resposta da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González). (Páx. 144.)

Réplica do autor: Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 147.)

Réplica da Xunta: Sr. conselleiro de Cultura e Turismo (Rodríguez González). (Páx. 149.)

*O señor Fernández Leiceaga (S) solicítalle ao señor presidente (Calvo Pouso), ao abeiro do artigo 77.2 do Regulamento, a lectura dun artigo da Lei de símbolos de Galicia. O señor presidente cóntéstalle que non procede e dá paso ao seguinte asunto da orde do día. (Páx. 151.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e oito deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Concello de Vigo para que retorne ao consenso acadado para a modificación da Lei da Área Metropolitana de Vigo e ao cumprimento desta, así como do cumprimento do convenio asinado en materia de transporte metropolitano garantindo as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias con independencia do seu lugar de procedencia. (Punto cuarto da orde do día)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 151.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 153.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 156.), Sr. Lósada Álvarez (S) (Páx. 157.) e Sr. Cal Ogando (EM). (Páx. 159.)

*O señor Pazos Couñago (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 161.)*

*Suspéndese a sesión ás oito e catro minutos do serán.*



Ábrese a sesión ás dez e cinco minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

E entramos na orde do día, co punto primeiro, que é un texto lexislativo.

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de memoria histórica democrática de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación da proposición de lei, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

En primeiro lugar, quixera enviar un saúdo fraterno ás persoas que nos acompañan na tribuna de convidadas. Son representantes de familias represaliadas e de entidades de defensa da memoria histórica, persoas que son fillas do terror, netas do medo e do silencio e que hoxe son voces rexas, valentes e orgullosas. (*Aplausos.*) O feito de que se debata no pleno do Parlamento a lei é en gran parte resultado da vosa loita, do voso compromiso, da vosa coraxe e da vosa determinación. Persoas coma vós fan mellores as sociedades e desde aquí vaia todo o noso recoñecemento e a nosa gratitude.

Non deixa de ser un paradoxo que esteamos debatendo aquí hoxe esta lei. A primeira pregunta que cabería facer é que pasou, que é o que se fixo tan mal para que, oitenta e tres anos despois do inicio do terror fascista en Galiza e cando se acaba de celebrar o corenta aniversario da súa sacrosanta Constitución, aínda esta sexa unha materia pendente; unha anomalía que di moito deste Estado e desta democracia.

¿Por que razón, principios e valores universais que dignifican a condición humana, a xustiza, a verdade, a memoria, a reparación, quedaron arrombados, proscritos, prohibidos, en nome de non sei que razón práctica? ¿Acaso pode haber algún ben máis grande que o da verdade e o da xustiza? ¿Por que tantas persoas foron asasinadas e logo borradas da historia? ¿Por que se prohibiu facer o dó? ¿Por que se prohibiron as bágoas, poñer flores nunha tumba? ¿Por que nin tan sequera tantas veces houbo tumbas onde chorar os mortos? ¿Por que nunca se fixo xustiza?

Por todo isto, precisamos unha lei para dar resposta a estas preguntas, para reparar o mal, para saldar as débedas, para honrar as vítimas do xenocidio fascista en Galiza, para coidar,



para sandar as feridas, para recoñecérmonos en valores que nos fan mellores como persoas e como sociedade. Por todo isto, precisamos unha lei.

E necesitamos tamén parlamentos, gobernos e institucións que sexan leais a quen deu tanto pola súa existencia. Dixo Juan Gelman que o contrario do esquecemento non é a memoria; o contrario do esquecemento é a verdade.

Estamos aquí, pois, para reclamar verdade e memoria, a verdade e a memoria desta muller, (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) desta moza, de Rosario Hernández Diéguez, a Calesa, unha rapaza de Vigo de 20 anos; era dunha familia humilde, vendía xornais da rúa do Príncipe. Despois do golpe de Estado do 36 agochoouse, porque ían a por ela, porque era unha muller que quería ser libre, que se manifestaba e que levaba as bandeiras das manifestacións. Foron busca un grupo de falanxistas de Vigo de boa familia, secuestrárona, torturárona, violárona, mutilárona e sepultaron o seu corpo nas augas da ría de Vigo, preto das illas Cíes. Por ela queremos que haxa unha lei, (*Aplausos.*) para que volva desas augas frías e profundas, para que volvan as súas ideas, para que volva a luz desta mirada transparente. Rosario Hernández Diéguez, a Calesa. Esta lei é por ela e para ela.

E tamén é para os protagonistas desta fotografía, (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*) unha fotografía borrosa pero que nunca se poderá borrar da historia: a tribuna que presidía o desfile do Día da República do ano 36 na Coruña. Aquí están o alcalde republicano da cidade, Alfredo Suárez Ferrín; a máxima autoridade militar de Galiza, o xeneral Salcedo Molinuevo; a bibliotecaria feminista Juana Capdevielle; o gobernador militar da provincia, Rogelio Caridad Pita; e o gobernador civil da Coruña, Francisco Pérez Carballo. Os cinco foron asasinados nos cinco meses que pasaron desde o 20 de xullo de 1936. Eles, por ser cargos militares e cargos políticos, e ela, por ser unha muller feminista, loitadora, combativa, que non tiña cabida nese cárcere social que o fascismo quería crear para as mulleres; foi tamén secuestrada, asasinada, violada e tirado o seu corpo nunha cuneta en Rábade, na provincia de Lugo. Por eles, por ela, queremos tamén unha lei. (*Aplausos.*)

E queremos unha lei para a muller que está nesta fotografía, (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*), que é todo un símbolo da memoria resistente deste país, unha mestra republicana de Vilagarcía, Juana Otero. Foi levada ao cuartel dos falanxistas, foi rapada e tatuada na fronte con nitrato de prata coas siglas UHP (Uníos Hermanos Proletarios). Ela quixo facer esta fotografía para que quedase para a historia, porque hai moi poucas fotografías de mulleres vexadas, de mulleres rapadas e de mulleres tatuadas. Esta fotografía é un xigantesco documento da memoria, da memoria resistente da Galiza. Por Juana Otero queremos tamén unha lei. (*Aplausos.*)

Queremos unha lei por quen fixo estas imaxes (*O señor Bará Torres mostra un documento.*) de denuncia do terror fascista en Galiza, *Atila en Galiza*, *Galiza mártir*, por Castelao. Porque Castelao aínda está nos papeis do réxime como separatista, como republicano, como traidor, e nunca foi reparado ese expediente que o condenou, que o multou e que o condenou ao desterro. Por Castelao tamén queremos unha lei. (*Aplausos.*)

E queremos unha lei por Cinta Rey, (*O señor Bará Torres mostra unha fotografía.*), fotografada ao lado deste piñeiro, nun lugar que xa non existe, o piñeiro da Caeira, onde fusilaron o 12





de novembro do 36 o seu fillo, Víctor Casas Rey, dirixente do Partido Galeguista en Pontevedra. E quen lle fixo esta fotografía, que é tamén un descomunal monumento da memoria resistente, foi nada máis e nada menos que Amalia Álvarez Gallego, e fíxolla ela nese lugar onde mataran tamén o seu home, Alexandre Bóveda. Por estas mulleres, polas que quedaron, tamén necesitamos e queremos unha lei da memoria histórica galega.

Miren, esta lei pretende render tributo a todas estas persoas, a miles de persoas que foron asasinadas, torturadas, encarceradas, violadas, extorsionadas, multadas, depuradas, desterradas e condenadas ao exilio, ao ostracismo, á anulación e á desaparición. Este é un texto legal solidamente fundado no ordenamento xurídico internacional, no Pacto internacional de dereitos civís e políticos, suscrito polo Estado español no ano 1977, tres meses antes da aprobación da Lei de amnistía; tamén baseado na resolución da Comisión de Dereitos Humanos do ano 2004, que establece a obriga dos Estados de adoptar medidas eficaces para loitar contra a impiedade e para garantir o dereito inalienábel á verdade, o dereito de lembrar e o dereito de saber.

Un texto tamén inspirado no informe realizado polo relator da ONU, no ano 2014, Pablo de Greiff, que establece claramente o marco das políticas públicas da memoria, que teñen que ter como obxectivo a procura da verdade, da xustiza e da reparación. Para iso é esta lei.

Un proxecto de lei tamén que bebe dos avances da lexislación autonómica aprobada na última década e das experiencias máis avanzadas que se desenvolveron en Euskadi, en Navarra, en Cataluña, en Andalucía, en Aragón, en Valencia, en Baleares, que aprobaron leis tamén das que bebe este texto.

Con esta bagaxe e coa participación e as achegas de numerosos colectivos e persoas, tendo en conta tamén as propostas da Iniciativa Galega pola Memoria, fixemos esta proposición de lei, que traemos hoxe para o seu debate e para a aprobación da súa tramitación.

Somos conscientes de que é un punto de partida, que se pode enriquecer con achegas, con propostas e ideas de todos os grupos na tramitación parlamentaria. Un proxecto de lei que diseña un programa de actuación co máximo rango institucional, cos medios necesarios para desenvolver unha política pública da memoria galega, sobre a realidade do que aconteceu aquí no noso país, na nosa propia historia, do terror fascista, e tamén a nosa historia da resistencia — que a houbo — e da solidariedade. Unha política pública continuada no tempo que procure a normalización e a socialización da historia colectiva e que incorpora a imprescindíbel perspectiva de xénero, para recoñecer o triplo papel que tiveron as mulleres como vítimas da represión, como protagonistas da resistencia e da solidariedade e como transmisoras da memoria.

Un texto legal, que ten sesenta e nove artigos e oito disposicións finais, que ten como obxectivo facer posíbel o dereito á verdade, facer posíbel o recoñecemento, a reparación e a homenaxe mediante unha serie de actos públicos de recoñecemento a todas as vítimas e tamén coa declaración do carácter institucional do Día da Galiza Mártir o 17 de agosto.

Tamén unha lei para lograr a identificación e a protección de bens e documentos da memoria histórica galega, a preservación e dinamización de espazos e itinerarios da memoria, come-



zando polo lugar central máis simbólico da memoria galega, que é a illa de San Simón, que non pode ser un parque de saraos, festas e divertimentos varios; ten que ser o espazo central da memoria histórica colectiva, tamén da resistencia e da solidariedade.

Queremos esta lei para facer un estudo sistemático dos bens espoliados, para garantir a devolución ao patrimonio público dos bens espoliados pola familia Franco. Proclamar na lei que é unha verdade histórica incontestábel que o pazo de Meirás, a casa Cornide e as estatuas de Abraham e Isaac son bens públicos do pobo galego roubados pola familia Franco, unha verdade histórica indiscutíbel, por moito que unha xustiza española con moitos, con demasiados resaibos franquistas queira negalo; e para acabar coa vergoña dun pazo de Meirás convertido no parque temático do franquismo e co sensentido de ver como os Franco gozan e negocian con bens roubados mentres demócratas como o investigador Carlos Babío ou o grupo de demócratas «dezanove de Meirás», protagonistas da ocupación simbólica do pazo o 31 de agosto de 2007 —que están aquí tamén representados nesta tribuna—, se sentan no banquillo dos acusados e piden para eles máis de trescentos anos de cadea.

O mundo, a xustiza e a verdade, ao revés. Todo o noso apoio para Carlos Babío e para «os dezanove de Meirás» (*Aplausos.*) e tamén a nosa exixencia ao Goberno central de que dunha vez por todas tramite o acordo deste Parlamento para a recuperación do pazo de Meirás.

En fin, este texto tamén ten unha serie de disposicións adicionais que promoven e procuran a nulidade dos xuízos, a anulación das sentenzas e o exercicio da xurisprudencia en delitos de lesa humanidade, que non prescriben nunca e se poden perseguir sen ningún tipo de límite; así o establece a xurisprudencia internacional.

Facémolo porque estamos convencidos dos beneficios que reporta o exercicio libre, consciente, cívico, da memoria colectiva, da súa necesidade para construír unha sociedade máis cohesionada, para artellar unha democracia máis forte, para forxar unha Galiza dona do seu destino, celebrando a quen deu a vida por ela, para impugnar as mentiras construídas en décadas baixo o terror, baixo o silencio, baixo o medo. Aquí, en Galiza, onde non houbo bandos nin houbo guerra; só houbo aniquilación sistemática, programada, de quen defendía a democracia, a República, a xustiza social e os dereitos nacionais do noso pobo; aniquilaron a mellor xeración da historia do noso país.

Esas mentiras das que falaban e das que seguen falando, seguen mentindo, en papeis oficias, de mortes por hemorraxia interna, como eufemismo macabro do terror xenocida. Hai quen quere pasar esta páxina amarga e incómoda, mais négase a que se coñeza a verdade e se repare o mal. Pero a historia está aí, nin se pode borrar nin se pode negar, nin se pode ocultar. Ese é precisamente o perigo agora que o fascismo volve petar nas portas de Europa, nas portas tamén do noso país, e ten poderosos aliados.

Hai quen fala de superar o pasado, mais nunca pediu perdón, que é o primeiro paso de verdade para superalo. Hai quen quere pechar feridas mais non as ten. Quen de verdade ten dereito a decidir se están pechadas as feridas son as persoas que seguen sufrindo as secuelas do terror, do medo, do silencio e do esquecemento, que sufriron durante a ditadura e seguen sufrindo agora.





E remato citando unha muller que é neta de Isolina Vilaverde Cendón (*O señor Bará Torres mostra un documento.*), que tamén nos acompaña aquí nesta tribuna. A Isolina matáronlle o home o 23 de agosto de 1936, Aurelio Torres, e ela é un exemplo dunha muller rexa, dunha muller resistente, que nunca cedeu e que transmitiu ademais a memoria dese terror. Deixounos dito a súa neta, que tamén é un símbolo desa Galiza que non quere esquecer, María Lores, o seguinte: «A memoria é o ben máis prezado que temos. Sen memoria, non somos nada. Cada un de nós é o que é pola historia que ten detrás. Se esquecemos, perdemos parte da nosa vida e non sabemos quen somos. Ter memoria é un acto de vontade. Temos memoria porque queremos tela, temos dereito e sobre todo temos a obriga de non esquecer.»

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

**A señora BURGO LÓPEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

Permítanme que, antes de comezar con esta proposta de lei, transmita o noso máis sentido pésame e o noso cariño para toda a familia desta cooperante galega de Cangas que perdeu a vida nun accidente en Etiopía, traballando por un mundo mellor, como fan todos os cooperantes. (*Aplausos.*)

Queremos dicirles, en primeiro lugar, xa de entrada, por suposto, que imos votar a favor da toma en consideración desta proposición de lei do BNG, porque para os socialistas as políticas da memoria histórica son fundamentais, como creo que temos demostrado en todas as ocasións dende hai moito tempo, e porque estamos convencidos tamén de que a historia non pode construírse dende o esquecemento dos máis débiles e o silenciamento dos vencidos, como a miúdo quere facer a dereita deste país.

Ademais, consideramos que é necesario ter unha lei autonómica en Galicia, porque non sei se vostedes repararon en que soamente hai tres comunidades autónomas —La Rioja, Madrid e Galicia— que non teñen unha lei de memoria histórica autonómica e que carecen polo tanto de toda política de memoria histórica.

Todas as comunidades restantes foron facendo os seus textos entre 2009 e 2019, como dicía o señor Bará, cada vez máis avanzadas, cada vez máis clarificadoras, e por iso nós consideramos que tamén Galicia ten dereito a tela, porque, ademais, cremos que neste texto están incluídas a maior parte ou en boa medida todas as medidas, ideas, conceptos, que defendemos os socialistas, que defendemos en leis como a de Andalucía ou a de Extremadura, aínda que teño que dicir que, se se toma en consideración —esperemos que si—, faremos unha serie de emendas, porque non se pode estar de acordo absolutamente en todo; cremos que podemos mellorar nalgún punto este texto, pero si que estamos de acordo no máis importante e substantivo.



E, sobre todo, porque tamén estamos de acordo porque este texto está en consonancia con todas as medidas que están integradas no proxecto de modificación da Lei 52/2007, que o Grupo Socialista no Congreso dos Deputados rexistrou xa hai un tempo e que non se substanciou por ese uso torticeiro que fai o PP e Ciudadanos da Mesa do Congreso (*Aplausos.*), pero que a faremos, que a levaremos e faremos esa modificación de lei despois destas eleccións.

E queremos modificala porque os socialistas entendemos, por unha parte, que a lei de 2007 tivo un percorrido moitas veces truncado, que tiña déficits. É certo: tiña déficits importantes, que foron postos de manifesto polo relator especial de Nacións Unidas no Consello de Dereitos Humanos no seu informe de 2014, fundamentalmente déficits graves en canto á garantía da verdade da xustiza.

E por iso nesta modificación socialista ponse o acento no recoñecemento dos dereitos da verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición e na concreción de medidas que aseguren estes principios defendidos polo Consello de Europa e por organismos internacionais como a ONU.

Estamos convencidos —e querémolo dicir ben claro— que estes organismos testemuñan que durante a ditadura franquista foron cometidos crimes de lesa humanidade, crimes de guerra, que pola súa gravidade non prescriben, e non podían nin poden ser obxecto de amnistía, e iso queda garantido na modificación da lei que o PSOE presentou.

A modificación que nós presentamos —e coa que tamén está de acordo esta lei do BNG— busca fundamentalmente a recuperación e a dignificación dos desaparecidos durante a Guerra Civil e o franquismo, unha tarefa que ten que ser responsabilidade das institucións. Non pode quedar, como quedou —e é tamén un dos problemas da lei de 2007—, en mans de particulares nin de asociacións. O movemento memorialista solicitou que fose unha cuestión de Estado, e así o será; é máis, así xa foi, así xa estaba sendo no Goberno presidido polo presidente Sánchez, ao que ían dirixidas as medidas neste senso.

Ademais, quero falar disto e da responsabilidade do Estado e de todas as institucións públicas nun día no que coñecemos como familiares de represaliados enterrados no Valle dos Caídos puideron ir por primeira vez ver as tumbas ou caixóns onde están os restos dos seus familiares, e hai que ter o corazón moi duro para non emocionarse coas verbas desa muller de 85 anos que por fin dixo que todo o soño da súa vida era estar preto de seu pai e que por fin puido facelo. (*Aplausos.*) Porque, señorías, cando se ten a vontade de facer as cousas, pódense facer. Parecía imposible chegar á cripta do Valle dos Caídos; chegouse, e os familiares tamén.

Quero dicir que na modificación da lei hai un réxime de sancións, e tamén nesta. Parécenos fundamental, porque as leis están para cumprilas, non están para non cumprilas e apartalas e agochalas, como fixo o Partido Popular en Galicia, en Madrid e na Rioja, e o Partido Popular aquí, onde non fixo absolutamente nada na lei ao redor da memoria.

Tamén se crearán unha serie de organismos que están presentes tamén na lei do BNG: Comisión Técnica da Memoria, Comisión da Verdade, Censo nacional de vítimas, etc.



Dúas ideas fundamentais para nós. Unha, que nesa lei, tamén nesta, hai un principio de impulsar a educación nestes temas. A educación, ademais dun ben fundamental, é un elemento e un instrumento fundamental para opoñerse a todas as políticas, a todas as teorías negacionistas, para acabar coas mentiras ao redor de todos estes temas e para non ter posibilidades de incidir ou de repetir, porque os especialistas afirman e viron perfectamente como estes temas non se tratan na educación regrada, e é necesario que a represión franquista estea nas aulas, estea nas escolas, que se coñeza este pasado; ¿incómodo?; si, moi incómodo, pode ser, sobre todo para moitos, moi incómodo, pero necesario para ser reparado.

Por outra parte, o movemento memorialista tamén está na modificación.

E dúas cousas moi importantes. A nós sorprendéronnos, señor Bará, as súas disposicións adicionais, porque é unha maneira un pouco rara de ter disposicións adicionais, que son realmente instar o Goberno, pero tamén, como vostede sabe, teño que dicirlle que estas preocupacións que manifesta nestas disposicións van ser resoltas cando estea modificada a lei de 2007, porque, señor Bará, sabe vostede que se declararán nulas de pleno dereito todas as resolucións xudiciais dos tribunais de excepción franquista e todas as normas do réxime franquista que contraveñan as normas universais do dereito internacional e todas as contrarias ao dereito penal internacional. Na modificación, cando se aprobe, iso estará resolto.

Igual que a ilegalización da Fundación Francisco Franco. Por certo, quero recordar que, agora que se coñeceron todas as unións con Vox, xa sei que se o PP non fixo nada non o vai facer agora, pero que en Meirás segue a Fundación Francisco Franco cuns carteis estupendos en que están, con apoloxía do franquismo, dicindo unha mentira tras outra, sen que o Partido Popular faga absolutamente nada. (*Aplausos.*) Agora entendo que moito menos, porque Vox, que está unido á Fundación Franco, non llo vai permitir.

En todo caso —e remato, porque non teño moito tempo para todas as cousas que se poderían dicir—, tanto do que pasou, tanto do problema que este país ten co seu pasado, é hora de arranxalo, e fágolle ao Partido Popular un chamamento ao seu sentido de Estado. Creo que é o momento, xa, de tomar medidas para arranxar os problemas que este país ten co seu pasado; é o momento de que vostedes non confronten, non busquen a confrontación, busquen o achegamento e busquen a xustiza, a verdade e a reparación, porque non hai verdadeira democracia se esta quere asentarse no esquecemento das vítimas ou sobre a negación dos dereitos dos familiares a saber onde están os seus familiares, non hai democracia se esta se asenta sobre miles de mortos que aínda están nas cunetas e nas fosas, e seguen aí, e así non se pode afianzar unha democracia.

Como tampouco se afianza unha democracia cando os dirixentes políticos fan mofa e burla das vítimas e da memoria histórica. Porque miren, señoras e señores do Partido Popular, o seu presidente Pablo Casado afirmou hai un tempo que os de esquerdas somos uns carcas, porque pasamos a vida falando da guerra do avó e non sei que fosas.

Mire, rógolles, señores e señoras do Partido Popular, que lle transmitan ao seu presidente que dende logo o PSOE e o PSdeG van seguir falando dunha guerra causada por un golpe de Estado, (*Aplausos.*) que terminou cun réxime xusto e un réxime lexítimo, para impoñer un



réxime fascista, un réxime sen honor, sen dignidade, sen sensibilidade, sen humanidade, que cometeu un gran número de asasinatos. E imos seguir, señores e señoras...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora BURGO LÓPEZ:** ... do Partido Popular —remato, señor presidente—, falando de fosas, imos seguir falando desas fosas ata que o último cadáver do último home e da última muller represaliado polo franquismo saia desas fosas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas, señor presidente.

Un saúdo especialmente agarimoso a todas as persoas que están na tribuna.

Permítanme de arranque unha pequenísima licenza poética de Bodaño, Celso Emilio, Ferrín, Couceiro, frases moi curtas, e empezar cunha de Carlos Couceiro, amigo e compañeiro moitos anos: «O sufrimento é frío coma un disparo na tempa». «Non houbo galos / para a mañá triste dos seus ollos mortos. / O home da cor da herba ben o sabe / e sábeo o río / e o arado / e os montes e os bimbios tamén o saben. / Non houbo galos.» «O día xa está a vir, poreime a alma...» (*Aplausos.*) «Zbarski, Adrio, Bóveda, fouces, martelos, patria. / Xullo do trinta e seis, cando a vergoña abafa.»

Esta non é unha lei máis, é unha lei na que están en xogo a xustiza, a democracia, a liberdade. Neste delirante período electoral lembramos a frase de Albert Camus: «En tempos e momentos límite, só hai dous partidos: o partido da humanidade e o partido da inhumanidade». Europa quebrou cando historicamente triunfou o partido da inhumanidade, e parece que quere volver asomar.

Para gobernar Andalucía, VOX exixiulle ao Partido Popular un listado de condicións que relictan un pensamento político inhumano. É o partido da inhumanidade que asoma. Manteñen actitudes belixerantes e intimidatorias, ultras e conservadoras, por exemplo, cos inmigrantes. Co seu pensamento homófobo queren derrogar a Lei de igualdade e tamén a lei que defende o colectivo LGBTI. Fan declaracións machistas e teñen vontade de derrogar tamén a Lei de memoria histórica democrática.

É a ideoloxía bruta e a linguaxe pendenciadora dos que queren derrogar os dereitos, dos que queren ir para atrás. É a ideoloxía negacionista que quere promover a lei da concordia. ¿Non saben que non pode haber concordia sen verdade e sen reparación, sen xustiza e sen garantías de non repetición? ¿Non o saben? A Lei de memoria histórica galega é posible se hai vontade política, se o PP galego quere, se o PP galego se distancia da inhumanidade.



Seguimos —porque non chegamos— transitando cara á democracia real. Murcha moito escoitar discursos negativistas, pero é máis forte o alento do vento da memoria sen medo. Cada contexto, cada territorio, ten a súa especificidade. Téñense que posicionar, señorías do PP, ¿con quen están?, ¿coa inhumanidade ou coa humanidade?

Na Galiza do 36 non houbo mortos —xa o dixo o señor Bará— no bando golpista, ¿ou coñecen algún? Iso di o meu primo Emilio: aquí non existiu guerra civil entre dúas faccións da nosa sociedade, senón un golpe armado e militar triunfante que xeraría un amplo tipo de tipoloxías represoras. Xa que logo, máis acomodado e axeitado á realidade histórica sería utilizar a denominación da Guerra do 36 na vez de Guerra Civil, por ser esta unha definición que non se corresponde co realmente acontecido en Galicia, que supón que hai dúas partes simetricamente responsables. Isto non é certo, hai que lembrar que a represión foi responsabilidade única e exclusiva dos xenerais e demais militares que se ergueron contra a legalidade democrática e constitucional da República.

A Lei estatal de 2007 naceu con vocación de recuperar e dignificar a memoria dos e das que foron masacrados pola súa defensa dos valores democráticos. Produciu insatisfacción, e once anos despois nin os seus artigos nin o seu desenvolvemento regulamentario satisfán a case ninguén. Foi maior o impulso de todas as comunidades autónomas —como ben se dixo aquí—, como Andalucía, Cataluña, Euskadi e mesmo Asturias, que sacou a lei hai un mes.

Esa Lei do 2007 non permitiu que se investigasen os feitos nin fixo palpable nin fixo real o requisito da verdade. A impunidade —e isto é un factor esencial—, marcada pola Lei de amnistía de 1977, resulta unha grandísima violación do Dereito internacional. O Dereito internacional, na súa normativa, reconece que os crimes son imprescriptíbeis, polo que debe asegurarse a súa persecución universal. A ONU, no seu principio 2, recolle os procedementos para a protección e promoción dos dereitos humanos con esta loita contra a impunidade. Superar a impunidade é prioritario, xa que se trata dun déficit importantísimo. Establecer procedementos para declarar a nulidade das sentenzas condenatorias xa nos tarda. Tárdanos 83 anos, nada menos. É un país da vergoña.

¿E cal é a resposta ás reivindicacións dos superviventes da Guerra do 36? Pois non foi unha resposta valente, non se declararon nulos de pleno dereito os crimes de lesa humanidade nin os xuízos sumarísimos. As recomendacións da ONU, que, por certo, se fixeron públicas hai catro anos, no ano 2014 —non no 2013—, e, en concreto, o informe do grupo de traballo, amosou consternación e recriminou o Goberno de España, que, paradoxalmente, estaba pedindo estar na Comisión de dereitos humanos na franxa 2008-2020. Este informe recriminou o Goberno español por non ouvir a maior parte das recomendacións e lamentou observar poucos avances. Sacou as cores dun país. Non se presentou cronograma ningún, hai unha longuíssima lista de incumprimentos. Aínda que non se derrogara, soamente a idea de Rajoy de dotar con cero euros a memoria histórica é unha maneira de derrogala. ¡Que insulto! ¡Que aldraxe!

Tamén a ONU sinalou como especialmente preocupante que a maioría das persoas desaparecidas durante a Guerra do 36 e a ditadura poidan investigar e non ter acceso á verdade, nin á xustiza, nin á reparación. Non foron implementadas todas as medidas que puideron



selo. Púxose moita énfase na urxencia para asumir e comprometerse de xeito máis activo. A ONU reclamou un plan que non se levou a cabo, reclamou que o Goberno ofrezca maior apoio institucional. Esperamos do PP galego que se desmarque da ultradereita e que faga un exercicio de democracia real, ¡real!, que se comprometa e que poidamos discutir polo miúdo.

É unha lei que nós imos apoiar —isto xa é obvio— con toda paixón, pero tamén con espírito de aportar, de facer moitísimas engádegas, de contribuír para fornecela e para que realmente se faga xustiza con toda a xente que defendeu a democracia neste país mesmo coa súa vida.

Hai pouco tempo. Hai que citar tamén unha... bueno, eu citaríaa porque Emilio Silva dixo algo que a min me parece moi importante, o presidente da Asociación da Recuperación da Memoria Histórica. Dixo que subvencionar «algunhas exhumacións» —porque todo se fixo case privadamente— é algo que demostra unha enorme debilidade democrática, porque nunha democracia os dereitos humanos non se subvencionan, ¡garántense!, e isto é moi importante. Seguimos transitando cara á democracia real.

O Grupo confederal de En Marea fixo tamén unha proposición de lei estatal que hai que sa-lientiar porque é unha lei integral completa, participada, ampla. Podíamos dicir moito disto e de moitas iniciativas que se levaron ao Congreso dos Deputados.

Citar para rematar. Sabemos do interese polo tema das mulleres, que non é suficientemente recollido en moitas das leis, si nalgunhas, en concreto en Asturias e en concreto en Andalucía. As mulleres sufriron moita máis represión porque tiveron que apandar coa represión de xénero que o réxime fascista fixo sobre elas. Roubáronlles as palabras. As experiencias vividas por elas e polos seus familiares son experiencias coincidentes da absoluta senrazón, da absoluta aldraxe, da represión e da barbarie experimentadas. Barbarie directamente relacionada co sanguinario carácter do réxime de Franco no máis profundo das súas vidas. Tiveron medo, medo que chegou a afogalos para sempre, medo a pensar, medo a actuar, medo a vivir, medo a ser. Medo que foi incrustado no máis íntimo de cada un dos seus pen-samentos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Medo que superaron con coraxe e medo que agora non temos as netas.

Defendamos a Memoria de todos e todas as vítimas e, por favor, levemos a trámite esta lei tan necesaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Grazas, presidente.





Señorías, que ninguén se chame a engano, o proxecto de lei que hoxe se nos presenta pouco ten que ver coa reflexión histórica, a vontade de reconciliación ou a concordia. Simplemente asistimos a un novo intento de fomentar a crispación como instrumento para obter réditos electorais mediante a demonización dos que non comparten —non compartimos— os planteamentos políticos de certos grupos, que gozan, por certo, de escaso apoio do pobo galego.

Na presentación pública desta iniciativa, o señor Bará afirmaba: «Nin o PP nin o PSOE amosaron intención de recuperar os bens espoliados pola familia Franco. É o PP o que sobre todo debe decidir de que lado está. No debate desta lei ten a oportunidade de dar un paso adiante para frear o proceso de involución e saír do armario da historia do franquismo».

O señor Bará é coñecedor das iniciativas consensuadas e aprobadas neste Parlamento para impulsar a recuperación, conforme a lei, do pazo de Meirás, e do informe elaborado polos expertos para tal efecto. O señor Bará tamén é coñecedor de que a primeira condena do Congreso ao réxime franquista obtivo o apoio unánime dunha Cámara con maioría absoluta do Partido Popular e na que, por certo, o BNG tiña tres representantes. Tamén se teñen producido neste Parlamento de Galicia polo menos catro condenas do réxime franquista, que non poderían ter prosperado sen o apoio do grupo maioritario que teño a honra de representar.

Son estes, señoría, feitos obxectivos documentados e dos que vostede ten coñecemento. Así que comprenderá que resulte lexítimo preguntarse ¿por que teima o BNG en falsear a nosa recente historia? E a resposta resulta evidente: porque prefiren falsear o debate para obter réditos partidistas antes que recoñecer unha realidade que nos dignifica a todos como sociedade. E non é a primeira vez que isto acontece.

Dende a súa autoproclamada supremacía moral, o BNG leva máis de tres décadas emitindo certificados de bos e malos galegos. Recentemente, comezaron a distinguir entre defensoras dos dereitos da muller e traidoras á causa da igualdade. E hoxe pretenden trazar unha raia coa que poder separar os demócratas auténticos dos que non o son.

Pois ben, señorías, nin os galegos precisan do seu carné para exercer de galegos, nin as mulleres precisan da súa aprobación para defender a igualdade, nin o meu grupo precisa do seu beneplácito para defender a democracia. (*Aplausos.*) Non o precisamos de ninguén, (*Aplausos.*) ¡de ninguén, señoría! (*Aplausos.*) pero moito menos dun grupo que concorre ás eleccións da man dos herdeiros de Batasuna e que hai apenas quince días realizou nesta Cámara unha encendida defensa dos valores democráticos dun sátrapa que prefire queimar combois de axuda internacional antes que aliviar a fame do pobo venezolano. ¿Como se atreven con eses antecedentes a darnos leccións de democracia?

O Partido Popular naceu coa democracia, leva traballando máis de corenta anos en defensa dos valores democráticos e aspira a seguir axudando a construír un país máis libre, máis xusto e máis tolerante, (*Aplausos.*) e creo que ningún deses principios inspira o texto que hoxe debatemos. (*Aplausos.*)

Nesta mesma lexislatura, señorías, aprobamos distintas iniciativas co obxecto de eliminar progresivamente os símbolos de exaltación do franquismo. Tamén acordamos o impulso de



medidas de apoio ás familias que lexitimamente pretenden dar digna sepultura aos represaliados que aínda hoxe xacen en condicións ignominiosas en campos e cunetas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Gustaríame continuar sen ser insultado, señor presidente.

Resulta lexítimo pensar que para perfeccionar esas políticas sexa necesaria unha lei de memoria galega, como resulta lexítimo opinar que basta un decreto ou, simplemente, aplicar a normativa estatal nesta materia para obter resultados similares. Porque ademais —hai que recordalo— é o Goberno quen ten a maioría das competencias que vostedes hoxe pretenden regular. Pero plantexar que un determinado grupo carece de principios democráticos por non considerar que este texto concreto poida servir de base para regular esta materia é en si mesmo un exercicio de lesa antidemocracia.

Señorías, hai apenas un ano, o Parlamento vasco rexeitaba un Proxecto de lei de memoria histórica presentado por Bildu. Facíao grazas aos votos do PNV, do Partido Socialista de Euskadi e do PP, que sufriron por parte dos propoñentes acusacións de falta de sensibilidade, de manter actitudes tramposas, de dar unha bofetada na cara de Bildu ás vítimas do franquismo. Afirmacións hoxe familiares e paradoxais, ¿verdade? Como si temos memoria, comprenderán que non podemos considerar a Bildu un modelo de comportamento democrático fronte a nacionalistas, socialistas e populares vascos. Do mesmo xeito que non imos aceptar o supremacismo moral de ningún grupo por non compartir simplemente a conveniencia desta proposición de lei. Unha proposición de lei que —cremos— incorre en flagrantes erros de plantexamento. Permítanme que a modo de exemplo sinale algúns dos que nos parecen máis graves:

«Artigo 38. Por medio desta lei declárase que as torres ou pazo de Meirás, a casa Cornide e as esculturas de Abraham e Isaac son bens espoliados e que, polo tanto, deben formar parte do patrimonio público galego». Dificilmente, señorías, esta disposición pode superar unha análise xurídica minimamente rigorosa. Dificilmente unha democracia que aspire a ser denominada como tal pode aceptar un precepto que elude calquera control xudicial para determinar por mera vontade do lexislador a natureza patrimonial de determinados bens. Incórrrese desta forma nas mesmas actitudes que se pretenden condenar, conculcando os dereitos constitucionais dos cidadáns sen máis fundamento que a simpatía ou a antipatía que estes espertan nos representantes públicos, ignorando conscientemente recentes sentenzas xudiciais e apostando pola arbitrariedade como fórmula válida de incautación de bens. Nin sequera Franco se atreveu a tanto, señoría. Ata o ditador se dotou dunha aparencia de legalidade para apropiarse de determinados bens que na nosa opinión (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) deben voltar ao dominio público, pero a través das fórmulas legais contempladas no noso ordenamento xurídico e non por medio de atallos lexislativos. Unha democracia que se prece de tal non pode incorrer nos mesmos abusos que a ditadura á que substituíu. En consecuencia, non incorreremos no erro de tomar pola forza da vinganza o que o pobo galego debe recuperar pola razón da xustiza. (*Aplausos.*)

Señorías, a súa proposición de lei tamén propón a creación dunha Comisión da Verdade. Non está na miña vontade cuestionar a oportunidade das ditas comisións desenvolvidas noutros países, pero as circunstancias nas que foron creadas son moi distintas das nosas circunstancias. Pouco teñen que ver estes organismos cos plantexamentos que agroman na España





recente, encamiñados á creación no noso país dunha Comisión da Verdade, ás veces de tinte case orwelliana e orientada a establecer unha visión uniforme e unívoca do noso pasado histórico.

Nunha recente entrevista, cuestionado sobre este particular, o historiador ferrolán Santos Juliá afirmaba o seguinte: as comisións da verdade créanse para conducir a unha amnistía, para que non se peche un período de morte sen saber o que pasou. Aquí ese efecto conseguiu sen ningunha comisión da verdade porque foron os protagonistas os que estiveron na guerra quen o fixeron. Tras a amnistía, o cúmulo de investigacións é tal que non ten sentido unha comisión da verdade. E se do que se trata non é de establecer o que pasou, senón de a partir do que pasou elaborar un relato verdadeiro e único sobre o ocorrido, iso non só é imposible, senón indesexable.

Señoría, esta proposición de lei está impregnada desa vocación de imposición dunha verdade única. E como mostra diso permítame unha última reflexión sobre outro dos seus preceptos: a disposición adicional terceira, na que se insta o Goberno do Estado á derogación da Lei de amnistía por considerala un obstáculo para a xustiza efectiva. Resulta inaceptable nunha lei que se denomina de memoria o intento —reiteradamente pretendido polo BNG— de converter o que foi o gran pacto nacional de reconciliación nun instrumento de impunidad. Tal pretensión constitúe simplemente un exercicio intolerable de falsificación histórica.

E permítame que o acredite recordando as verbas de dous protagonistas principais da nosa transición recentemente falecidos. As primeiras tiveron lugar precisamente no debate de aprobación da Lei de amnistía:

«Temos que facernos eco aquí das preocupacións e dos problemas dos nosos pobos, da nosa sociedade e chegar a un acordo con todos os intercambios e comprensións que fagan falla. Na medida en que deixemos intereses persoais iremos creando a auténtica amnistía, a auténtica convivencia. Esta cámara debe ser desde hoxe garante desa transformación. Doutro modo, este valioso acto, valioso de verdade, que hoxe estamos levando a cabo quedará reducido a un xesto baleiro de boa vontade». Quen así se pronunciaba era o pouco sospeitoso de franquista, presidente histórico do PNV, o señor Arzallus.

Noutro debate histórico, o da aprobación da Constitución do 1978, púidose escoitar o seguinte: «*Superando una determinada manera que han tenido a veces los políticos españoles de entender su misión como la afirmación excesiva, excluyente y beligerante de las verdades de cada cual, todos los grupos políticos que han participado en las distintas fases del trabajo han asumido la humilde pero sabia máxima metodológica contenida en los versos de Machado: “¿Tu verdad? No, la Verdad / y ven conmigo a buscarla. / La tuya, guárdatela.”*». Sirva este recordatorio de homenaxe póstumo a un dos sete pais da Constitución e autor destas palabras, José Pedro Pérez-Llorca, e na súa persoa a unha xeración de políticos excepcional, que completou con éxito o maior exercicio de memoria colectiva, xenerosidade e mutuo perdón da nosa historia: a transición democrática.

Creemos firmemente que o espírito sandador e de reconciliación que alumeou ese proceso de transición segue vixente na sociedade española. E, consecuentemente, non podemos apoiar a



admisión a trámite dunha proposición de lei que non participa dese espírito. Porque, señorías, nós hoxe, como eles entón, temos a convicción de que a concordia debe seguir sendo posible.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Pazos.

Réplica do grupo autor da proposición de lei, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Ben, a verdade é que me parece absolutamente lamentábel a intervención do representante do Partido Popular, que veu a esta tribuna de novo botar sal, botar cal, botar odio, botar estrume *(Murmurios.)* sobre as vítimas e as súas familias. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Algo que é absolutamente coherente coa súa traxectoria.

A verdade é que vostedes nunca sorprenden, son absolutamente coherentes, pois viñeron aquí dicir o mesmo que levan dicindo nestas últimas décadas, cando presumen, por exemplo, de non gastar un euro na memoria histórica. Porque, si, había unha lei, era cativa, era insuficiente, pero que prevía... Vostedes presumían, o señor Rajoy, de non gastar un euro. Cando insultaron e humillaron como fixeron aquí as vítimas e as súas familias dicindo o señor Hernando que apareceron as familias e as asociacións cando había subvención para buscar os seus corpos, os corpos dos seus familiares. *(Aplausos.)* É noxento, é indigno, é inmoral. Cando clausuraron a illa de San Simón como illa da memoria e a converteron niso que quería ser non sabemos que, a illa do pensamento, a illa do esquecemento. Cando asfixiaron o programa *Nomes e voces*. E miren: non basta con condenar retoricamente o franquismo, non basta con proclamar, hai que tamén practicar, e vostedes non practican, desde logo.

E sabemos perfectamente de que lado están; lamentabelmente sabemos de que lado están. Vostedes seguen actuando como testaferreros ideolóxicos e biolóxicos do franquismo. *(Murmurios.)* E de aí naceron, de aí veñen. ¿Que podemos esperar? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostedes actúan aquí como aniquiladores, como [...] *(Expresión retirada por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento)* *(Murmurios.)* como enterradores da memoria,...

**O señor PRESIDENTE:** Un momento, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** ...da xustiza e da reparación...

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdoe.

**O señor BARÁ TORRES:** ...do mandato que lles fixo as Nacións Unidas...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, perdoe, perdoe. Non. *(Aplausos.)*

Vou parar o tempo. Determinadas expresións... *(Murmurios.)* Non, perdón. Non, saben... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, vostede o primeiro. Vostede o primeiro, e ao mellor xa lle tiña que ter chamado á orde. Ou sexa que silencio.



Quero dicir que determinadas expresións non creo que sexan correctas que se utilicen nesta cámara. Aquí, ninguén extermina a ninguén. (*O señor BARÁ TORRES: A memoria.*) Polo tanto, esas expresións ímolas retirar do *Diario de Sesións*. Imos ter un debate como foi, con tranquilidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, esa palabra eu sei o que significa, e eu creo que esa palabra non procede. Polo tanto, vouna retirar do *Diario de Sesións*. (*Murmurios.*)

Pode continuar. Imos ter o debate tranquilos. Houbo respecto nas intervencións, e pido o mesmo respecto para todos deste lado e destoutro lado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, silencio. Por favor, xa está. Silencio. (*Murmurios.*) Silencio. Estamos no debate que estamos aquí. Silencio.

**O señor BARÁ TORRES:** Manteño palabra por palabra e punto por punto o que dixen a respecto do papel do Partido Popular (*Aplausos.*) como aniquilador, [...] (*Expresión retirada por orde do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento*)

**O señor PRESIDENTE:** Queda retirada.

**O señor BARÁ TORRES:** ...da memoria e da xustiza democráticas.

**O señor PRESIDENTE:** Señor Bará, pois eu téñolle que dicir que queda retirada a expresión e chámoo á orde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Proceda.

**O señor BARÁ TORRES:** E o problema é que vostedes están aínda instalados en 1977 ou máis atrás: en 1967, en 1950. (*Aplausos.*) Esquecen vostedes que houbo resolucións da ONU que son do ano 2004, que houbo o Informe do Relator da ONU que é do ano 2014. Vostedes seguen ancorados nese pasado, nese pasado que si que fede a naftalina, a naftalina do franquismo. (*Murmurios.*)

Eduardo Galeano, que foi vítima tamén dunha ditadura, dixo: «Non hai historia muda. Por moito que a queimen, por moito que a rompan, por moito que a mintan, a memoria humana négase a calar a boca. O tempo que foi segue latexando, vivo, dentro do tempo que é, aínda que o tempo que é non o queira ou non o saiba». E así é: por moito que a neguen e a mintan a memoria négase a calar, está con nós e non vai renunciar a nada; é unha memoria valente, teimuda, resistente e rexa. A que latexa tamén na voz e no exemplo de Telmo Comesaña Pampillón, quen nos acompaña aquí tamén no público, a memoria viva e resistente do seu pai José Comesaña Pérez e do seu tío Antonio Comesaña Pérez, asasinados polos fascistas na Pasaxe, en Vincios, o 6 de outubro de 1936; da súa tía Cecilia, que foi rapada polos fascistas; da súa nai Eusebia Pampillón Oitavén, que o criou a el e á súa irmá, como ten contado, nunha casa triste con xente enloitada, sen recursos, pero rodeados de moito, moitísimo agarrimo. Pola vosa memoria, pola vosa dignidade é esta lei, e non imos renunciar a nada, a defendela ata as últimas consecuencias.



E a desmemoria, desde logo, non pode ser unha política efectista ou superflua. E dígoo tamén a respecto de quen non fixo o que tiña que facer en tantas décadas de suposta democracia. Aínda que sexa incómoda ten que ser unha prioridade, un programa de actuación valente, decidido e audaz.

E remato, señores e señoras do Partido Popular, dicíndolles que poderán facer valer a forza dos seus votos, mais non van vencer. A súa aritmética parlamentaria será tamén unha derrota, unha derrota da dignidade e da ética, a creba dos valores universais e dos dereitos humanos, dos principios que vostedes non cumpren e que defende a ONU ou o Consello de Europa. Será un fracaso estrondoso da democracia por moito voto e por moita maioría que teñan. E esa será a vitoria das familias das vítimas, a vitoria das asociacións que defenden a memoria histórica. Será a nosa vitoria porque —asegurámosllelo— non descansaremos, non deixaremos nunca de loitar ata que neste país se saiba a verdade e se faga xustiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Si, señor Núñez, ¿para que quere a palabra?

(*O señor Núñez Centeno pronuncia palabras que non se perciben.*)

Si, déanlle voz ao escano do señor Núñez.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Como descendente de represaliados e de exiliados da Guerra Civil solicitaría que se retiraran as palabras do señor Bará.

Nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Esas palabras xa foron retiradas por min, e cunha chamada á orde ao señor Bará.

Eu tamén son neto dun represaliado, tamén quero que quede constancia diso. Polo tanto, imos deixar o debate no seu punto. Meu avó tivo que pasar consulta a punta de pistola. (*Pro-núncianse palabras que non se perciben.*) Pero sei aguantar este debate con tranquilidade. Ou sexa que imos poñernos cada un no seu sitio.

### ***Votación do texto lexislativo***

**O señor PRESIDENTE:** Imos votar.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de memoria histórica democrática de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.*



*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Pasamos agora ao debate acumulado das comparecencias.

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar do novo modelo de atención primaria**

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición dos GG. PP. de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, para dar conta do novo modelo de atención primaria**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a comparecencia ten a palabra o conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados.

Permítame comezar esta comparecencia dando as grazas a todos os participantes, tanto profesionais como cidadáns, que están a colaborar para a mellora do modelo de atención primaria; un modelo que se iniciou hai máis de corenta anos en Alma Ata, cunha declaración na que se pon en valor a atención primaria como o elemento fundamental da atención sanitaria, a creación dos equipos que van atender os cidadáns.

Un modelo de éxito no que nos últimos quince anos en España empezan a apreciarse certos desaxustes. O déficit de profesionais nos últimos anos agudiza este problema, polo tanto, escoitamos os profesionais que nos piden máis tempo para atender os seus pacientes.

Folgas e manifestación en toda España, en cada unha das comunidades autónomas: Andalucía, Cantabria, Castela-León, Castela-A Mancha, Cataluña, Comunidade Valenciana, A Rioxa, Madrid, Murcia, País Vasco, Navarra, indican que é un problema importante, que a día de hoxe aínda os cidadáns a valoran como moi boa, pero que entendemos todos que debemos tomar iniciativas. É unha meta ambiciosa pero necesaria, e a día de hoxe só o País Vasco e Galicia toman esta iniciativa; unha iniciativa que pode situarnos na nosa comunidade, na nosa sanidade, nun punto importante de saída para este novo modelo.

Desde o Servizo Galego de Saúde téñense tomado importantes medidas de mellora desde hai anos, pero este é o momento de ir máis aló, e igual que na construción do Sistema Nacional de Saúde as medidas a adoptar pasan inescusablemente pola participación de todos: as administracións públicas, os profesionais e a cidadanía, porque todos somos responsables de manter o que tanto tempo nos levou construír.



No momento actual, a poboación de Galicia está entre as máis lonxevas do mundo, cunha esperanza de vida ao nacer superior aos 83 anos. Ademais, o 25 % da nosa poboación supera os 65 anos. É un envellecemento dos máis altos de España e de Europa. e ademais, segundo indican as proxeccións, continuará aumentando nos próximos anos de forma moi acusada.

O envellecemento, a cronicidade e a complexidade dos pacientes fará necesaria a incorporación de novos profesionais nas diferentes categorías e a adopción e novos roles por parte destas.

O envellecemento é, desde logo, un éxito do sistema. E como dicía antes, a atención primaria é o servizo sanitario mellor valorado pola cidadanía en todos os barómetros sanitarios. No último informe do Ministerio de Sanidade, correspondente ao ano 2018, o conxunto das galegas e dos galegos enquisados valoraban a atención primaria de Galicia con 7,47 puntos sobre 10, por encima da media do Sistema Nacional de Saúde, sendo especialmente apreciados a confianza e a seguridade que transmite o persoal médico e de enfermería.

Tamén é de destacar a alta valoración que recibe o tempo que o médico de primaria lle dedica a cada enfermo, que acada unha puntuación de 7,32, por encima tamén da media do Sistema Nacional de Saúde.

Podemos destacar que as persoas que acudiron a un centro de atención primaria do Servizo Galego de Saúde manifestan nun 88,10 % dos casos unha valoración moi positiva, boa ou moi boa na atención recibida. Polo tanto, tanto o envellecemento da poboación como a alta valoración dos cidadáns á atención primaria indica que é un modelo de éxito.

No ano 2018 solicitáronse 26,6 millóns de citas en atención primaria en Galicia, aproximadamente en torno a nove-dez visitas por cada un dos cidadáns de Galicia ao seu centro de saúde ao ano; cifra estable nos últimos anos. Destes 26,6 millóns, 14 millóns corresponden a médicos de familia; 1,7 millóns a pediatría; e 9 millóns de visitas a enfermería. As restantes corresponden a matrona, odontoloxía, hixiene bucodental, farmacia e traballo social.

Galicia é a sexta comunidade autónoma de España con menos TIS por médico de familia. No ano 2017, a media de todo o Sistema Nacional de Saúde era de 1.357, e nós estamos case 100 por debaixo, está en 1.275; por certo, unha cifra que se citaba no Plan Mellora do Bipartito como unha cifra, desde logo, a chegar a ela, pero que ía ser moi difícil conseguilo. Neste momento, no 2018, xa o temos conseguido.

No que respecta ao orzamento destinado a persoal, gastos de funcionamento e aprovisionamento, actualmente contamos co maior orzamento da historia. Nos últimos anos fixemos un importante esforzo, en canto á asignación orzamentaria, no que respecta a recursos humanos e materiais.

A atención primaria de Galicia ofrece unha asistencia sanitaria de calidade, que conta cunha estrutura medios-recursos humanos-resultados que a sitúan á altura das mellores do Sistema Nacional de Saúde.





O orzamento da atención primaria, nos capítulos I e II, ascendeu no ano 2018 a 477 millóns de euros, 25 millóns de euros máis que no ano 2008, e para este ano incrementamos 13 millóns máis.

O investimento total en mobiliario clínico, mobiliario xeral e equipamento electromédico —por exemplo, os últimos dez equipos de radioloxía en diferentes centros de atención primaria— supuxeron nos anos 2016, 2017 e 2018 4,7 millóns de euros.

Galicia conta con 469 centros de saúde e 90 puntos de atención continuada. Pero para mellorar a atención sanitaria aos cidadáns e as condicións e medios de traballo para os profesionais estamos a construír ou licitar novas infraestruturas e a realizar melloras nas existentes.

No período 2009–2018 puxemos en funcionamento 36 novos centros de saúde, cun investimento de 60 millóns; reformamos ou ampliamos 13 centros de saúde, cun investimento de 6,8 millóns; reformamos a través de convenios cos concellos, cando son propiedade municipal, un total de 20 centros de saúde, cun investimento dun millón de euros.

Desde logo, nos últimos anos o incremento de creación de novos centros de saúde duplicou o que fixo o anterior goberno Bipartito. Neste momento temos nove centros de saúde en execución, un en fase de licitación, cinco en preparación de licitación e nove en fase previa á redacción do proxecto. A apertura destes centros virá acompañada dun plan de dotación e renovación do mobiliario, equipamento sanitario, tecnoloxía e, loxicamente, tamén persoal.

A Consellería de Sanidade está a apostar tamén pola creación de centros integrais de saúde, como son o Taboada Leal en Vigo, xa en funcionamento; en Lugo falta que nos dean a licenza a nivel municipal para iniciar a obra, e en Lalín e Cangas-Moaña estamos pendentes da parcela municipal.

Todo isto ten unha gran dificultade —dicíao anteriormente, ao principio da miña comparecencia—: o déficit de médicos en determinadas especialidades para cubrir as ausencias. Ese paro cero ou case cero en Pediatría e en Medicina de Familia fai que nestes momentos teñamos grandes dificultades e imposibilita a cobertura de todas as ausencias dos titulares.

Algunhas das medidas xa adoptadas para resolver esta situación son ben coñecidas: ofertas públicas de emprego anuais, 2017–2020, cunha aposta en oferta pública de 5.000 prazas. Reiteradas solicitudes ao Ministerio de Sanidade para incrementar tamén as prazas docentes en especialidades deficitarias. Estamos incrementando os médicos de familia e queremos e pedimos tamén ao Ministerio de Sanidade que por fin nos poida acreditar esas prazas na especialidade de Pediatría que queremos para aumentar tamén a formación de pediatras na nosa comunidade.

Tamén somos pioneiros na ampliación progresiva da idade de xubilación ata os setenta anos, cousa que en comunidades, incluso desde o propio ministerio, agora mesmo se di que era unha das medidas que hai que tomar, e nós levamos tres anos. Tamén somos a primeira co-



munidade autónoma en crear e dotar prazas de especialista en Medicina Familiar e Comunitaria e tamén de Enfermería Pediátrica.

Pero non é suficiente. Neste momento é necesaria a adopción de medidas dirixidas a evolucionar un modelo de atención primaria que dea excelentes resultados durante moito tempo pero que necesita —como digo— unha adaptación ás necesidades actuais.

Temos o convencemento e a vontade de que calquera medida que adoptemos ten que pasar inescusablemente pola participación e o diálogo, tal e como aconteceu ata agora, sen os que as iniciativas que se promovan estarían condenadas a un fracaso.

Establecemos melloras para a poboación nos últimos anos, así, os avances nos últimos anos son espectaculares, tanto por esas melloras na tecnoloxía como na capacidade diagnóstica e de resolución, e tamén mellorando a accesibilidade.

A historia clínica electrónica, IANUS, e a receita electrónica permítennos ocupar menos tempo por parte dos profesionais e ter unha información exhaustiva e ao instante dos nosos pacientes.

Tamén a capacidade de diagnóstico mellorou, debido á excelente formación de profesionais e ao incremento de recursos cos que se teñen dotado os centros de saúde: ecógrafos, dermatoscopios, eetinógrafos, espirómetros, son algúns dos medios que están á disposición de profesionais de atención primaria para facilitar precisamente ese diagnóstico. Isto, ademais, fai que o paciente necesite facer menos desprazamentos ao hospital e pode ter unha resolución moitísimo máis rápida.

Tamén a consulta telefónica, un dos servizos mellor valorados polos pacientes, proporciona a vantaxe de facilitar a accesibilidade, evitando citas presenciais. En 2018 a porcentaxe de consultas telefónicas sobre o total de citas de atención primaria foi do 10,7 %, 2,8 millóns, o que ten permitido reducir as visitas ao centro de saúde, xa que no 99,88 % dos casos se resolven sen necesidade de acudir ao centro. Como digo, innovación aplicada á atención primaria.

O Programa Conecta 72 é outro dos exemplos de innovación incorporados nos últimos tempos. O seguimento telefónico de pacientes por parte do persoal de enfermería, unha vez dados de alta do hospital, representa o mellor exemplo de continuidade asistencial. No ano 2018 foron máis de duasetas mil consultas a través deste programa.

E tamén pioneiros en innovación como é a tele asistencia domiciliar, Telea, que permite realizar o seguimento teleasistido de pacientes crónicos. A implantación dun modelo de atención a través desta plataforma, que está integrada cos sistemas de información corporativos, posibilita un seguimento continuo da situación clínica do paciente, co que podemos adiantarnos a episodios de agravamento da enfermidade, desenvolver as actuacións encamiñadas a restaurar a normalidade e a prever recaídas ou reagudizacións. Na actualidade, Telea está implantada en máis do 50 % dos servizos de atención primaria, e ao final deste ano chegaremos ao cen por cento.





E tamén quería sinalar a Plataforma de saúde onde os pacientes poden non só recibir consellos para o seguimento da súa enfermidade, senón tamén ter a súa historia clínica nunha tablet, no teléfono móbil ou no seu ordenador, e desde hai moi poucos días poden tamén ver as imaxes das probas diagnósticas que realizaron.

A Estratexia galega para atención a persoas en situación de cronicidade centra a asistencia destes pacientes na atención primaria e integra todos os programas que se veñen desenvolvendo nos últimos anos baixo un modelo de traballo innovador, orientado á satisfacción dos pacientes e tamén dos profesionais; un programa, desde logo, proactivo, buscando os pacientes crónicos antes de que cheguen os períodos de agravamento da súa enfermidade.

E tamén melloras nos últimos tempos na relación co hospital. Nos últimos anos, a comunicación de profesionais entre centros de saúde e hospitais teñen mellorado considerablemente coa implantación da e-consulta, unha situación que é beneficiosa para ambos profesionais.

Así tamén no Servizo Galego de Saúde dispoñemos de vías rápidas de atención a pacientes oncolóxicos ou de patoloxías crónicas de alta prevalencia, nas que o médico de atención primaria pode derivar de xeito preferente aqueles casos unha vez xorde unha sospeita. No ano 2018, as persoas atendidas foron 16.409. Ademais, temos implantado o modelo de interconsulta entrambos niveis asistenciais e revisada a capacidade de resposta dos servizos con máis demora.

Tamén incrementamos o acceso a probas complementarias; desde atención primaria estase a xeneralizar o acceso ás especialidades hospitalarias a través da implantación do xestor de peticións de consulta.

Tamén melloras para os profesionais e ferramentas facilitadoras para eles. Estes cambios acompañáronse de medidas de estabilidade laboral para o persoal de atención primaria. A modo de exemplo, indicar que no ano 2018 traballaban na atención primaria de Galicia 2.566 médicos, entre centros de saúde e PAC, e o 96 % tiñan contratos estables. O plan de estabilización 2017-2020, firmado coa maioría dos sindicatos, dános a posibilidade, neste período de catro anos, de estabilizar a cinco mil profesionais.

Froito da política fidelizadora de recursos humanos foi a convocatoria de ofertas públicas de emprego e concurso de traslados, que permitiron estabilizar a situación laboral de moitos profesionais de atención primaria e acercalos aos lugares da súa preferencia.

Ademais, os procesos de mobilidade interna permiten optar a postos que faciliten a conciliación da vida familiar, co concurso aberto e permanente que se iniciou por primeira vez en Galicia hai escasos meses.

Tamén quero sinalar aquí o recoñecemento da carreira profesional: é a primeira vez que hai en Galicia unha carreira profesional ordinaria. Cumprindo o noso compromiso, na mesa sectorial do 6 de xullo de 2018 a Consellería de Sanidade acadou un acordo coa maioría das organizacións sindicais representadas na citada mesa, en concreto por CESM, Satse, UXT, CSIF e CIG. Os salarios do persoal estable víronse incrementados no mes de xaneiro de 2019 coa



aplicación das retribucións da carreira profesional, que neste ano 2018 será un 60 % do total e no 2020 será un 100 %, e que afecta aproximadamente a uns vinte e dous mil profesionais. Estas medidas teñen un dobre obxectivo: mellorar as condicións de traballo dos profesionais sanitarios e proporcionar unha boa calidade asistencial aos pacientes, nun nivel asistencial no que o contacto entre o profesional e o paciente é o máis próximo.

Un dos principais problemas na organización da atención primaria é a sobredemanda: aqueles pacientes que acoden ao centro de saúde sen estar citados previamente. Para poder ordenar esta situación púxose en marcha na área de Vigo unha medida pioneira, testada con notable éxito no Centro de Saúde da Dobrada ao longo do ano 2018, que permite, coa implicación de todas as categorías profesionais dos centros —persoal administrativo, de enfermería e persoal médico—, a ordenación da asistencia segundo a súa prioridade, colaboración que descarga ao médico dunha importante carga asistencial e ordena o seu labor.

En resumo, en Galicia detectamos desacordo e desaxuste no modelo de atención primaria de tanto éxito durante estes últimos anos, e, desde logo, entendemos que a petición máis importante que nos fan os profesionais é a necesidade de ter máis tempo para os seus labores de atención ao cidadán.

Dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutive, dotada de profesionais competentes pero que está a sufrir as tensións derivadas da ausencia absoluta de persoal substituto e dun viraxe sociodemográfico cara á cronicidade e á pluripatoloxía propias do envellecemento, que fan necesaria unha evolución do modelo exitoso que temos desfrutado ata o de agora.

Ante esta situación de dificultade, tivemos reunións con diferentes xefes de servizo de todas as áreas sanitarias de Galicia e cos coordinadores de enfermería, e fomos testando a situación, e poderíamos tomar varias decisións, fundamentalmente tres.

Ante isto, a primeira sería non facer nada e esperar a que este sexa un problema nacional e se resolva dende o punto de vista nacional. Manifestarse, no máis amplo sentido da palabra. Ou tomar medidas, que foi a decisión que tomamos desde a Consellería de Sanidade.

En decembro foi o inicio. Decidimos iniciar un proceso o máis participativo en atención primaria que non contaba con precedentes no noso país, porque os cambios que precisa o modelo organizativo só son posibles desde o diálogo e o traballo colaborativo das administracións públicas, dos profesionais e da cidadanía. Só así conseguiremos garantir aquilo que nos custou tanto construír. Por iso, coa colaboración de todas as categorías profesionais de atención primaria, desenvolveremos unhas propostas para o novo modelo de atención primaria, que se presentaron aos profesionais o pasado 20 de febreiro e que agora veño presentar aquí, nesta comparecencia.

Desde logo, o que buscamos é un cambio no modelo actual, que involucre a todas as categorías profesionais pero que involucre tamén á sociedade. É un momento difícil, pero se tomamos as medidas acertadas, e co compromiso de todos os actores da situación, seguro que



imos ser, unha vez máis, pioneiros en Galicia para definir este novo modelo que, seguramente, outras comunidades autónomas copiarán posteriormente.

Imos tratar de definir. Partimos de dez grupos de traballo, máis de cen profesionais, que se reuniron nos meses de xaneiro e febreiro do 2019 para establecer as liñas mestras do novo modelo. Eses grupos de mellora estiveron integrados por médicos de familia, enfermería, farmacéuticos, traballadores sociais, fisioterapeutas, persoal de servizos xerais, pediatras, matronas, odontólogos e hixienistas dentais, persoal dos puntos de atención continuada e, por suposto, asociacións de pacientes e cidadáns.

Celebráronse 21 reunións nas que se identificaron 525 propostas, priorizadas a curto prazo, seis meses; medio prazo, doce meses; e longo prazo, máis alá dos vinte e catro meses, en relación con seis áreas temáticas que previamente se establecerán.

O primeiro grupo, creación de equipos de atención primaria e redefinición dos equipos que —como dicía ao principio— foron constituídos en Alma-Ata. A coordinación e comunicación interniveis, o segundo punto importante, que agora mesmo plantexa problemas que debemos resolver. O terceiro grupo é o de atención á demanda, as axendas, o acollemento na sobredemanda, domicilios, atención programada e urxente. O punto número catro é a formación, a docencia e a investigación. O punto quinto fala da relacións cos pacientes e coa comunidade. E o sexto punto fala de plan de necesidades e priorización das mesmas.

Tamén invitamos a participar na definición do novo modelo a todos os profesionais de atención primaria, mediante o envío de propostas e achegas a través do correo electrónico creado con este fin. Por medio deste procedemento recíbense 270 documentos.

Ademais, levouse a cabo un proceso participativo da cidadanía, como dicía, novidoso, con 4.549 enquisas enviadas, das que 2.326 —case máis da metade— presentaron propostas, ademais de responder á enquisa.

Destacar que o 99,04 dos cidadáns de Galicia, considerou prioritario mellorar a coordinación entre a atención primaria de saúde e a atención hospitalaria.

Entre as propostas dos cidadáns de Galicia en relación coa atención primaria, destacan a maior coordinación entre todos os profesionais de atención primaria á hora de prestar servizos; potenciar a atención domiciliaria; coñecer cal é o interlocutor nos centros de saúde cando xorde algún problema; e poder anular unha cita hospitalaria desde o centro de saúde aínda cando non fose tramitada por atención primaria.

Tendo en conta todas esas achegas, o Servizo Galego de Saúde elaborou un borrador coas propostas para este novo modelo. Este documento está estruturado en función das seis áreas temáticas establecidas, as seis liñas estratéxicas, e para cada unha delas definíronse obxectivos que se desenvolven mediante accións a curto, medio ou longo prazo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda dos grupos parlamentarios. Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Moi bo día tamén aos nenos e nenas que nos acompañan dende a tribuna.

Moi bo día, señor Almuíña. A verdade, polo pouco entusiasmo que puxo vostede na comparecencia, nótase que iso de que veu vostede por vontade propia non o acabo de ver eu, jeh! (*Aplausos.*)

Persiste vostede en vir falar do seu libro e non escoitar ese clamor que hai aí fóra a respecto da oposición ás políticas sanitarias do Partido Popular.

A verdade é que despois de tanta prepotencia, de tanta chulería, están vostedes, o Partido Popular en xeral e vostede en particular, sufrindo un baño de realidade sobre a valoración das políticas sanitarias do Partido Popular, e creo que a estas alturas xa vostede terá que ser consciente de que ninguén lle está a comprar o seu novo plan de atención primaria.

A estas alturas vostede xa ten que ter a listaxe de que nin as sociedades científicas, nin os colexios profesionais, nin o Consello Galego de Colexios Médicos, nin a Coordinadora de Atención Primaria, nin enfermería, nin os sindicatos, nin a poboación en xeral, non queda practicamente ninguén por dicirlle que non aceptan o seu novo modelo de atención primaria, porque nin é novo, nin soluciona os problemas moi graves que ten a atención primaria.

Tampouco ese é o obxectivo, señor Almuíña, e vostede sábeo perfectamente. Porque a estratexia de crear un problema para logo vir, teoricamente, cunha solución debaixo do brazo xa é vella. Vostedes crearon o problema, estamos nunha situación moi crítica da sanidade en xeral e da atención primaria en particular, pero estamos nesta situación porque vostedes quixeron que estiveramos nesta situación. Vostedes crearon o problema mais non están dando a solución. Dar a solución sería facerse a vostedes mesmos unha emenda á totalidade, unha emenda ao proxecto ideolóxico do Partido Popular, e ese non é o plan, ¿verdade, señor Almuíña?

Unha cousa é xogar á confusión, parecer que fan, poñer algún parche, e outra sería solucionar os problemas estruturais que ten a sanidade pública, a atención primaria en particular, cun auténtico cambio de modelo, e, dende logo, nesas non está o Partido Popular.

Os graves problemas que ten a atención primaria non son froito do azar, non son froito dunha maldición bíblica, non son froito da fatalidade, son froito das decisións estratéxicas e políticas que vostedes foron tomando: da decisión de recorte orzamentario, da decisión de ir deteriorando a sanidade para ir engordando o negocio e a sanidade privada. Estamos nesta situación de extrema gravidade porque a buscaron, porque se non hai deterioro da sanidade pública, non hai conciencia nin hai derivación cara á sanidade privada. E para iso puxeron



en marcha toda esta política de recortes, de privatizacións e de demolición da sanidade pública.

Ten a todo o mundo cabreado, señor Almuíña. Ten a todo o mundo absolutamente cabreado, e cada día máis. Cada día hai un colectivo novo que lle está dicindo que non, que por ese camiño non, que queren solucións reais, que non aceptan parchiños, que é o que está vostede poñendo encima da mesa e non aporta ningunha solución.

Mire, seguen tendo o colectivo dos profesionais dos PAC en folga; un colectivo que leva máis dun ano mobilizándose, que leva máis dun ano coa súa demanda, coa súa táboa reivindicativa, encima da súa mesa, e leva desde o mes de xaneiro en folga indefinida. A pesar de todo iso, vostedes seguen sen dar resposta ás súas demandas, que —insisto— levan un ano encima da súa mesa. E non son demandas froito do cabreo ou dunha ocorrencia, senón froito dunha realidade constante e permanente.

O PAC de Vigo queda cun médico menos por cuarta vez no que vai de ano, no que vai de ano 2019, que acaba de empezar. ¿E que lle din os profesionais? Que estamos cansos, que estamos moi cansos e isto é un estrés permanente. Colgaron, por exemplo, no PAC de Vigo, non hai nada, un cartel na porta: «*Neste servizo falta un médico. O Sergas non o substitúe. Lamentamos as molestias.*» Isto un día si e outro tamén. Profesionais que din que no PAC de Cangas quedaron cun só médico dende as 22 horas de novo. Novo colapso no PAC, en pleno Entroido, en Vigo.

Suma e segue. No PAC da Coruña, en Cambre, un novo médico. Denuncian problemas en varios PAC por falta de médicos e enfermeiras. Obrigan ao cen por cento de servizos mínimos nos puntos de atención continuada, cando logo non hai o cen por cento de persoal que ten que estar facendo o seu traballo. Vostedes obrigan a que ten que estar o cen por cento para que non se note a folga, pero resulta que despois non hai o cen por cento do persoal para facer o traballo que teñen que facer. Podemos seguir co segue e suma: «O PAC da Guarda queda sen médico de tarde», «O PAC de Cangas queda outra vez sen médico». Podíamos estar todo o tempo da comparencia facendo unha relación das faltas de profesionais nos PAC, nos puntos de atención continuada do noso país. Un ano de mobilizacións, un ano demandando respostas, e a estas alturas vostede aínda non foi quen de chegar a un acordo con estes profesionais.

Podemos falar do colectivo de médicos, de facultativos precarios en loita, que se organizaron despois de que vostedes lanzaran ese novo contrato de continuidade que vostedes venderon como a última marabilla. E por parte deste colectivo déronlles boa mostra de que non están de acordo, de que non están de acordo porque consideran que é intentar consolidar a precarización absoluta e non remunerada, que de facto eles definen como condenalos a estar nunha garda localizada 24 horas ao día e 365 días ao ano. E opóñense polo establecemento de xornadas abusivas, porque significaría o esgotamento para os profesionais e un grave problema de seguridade para os doentes, e a creación encuberta da figura do pediatra de área, que vostedes tiveron que rectificar pero que agora queren meter pola porta de atrás coa creación deste contrato de continuidade; que significa que non van lograr os obxectivos de fidelidade do persoal, eses mil e pico de profesionais que, nos dez anos que leva o Partido





Popular desde que volveu ao Goberno da Xunta, vostedes expulsaron do país. E agora queren ir a Portugal para traer profesionais. ¡Como se pode mentir tanto, señor Almuíña! ¡Como se pode mentir tanto lanzándolles unha oferta aos profesionais de Portugal, mentíndolles a respecto de canto van ganar aquí e das condicións de traballo! Tiveron que ser precisamente os traballadores galegos os que lles mandaran a realidade do que vostedes ofertan.

A realidade do que vostedes ofertan é acumulación de substitucións de curta duración, e que, para ganar o que vostedes lles dicían, tiñan que traballar 190 horas mensuais todos os meses, 24 horas ao día e 365 días... É dicir, o 40 % da carteira do mes sen fixar, a obrigatoriedade de estar dispoñible 24 horas ao día 365 días ao ano. É dicir, uns contratos infumables, señor Almuíña, que, na vez de fidelizar e ofrecer contratos dignos aos profesionais propios e negociar con eles, o que fan é manter esas condicións leoninas e buscar que veña xente de fóra aceptar esas condicións. Ese non é o camiño, señor Almuíña.

E podemos seguir falando da poboación en xeral, que cada día se mobiliza máis demandando profesionais, que non están dispostos a que lles sigan recortando, eliminando pediatras, eliminando profesionais, quedando con listas de espera, non tendo atención sanitaria. E lévanlles dicindo que para este seu plan de atención primaria non é o momento, porque xa está a diagnose feita, e que é o momento de tomar solucións; e que este seu plan, o novo modelo de atención primaria, é unha declaración de intencións que fai un plaxio do modelo de atención primaria feito no 2008 que non quixeron aplicar nin poñer en marcha. Fan un plaxio dalgunhas cousas que non quixeron poñer en marcha e o outro é unha cuestión declarativa —valoraremos, faremos, implementaremos...— sen cuestións concretas.

¿E que lles din os profesionais? Que necesitan tempo —ou sexa, máis profesionais—, que necesitan a recuperación da capacidade de xestión da atención primaria real, non subordinada, a recuperación das xerencias de atención primaria con capacidade resolutiva, orzamentaria e de decisión, que precisan máis profesionais, que precisan recursos técnicos e mellorar as dotacións, e orzamento. Precisan as cuestións que vimos traéndolle aquí a este Parlamento e que sistematicamente o Partido Popular vén votando en contra. No anterior pleno o BNG trouxo aquí unha serie de medidas que van nesta dirección. ¿Que fixo o Partido Popular? Votar en contra. Vostede —que non o dixo nesta miniprimeira intervención— non fixo referencia a eses dezasete con algo millóns de euros que di que vai poñer como toda dotación orzamentaria. ¿En que vai consistir? Volve ofrecer dotación para cambiar as impresoras, o cen por cento das impresoras, e unha parte dos ordenadores. Despois de anos de partidas millonarias nos orzamentos para equipamento tecnolóxico, ¿onde foron metendo eses recursos orzamentarios, cando resulta que agora, en vez de dotar eses recursos para contratar persoal e solucionar o problema real que lles están demandando os profesionais e a cidadanía, veñen cunha serie de medidas para algo que non lles están pedindo nin a poboación nin os profesionais, e con recursos que tiñan que estar implementados porque levan anos metendo nos orzamentos recursos para iso? E resulta que, despois de anos deixando a tiritar a partida destinada a mellorar os centros de saúde, deixándoa baixo cero —100.000 euros no ano 2016 e partidas escasas durante outros anos—...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.



**A señora PRADO CORES:** ...agora véñennos cunha partida realmente escasa para mellorar os centros de saúde.

Realmente, señor Almuíña, na súa primeira intervención volveu repetir mantras falando de demandas que non están encima da mesa. Eu agardo que na súa segunda intervención vos-  
tede sexa quen de falar do que lle están demandando os profesionais, que é a recuperación da xerencia de atención primaria con capacidade resolutiva, orzamento e capacidade de decisión, e máis profesionais, máis orzamento, contratos dignos e unha situación laboral digna para os profesionais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** Hai que empezar por aí. Eu agardo que sexa capaz de falar diso na súa segunda intervención.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Agora saudamos os alumnos e alumnas de sexto de primaria do centro plurilingüe Froebel, de Pontevedra, e tamén os seus profesores e acompañantes. Benvidos ao Parlamento.

E agora ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día.

Bo día, señor conselleiro.

Confésolle que me sorprendeu a intervención. Eu pensei que estaba facendo unha introdución moi longa e que ía empezar explicar o modelo de atención primaria. Pero, cando pensei que o ía empezar a explicar, acabou a intervención. (*Aplausos.*) En todo caso, como fomos sabendo algo polos medios e polos profesionais, non pola Consellería —como é habitual, por outra parte—, pois intentaremos dar a nosa visión.

Falou vostede na súa intervención —se non me equivoco—, e fala habitualmente, da necesidade dun modelo colaborativo en termos de coordinación e do consenso cos profesionais, que é o que habitualmente se di moitas veces aínda que logo non se aplique; un modelo de consenso dos colexios médicos, colexios de enfermería, asociacións profesionais, colexios de fisioterapeutas, traballadoras sociais, asociacións de usuarios, sindicatos, sindicatos sectoriais, xerais, grupos políticos, colectivos de traballadores de ambulancias e dos PAC... É un modelo de consenso pero en contra. É un modelo de consenso, pero o gran consenso da sanidade —que é certo que o conseguiu este Goberno— é que está todo o mundo en contra da Consellería. E ese é un gran modelo de consenso, pero a ver se somos capaces de facer un gran modelo de consenso a favor.



Vostede probablemente non explicou aquí realmente o modelo e as medidas que propón porque sabe que está todo o mundo en contra. E vostede probablemente está intentando regatear para ver se é capaz de facer unha proposta que alguén acepte; probablemente porque vostedes consideraron que ían conseguir chegar aquí cun acordo e entón presumir nesta comparencia. Pero é que non puido defender nada porque nada do que propuxeron, ¡nada!, é aceptado polo sector.

Os profesionais, os usuarios, os colectivos en xeral, están rexeitando esas medidas por varias cousas. Primeiro, por algo que nós compartimos fielmente, porque levamos anos de advertencia —a berros, a berros na rúa, nos parlamentos, nos centros de saúde, nas reunións que teñen con vostedes os colectivos— con algúns problemas que dende a Consellería se despxeron con certa soberbia incluso, como a pirámide demográfica dos profesionais, a calidade laboral, o problema que teñen as prazas de difícil cobertura, a atención sanitaria en dúas velocidades reforzada coa reforma da Lei de saúde, pola que vostedes despxeron unha parte da poboación a ter unha sanidade de segunda e priorizaron algúns servizos dalgúns hospitais.

É certo que vostedes defenden ese modelo, normalmente non se atreven a dicilo pero deféndeno, e así o plasman. Hai un déficit de recursos, unha minusvaloración da atención primaria, cando lle retiraron as xerencias de atención primaria, retiráronlle os orzamentos —hoxe en día a atención primaria debe de pedir permiso directamente a todo o mundo que ten atención hospitalaria para facer algunha cousa—. E ese é un modelo que leva a que a atención primaria —que é do que hoxe principalmente falamos— estea minusvalorada e, por tanto, teña unha sensación de desaire, de desapego, de desatención, que é así o que din os profesionais.

Hai unha situación de persoal, sen reposición de profesionais, que leva a unha saturación enorme, con profesionais que teñen que atender 50 ou 60 pacientes ao día de maneira natural. ¿Ocorre nalgúns sitios que non? Ocorre que non nalgúns sitios, pero ocorre en moitos que si, e iso é inaceptable porque os profesionais necesitan, sobre todo —e ao final é o que están demandando—, algo tan simple como tempo para atender os pacientes, que non o teñen por culpa dun modelo desatendido. É difícil —aínda non é imposible pero é difícil— resolver agora todos os problemas que se levan acumulando en dez anos de desatención da sanidade pública.

Hai unha consellería máis preocupada de salvarse e de regatear en curto que de resolver os problemas. A vostedes nunca lles preocuparon os problemas reais de fondo, o que lles preocupaba era saír ben, ser capaces de resolver, facer trucos para mandar a información, conseguir mediaticamente ter boa imaxe. Pero ao final non foron quen de conseguir resolver os problemas. Porque o problema demográfico que temos, o de que temos unha xeración de médicos e médicas que se vai xubilar e que se está empezando a xubilar en moita maior medida agora, non é un problema co que se poida atopar agora ninguén. É un problema que leva anos, que o sabemos dende que entran. Porque normalmente —aínda que é difícil de prever— todo o mundo cumpre anos á mesma velocidade; polo tanto, levamos moitos anos sabendo cando vai haber un *boom* de xubilacións. E isto non é de agora, levan dez anos gobernando e atopáronse agora con que empezan as xubilacións. ¿Onde estiveron as medidas? En ningún lugar.





Existiron moitas propostas, existiron moitas. Probablemente podemos discutir se algunhas son acertadas, se son equivocadas, pero hai propostas. Xa llo adianto, eu sei que aquí vai haber algún voceiro que vai dicir que á oposición non lle preocupa ningunha das propostas, que non fixeron ningunha aportación. Estamos acostumados. Non llo van dicir a vostede, aínda que poderían porque non puxo aquí ningunha proposta. Pero non se preocupe, ese discurso xa o sabemos e non lle imos facer moito caso. Pero si que houbo moitas propostas aquí historicamente, non só nesta lexislatura senón noutras tamén. Houbo propostas sobre a discriminación positiva sobre prazas, discriminación positiva para as prazas de difícil cobertura, como fan os mestres, como fan os policía, para que poidamos premiar ou facilitar que as persoas que cubran prazas de difícil cobertura teñan prioridade en posteriores promocións, teñan aumentos, que teñan mellores soldos nalgúns aspectos, que teñan máis fácil chegar aos obxectivos. Hai algunhas cuestións que teñen que ver con mellorar o sistema, non só é unha cuestión «de máis» —que tamén—, de máis recursos, ou de máis profesionais, sobre todo. Porque pedir máis é fácil, eu recoñezolle que vostede di ás veces que nós pedimos máis «porque si». Non é porque si. É certo que pedir máis é fácil. Aínda hai que poñer orzamentos. Lémbrolle que vostedes teñen menor orzamento en atención primaria agora que hai dez anos, hai menos orzamento. E teñen 1.249 profesionais menos no orzamento deste ano que hai dez anos, ¡1.249! Dino os orzamentos, salvo que os orzamentos que vostedes nos propoñen sexan mentira —que pode ser—. Pero eu vou crer incluso os seus orzamentos. Hai 1.249 profesionais menos en atención primaria agora que hai dez anos. Están aí os orzamentos.

Claro que é un problema de que os recursos non poden ser ilimitados, é certo. Non se pode facer unha planificación dicindo que si a todo. Pero, ademais dunha cuestión de «máis» —que ás veces hai algunhas cousas nas que investir máis é tan prioritario que hai que facelo—, é unha cuestión de «mellor». Vostedes promoveron e defenderon ese real decreto que lles limitaba as capacitacións aos enfermeiros e ás enfermeiras. E nós defendemos que ese real decreto limitaba a todos os equipos, que estabamos dificultando a atención. Porque cousas que facían enfermeiros e enfermeiras non o estaban facendo e, por tanto, estaban atendendo médicos e médicas algunhas cousas, e podíamolles liberar tempo. Porque os nosos enfermeiros e enfermeiras teñen moitísimas capacitacións que non lles estaban deixando. Tivo que chegar un goberno socialista a Madrid para retirar ese real decreto. E esa é unha medida que foi boa para os enfermeiros e enfermeiras. ¿Por que? Porque permitimos así que exista unha multidisciplinariedade no equipo e que moitas tarefas poidan estar repartidas.

Temos proposto aquí neste Parlamento que se amplíe o catálogo de probas diagnósticas para os profesionais de primaria, especialmente médicos e médicas. Vostedes responderon no 2014 que xa estaban traballando niso. Van alá cinco anos, levan cinco anos traballando niso e en realidade aínda non foron capaces de dicir se cren que os médicos e médicas teñen que ter máis probas diagnósticas. Vostedes despexárono con moitísima soberbia. E, a partir de aí, non se pode traballar cando un considera que ten a verdade absoluta.

Probablemente algunhas das medidas que se propuxeron aquí poden ser máis ou menos atinadas, recoñezolle que é probable e que podemos discutir sobre iso. Vostedes teñen os datos —que nunca os facilitan, por certo— e nós non. Témoslos por outras vías. Pero é probable que teñan máis datos. Sería bo que os puideramos compartir porque é probable que



puidéramos chegar a algún acordo nalgunha medida. Pero vostedes asumen que teñen a verdade absoluta e, coa súa verdade absoluta, estamos onde estamos, estamos onde estamos, que é un problema. E ese problema non se pode resolver agora a partir de tomar medidas alegres nas que un non cre, porque ese é un problema, señor conselleiro, que vostedes teñen agora. Queren vender un xiro que non se pode crer. Vostedes agora empezan a recuperar o que eran as xerencias de atención primaria doutra maneira —incluso— para non chamarlles igual, para que non pareza que lle van facer caso a aquel horrible Goberno Touriño, aquel que era un desastre. Van empezar a tomar medidas que estaban implantadas hai dez anos e que vostedes foron retirando, como a carreira profesional que están implantando ou como os acordos que tiñan cos profesionais para recuperar os acordos retributivos. E agora van recuperar as xerencias de Atención Primaria noutro formato. Por certo, para recuperalas de verdade, con orzamentos, porque ter un xerente de Atención Primaria que non poida dispor de ningún recurso é ter unha figura inútil, os profesionais están dicindo: si, recuperemos esas xerencias que vostedes eliminaron, pero con dotación orzamentaria; iso é o que lles din.

Están vostedes plantexando recuperar agora ese contrato de continuidade que xa estaba plantexado hai dez anos. Contan agora que é o modelo vasco; ¡ogallá!, ogallá fora o modelo vasco. Válenos o modelo vasco, pero válenos incluso o modelo cántabro ou o asturiano, que non hai que chegar tan lonxe, por se queren quedar á metade de camiño. Calquera das comunidades do norte válenos.

Claro, en realidade, vostedes están plantexando unhas cousas agora nas que non crían, por iso non é crible. Vostedes non poden defender un modelo do que ata hai nada dicían con soberbia que era inválido, porque así non se pode defender unha consellería, e especialmente esta. É importante crer no sistema que se está defendendo. Vostedes parapetábanse nunhas medidas, dicían que eran perfectas e invalidaban toda a crítica, e agora queren dicir que inventaron a pólvora, que é facer todo aquilo que antes consideraban que era inasumible, inaceptable e inválido. Quéreno facer agora como se descubriran o mundo; agora quérennos facer crer que nós estamos na posición na que estaban vostedes. É un jaleo.

Aquí levamos dez anos todo o mundo deste sector defendendo unhas medidas, e vostedes dicindo que non. E agora queren pasar ao outro lado e dicir: imos reformular o modelo e imos facer todas estas cousas; o que lles leva dicindo todo o mundo, como lles din os profesionais do sistema e como lles din os colexios médicos. Levamos anos —din eles— asistindo a xuntanzas e xa todo o mundo sabe o que hai que facer: o que hai que facer non é falalo por novena vez, é facelo. E necesitan tempo, necesitan máis profesionais para ter tempo e necesitan que todos os profesionais do equipo teñan funcións. Iso é o que necesita este sistema: crer de verdade nel.

Señor conselleiro, nós cremos que vostedes se parapetaron nese modelo e non están habilitados para poder dicir agora que van cambiar todo e reformular o modelo. Vostedes crían nun modelo; é digno, é decente e é lexítimo que creran. Pero ese modelo explotou, non vale, e, por tanto, necesitamos empezar por cambiar ese modelo, e para cambiar ese modelo necesitamos cambiar a dirección da consellería. Esa é a nosa posición, señor conselleiro. Creemos que dificilmente poden vostedes cambiar agora algo que defendían con tanta



vehemencia. Por tanto, se comezamos por aí, cremos que vai ser máis honesto pola súa banda deixar que outro conselleiro aplique ese modelo, se é que de verdade cren nel.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

**A señora Solla FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

É increíble, señor conselleiro, a súa comparecencia. Eu non dou crédito. Coa que está caendo, con todos os profesionais en contra, cunha folga xa longa —de meses— dos PAC, con todos os colexios, con todos os colectivos profesionais e con todo o mundo en contra, e a culpa é de que non hai profesionais, de que a xente vai moito ao médico e de que a xente é moi vella. A culpa é diso. E aquí parece que todo o mundo consensuou con vostede a súa opinión, que todo o mundo está de acordo. É increíble a súa comparecencia, señor Almuíña; é increíble a súa irresponsabilidade, co que temos, co problema que hai. Vostede vén aquí botarlles a culpa a outros, ao azar; a esquecerse dos dez anos de recorte orzamentario, de recorte de persoal e das taxas de reposición que fixeron adelgazar a atención primaria neste país.

Falan vostedes de incremento orzamentario, ¿onde? Perdemos trescentos millóns de euros en dez anos, trescentos millóns de euros en atención sanitaria en dez anos. Termos reais, señor Almuíña. E o peor de todo é que nin sequera todo o orzamento se executa. A da atención primaria é unha cantidade exigua, mínima: un once por cento ou un doce por cento do orzamento sanitario. ¿Cre que con iso se pode dar unha asistencia de calidade? E propón vostede un globo sonda: oito millóns de euros ao ano dunha partida que, por certo, vostedes recortaron ata deixala en cen mil euros para reparar os centros de saúde; esa é a súa proposta. E agora di que con oito millóns de euros —que, por certo, gustaríanos que nos dixera de onde van saír, en que partida, en que capítulo e a que se van adicar— se vai arranxar todo, e cun papel chusco (*A señora Solla Fernández amósalles un documento aos membros da Cámara.*) que traen aí, que din que é un plan. ¿Un plan de que? ¡Se non hai incremento orzamentario no capítulo I! ¡Se vostedes non van poñer máis persoal! ¿Un plan de que, señor Almuíña? ¿Consensuado con quen? ¿Entre vostedes mesmos? A súa comparecencia é un insulto, como levan insultando meses aos profesionais.

¿Cantos meses levan en folga os profesionais dos PAC? ¿Fixeron vostedes algún caso a algunha das medidas? ¿Á solicitude de incremento de persoal, de igualar os equipos ou de non deixar descubertos os puntos de atención continuada? Non, seguimos igual. E a súa solución é traernos aquí uns papeis, a ver se a xente cala, e dicir que van dar oito millóns de euros. ¿En que? ¿Onde? ¿Onde hai máis persoal? Non o hai, señor Almuíña. Pero a culpa é da xente que vai ao médico e de que non hai profesionais.

E resolvémolo tamén impoñéndolles o Telea ás profesionais, que iso resolve un montón. Miren: vostedes non sacaron, no día de hoxe, ningunha oferta pública que repoña o persoal



que vostedes recortaron durante todos estes anos. Estabilizar emprego está moi ben, señor Almuíña, pero non é o que están a facer.

E, por favor, que fale vostede de conciliación é un insulto, ¡directamente! Vostedes, que non pagan as gardas ás profesionais que son nais —esa é a realidade; hai sentenzas, señor Almuíña—, que non adecúan moitos postos de traballo; vostedes, que obrigan os profesionais a estar dispoñibles as vinte e catro horas os trescentos sesenta e cinco días do ano en atención primaria nos puntos de atención continuada. ¿Que conciliación é esa? Ese contrato mentira e fraudulento que vostedes ofrecen, que van por aí publicitando... (*A señora Solla Fernández amósalles un documento aos membros da Cámara.*) ¡Oh, contestaron dez persoas! Iso non resolve os recortes de dez anos, señor Almuíña, e vostede sábeo. Non facilita a conciliación, evidentemente, estar os trescentos sesenta e cinco días do ano dispoñibles para vostede, para que os mova corenta quilómetros dentro da mesma área xeográfica. Vostedes non queren profesionais, queren escravos; iso é o que queren, esa é a realidade.

«Potenciar a figura da xefatura e a coordinación do Servizo de Atención Primaria» —liñas estratéxicas—. Devolvan vostedes as xerencias de Atención Primaria, pero devólvanas con capacidade de decisión. Teñen os profesionais humillados, tendo que pedir permiso para facer un montón de actividades, de cousas, de derivacións e de interconsultas. Iso non o resolve vostede neste papelucho, señor Almuíña. Déanlles orzamento e déanlles capacidade de decisión, corrixan o que fixeron mal, recoñezan que o fixeron mal. Non se resolve.

E logo, enriba —como dixeron aquí os compañeiros e compañeiras da oposición—, son vostedes quen de cabrear todos os colectivos, de insultar a enfermería. Imos dedicarnos a facer burocracia para vostedes (*A señora Solla Fernández amósalles un documento aos membros da Cámara.*): aquí reunidos os señores todos decidindo que imos facer os da profesión enfermeira.

Non falen xa vostedes con nós, que dá igual; volvemos aos anos oitenta. Miren: a xente especialízase, a xente traballa en formarse; os profesionais de medicina, os profesionais de enfermería... E, dende logo, temos profesionais magníficos formados. Vostedes non poden vir insultarnos cunha proposta; non imos adicarnos a facer burocracia. E, dende logo, o que non van conseguir é dividir os profesionais na loita por ter unha atención primaria mellor para todas as categorías profesionais, digna, que permita traballar en equipo e que permita saír á comunidade.

E hai que ver o seu plan. A min, sinceramente, non me vale que... Á parte, é que nin sequera o explicou vostede aquí, debe de ser que para vostede non é moi interesante, ou non cre o que vostede pon aquí no papelucho este: «Relación cos pacientes e a comunidade. Implantar a acción comunitaria como unha actividade normalizada». Claro, porque os profesionais de medicina e enfermería non fan actividade comunitaria porque non queren. Vostedes non poñen persoal. ¿Como persoas que teñen cincuenta ou sesenta consultas diarias poden facer ben o seu traballo? ¿Cre que os profesionais non queren facer ben o seu traballo? ¿Pero isto que é? E poñen: «Elaborar un programa específico de saúde escolar». Vostedes votaron en contra de implantar enfermería escolar. «Aumentar o coñecemento da cidadanía». Miren: isto non é un plan serio.



Pregunten aos profesionais cales son as súas necesidades. Levan anos —¡anos!— dicíndolles que non hai persoal suficiente, que vostedes continúan mantendo os recortes do capítulo I, por moito que vostede diga aquí, señor Almuíña. Pero oito millóns de euros —non sei onde— en reparar algúns centros seguramente van resolver o orzamento sanitario. Simplemente as emendas parciais que este grupo presentou sobre o que vostedes plantexan eran ao redor de trinta e un millóns de euros, señor Almuíña, e eran, seguramente, insuficientes, porque traballabamos sobre o seu orzamento.

¿Pero vostede cre que a xente é parva e pensa que co que plantexan e anuncian nos medios de comunicación se vai solventar un problema, un déficit gravísimo e estrutural de atención primaria?

Mire: os xefes de servizo déronlle plantón en Vigo, e déronlle plantón porque, ademais de ir vostede co xerente imputado reunirse con eles, vostedes continuamente desoan as súas demandas. Temos xente atendendo sesenta consultas diarias e temos centros de saúde —estamos fartas de trasladarallo aquí e na Comisión de Sanidade— con esperas dunha semana, con esperas de dez días e con profesionais que teñen que atender absolutamente de todo. Pregúntese vostede por que acode a xente ao centro de saúde, pregúntese como está o resto da sanidade pública, pregúntese se, ante a espera dunha semana ou de dez días, ten que ir á demanda, señor Almuíña.

Ao final, evidentemente, pódense facer melloras, pero todo pasa por mellorar a calidade da asistencia e, polo tanto, por incrementar o número de profesionais. Non se pode recortar máis dun milleiro de profesionais na sanidade pública e despois vir aquí dicir que a culpa é de non sei que cousa e de que non hai persoal e que a solución é escribir catro cousas nun papel, dicir que van dar oito millóns de euros e ir a Portugal publicar un anuncio cunha oferta de emprego falsa. Afortunadamente, a xente ten dous dedos de fronte e cando a ve xa comprende que o que vostedes están ofrecendo é un traballo escravo, señor Almuíña. Iso non solventa absolutamente nada. (*Balbordo.*)

Mire, señor Almuíña: faría ben vostede... (*Murmurios.*) Hai moitas deputadas do Partido Popular que queren intervir, e está moi ben, a sanidade é moi importante. Estaría moi ben que vostede explicase os puntos que traslada neste papel, que explicase onde van ir eses oito millóns de euros e de onde sae ese capítulo, que dixese aquí se vai incrementar ou non o capítulo I do programa 412B: atención primaria, e se vai ter ofertas públicas de emprego para incrementar os profesionais de enfermería, os profesionais de medicina, os profesionais de fisioterapia..., os profesionais en xeral, en global, de toda a atención primaria. Porque vostedes, despois de aprobar de forma unánime unha iniciativa que levou o noso grupo hai un ano e medio para implantar a enfermería comunitaria, presumen de que sacan unhas decenas de prazas.

Señor Almuíña, aquí non hai contida nin unha soa medida mínima para atender as demandas do persoal que lle levan facendo durante moitísimos meses. Vostede nin sequera tivo a decencia de trasladar aquí que hai diferenzas, de asumilas e de explicar por que os profesionais están en contra deste papel que vostede nos presenta; esa é a realidade. Polo tanto, ten vostede unha quenda de réplica na que pode explicar algo. Díganos aquí se vai incrementar o





capítulo I de persoal, porque sen máis persoal non hai capacidade de dar máis atribucións, non hai capacidade de reordenar e non hai capacidade de facer absolutamente nada. Explíquenos tamén que van facer co resto de categorías profesionais: como resolven o problema da pediatría, que van facer coa ausencia de fisioterapeutas e que van facer coa ausencia de matronas en atención primaria, e, de paso, se tal, fale un pouco do papel que veu presentar. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Eu non sei se terei que pedir permiso ao señor Torrado para falar ou se terei que dicir o que o señor Torrado queira escoitar. Vostede saberá, señor presidente.

Por certo, quería rexeitar o acto de presunta sabotaxe que se produciu esta madrugada na Cañiza a unha ambulancia, con danos nos edificios e co susto importante que pasaron as persoas, parece ser, diante das explosións que se produciron.

Señor conselleiro, o que algún chama falta de entusiasmo nós considerámolo tranquilidade, e agradecemos o seu ton sempre. Escoitando a señora Solla parece que en Venezuela chegou a luz de volta aos hospitais e xa non morre a xente alí. (*Murmurios.*) A señora Solla estivo recentemente. Supoño que admiraría o magnífico sistema sanitario que ten ese país.

Ben, e indo ao tema, señor conselleiro, agradecemos a súa presenza neste hemiciclo para informar dese novo modelo de atención primaria e das cento setenta e cinco propostas xurdidas dos grupos de traballo reunidos na consellería para avanzar en solucións —esas que di a señora Prado que non existen—, a curto, a medio e a longo prazo, diante da difícil situación da atención primaria, fundamentalmente derivada da escaseza de profesionais e da cronicidade e do envellecemento da poboación.

Tirando de hemeroteca, desas cento setenta e cinco medidas existe o compromiso de aplicar setenta e cinco a curto prazo, con avaliación das mesmas en outubro, e cincuenta e tres máis en febreiro do ano 2020. O presidente Feijóo xa recoñeceu publicamente as eivas da atención primaria e un certo descoido da mesma fronte aos hospitais.

Vostede mantivo reunións cos xefes de servizo dimisionarios da área de Vigo alá no mes de decembro, nas que chegaron a acordos evidentes, coa proposta dun plan para esta área. Ese plan incluía medidas para facilitar a accesibilidade dos enfermos aos hospitais, cun tempo máximo de tres días para resposta da interconsulta, permitindo a petición de probas complementarias polo médico de familia ou repoñendo o material obsoleto ou deteriorado e investimento en tecnoloxía. Aceptou tamén vostede nesa reunión, segundo manifestan os medios, unha OPE especial para médicos de familia e pediatras en seis meses coa convoca-





toria do máximo legal de prazas permitido. Eu creo que eses compromisos cos xefes de servizo de Vigo están cumpridos ou en vías de poder facelo.

Todo isto uníase aos contratos estables para os profesionais que remataban especialidade de familia ou pediatría, un contrato de continuidade —do que se ten falado aquí— cunha duración entre un e tres anos, cunha retribución mínima de 61.500 euros, para facer substitucións nunha área xeográfica delimitada, con vacacións e cun máximo de dúas gardas obrigatorias —si, señora Solla, teñen que estar dispoñibles, pero dispoñibles para os cidadáns, non para o conselleiro—; contratos certamente para facer substitucións. Señorías, na sanidade sempre houbo e haberá substitucións, governe quen governe, porque son necesarias; é ese traballo escravo que refire tamén a señora Solla.

Algúns médicos da área de Pontevedra rexeitaron, segundo eles, o contrato trampa que foi ofertado a médicos que traballan en Portugal. Un colectivo que se autodenomina «Precarias en atención primaria» sostén que eses contratos non están dirixidos á cobertura dunha vacante determinada dun centro de saúde nin á substitución dun titular concreto, senón a facer substitucións a nivel de varios centros do distrito para posibilitar unha cobertura inmediata das necesidades.

Efectivamente, ese é o contrato que se oferta aos profesionais que fan substitucións, efectivamente. Outra cousa sería unha adxudicación de praza, que tería que ofertarse nunha oferta pública de emprego, ou un contrato interino, que se cobre coas listas de contratación. Ese contrato estable para facer substitucións en mellores condicións parece ser, señor conselleiro, que xa foi asinado por algúns profesionais.

Sorprende tamén a actitude dos xefes de servizo de Vigo na última reunión que mantiveron con vostede rexeitando a presenza do xerente de área nesa xuntanza para tratar temas da súa competencia. Amosou vostede ese día toda a súa capacidade de diálogo, mantendo coa súa única presenza unha reunión de máis dunha hora con estes xefes de servizo, tentando reconducir a situación, pero, aínda así, non houbo volta atrás desa postura e non foi posible avanzar nesa negociación. Pero vostede, unha vez máis, mantén a súa vontade de diálogo e deixa canais abertos para outra próxima reunión con estes xefes de servizo, reunión na que debería tratarse o novo modelo de atención primaria, o plan de necesidades de área, no que empregarán parte dos 17.300.000 euros comprometidos, e o calendario de aplicación das accións pactadas cos profesionais, para o que eu penso que é importante, se non imprescindible, a presenza do xerente. Nós confiamos en que se retome o diálogo por parte destes xefes de servizo.

Puxéronse en marcha os grupos de traballo, que incluían os distintos colectivos profesionais, para acadar consensos e dar solucións aos problemas de atención primaria, grupos nos que participaron todos os colectivos que quixeron participar; por exemplo, o Colexio Médico de Pontevedra parece ser que non quixo acudir. Despois foron os propios médicos os que rexeitaron a segunda fase da reunións, naquela na que os distintos profesionais se mesturaban para chegar a conclusións sobre as propostas feitas por cada colectivo profesional, e alegaron dúas razóns. A primeira foi a exigencia por parte do colectivo médico dunha dirección de primaria única cun facultativo á fronte, mentres que os representantes do persoal de enfer-



mería piden unha dirección propia ao mesmo nivel que a dos médicos. A segunda liña vermella que se alegaba era un compromiso de partida orzamentaria destinada á atención primaria.

Abríronse canais de participación —xa o dixo vostede— para a cidadanía, para recoller ideas de mellora e aportacións.

Anunciaron vostedes unha oferta pública de emprego na que as 213 prazas extraordinarias, ao esgotar o máximo a taxa de reposición, no 108 %, ese 8 % a maiores serían todas as prazas incorporadas á sanidade pública, para facer un total de 1.323, delas na convocatoria de 2019 200 prazas para médicos de familia, 35 para pediatras, que, sumadas ás ofertadas en 2018, farán un total de 254 e 93 en ambas as especialidades. Asemade, ofertaranse prazas de categorías e persoal especialista en enfermería familiar e comunitaria.

Tentou vostede buscar solucións no Ministerio de Sanidade: petición dunha OPE extraordinaria de familia, que foi rexeitada; agora parece que ese rexeitamento non é tal como foi, porque parece ser que agora vostede conta co apoio de Navarra, Castela-León, Andalucía e —aínda que algo máis dubitativo— tamén Castela-A Mancha. Solicitou vostede a convocatoria de trece prazas máis de medicina de familia e seis de pediatría. Pedíulle a axilización dos títulos, da homologación de títulos de médicos estranxeiros, cuestión que, efectivamente, se transfería ao País Vasco ou está en vías de transferirse ao País Vasco; todos supoñemos as razóns desta concesión.

Insistindo no contrato estable para substitutos, tamén para MIR, de familia e pediatría, que rematan a especialidade, vostedes fixeron unha campaña de difusión do mesmo en medios de comunicación portugueses, para incentivar o retorno de profesionais de primaria que marcharon ao país veciño nos anos nos que no noso país había paro e os soldos en Portugal eran atractivos. Teño entendido, señor Almuíña, polo que sae nos medios, que vostedes xa tiveron varias solicitudes de información por parte de médicos que traballan en Portugal.

Pero parece que esa oferta non preocupa os grupos da oposición pero si preocupa as autoridades e colexios profesionais do país luso, diante da posibilidade de que médicos portugueses acepten as condicións do contrato que vostedes ofertan na actual situación das condicións laborais e económicas que teñen na sanidade portuguesa. Ese contrato —tan abusivo segundo algúns colectivos e aprobado en mesa sectorial, cuestión que parece esquecer a oposición— é ben recibido por profesionais do noso país e inclusive do país veciño. O diario *Jornal de Notícias* titulaba: «Goberno galego recruta médicos portugueses ao pagar o dobre». Esa teima constante que escoitamos nos últimos anos de fuga de profesionais a Portugal parece ser que agora ten poucos visos de realidade.

En resumo, pola súa parte, señor conselleiro, estanse a poñer en marcha ou solicitar medidas para paliar a difícil situación de déficit de médicos que atravesamos Galicia, como tamén o resto das comunidades autónomas. E nese contexto publicaron vostedes cento setenta e cinco medidas de proposta para a mellora da atención primaria, froito deses grupos de traballo, similares nalgún caso, aínda que máis completos, que os que fixeron no Ministerio en Madrid. Documento de medidas que vostede mesmo aceptou non pechar —en declaracións que están



nos medios—, á espera aínda de novas negociacións e novas aportacións. E proba diso, no xornal creo que foi de onte ou antonte os fisioterapeutas aceptan o documento logo da inclusión dalgunhas medidas adicionais solicitadas polos seus representantes. Nembargantes, no sentido contraio, representantes de sociedades científicas médicas e dos seus colexios profesionais rexeitaron acudir o martes de Entroido a unha reunión, semella que por discrepancias co formato da mesma; parece que non admitían a presenza das persoas que participaron nos grupos de traballo, exixindo que a reunión fora única e exclusivamente con eles; e vostede —outra mostra do seu espírito negociador— comprometeuse a fixar unha nova data para esa reunión.

As liñas estratéxicas, os seis puntos, as seis liñas estratéxicas xa as definiu vostede; non as vou repetir. Eu voulle destacar, desde o punto de vista dun profesional, cales me parecen máis interesantes.

A min gustaríame saber quen está en contra da creación dunha subdirección de primaria na Consellería, unha dirección de atención primaria en cada área, de potenciar a figura do xefe de servizo e, ademais, ter un coordinador a maiores e que ambos os dous cargos teñan menor cota de pacientes; da mobilidade voluntaria dos profesionais e da incorporación de enfermeiros especialistas; da reordenación das competencias dos profesionais con catálogos de probas complementarios unificados —hoxe mesmo vén na prensa que xa chegaron a un acordo para as endoscopias dixestivas e os TAC cerebrais para persoal de primaria—; da interconsulta bidireccional, cun tempo máximo de resposta de dez días; de profesionais hospitalarios de referencia para pacientes pluripatóxicos; da adecuación das axendas, non bloqueo de axendas de materias completas; das medidas de desburocratización, autonomía de xestión dos xefes de servizo para decidir entre prolongación de xornada ou intersubstitucións; da reordenación de cotas; da coordinación de atención sociosanitaria. Estas son as que a min, como profesional, me parecen as medidas máis importantes.

E remato, señor conselleiro. Este grupo apoia o plan baseado nesas cento setenta e cinco propostas para o novo modelo de atención primaria. Instamos a todos os colectivos profesionais a seguir avanzando no desenvolvemento do mesmo, con novas propostas, evitando a exclusión de persoas ou colectivos. Desexamos que este proxecto chegue a bo porto coa colaboración de todos.

Agradecemoslle, señor Vázquez Almuíña, o seu esforzo, a súa dedicación e a capacidade de diálogo que ten amosado nestes últimos tres meses, que creo que ninguén poderá negarlle.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Réplica, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados.



Quería iniciar esta segunda parte traendo as palabras do consejero vasco de Salud, que dixo hai uns días que Galicia fora a comunidade autónoma que mellor evolución en sanidade tivo nos últimos dez anos. Dío o consejero vasco, que non pertence ao noso partido e que dende logo está como unha das comunidades autónomas con mellor sanidade de España.

¡Chamarlle papelucho ou parchiños ao traballo de moitísima xente, de moitísima xente!, porque esas cento setenta e cinco propostas non son feitas polos directivos da Consellería de Sanidade, senón por máis de cen profesionais, máis de catro mil cidadáns, máis de douscentos setenta profesionais, que tamén por correo electrónico estiveron implicados nas iniciativas. Non hai unha soa iniciativa nestas propostas que nacera do bolígrafo da pluma dun directivo da Consellería de Sanidade. Polo tanto, como mínimo, eu pediría respecto da oposición ao traballo durante dous meses de magníficos profesionais de todas as categorías profesionais desta consellería. *(Aplausos.)*

A magnífica sanidade que temos en Galicia non é propiedade dun goberno, é propiedade de todos os que a construíron: os profesionais, os cidadáns, pero tamén os directivos.

Miren, as liñas estratéxicas e os obxectivos marcados polos profesionais que estiveron traballando durante tempo marcan unha primeira liña estratéxica, que é a creación de equipos de atención primaria nos que se definen novos roles. En anteriores propostas, do Bipartito, nunca se contou con todas as categorías profesionais. Nós si, porque nos parece que o espírito Alma-Ata é precisamente o equipo; o equipo é o máis importante para que funcione adecuadamente o sistema sanitario, en calquera situación, en primaria, en hospitalaria, e por iso o primeiro punto, a primeira liña estratéxica vai por aí.

E nas peticións non só dos que estiveron traballando, senón tamén das entrevistas que tivemos durante moitos meses non con xefes de servizo de Vigo, coordinadores de enfermería de Vigo, senón de todas as áreas sanitarias de Galicia, pediron que houbera unha liña directa entre atención primaria e a Consellería. E, por iso, na nova estrutura vai haber unha dirección xeral de atención primaria, pero vai haber tamén unha dirección, como nos pediron en todo momento, de atención primaria dentro da estrutura de cada área sanitaria, con todas as competencias de atención primaria. Isto pedíronnolo dende todas as áreas sanitarias, todos os profesionais, e cremos que é importante, pero non o que di a oposición, sen coñecemento das xerencias independentes de atención primaria e atención hospitalaria.

Eu fun xerente de atención hospitalaria. Naquel momento as relacións entre primaria e hospitalaria eran malas, porque os obxectivos de atención primaria e atención hospitalaria eran diferentes. Neste momento, a integración que se fixo en Galicia —que se fixo, por certo, tamén no País Vasco— mellorou claramente a atención aos cidadáns. Porque hai un obxectivo común, que é a asistencia aos cidadáns de Galicia, estean onde estean, no ámbito de atención primaria ou no ámbito de atención hospitalaria.

E poño por caso, naquel momento cando eu me inicié nese labor, que había unhas citas de todos os días de máis de cincuenta persoas no hospital onde estaba para atención ao Sintrom, e o Sintrom facíase en hospital porque non se quería facer en primaria. Os de primaria dicían que non, que debía ser en hospital, e o hospital estaba desenrolando esa actuación. Poste-



riormente, cambiouse. E ese modelo hoxe en día é que o Sintrom debe realizarse onde estea máis cerca do cidadán o centro de saúde ou o domicilio do propio paciente. Polo tanto, o importante non son as estruturas, primaria ou hospitalaria, senón a atención integral ao cidadán o máis próximo ao seu lugar.

Polo tanto, para nós, á parte de crear unha dirección de atención primaria, con función exclusiva de atención primaria, vai haber unha comisión de atención primaria de área, presidida pola xerencia, e onde estarán todas as direccións e os xefes de servizo. Porque nós —é certo— queremos darlle aínda máis xerarquía ao xefe de servizo de atención primaria, que é o que debe ordenar e coordinar toda a atención primaria dentro do seu centro de saúde, e ten un interlocutor directo, directísimo, que é o director de atención primaria, co que vai ter esa relación diaria.

Reducir a cota dos profesionais é outra das necesidades, é outra do noso plan de futuro, e para iso temos que formar máis residentes, temos que facer contratos atractivos para atraer persoas profesionais de calquera outro lado, que dende logo poidan facer un bo traballo con nós. E, como digo, xa somos a sexta comunidade que menos TIS neste momento ten por paciente, e o noso obxectivo é seguir baixando, non só por número de TIS, senón facendo a estratificación das TIS, porque o número non é suficiente. O número indica que todas as persoas son iguais a nivel de tratamento, e non é certo. A estratificación que desenrolamos na Consellería indicará en todo momento o número adecuado, non por número de pacientes, senón por complexidade desa actuación.

Na oferta pública de emprego 2019, recentemente publicada, a maior dende o ano 2008, utilizando taxas de reposición —por certo, a oposición fala da taxa de reposición; a taxa de reposición vén da crise económica xerada por gobernos que non souberon gobernar, que gastaron máis do que ingresaron e, polo tanto, nos levaron a unha situación complicadísima—, nós estamos neste momento cunha taxa de reposición do 108 %, porque cumprimos cos obxectivos de déficit; Galicia é das poucas que o está cumprindo. E Función Pública e Educación cederon unha parte para que Sanidade tivera máis prazas nesta oferta.

E, como digo, nesta oferta pública de emprego, a maior dende 2008, son 254 prazas de médicos de familia, porque imos sumar as que publicamos no ano 2018, e 93 de pediatría, como digo, nuns exames nos próximos meses, que deixarán a estabilización aínda máis consolidada.

Para diplomados sanitarios de formación profesional, a oferta é de 567 prazas. Ente elas inclúese a de categoría de enfermeiro especialista en medicina de familia e en pediatría.

Imos, por tanto, reforzar claramente a atención primaria dende todas as categorías profesionais, e dende logo a iniciativa que tivo esta comunidade autónoma da creación da especialidade de enfermeiro especialista en medicina de familia e en pediatría estánnola copiando a día de hoxe aínda moitas autonomías, pero nós levamos xa un camiño adiantado.

Completa esta oferta un total de 415 prazas de persoal de xestión e servizos das áreas administrativas, traballo social, mantemento e hostalaría.





Dende logo imos seguir solicitando, sexa quen sexa o próximo Goberno de España — porque entendemos que este xa non vai facer nada —, máis acreditacións de prazas, máis homologación de prazas. ¿Por que? Porque o noso modelo é un modelo de médicos con especialidade en medicina de familia, e queremos ter un número maior, cun orzamento da Comunidade Autónoma, porque só o Ministerio o único que fai é a acreditación de prazas, pero o que é o mantemento e o pago deses profesionais faino a Comunidade Autónoma. Polo tanto, é incremento sempre de capítulo I, de persoal, o incremento de formación, que levamos facendo varios anos.

Pero en pediatría non temos acreditadas, e, polo tanto, seguiremos pedindo a este ou ao seguinte Goberno a acreditación de máis prazas en pediatría, para ter unha maior cobertura.

Dende logo imos dar acceso ao persoal de enfermería e farmacia ás solicitudes de analíticas de pacientes crónicos, tamén ao catálogo de probas complementarias unificadas necesarias para a súa actividade, e o farmacéutico de atención primaria conciliará medidas dos pacientes da transición asistencial e actualizará a árbore de prescrición de forma consensuada co médico de familia.

É dicir, estamos falando de casos concretos, de funcións concretas que van diversificar todo o labor dos profesionais que están en atención primaria; dende logo, desburocratizar todo aquilo que poidamos desburocratizar e dende logo deixando os labores asistenciais ao persoal para que poida desenrolalos da mellor forma posible.

A liña estratéxica número 2 é a coordinación e comunicación interniveis, relación entre a atención primaria e a atención hospitalaria, e tamén incluimos aí a relación co 061.

Hai un cambio claro. Hoxe saen noticias de áreas sanitarias que están incorporando, porque nós non imos parar. Isto é un documento que, como dicía o señor Núñez Centeno, está aínda aberto a posibles incorporacións, pero nós a aquelas que entendemos que son esenciais xa lles estamos dando para adiante, non imos parar. É necesario tomar decisións, porque o outro é protestar sen máis, ou non facer nada, que o están facendo noutras comunidades autónomas. Nós dende logo collemos a máis complicada, que é a de tratar de chegar a acordos e chegar a un novo modelo que mellore a situación tal como a temos.

Dende logo imos nomear profesionais consultores de referencia en atención hospitalaria, convocar reunións periódicas entre profesionais de atención primaria e hospitalaria —é fundamental esa relación—, habilitar a prescrición electrónica de Ianus a facultativos médicos do 061 para a xeración de receita electrónica na atención domiciliaria e segundo as directrices do Sergas ou a unificación en todas as áreas sanitarias do catálogo para solicitar probas complementarias dende a atención primaria. Hai áreas agora cun abano moito maior que outras, e o que queremos, evidentemente, é que todos teñan o mesmo acceso a probas e ás especialidades.

A liña 3, a estratexia 3 é a atención á demanda, as axendas, acollemento na sobredemanda, domicilios, atención programada e urxente. E aí hai moitas medidas tamén, como a estruturação das axendas adaptándose ás actividades reais de cada categoría profesional. Im-





plantarase un procedemento de resolución colaborativa da demanda non programada, segundo protocolos homoxéneos, onde poidamos integrar a enfermería, pero tamén os servizos administrativos e o médico nunha actuación conxunta. O paciente pode ser atendido por calquera persoa do seu equipo e segundo o nivel de complexidade.

Iso é o que queremos establecer, é dar un paso máis: que dende logo haxa unha actividade cada vez máis complexa, porque tamén é certo que dentro do equipo as persoas que o integran cada vez teñen unha maior formación.

Promoverase a formalización dos nomeamentos estatutarios eventuais de continuidade, que poidan dar unha maior estabilidade ao persoal substituto. Este contrato, que é rechazado por algunhas persoas, deixa liberdade para que quen queira poida facer o contrato anterior, pero é que resulta que hai xente que se queixaba de que os contratos anteriores eran contratos de días soltos, de meses, e non tiñan as condicións totais para poder por exemplo cumprir os obxectivos, non podían cobrar obxectivos, non podían estabilizar ou planificar as súas vacacións. Os que queiran ese modelo pódeno seguir facendo, pero eu digo: o novo modelo é moito mellor, e dende logo creo que é un sentido de responsabilidade pola nosa parte tratar de convencer os nosos profesionais, porque pode ser que cheguen profesionais doutras áreas, doutras comunidades autónomas ou doutros países, e bloqueen e teñan eses contratos, e a xente que está con nós non poida en ningún momento acceder a el.

Polo tanto, eu dende aquí pido que pensen a situación, e que este contrato é mellor dende logo que o que temos, ademais de que deixamos aberto o de ata agora, pero que era criticado por inestabilidade, por non reunir todos os recursos asistenciais, sobre todo por non poder planificar a súa vida; neste contrato si que o poden facer.

E na cobertura de urxencias, como digo, serán cubertas por listaxes de contratación, dun modo ou con novo contrato; como digo, planifico, planificamos para que sexa con ese.

Realizarase ademais un estudo sobre a redistribución de cargas de traballo, para reaxustar posteriormente as cotas en función das características sociodemográficas. Dicíao antes: é moi importante non só falar de número de tarxetas, senón da complexidade de cada un dos pacientes.

A medicina ten que ser unha medicina personalizada. Por iso o Telea é importante. O Telea vai dirixido fundamentalmente ao paciente crónico, non só ao paciente maior, ao crónico. Os nenos diabéticos, por exemplo, co Telea van ter unha evolución moi positiva, porque o control vai ser dende os seus domicilios, dende o seu instituto, dende a súa escola, directamente, aos médicos e enfermeiras que sexan os responsables deles. Polo tanto, imos implantar o Telea tamén, o 100 %, no ano 2019, neste ano que estamos en curso, e estamos chegando xa a case mil quiñentos cidadáns controlados a través do Telea, e imos seguir aumentando, porque entendemos que é moi, moi importante.

A liña estratéxica 4 é a formación, docencia e investigación. Non podemos quedar só na asistencia. Tamén a formación, a investigación e a docencia son fundamentais para manter este sistema sanitario tan bo que temos na actualidade. Polo tanto, o xefe de servizo e coordina-



dor do servizo organizará toda a formación continua, API, programará cursos de formadores, adaptaranse axendas dos titores ou colaboradores docentes para favorecer a docencia e formación continuada e investigación. Reforzaranse as funcións do responsable de docencia posgraou na área sanitaria, para o persoal médico e de enfermería.

Solicitarase, como dicía antes, ao Ministerio de Sanidade dende logo máis prazas para poder acreditar e poder incrementar os médicos de familia, os pediatras e outras especialidades nas que estamos deficitarios, e ímolo seguir facendo.

Tamén pedimos e seguimos pedindo ao Ministerio, como se dicía aquí, un MIR extraordinario, porque, co incremento de prazas que pedimos, podemos a maiores adiantarnos uns meses e podemos contar con máis especialistas en menos tempo.

A lista estratéxica 5, en relación cos pacientes e coa comunidade, tamén é importante. Os pacientes e as asociacións de pacientes cada vez están máis incorporados, porque os seus coñecementos son fundamentais para mellorar a calidade do noso servizo.

E a Comisión Interdepartamental de Atención Sociosanitaria de Galicia reunirse tamén de forma periódica, e cun elemento fundamental como son as condicións dos cidadáns.

Tamén se realizarán actuacións formativas e informativas dende os servizos de atención primaria sobre a poboación de referencia, co apoio da Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

E imos fomentar o coñecemento de plataformas como E-Saúde, SHARE, Xente con vida, portal Úlceras fóra ou outras xa existentes.

E a liña 6 é unha liña que tamén nos pediron dende todos os ámbitos da atención primaria: un plan de necesidades; un plan de necesidades que, debido á crise, durante anos non existiu, pero non só para eles, senón para o nivel hospitalario. É certo que houbo plans, por exemplo o sociotecnolóxico para a alta tecnoloxía, para tratar de incorporarnos e quedar, como estamos neste momento, na primeira liña a nivel nacional, cos aceleradores, coas resonancias magnéticas, cos mamógrafos, pero non había nos últimos anos.

Dende o ano 2016 estamos tendo un plan de necesidades, e á petición dos profesionais, o que imos facer xa, xa, é un plan de necesidades exclusivo de atención primaria, que vai triplicar o gastado nos últimos anos en atención primaria. É moi importante para nós que a priorización vai partir dos xefes de servizo. Serán os xefes de servizo os que teñan esa decisión para renovar o mobiliario, o equipamento electromédico, tamén suxerir reformas que poidan necesitar nese centro de saúde.

E, dende logo, tamén a informática. Evidentemente, sei que a oposición moitas veces critica o que investimos en informática, pero calquera servizo público que se prece ten que ter un servizo de informática potente; dende logo é fundamental, porque as nosas ferramentas son complexas, son informáticas. Temos unha historia clínica —como dicía antes—, unha receita electrónica, todo cunha base tecnolóxica que fai que esteamos a nivel de innovación nun nivel altísimo, sendo distinguidos incluso na Unión Europea con recoñecementos pola súa utilización.



Dende logo imos dotar de equipamentos electromédicos cada vez máis complexos, e, como digo, imos triplicar esa inversión. É a primeira vez que vai ser de carácter exclusivo para atención primaria, e, como digo, vai ser dende logo priorizado polos xefes de servizo.

Dicir tamén que imos seguir evidentemente coas obras, coas obras que temos, pero obras nas que igual nos próximos dous anos, se todos os concellos colaboran e nos poñen parcelas á disposición, podemos chegar a 40 millóns en novos centros de saúde, entre estes dous anos, 2019 e 2020.

Pero non sei por que antes a portavoz de En Marea falaba sempre de 8 millóns, 8 millóns. Non. Falamos de orzamentos. No plan de necesidades van ser 17,3 millóns de euros, distribuídos, como dicía, entre mobiliario e equipamento, máis de 8 millóns, en reformas case 3 e en informática 6. Como digo, sobre todo o máis importante, o que supón esa priorización polas xefaturas de servizo, que, como digo, reportarán a través da dirección de atención primaria na xerencia desta área.

É un proceso complicado, é un proceso difícil, pero dende logo cremos que debemos tomar nota. Podíamos traer aquí, á imitación da señora Prado, noticias de prensa sobre manifestacións e folgas, e pode coller a que queira, da comunidade autónoma que queira, toda España. A diferenza entre Galicia e o País Vasco e o resto de comunidades autónomas é que Galicia si está tomando medidas, Galicia si cre na colaboración de todos os seus profesionais e Galicia si vai facer un novo modelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleiro.

Hai unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG, ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Eu quero empezar dicindo que eu temo que o deputado do Partido Popular confunde diálogo con monólogo, porque diálogo significa falar e escoitar, e o que leva demostrado o Partido Popular e o conselleiro e a Consellería é que fala e non escoita o que lle están dicindo os profesionais e o pobo galego aí fóra a respecto das propostas do Partido Popular. E iso non é un diálogo, iso é un monólogo, iso é un auténtico monólogo. *(Aplausos.)*

Porque ¿que ten feito o conselleiro e o Partido Popular diante da auténtica manifestación unánime contra as políticas sanitarias do Partido Popular? Primeiro, negar a realidade da deterioración da sanidade. Logo, desacreditar todo aquel que sinalou o problema —os profesionais, os sindicatos, os colectivos, os doentes, as organizacións políticas—, intentar desacreditalos e dicir que, nada, que isto era un país de jauja e que a sanidade pública era a mellor. ¿Seguen nesa tónica? Somos os mellores, cópiannos, fóra queren ser coma nós..., é dicir, vivimos fantasticamente. E logo, cando a magnitude do problema era imposible de ocultar, polo altísimo nivel de contestación e de mobilización tanto de profesionais como da



sociedade, tiveron unha ocorrencia. E a ocorrencia é aquilo de que, cando ti queres que algo non funcione, pois creas unha comisión ou un grupo de traballo. Pero non, o señor conselleiro, como quere ser o campión, creou dez, creou dez grupos de traballo, onde unha parte importante das persoas e dos colectivos que alí foron por educación foron escoitar, e logo paulatinamente fórono abandonando, porque dixeron: é que non é o tempo de escoitar; porque o que dixeron é: a diagnose está feita, pero está feita desde hai anos, desde hai anos xa dixemos cal é o problema e é o tempo de actuar. Dixéronllo por terra, mar e aire, señor conselleiro: a diagnose está feita, non queremos máis diagnoses, queremos que actúe. E fórono abandonando e fóronlle dicindo: non queremos vir aquí escoitar novas diagnoses.

E, por certo, o estatuto marco di que as propostas que afectan o persoal teñen que pasar por mesa sectorial. E esta proposta, este novo modelo afecta o persoal e vostede non o pasou por mesa sectorial. Un pequeno lapsus, supoño.

E, por certo, tamén, señor Núñez Centeno, o contrato de continuidade foi aprobado en mesa sectorial, pero non polos sindicatos maioritarios, non pola CIG e non por Comisións; dígoos porque vostedes o repiten aquí continuamente, xogando á confusión, pero non aprobado nin pola CIG nin por Comisións.

E, por certo, un contrato de continuidade no que vostedes ofertaron xa oitenta e nove e ¿cantos lles asinaron ese contrato de continuidade? De momento, dez; un deses dez xa declinou; é dicir, quedan en nove persoas; de oitenta e nove que ofertaron, nove, das cales parte desas persoas por estar en situación especial de vulnerabilidade e, en parte, algunhas por necesitar o contrato para poder manterse, entre outras cousas, no país. Entón, esa é a realidade da aceptación dese contrato de continuidade que vostedes venden como de gran aceptación e que é mentira, que non lles aceptan nin os afectados nin os sindicatos maioritarios. Esa é a realidade.

Co cal, dez grupos de traballo, en parte colectivos escollidos a dedo; outros colectivos foron, por educación, escoitar e foron abandonando, porque dixeron: esta non é a solución, a diagnose está feita, queremos feitos, queremos realidades. Pasan os días, pasan os meses, e novas xuntanzas, novos plantóns, señor conselleiro. O diagnóstico está feito, as demandas tamén e o que hai é que poñelas en marcha. O que fai falta é unha rectificación real, non rectificacións en titular de prensa, señor conselleiro; fan falta rectificacións reais e non querer arreglar determinadas cuestións con vulneración de competencias de profesionais non facultativos, que é unha parte importante das cuestións recollidas neste novo plan.

Co cal vostede non pode vir aquí dicir que recolle as propostas dos profesionais cando os profesionais lle están dicindo que a primeira cuestión que queren é a creación da xerencia de atención primaria con capacidade de decisión. E vostede resulta que pon en marcha e preséntanos aquí este plan e ao mesmo tempo presenta o novo decreto das áreas de xestión primaria onde ¿cales son as competencias da dirección da atención primaria? Xestión da demanda de servizos sanitarios, execución das directrices e proxectos establecidos —que outros deciden—, coordinación-supervisión...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.



**A señora PRADO CORES:** ...asumir o respectivo ámbito... É dicir, non ten capacidade de decisión.

Co cal eu remato, señor conselleiro, dicíndolle unha serie de propostas que son as que lle están pedindo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...os profesionais —remato, señor presidente—, que é a creación da xerencia de atención primaria en pé de igualdade coas xerencias hospitalarias, orzamento propio, capacidade de decisión sen subordinación, aumento de persoal, dar solución ás situacións dos PAC, contratos estables e dignos para os profesionais precarios.

Empece por aí, e, a partir de aí, probablemente todas as persoas que lle están dando plantón e que están abandonando...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado. Xa rematou o seu tempo.

**A señora PRADO CORES:** ...as súas reunións igual empecen a escoitalo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Ben, algunhas veces hai que explicar algunha cousa. Eu voulle dar unha opinión, señor conselleiro. Vostede seguramente está moi contento pola súa habilidade parlamentaria de non explicar nada na primeira intervención e facelo todo na segunda, *ex aequo* co voceiro do PP, ao que, por certo, non mencionei. Aquí o único que bloquea que fale xente neste Parlamento é o PP na comisión de investigación. (*Aplausos.*) Eu non o mencionei nada, deuse vostede por aludido, pero nós estamos encantados de que fale aquí todo o mundo. (*Aplausos.*) Ou sexa, moi hábil por isto do regate, de non expoñer nada ata a segunda, porque hai menos réplica. É moi triste facer unha comparecencia. Xa digo: vostede pensaba vir aquí facer unha comparecencia porque lle ían aprobar algo e ía saír vitorioso. O outro día saíu correndo dunha reunión e agora entón non puido explicar moito e só nos quere deixar a segunda réplica. O regate será moi hábil, pero o fracaso ao final é enorme. Parece vostede Vinícius: regatea moito pero ao final... E o regate parlamentario está moi ben, pero ao final a sanidade non funciona, e esta é a cuestión na que estamos aquí hoxe.

Vostede deu datos. Mire, algún dos datos que nos deu está un pouco desfasado. Mire, acaba de ser publicado o Barómetro sanitario. (*Murmurios.*) Baixamos de valoración xeral, baixamos de valoración á atención primaria. A preferencia pola privada aumenta, perigosamente; o 13 % dos cidadáns preferían a atención privada hai dous anos, o 18 % no ano pasado; ¿sabe





o que di o Barómetro deste ano? O 22 %. Hai dous anos un de cada sete, estamos case nun de catro. É gravísima a situación, señor conselleiro. Claro, para vostede o modelo de éxito —que veu aquí un día promocionalo— son eses *rankings* onde premian a Camerún e a Hong Kong; o seu modelo de éxito sanitario é Camerún, señor conselleiro; o noso, non. Camerún non ten nada que ver con aquel modelo de Alma-Ata, dende logo que non, Camerún e Hong-Kong. E, de verdade, vostedes apelan aquí con respecto a outras forzas políticas a algúns países, pero Camerún e Hong Kong non mos poña de exemplo, porque, se ese é o modelo, malo.

Veñen aquí prometer —nesa combinación fantástica na que fixo máis avances do modelo novo o voceiro do Partido Popular que a Consellería— 135 prazas de medicina familiar comunitaria para o ano que vén. Propuxérono aquí. ¿Vostedes saben cantas teñen acreditadas? Propuxeron unha convocatoria de 135. ¿Saben cantas teñen acreditadas? 110. É que vostedes fan unha proposta que non se pode facer. Claro, así logo queren botar a culpa ao Ministerio, pero o Ministerio di: mire, nós convocamos todas as que sexa necesario, pero teñen que acreditarlas. Acaban de prometer convocar prazas que non teñen legalmente posibilidade de convocar. Pero dá igual; total, ¿que máis dá?

Señor conselleiro, é unha cuestión de organización, si, de dotar de funcións as capacitacións dos profesionais, dos médicos e médicas e dos enfermeiros. Pero non é só unha cuestión de funcións. Atribuírlle máis funcións ao mesmo persoal que xa está moi saturado é un problema; funcións si, pero persoal tamén. É dicir, flores ao persoal, todo: non, son moi bos; flores, todo. Agora, ademais de flores, capítulo I, e non en precariedade, senón de verdade, que gastan vostedes máis de catrocentos millóns de euros ao ano en pagar eventualidades e precariedade.

Somos todos conscientes de que un investimento en persoal no primeiro ano e no segundo, numericamente, é deficitario, numericamente, pero, numericamente, é mellor a longo prazo; e, dende logo, para a calidade do sistema é infinitamente mellor. E hai que facer eses investimentos. Contará, dende logo, co apoio do noso grupo se deciden facer un investimento en persoal que é necesario. Pero non sexan vostedes cicateros, que é o que son.

Modelo de contrato —que vostede por fin entrou a falar algo do modelo de contrato—. Díxémosllo dende o principio: ¿é un punto de inicio? Pode ser, pero vostede tómao como un punto final. Ese modelo de contrato non é o que demandan os profesionais; os profesionais demandan un modelo máis estable. Se queremos o modelo vasco, vaíamos ao modelo vasco, pero a todo o modelo vasco, a todo ese modelo de contrato do modelo vasco, non só a unha parte. Se é tan bo, ¿por que non para a atención hospitalaria, por exemplo? ¿Por que non para aquelas especialidades deficitarias da atención hospitalaria un modelo semellante? —que podería ser unha idea—. Seguro que ten algunhas contraindicacións, algunhas vantaxes e algunhas desvantaxes, pero, se ese é o modelo, ¿por que non?

Porque, claro, como iso non llo exixen os profesionais a todo correr, non hai que facelo. Vostedes teñen unha planificación ausente, e con esa falta de planificación, por exemplo, pasa o que pode pasar con este modelo de contrato, que hai dous problemas graves que poden ocorrer: un, que o queira todo o mundo —porque sería un problema: teríamos unha falta de





espazo para planificar —; dous, que non o queira ninguén, que é un problema obvio. ¿Teñen algo previsto se o quere todo o mundo ou se non o quere ninguén? Non. ¿Por que? Porque vostedes non planifican; responden, reaccionan, pero reaccionan cando a Consellería debera ser planificadora previamente.

Vostedes querían nun modelo, señor conselleiro. Si...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...é lexítimo; nós non. Pero vostedes querían nun modelo e o modelo fracasou. É lexítimo que o queiran, pero fracasou; é necesario cambiar. E vostedes, que querían outro modelo, non poden cambiar a un modelo distinto.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Polo tanto, señor conselleiro, tocan cambios, tamén na dirección da Consellería.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Señor Almuíña, eu non acabo de entender a que veu hoxe vostede aquí, porque realmente pouco explicou do que van facer. E vostede trasladou aquí unha serie de consideracións que en ocasións eu creo que debería de autoescoitarse a si mesmo no que está dicindo. Porque vostede ten o valor de vir aquí e dicir que o importante son os equipos, cando o persoal dos puntos de atención continuada leva un ano e medio pedíndolle que implanten equipos equilibrados, iguais, de profesionais en todos os centros, e vostedes levan rexeitado esa medida. Levamos tres meses de folga indefinida, señor Almuíña. É un insulto —díxeno antes—, porque vostede vén aquí despois de ter desprezado os profesionais. Non é un desprezo. Claro que isto é un papel, (*A señora Solla Fernández mostra un documento.*) é un papel, porque aquí non hai orzamento, señor Almuíña, e porque non recolle as consideracións dos profesionais. ¿Por que cre vostede que están todos en contra? ¿Onde está o capítulo I? ¿Onde está o orzamento para incrementar o persoal?

¿De verdade van resolver a situación da atención primaria cunhas impresoras e uns escáneres? Si, si, non, non, mova a cabeza. Medida 6, medidas a curto prazo —señor Almuíña, expúxoas vostede aquí—: renovar os equipos de impresión e dotar os centros de saúde de novos equipos de escaneado de información. Ben, con isto xa podemos ir para a casa porque está a atención primaria toda resolta. E vostede dixo —eu preguntei aquí— que dese orzamento, deses 8 millóns de euros —porque son 17 en dúas anualidades, 8 e algo, ¡vale!—, a maioría vai a equipos informáticos. ¿De que estamos falando, señor Almuíña? Temos unha carencia



estrutural de persoal de atención primaria que non caeu do ceo, señor, que caeu dos recortes de dez anos, ¡dez anos recortando!, ¡máis de mil prazas eliminadas! ¿A que vimos aquí? ¿Cre que iso se vai resolver porque vostedes poñan un anuncio nun xornal para que veñan dez persoas firmar un contrato? ¡Home, por favor, un pouco de respecto!

Evidentemente, fai falta máis debate e medidas máis profundas e de longa duración. A xente está en contra porque aquí non hai nada de incremento de persoal, non hai melloras reais, e dá igual que vostede poña nun papel que agora van ter non sei que quefacer, non sei que tarefa; o persoal é o mesmo e está ata aquí, ¡ata aquí!, e non pode máis, ¡non pode máis! O persoal de enfermería non pode máis con todas as tarefas que ten que facer, e o persoal de medicina, igual. E estamos en centros —xa llo dixen antes, está cansado de escoitar os debates— con esperas de dez días. ¿A que xogamos? ¿Como vai resolver ese problema que é a súa responsabilidade? Non é doado, claro que non é doado, porque dez anos de recortes despois requiren moitas medidas para mellorar a situación. E a taxa de reposición non cae do ceo, a taxa de reposición aplícanos os gobernos porque deciden aplicar esa taxa de reposición e deciden onde van recortar. E conter o gasto público é un eufemismo cando se recortou persoal, o que fixo que a atención sanitaria se deteriorara tantísimo durante todos estes anos.

Miren: isto non se resolve poñendo aparellos informáticos nas casas. As innovacións teñen que estar ao servizo do persoal; se non hai persoal sanitario non vale de nada poñer ningún aparello informático. Necesitamos persoal para facer atención comunitaria, para facer atención domiciliaria, para facer atención nas consultas, para facer atención das urxencias... Sen ese elemento central, clave, que non vén no plan, non se vai resolver. Porque aquí o único do que falan vostedes é de facer intersubstitucións, é dicir, que o persoal cubra as ausencias do resto de persoal. E falan de catro cousas máis, pero non hai ningún plan para incrementar o cadro de persoal de atención primaria, non hai maior orzamento.

E vostede dixo aquí que a Dirección de Atención Primaria é mellor, porque antes se competía. ¡Por favor, non nos tome por ignorantes! Que existan dúas xerencias non é peor nin fai que funcionen peor, e encargarse de que funcionen mellor e de que se interrelacionen é unha obriga da súa consellería. Que exista unha xerencia en Atención Primaria con recursos e con capacidade o único que fai é mellorar a situación da atención primaria; díganos se esa Dirección de Atención Primaria vai ter orzamento para funcionar, capacidade de decidir, capacidade resolutiva... Non poña persoas para xestionar os problemas que veñen doutro lado. Queremos xente decidindo, organizando e...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** ...planificando; queremos orzamento á disposición desas persoas, das súas responsabilidades.

Remato xa. Non podemos tomar isto como un mal chiste, senón... Ou sexa, é un mal chiste, señor Almuíña. Ante as mobilizacións, vostedes quixeron desmobilizar facendo reunións e traéndonos agora este papel aquí sen ningún orzamento.

Resolva, é a súa responsabilidade. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, vostede pode pedir a ver se nesta lotería de agasallos dos venres sociais hai sorte e nos toca algunha medida sanitaria para Galicia, porque parece que nos venres sociais Galicia non existe. *(Aplausos.)*

Señora Prado, que fale vostede de monólogos, eu..., ¿que quere que lle diga? Vostede ten un monólogo que lle vale para case todas as intervencións que fai neste parlamento. Ben, vostede verá, pero que fale vostede de monólogos do conselleiro... Non sei.

Eu non sei que pretendían, señor conselleiro, ¿que viñera vostede aquí co documento e lera as cento setenta e cinco medidas? É un documento público e está publicado; entón, eu creo que debe facer un balance da situación e, posteriormente, destacar o que vostede pense que hai que destacar.

E eu supoñía que hoxe se ía falar do barómetro sanitario, ¿como non se ía falar do barómetro sanitario, estando o señor Torrado aquí? Efectivamente, resulta que Galicia perde seis centésimas, pero segue sendo a terceira mellor valoración histórica despois do ano 2017 e do ano 2012. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)* E a media de España perde once centésimas. Curioso. Iso olvídasenos case sempre. *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Torrado, por favor, silencio.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Soamente un 3,9 por cento di que o sistema é tan malo que necesita refacerse, o que é inferior a todos os anos do Bipartito e á media de todas as comunidades. E, referíndonos á atención primaria: atención boa ou moi boa, 88,1 por cento; utilización do servizo de Urxencias público en atención primaria, 43,4 por cento, superior á media nacional; valoración da atención primaria en Galicia, 7,47; nacional, 7,31.

O atraso nas citas de primaria —e este é un detalle curioso—: foron atendidos en Galicia no mesmo día ou ao día seguinte o sesenta e sete por cento. Aquí parécese esquecer tamén que, se un chama a un centro de saúde ou pide cita a partir das dez e media, esa cita é ao día seguinte, non é, teoricamente, no mesmo día na xornada de mañá. ¿Saben vostedes cal é a media das distintas comunidades autónomas en atención o mesmo día ou ao día seguinte? Galicia, un sesenta e sete por cento; o resto, un 47,5 por cento. Curiosidade: no País Vasco, a Arcadia feliz da sanidade española, un 58,5 por cento, case dez puntos inferior á de Galicia. Dos que pasan dun día, o 82,1 por cento foron atendidos en dous ou tres días, o que parece converter en falacia certas cousas que escoitamos aquí.

Os galegos e galegas somos dos que menos esperamos nas salas de consultas de atención primaria; os facultativos galegos son os que, entre a opinión das persoas atendidas, cometen



menos erros; estamos por riba da media no tempo dedicado a cada enfermo en atención primaria; a cualificación da atención como mala ou moi mala en primaria non chega ao dous por cento, e —como remate— o 1,8 por cento dos cidadáns declara que non tomou un medicamento por cuestións económicas, fronte ao tres por cento de media das comunidades autónomas.

Esta, señorías, é a situación da atención primaria en Galicia no barómetro sanitario. É unha situación, por suposto, que é mellorable e que está agravada polo déficit de profesionais e pola cronicidade, pero ten pouco que ver coa versión que estamos escoitando aquí constantemente. A min sorpréndeme que Galicia soamente baixara seis centésimas despois do que escoitamos aquí e lemos na prensa. Eu entendería que Galicia tería que baixar polo menos dous puntos, se a situación é como é, peor que en Venezuela; nós teríamos que baixar polo menos dous puntos. Pero non.

Ten que vir un consejero —xa o citou agora mesmo o señor conselleiro—, o señor Darpón do País Vasco, dicir o que di de Galicia, que é curioso. El pon en valor e di que Galicia é a comunidade autónoma na que mellor evolucionou o sistema sanitario na última década. O salto cualitativo que deu esta comunidade é moi importante, e os galegos débense sentir orgullosos do sistema de saúde que teñen. Destaca o profundo coñecemento que o presidente Feijóo ten do sistema sanitario polo seu paso polo Estado, e di que Galicia e o País Vasco están a adoptar medidas concretas para un diagnóstico común para realizar o relevo xeracional que se vai producir nos médicos de primaria e perfeccionar as súas funcións para que teñan máis tempo de atención clínica, mellorando as prestacións e a capacidade de apoio do persoal de enfermería no seu traballo conxunto cos médicos. Destaca tamén o Plan de humanización galego. E remata dicindo que España ten un gran servizo de saúde, moi eficiente e sustentado polos profesionais sanitarios e por unha programación con bastante fundamento realizada por cada comunidade autónoma. Non é casualidade que España sexa o país que teña a esperanza de vida maior do mundo.

Xa ven, señorías, señor conselleiro: ten que vir xente de fóra para valorar o sistema sanitario galego, posto en constante dúbida por xente que soamente quere utilizar de xeito...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** ...partidista os problemas que ten, a pesar da magnífica calidade do mesmo.

Animámolo, señor conselleiro, a seguir traballando como nestes últimos anos e a avanzar no desenvolvemento das medidas definitivas para a atención primaria que consensúe cos colectivos profesionais para acadar unha atención primaria de calidade, eficiente, sustentable e axeitada ás necesidades de demografía e de cronicidade dos tempos que vivimos.

Pola miña parte máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Peche da comparecencia, conselleiro de Sanidade.



**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que cando se di que nós dicimos que o sistema de sanidade galego é o mellor, evidentemente o dicimos porque temos, desde logo, criterio suficiente para dicilo, pero o máis importante é que o din os cidadáns de Galicia, e, así —como dixemos ao longo desta mañá—, a atención primaria é moi valorada por todos os cidadáns de Galicia.

E dise tamén por parte da oposición que isto é unha declaración de intencións, un papelucho. Mire: declaración de intencións é que nunha das peticións nos dicían que necesitaban mellorar as relacións co hospital, tempos máis curtos entre primaria e hospitalaria. Pois nun momento en que aínda este modelo non está pechado e que pode ter incorporacións —como dicimos—, hoxe é noticia porque nunha área sanitaria van ter a partir de xa novas probas diagnósticas directas de atención primaria, concretamente, colonoscopias. Pedido e feito antes de pechar o documento.

Pedíase tamén que houbera un plan de necesidades independente para a atención primaria por unha cantidade importante. Triplícase ese 17,3 por cento, triplícase. Priorízase por parte das xefaturas de servizo. E xa está aquí, (*O señor Vázquez Almuíña amósalles un documento aos membros da Cámara.*) aquí temos xa priorizacións das áreas sanitarias, do que necesitan en cada un dos centros de saúde da nosa comunidade. Está xa preparado; pedido e feito.

Contratos estables: pedíanse máis contratos estables, e creamos o contrato de continuidade en Galicia, que pode ser aceptado ou non aceptado porque non eliminamos a anterior forma de contratación; cada un pode elixir o que necesita. Pero eu síntome coa responsabilidade, desde logo, de dicir que este contrato é un bo contrato, e que se utilizou pola maioría dos nosos facultativos. É unha petición, pero hai liberdade para facer cada un o que considere conveniente.

Pedíase, hai tres anos, a prolongación da idade de xubilación; moitos profesionais o pediron así. Concedeuse, e entre un corenta e un cincuenta por cento dos profesionais continúan facendo o seu labor porque cren que é un labor necesario. Desde logo, para nós é un labor importantísimo, e queríamos que puideran seguir connosco, e aí están.

Pedíronnos que houbera unha dirección de Atención Primaria que levara de forma exclusiva a atención primaria, e créase na nova estrutura do Sergas. Pero, a maiores, tamén creamos unha estrutura equivalente de relación nos servizos centrais que non existía, que vai ser tamén unha Subdirección de Atención Primaria para que haxa unha ligazón, unha conexión entre a xefatura de servizo, a Dirección de Atención Primaria e a Subdirección, dentro da Dirección Xeral de Atención Sanitaria, dentro da consellería.

Pedíronnos que houbera OPE máis numerosas, e acábase de publicitar, acábase de anunciar a maior OPE en atención primaria desde o 2008. Pedíannos máis prazas de formación MIR, e incrementáanse as prazas de formación MIR. O noso obxectivo, señor Torrado, é chegar ás cento vinte e cinco prazas. Neste momento non podemos, pero imos ir ao límite, porque o ministerio non fixo o seu traballo, ¡non fixo o seu traballo! Dedicouse a facer anuncios de temas que ían traballar, pero non fixo o que tiña que facer, que era acreditar as unidades





docentes necesarias para que as comunidades autónomas puxeran financiamento e incrementaran a formación dos especialistas. (*Aplausos.*)

E tamén se nos pediu, por parte de moitos profesionais, que houbera un orzamento propio para a atención primaria, e vaino haber. Vai haber xa, como había o capítulo I e o capítulo II —por certo, con máis cartos dos que tiñamos, crescendo desde o ano 2008, e no último ano, do 2018 ao 2019, incrementábase en trece millóns máis—, un capítulo VI e un capítulo VII que non estaban independizados, e, neste momento, vaise facer así. E de aí saen os 17,3 millóns de plan de necesidades, que vai incorporar as prioridades que nos marquen as xefaturas de servizo. E imos seguir traballando.

E miren, estes son feitos: peticións e feitos en dous meses, sen pechar —como digo— aínda ese documento definitivo, que está aceptando a gran parte dos profesionais e dos colectivos, e nos próximos días poderán velo en moitos medios de comunicación.

E —como digo— a min o plantón impórtame dentro da miña vida persoal; dentro da miña vida profesional é a miña responsabilidade, e vou aguantar os plantóns que fagan falta para chegar a acordos porque creo neste proxecto. (*Aplausos.*) Creo que hai que facer cambios, hai que facer cambios e, desde logo, para iso, necesítase diálogo. E o diálogo é para as melloras que necesita o sistema sanitario, para mellorar a calidade do servizo aos nosos cidadáns. Non vou discutir polos interlocutores, eu discuto polas medidas de base que necesitamos realizar para acabar facendo un bo sistema sanitario. Polo tanto, imos seguir igual cos profesionais dos PAC; estamos negociando desde hai moitos meses, estamos a punto de chegar a acordos, se hai, desde logo, un mínimo camiño que nos queda entre os once puntos que eles nos presentan e os nove que están aceptados. Falta moi pouco, pódese chegar a acordos. Se temos todos vontade —desde logo, digo que desde a consellería que si a temos—, imos seguir tratando de mellorar ese servizo, que, por certo, é tamén moi ben valorado, fan un magnífico traballo os profesionais dos PAC, unha alta resolución, e queremos seguir contando con eles na mellor situación.

Polo tanto, desde este parlamento gustárame poder contar con iniciativas que puideran chegar tamén dos membros deste parlamento, porque —como digo— o modelo, o novo modelo de atención primaria non está pechado e todas as iniciativas en positivo que poidamos incorporar ímolos incorporar.

Moitísimas grazas e —como digo— imos seguir traballando por mellorar aínda máis o sistema público de sanidade en Galicia.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

### ***Cambio no desenvolvemento da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** Pasamos ao punto terceiro da orde do día sen rematar as comparecencias. Xa foron comentadas aos grupos as distintas alteracións que imos ter ao longo deste pleno.





## **Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento das informacións en materia de igualdade**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. do Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación do punto 2.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva do punto 2 da moción polo seguinte:*

*«2. Favorecer o cumprimento da Declaración de Compostela e Código Deontolóxico do Xornalismo Galego, con especial impulso da cláusula de conciencia e o segredo profesional, dentro do marco das leis, tal como recolle a vixente Constitución, así como o necesario establecemento dos estatutos de redacción nos medios, de especial urxencia de implantación na CRTVG.»*

*Emenda de modificación do punto 3.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva do punto 3 da moción polo seguinte:*

*«3. Apoio e impulso da Asociación “Xornalistas Galegas” e a súa “vixilancia feminista” dos contidos ou publicacións machistas ou sexistas presentes nos medios.»*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Quero comezar trasladando todo o noso apoio e o ánimo ás familias e amizades das tres mulleres asasinadas nestes últimos días. A situación continúa a ser moi dramática e é insopornable, pois cada ano milleiros de mulleres son agredidas nas rúas, nas casas, no ocio, no propio traballo... Por iso hoxe mesmo —e tamén onte— as mulleres volveremos concentrarnos en moitas vilas e en todas as cidades do país en repulsa da violencia machista.

Como comentamos na interpelación, cremos que os medios de comunicación poden xogar un papel fundamental na loita contra as violencias machistas porque constrúen a realidade. E por iso cremos que poden axudarnos a avanzar cara a unha sociedade máis feminista, pero tamén pode ser que perpetúen unha sociedade machista. Os roles e estereotipos de xénero están presentes moitas veces nos medios de comunicación, e cremos que hai que tomar medidas para que isto non aconteza.

A moción que traemos hoxe busca que saiamos da parálise que entendemos que se está dando nestes momentos. Creemos que é evidente que hai un problema. A falla de perspectiva de xénero nos medios de comunicación é unha evidencia. E cremos que ademais neste mo-



mento histórico, onde o 8 de marzo volveu pór en evidencia a forza das mulleres, a forza do feminismo, as administracións e os propios medios de comunicación teñen que escoitar este clamor unánime que se expresou nas rúas.

E xustamente as reivindicacións que traemos con esta moción non parten só do noso grupo parlamentario. De feito, unha das reivindicacións que se expresou na pasada folga feminista foi a necesidade de ter uns medios de comunicación con perspectiva de xénero e uns medios de comunicación igualitarios.

E as xornalistas pararon nunha gran maioría; o setenta e seis por cento das traballadoras dos medios e de gabinetes de comunicación secundaron esta folga. E nós cremos que este dato evidencia que hai un consenso moi amplo fóra deste parlamento en que hai que tomar medidas diferentes ás que se están tomando ata o día de hoxe, porque é evidente que non están sendo efectivas.

Xa na interpelación mencionei moitísimos exemplos. Estamos fartas de que se utilicen os corpos das mulleres como reclamo publicitario, de que os asasinatos continúan tratándose en demasiadas ocasións como sucesos ou de que se banalicen constantemente moitos temas que teñen que ver coa igualdade. Cremos que non pode ser que no día de hoxe teñamos que continuar lendo noticias con detalles morbosos, totalmente absurdos, que non aportan absolutamente nada máis que moitas veces culpabilizar a vítima e exculpar os propios asasinados.

Séguese falando de crimes pasionais. Séguese falando en ocasións de violencia doméstica. Non vou reproducir, pero creo que o exemplo de «*La mató porque la quería*» é o exemplo máis horrible, pero están acontecendo no día de hoxe titulares coma este, e non acontece en casos illados. Todas as semanas temos que ler situacións coma esta.

E quizais un dos problemas de que se dean estas situacións é que onde se toman as decisións sobre os contidos, os espazos de poder, non están aínda por igual representados homes e mulleres. De feito, os homes ocupan o setenta e cinco por cento dos postos nos consellos de administración das principais empresas informativas. Pois ben, se non estamos as mulleres aí, obviamente a información e o tratamento das informacións vai ter un nesgo claramente androcéntrico. Cremos que é importante que as mulleres tamén dean pasos e poidan acceder a estes postos coa igualdade que o fan os homes.

Creemos que estamos nunha situación moi urxente. O machismo, lonxe de frear, está rearmándose nos últimos tempos. E cremos que as administracións teñen que tomar medidas. Cremos que levamos moito tempo vendo como se mira para outro lado.

Na propia interpelación a resposta do conselleiro pareceunos totalmente insuficiente. Coma sempre, nin un mínimo de autocrítica, falando dunha lexislación que se cumpre cando sabemos que isto é mentira. E non sería admisible se se falara de calquera outra cuestión. Porque poñen moitos esforzos, e de feito moitas veces así o fan, en que a lexislación hai que cumprila e atacan a oposición por non cumprila, pero neste tema parece que nunca é unha prioridade.



Moito tempo leva a Xunta tomándose esta cuestión como algo de segunda, non como unha prioridade. E digo isto porque pasaron doce anos da aprobación dunha lexislación moi avanzada en igualdade, pero no día de hoxe nin unha soa medida efectiva para que a situación cambiara. Doce anos onde se recollía nunha lexislación que non ía haber contidos sexistas, que non ía haber un tratamento non adecuado das noticias de violencia machista. E no día de hoxe —como digo— son moitísimos os exemplos que temos que ler de que isto non se está a cumprir. E a Xunta, lonxe de dicir que isto está acontecendo, nega a realidade, que calquera persoa que abra os xornais calquera día da semana pode evidenciar.

E o problema non é que só exista unha lexislación que non se cumpre, é que existe un Código deontolóxico e no ano 2004 a Declaración de Compostela, que —como dixeran o outro día— foi un feito moi importante. Existe tamén un manual de redacción xornalista feito pola propia Xunta de Galicia, pero non hai ningún tipo de medida para comprobar que iso se estea aplicando. Simplemente están aí, papeis colgados nunha páxina web, que quedan en papel mollado porque non se fai ningún tipo de esforzo para verificar se os medios de comunicación están cumprindo ou non con toda esta lexislación e estes códigos.

Por iso nós cremos que necesitamos desenvolver a lei, porque é verdade que a lei é moi avanzada e estipula que non pode haber tratamento sexista nos medios de comunicación, pero quizais faga falta unha regulamentación máis ampla e indicadores claros. A nós non nos vale que o conselleiro diga que se cumpre a lei, que como imos pór en dúbida iso, o que necesitamos son indicadores de que é contido sexista para poder avaliar verdadeiramente se se está cumprindo ou non, que na nosa opinión, e non só na nosa opinión, senón na opinión de moitísimas traballadoras do sector, non se está a cumprir porque —como digo— é evidente. O último día só puxen un par de titulares, pero calquera persoa pode atopar centos con contido sexista en calquera medio do país, por desgraza.

E un dos problemas fundamentais é que non existe a formación adecuada. Falamos moitas veces de que é necesario unha formación en igualdade en todos os currículos educativos, dende a escola e tamén na universidade, e tamén neste tema. Cremos que nas facultades hai que implementar de maneira transversal esta formación pero tamén a posteriori. E a administración ten un papel fundamental. Cremos que necesitamos un plan público de formación. É evidente que é necesario. Pois ben, a administración ten que destinar recursos para que se leve adiante esta formación específica en xénero para os profesionais, sexan de medios públicos coma de medios privados.

Por outra parte, cremos que un observatorio galego sería positivo para poder avaliar todas estas cuestións. E un observatorio que sexa plural e heteroxéneo, non un observatorio que quede aí en papel mollado, onde estea só representada a Xunta de Galicia. Por iso despois falarei tamén da emenda do Partido Socialista, coa que cremos que podemos chegar a unha transacción. O colectivo de Xornalistas Galegas está sendo un exemplo fundamental nesta cuestión, está propondo medias concretas para a creación deste observatorio e medidas concretas de como poder levar adiante a vixilancia feminista dos medios de comunicación, e cremos que podemos chegar a un acordo nesta cuestión.



E, por último, tamén dicir que cremos que é necesario —como dicía— mellorar a formación. Incido neste punto porque moitas veces dise que xa hai formación, pero cando lle preguntamos á Xunta de Galicia sobre plans concretos, recursos concretos, orzamentos concretos, non obtivemos nin unha soa resposta. Obtivemos un recital de que é a Declaración de Compostela, de que di o Código deontolóxico e de que di a lexislación. Ben, iso sabémolo, e está moi ben, pero non serve de nada se despois —como digo— non se fai un esforzo para que a xente os coñeza, propiamente coñecer. Eu creo que habería que facer un esforzo de divulgar a Declaración de Compostela e de divulgar tamén o propio Código deontolóxico para que todos os profesionais da comunicación coñezan estas cuestións.

Traemos propostas concretas, compromisos que van moito máis alá das palabras, porque das palabras as mulleres estamos fartas, das promesas as mulleres estamos fartas. Deixen de dicir que Galicia conta cunha lexislación avanzada. É certo: contamos cunha lexislación avanzada, pero poñan todos eses esforzos que fan en divulgar esa lexislación avanzada en facela cumprir.

É evidente que para conseguir unha sociedade máis xusta, unha sociedade máis feminista, máis igualitaria, precisamos dun xornalismo con perspectiva feminista. Non podemos continuar normalizando o tratamento machista nos medios de comunicación, da información. Estamos fartas, pois hai milleiros de datos que evidencian que o rol que desempeñan as mulleres nos medios e o rol que desempeñan os homes continúa a ser moi discriminatorio.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Este parlamento cremos que ten que escoitar a demanda de todas as mulleres que se mobilizaron este pasado 8 de marzo e que levan moitos anos mobilizándose, que hai que pasar —como dicía— das palabras aos feitos. Basta xa a situación, pois —como dicía o principio— é totalmente insostible e insoportable. Pois ben, hoxe temos e teñen unha boa oportunidade de dar algunhas medidas e algúns pasos concretos.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Bos días a todos e a todas.

E permítanme que tamén comece por amosar a miña máis firme repulsa ao asasinato de María José Aboy en Valga e trasladarlles a aperta de todo o Grupo Socialista para os seus fillos e a súa familia e achegados, (*Aplausos.*) así como tamén lamentar as outras vítimas acaecidas nestes días, en especial da veciña de Sober, (*Aplausos.*) a que tamén enviamos todo o noso agarimo.



Penso que todos os grupos parlamentarios, e por suposto aqueles que gobernen en cada caso, teñen que pór todos os acentos en previr, en detectar e en sensibilizar para evitar precisamente que as mortes sexan o resultado dunha violencia que, como se ve, non cesa.

E hoxe falamos dun deses factores, como é o labor dos medios, do uso da linguaxe, dos enfoques periodísticos na transmisión das noticias. Falamos dos límites das leis e do necesario compromiso ético e deontolóxico das e dos profesionais dos medios de prensa. E penso que aquí está un dos focos do debate, de que a Lei galega de igualdade de 2007 fala de garantir ou velar polos cumprimentos que na práctica non se dan. E ese é o gran problema de fondo: ou apostamos por unha reforma máis profunda da lei e dos seus contidos, contemplando incluso sancións serias, ou contribuímos de modo consensuado con todos os axentes sociais ao noso compromiso coa igualdade.

Unha cuestión e debate moi similar ao do papel dos medios na loita contra as violencias estereotipos de xénero é o que acontece de feito tamén coa educación, sempre sinalada como a base dende a que poden afrontarse as situacións derivadas do maltrato de xénero.

Ben é certo que nin nun caso nin no outro se pode no día de hoxe obrigar a ninguén a facer uso das boas prácticas, da educación en igualdade ou dun bo uso da ética e da deontoloxía periodística, pero si pódense vixiar as malas praxes para conquistar corrixilas e alentar dende os bos exemplos e subvencións, por exemplo, o uso de linguaxes non sexistas ou vexatorias da imaxe da muller.

Por iso, dende o noso grupo, estando a favor do espírito e compartindo o fondo desta moción, cremos que é importante favorecer que sexa o propio gremio periodístico o que vele e asuma a súa implicación neste tema, e axudalos coas ferramentas precisas para que poidan implementar dende os seus propios organismos os pactos e códigos deontolóxicos cos que xa contan e, en todo caso, reforzalos de ser preciso.

Todos os medios de comunicación e a cidadanía debemos afrontar, polo tanto, unha alfabetización mediática dende o punto de vista de xénero. Empezando polo noso vicepresidente, quen no debate da interpelación que deu lugar precisamente a esta moción nos sorprendeu coa súa valoración do titular de «*Carolina Marín, la niña que admira a Nadal*». Un titular no que, segundo o señor Rueda, non vía un uso machista da linguaxe, pois el non considera raro que Carolina Marín puidese admirar un home deportista recoñecido como Nadal.

Dicía que, en todo caso, está aberto a apreciacións subxectivas de cadaquén, o que non advertiu en ningún momento o señor Rueda é que estamos a falar non dun comentario dentro dunha entrevista máis ampla, senón dun titular de prensa que busca á fin e ao cabo sintetizar unha mensaxe. E lendo esa mensaxe, ¿sabemos que Carolina Marín gañou unha medalla?, ¿sabemos algo da súa traxectoria e da súa valía? Non, o único que sabemos é que é unha muller que admira un deportista home. (*Aplausos.*) E iso é o que o señor Rueda entendeu perfectamente, pero xogou a non entender. Que un responsable político do que depende a área de Igualdade obvie o uso perverso da linguaxe para restar importancia aos logros dunha muller é tan grave como a redacción mesma do titular.



Un mal titular ou unha interpretación equivocada da violencia machista é unha semente máis para que as cifras das asasinadas e afectadas non se reduzan. É precisamente o consumo crítico da prensa o que vai permitir comprender e afrontar a violencia dende argumentos sólidos e veraces, e cuestionar o papel dos medios que non a representan de forma correcta.

Dende o noso grupo consideramos que os medios teñen que ser invitados a participar da súa parte de responsabilidade social. E iso conséguese dende o impulso e apoio a eles con políticas de prevención, de formación e sensibilización e solicitando a súa implicación.

Hai dous anos, tras o día 8 de marzo, ningún medio de prensa tiña como titular as concentracións do movemento feminista, hoxe si. É unha realidade grazas precisamente á implicación de toda a sociedade. E por iso consideramos que é preciso que dende a administración se acompañe aos medios no seu camiño cara á implicación total coa igualdade e a loita contra a violencia de xénero, e non tanto intervindo na súa liberdade para marcar o seu traxecto, senón permitindo que deseñen o seu propio modelo ético deontolóxico, e sempre por suposto dentro da legalidade.

Como di Ana Pardo de Vera, directora do diario *Público.es*: «O periodismo é feminista ou non é, porque non se pode obviar a un cincuenta por cento da poboación nin a súa realidade condicionante en favor dunha sociedade máis igualitaria». Nese sentido van as nosas emendas que temos presentadas de modificación e que pretenden, en todo caso, impulsar as boas prácticas, pero preservando —insisto— a autonomía que entendemos que deberan ter sempre os medios de prensa.

Pola nosa banda, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós sumámonos ás mostras de rexeitamento dos feminicidios de Valga e da veciña de Sober que tiveron lugar estes días.

Pero tamén lles digo unha cousa: o que non podemos é normalizar nin naturalizar todo o que está acontecendo. E eu e o BNG o que lles pedimos tamén é ¡rabia, indignación e mobilización social! (*Aplausos.*) Mobilización social porque estamos caendo na indolencia máis absoluta como sociedade, estamos normalizando e naturalizando o goteo permanente de asasinatos machistas. E creo que é o peor, e diso ten tamén moito que ver a moción que estamos a debater: a naturalidade e a normalidade máis absoluta na que estamos caendo, e a indolencia máis dolorosa na que estamos caendo como sociedade con ese goteo de asasinatos machistas.





Eu trouxen un exemplo para ver, sobre todo, como pasan os anos e as cousas mudan —é certo, as cousas mudan—, pero non o fan todo o que deberían, e en moitos aspectos seguen igual. No mes de abril de 1991 produciuse —non teñen por que lembralo— un asasinato machista en Segovia. Ela chamábase Elisa Cordoncillo Navarro, tiña 29 anos, e foi asasinada polo que fora a súa parella. El tiña 26 anos e chamábase Frutos Bernardos Arévalo. Naquel momento a prensa española tratouno coma un «parricidio». Daquela nin sequera se falaba de violencia machista, e de feminicidios, por suposto, moito menos. E na crónica do xornal *El País*, na crónica que se dá dese asasinato machista, que —insisto— é tratado como un presunto parricidio, a pesar de que non se trataba nin do seu pai, dicía: «*En la noche del jueves el presunto parricida, que según los padres de Elisa era aficionado al juego, mantuvo una fuerte discusión con su esposa, y en un momento de acaloramiento la agarró del cuello aunque sin intención de asfixiarla, pero la mujer cayó desvanecida en el suelo.*» Nós imos caendo, evidentemente, soas. Aquela crónica do xornal *El País* titulábase: «*El detenido por el crimen del armario dice que cogió a su mujer del cuello sin intención de matarla.*»

Eu quero agora que viaxen un pouquiño no tempo e se lembren doutro nome, que era Silvina de Oliveira. Silvina de Oliveira foi unha das mulleres asasinadas no noso país, na cidade de Vigo, no ano 2015. ¿Lembran como titulou a prensa, e nomeadamente *La Voz de Galicia*, este asasinato machista en todas as informacións? «*El crimen del armario de Vigo.*» «*El homicida del armario confesó su crimen el viernes y nadie le creyó.*» Practicamente dúas décadas despois, o enfoque e o titular e o tratamento informativo deste asasinato machista, que era o segundo ademais nun mes na cidade de Vigo —insisto no ano 2015—, é practicamente o mesmo. Se imos á crónica daquel acontecemento, volvemos atopar outra vez algo que tamén está moi presente no enfoque xornalístico e no tratamento informativo da violencia machista. «*La Policía dice que halló una nota de despedida. Y la Policía explica lo siguiente: él reconocía que había matado a la novia a golpes, quizás se le fue la mano cuando estaba ebrio.*» A Policía, 2015, Vigo.

Isto é para facernos un pouco —eu creo— unha imaxe ou unha fotografía máis axustada á realidade que vivimos máis de dez anos despois de que se aprobara esa Lei de prevención e tratamento integral da violencia machista, que é o exemplo ou que é o que reflicte a realidade na que vivimos, sobre todo no que ten que ver coa comunicación nun sentido amplo, nun sentido integral. Non pensemos que isto vai única e exclusivamente dos medios de comunicación nun sentido máis clásico, ou do tratamento informativo, senón que ten moito que ver coa construción, coa imaxe que reproducimos da realidade desde unha perspectiva ampla, que ten que ver coa publicidade, que ten que ver coas series de televisión, que ten que ver co cinema e tamén con outras expresións culturais.

Para nós, para o BNG, é un exemplo da falta de impulso político, da falta de vontade política que ten o Partido Popular na Xunta de Galiza desde hai dez anos. Viven na autocompracencia máis absoluta e na hipocrisía —como vimos denunciando desde o BNG— (*Aplausos.*) de poñer un lazo lila un día ao ano, que non fai dano, pero os trescentos sesenta e catro restantes quedámonos de brazos cruzados.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** E vou poñer simplemente tres exemplos —e xa remato— ao fío das propostas que inclúe En Marea, e que nós imos apoiar nesta moción:



A primeira é que non se cumpre a Declaración de Compostela. Hai unha falta de formación. Só hai que ir aos plans de estudo tanto de Publicidade como de Xornalismo ou de Comunicación Audiovisual para ver que nos graos non se incorpora a perspectiva de xénero. Pero tamén hai unha falta de compromiso e de responsabilidade empresarial das propias empresas, e a elas hai que apelar desde as institucións públicas. Incorporar nas páxinas de sucesos os feminicidios é unha decisión empresarial, non depende de quen escribe as informacións, senón de quen dirixe os medios de comunicación.

O Observatorio de Violencia Machista, desde o ano 2007, está recollido na nosa lexislación. No 2012 créase esa Comisión de publicidade non sexista, que podería abranguer moito máis alá da publicidade e pasar a observar —como aí se propón— os medios de comunicación no seu conxunto, para que vexamos que non está integrada por persoas que teñan formación específica en xénero e comunicación. O informe sobre sexismo, publicidade e medios de comunicación é do ano 2008. Daquela estaba a señora Carme Adán e o BNG na Xunta de Galiza, e non se volveu facer nin un só informe.

A nós non nos corresponde, pero non concordamos coa emenda que presenta o Partido Socialista. As entidades profesionais non poden suplir a responsabilidade dos gobernos. Está ben o labor que fan as Xornalistas Galegas, é fundamental e é indispensable, pero a Xunta ten que facer de Xunta de Galiza.

E o último —e con isto xa remato—: o cumprimento da lexislación para a non-publicación de contidos machistas. Hai un acordo nesta cámara —é unánime— do ano 2012 de retirar o que se coñecen como anuncios de contactos dos medios de comunicación impresos do noso país. Eu convídoos a que lle boten unha ollada á prensa. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Señorías, bos días.

Eu, como as miñas compañeiras, quero empezar amosando tamén toda a solidariedade coas familias das mulleres asasinadas vítimas da violencia de xénero. Esas noticias que os xornalistas xamais queríamos dar, pero que mentres desgraciadamente se seguen producindo temos que dalas a coñecer, porque é necesario visibilizar o horror e é necesario tamén mobilizar as consciencias para que esta lacra acabe; esta lacra que o único que vén demostrar é o fracaso de toda a sociedade. Iso si, sendo extremadamente escrupulosos no respecto ás vítimas, na linguaxe, nas imaxes, nos detalles. Todo iso que, en xeral, eu estou convencida de que os xornalistas están a facer con esmero, e non hai máis que velo.

Cada vez existen máis xornalistas especializados no tratamento da información sobre a violencia de xénero e tamén os medios cada vez ofrecen máis campañas contra a violencia de xénero. O feminismo, o discurso de xénero, os dereitos das mulleres á defensa da igualdade



están presentes diariamente nas pezas xornalísticas. Nunca os xornalistas falaron tanto e de forma tan responsable sobre os dereitos, as reivindicacións e as aportacións que facemos as mulleres á sociedade. É certo que seguimos atopando titulares, expresións ou mesmo informacións inapropiadas, pero son excepcións, e eu creo que non as podemos tomar como regra. Os xornalistas fan un gran traballo a prol da igualdade e en contra da violencia de xénero. Son os nosos aliados.

E eu como xornalista, e tamén como política, non quero que ningún goberno exerza control sobre a prensa. Eu non o quero e o Partido Popular tampouco o quere. E vostedes o que traen hoxe aquí nesta iniciativa, con eufemismos —iso si—, é pedir o intervencionismo e o control sobre os medios unha vez máis, e xa non é a primeira, é reiterativo.

Miren: fronte a ese control, a ese intervencionismo, nós o que propoñemos é a autorregulación e a formación, que é o mesmo que pide o Pacto de Estado sobre a violencia de xénero. Ese pacto que, por certo, foi aprobado coa soa abstención de Podemos-En Marea. Ese grupo, por certo, liderado por un tal Pablo Iglesias, que lle dixo a unha xornalista —¿recórdanse?—: «*La azotaría hasta que sangrase*». Ese mesmo. (*Murmurios*.) Decía: principios que se recollen no pacto de Estado, como a autorregulación e a formación, que é o que pide tamén a Rede de Colexios Profesionais de Xornalismo, que é o que pide tamén o colectivo de Xornalistas Galegas, ou a propia Declaración de Compostela, ou a lei de 2007, todo ao que vostedes fan referencia. O que pide o sector é autorregulación e formación para poder chegar a esa autorregulación. Todos, todos menos vostedes piden iso. ¿Que lles pasa? ¿Por que non están en contacto co que pide a sociedade?

A Xunta leva anos traballando para favorecer a formación e que se poida chegar a esa autorregulación. Xornadas que se repiten ano a ano, ás que, por certo, están invitados e deberíamos acudir con máis frecuencia os deputados. Porque cando subimos aquí e se di que non hai medidas para a igualdade e que o Goberno da Xunta non fai nada contra a violencia de xénero, estase cometendo unha cousa moi grave, porque estase querendo facer ver ás mulleres que non están axudadas, que non teñen medios para axudalas, e tamén se lles pode facer ver aos maltratadores que o que eles fagan vai ser impugne.

Por tanto, fundamental esa formación, claro que si. A formación que se a teñen todos os colectivos teñen que tela tamén os xornalistas, que —como decía— se está dando e está sendo orzada aínda que haxa que seguir traballando niso.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Ademais, vostedes falan aquí tamén do observatorio. O observatorio existe de forma transversal, que é como todos os expertos din que hai que tratar a violencia de xénero, de xeito absolutamente transversal. O Observatorio Galego da Violencia de Xénero, a Comisión Asesora de Publicidade ou o Consello Galego das Mulleres son órganos de consulta, estudo e colaboración nestas materias.

Por tanto, a Xunta está a actuar, está a colaborar cos medios para que entre todos poidan chegar a esa autorregulación, que é o que piden os medios. E, en definitiva, o que nós esta-



mos vendo aquí é que o que vostedes traen é unha iniciativa superada polas medidas que xa existen, que entra en contradición co que piden os propios xornalistas e ademais coas leis ás que vostedes fan referencia. Por certo —xa se dixo aquí tamén—, tanto a Xunta como os colexios profesionais teñen códigos de autorregulación e códigos que a propia Xunta vai volver editar, nos que se inclúe no actual e no seguinte a Declaración...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** ...de Compostela, á que vostedes fan referencia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Arias.

Agora saudamos os alumnos e alumnas de sexto de primaria do centro Cruceiro de Canido, en Ferrol; tamén os profesores que os acompañan. ¡Benvidos ao Parlamento!

E agora ten a palabra polo grupo autor da moción a señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Ben, non nos sorprende a súa intervención, pero a verdade é que agardaba un mínimo de compostura, porque o que dixo aquí é insultante, é que non temos palabras. Levan moitos anos desenvolvendo leis que van contra as mulleres, levan doce anos sen facer cumprir unha lexislación que defende as mulleres, levan moitos anos recortando orzamentos ante unha situación como a que é. Vostedes axudan a normalizar as violencias machistas con declaracións como as que fixo hoxe vostede nesta tribuna. Si, e reitérome: normalizan a violencia.

E temos que dicir que é moi hipócrita saír concentrarse nas portas deste parlamento onte, que é moi hipócrita vir aquí facer un minuto de silencio e despois votar en contra de medidas como esta. É hipócrita e cinismo, moi cínico, *(Aplausos.)* ¡moi cínico! *(Aplausos.)*

Con violencia extrema, con titulares diarios. ¡Abra un xornal!, porque din que son titulares os menos, abra un xornal, lea cantos asasinatos de mulleres están colocados nas páxinas de sucesos. Lea as noticias deportivas, mire que porcentaxe de xornalistas mulleres presentan os medios de comunicación, de que idade, e de que idade son os homes que as acompañan. ¡Por Deus! É que como pode dicir que hai máis feminismo nos medios de comunicación, que se recollen máis medidas pola igualdade nos medios de comunicación. É que só faltaba, cando cen mil mulleres nunha cidade de trescentos mil habitantes saen ás rúas, só faltaba que non ocuparamos algún titular, ¡só faltaba cando un terzo da poboación estaba mobilizándose nas rúas do país!, ¡cando milleiros de mulleres fixemos folga!

E votan en contra desta moción, e non votan en contra do Grupo Parlamentario de En Marea; por moito que digan o contrario, votan en contra das xornalistas galegas. Lea o seu manifesto. Lea as reivindicacións que tiveron as xornalistas galegas o día da folga feminista, as que pedimos nesta moción. As mesmas, porque nós fixemos a moción escoitando os colectivos, non porque nos consideremos máis intelixentes que ninguén, escoitando as profesio-



nais, que son as que están marcando o camiño e que son as que están dicindo o que debe facer a administración.

¡E menten! Non lle vou consentir que diga que aquí pedimos intervencionismo. ¡Mentiu! Lea literalmente a moción. ¿Como pode ser tan mentireira? Pedimos a creación dun observatorio, que se conte coas Xornalistas Galegas. Pedimos que se cumpra a lexislación. Moi ben, ao mellor o que están dicindo hoxe é que están en contra da lei galega do 2007. Porque ¿como poden dicir que é pedir intervencionismo cando o único que pedimos é que se cumpra a lexislación e que se creen indicadores para ver se se está cumprindo ou non a lexislación?, ¿que intervencionismo é ese? Que se cree un plan de emprego público dende a Xunta de Galicia para formar os profesionais dos medios públicos, ¿que intervencionismo é este? A min explíqueme en cal dos puntos da nosa moción vostede ve intervencionismo nos medios de comunicación, ¡dígame en cal! É que non o hai, é que é mentira, é que utilizou uns argumentos que utilizan sempre para votar en contra dunha moción que o único que busca é o que están reclamando —como digo— as xornalistas que están mobilizándose.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** As que saíron o 8 de marzo e que levan moito tempo exixindo que se necesita outra situación.

E nós volvemos dicir: ¡son uns cínicos! E do noso lado non os imos ter, porque moito apelan á igualdade e despois cando pasa o 8 de marzo seguen votando en contra de mocións como esta, que son mocións ben sinxelas, que non aspiran tampouco... porque poderíamos pedir moito máis. Buscamos unha moción de consenso, que puidera xerar consenso. E nin sequera as cuestións máis mínimas, como que se respecte a lexislación. Non, é que vostede coa súa declaración está dicindo que non queren que se cumpra a lei do 2007, porque eses son os puntos da moción. ¿En que medida non queren que se cumpra a lei do 2007? ¿En que medida van seguir outros doce anos cunha lei nun caixón que non sirva absolutamente para nada?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Porque nós queremos esa lexislación avanzada pero queremos que a lexislación se cumpra, é o mínimo.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Sobre a emenda do PSOE?

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Sobre a emenda, espero chegar a unha transacción co Partido Socialista. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Pendente dunha transacción.

Grazas.

*(A señora Arias Rodríguez pide a palabra.)*



Si, señora Arias, ¿para que quere a palabra?

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** En virtude do artigo 76 e por decoro do grupo pido que a señora Quinteiro retire as súas palabras sobre que desde o Grupo Popular normalizamos a violencia de xénero.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

*(A señora Quinteiro Araújo pide a palabra.)*

¿Señora Quinteiro?

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Reafírmome, porque votar en contra de medidas como esta axudan a normalizar a violencia machista. *(Aplausos.)* ¡Reafírmome! *(Aplausos.)* Si, porque non nos vale o cinismo que levan tendo todo este tempo. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

É unha expresión desafortunada, porque non creo que ninguén nesta sala estea a favor de normalizar a violencia machista. *(Murmurios.)* ¡Ninguén! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor, imos manter un debate normal. *(Murmurios.)* Ninguén nesta sala... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Esta é unha expresión desafortunada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Expresión desafortunada! E pídolles, por favor, que nun debate serio como este se utilicen expresións que non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, silencio, estou falando eu. ¡Por favor! *(Murmurios.)* ¡Estou falando eu! *(Murmurios.)*

Eu creo que nisto hai que ter un pouco de sentido común. *(Murmurios.)* Ben, por favor. *(Murmurios.)*

Por favor, imos ter un debate normal. *(Murmurios.)*

Imos ao seguinte. Está pendente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

¡Silencio! *(Protestas.)*

¡Por favor!, silencio. *(Murmurios.)* *(Protestas.)*

Non. Silencio. *(Murmurios.)*

Silencio. *(O señor Tellado Filgueira e a señora Santos Queiruga pronuncian palabras que non se perciben.)*

Non, por favor. Señor Tellado e señora Santos, ¡silencio!





Un pouco de nivel, que temos un público que está empezando. Ímoslle dar un pouco de exemplo. Imos ver se colaboramos todos.

Seguinte moción.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, sobre as melloras que debe implementar e impulsar a Xunta de Galicia en relación coa Rede de centros de información á muller**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paula Prado del Río, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a implementar e impulsar as seguintes melloras na Rede CIM de Galicia e que permitan garantir o servizo integral e de calidade para todas as mulleres galegas, independentemente da súa localización no territorio, mellorando a accesibilidade ós servizos:*

- 1. Consolidación da Rede integral de CIM en todo o territorio, especialmente no rural galego, impulsando en colaboración cos diferentes concellos a apertura de máis centros, independentes ou mancomunados, e que permitan cubrir a totalidade do territorio galego no horizonte do ano 2020.*
- 2. Fomento da cooperación institucional e entre os propios CIM, así como de maior cooperación interautonómica, co fin de intercambiar experiencias e crear protocolos que permitan coordinar e optimizar as actuacións en materia de violencia de xénero.*
- 3. Mellora do funcionamento da plataforma Xestión CIM, e revisión e estudo de melloras no sistema de implementación de datos para a xustificación das actuacións dos CIM, para velar pola confidencialidade na atención ás usuarias.*
- 4. Estender o Programa de Inserción laboral para mulleres vítimas da violencia de xénero iniciado no ano 2016 a través das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, neste ano 2019 ás entidades locais, así como ao tecido empresarial.*
- 5. Seguir a apoiar á Rede autonómica de Centros de Información a Muller, a través de recursos económicos e técnicos axeitados:*

*—Fomentar que nas entidades locais incorporen perfís profesionais a maiores dos que se recollen no artigo 10 do Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procede-*



mento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia.

—Aumento de recursos de acollemento, económicos e sociais, que permitan romper con situacións persoais de violencia en mulleres de alta vulnerabilidade.

6. Implementar desde o vindeiro ano 2020, a presentación durante o mes de xaneiro, do programa e axenda anual de formación dos e das profesionais dos CIM, atendendo ás realidades dos colectivos atendidos nestes centros (LGTBI, inmigrantes, mulleres e menores vítimas de violencia de xénero...) e as súas problemáticas (traumas, dependencia emocional, apego, adiccións e traumas) así como outras formacións suxeridas nos informes das memorias anuais dos CIM de toda Galicia.»).

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Si, grazas, presidente.

Benvidos a todos os nenos a esta cámara.

Na interpelación do pasado pleno falabamos da importancia de fortalecer e apuntalar a presenza da Rede de centros de información ás mulleres en todo o territorio galego e de facelo dende a calidade dos servizos para que se poida asegurar unha atención igualitaria a todas as mulleres, sen que o territorio sexa un condicionante para garantir o acceso aos mesmos servizos para todas as galegas. E para atender ese obxectivo é preciso incentivar a extensión da rede a todos os concellos de Galicia, ou ben onde non existe ningún servizo suplementario de carácter municipal, ou ben si existe pero non pode beneficiarse de formar parte desa estrutura como debería ser a Rede CIM.

Os datos no día de hoxe dinnos que existen oitenta e dous CIM que atenden o ámbito de cento oitenta e tres concellos en toda Galicia. Isto sitúanos en que existen cento trinta concellos que seguen sen contar cun centro deste tipo; isto é, preto do corenta e dous por cento do territorio galego carece no día de hoxe do servizo dun CIM. Non se pode, polo tanto, máis que solicitar incentivar debidamente todos eses concellos e posibles mancomunidades de concellos que poderían nutrirse dun CIM, pero tamén solicitar que a rede explote todos os recursos dos que podería desfrutar precisamente por empregar un modelo que se pode replicar en toda Galicia.

Se atendemos todas as demandas que moitas das profesionais destes centros, case todas mulleres, nos teñen comunicado nos seus informes anuais, veremos que a mellora de comunicación e de relación entre centros é unha das cuestións principais que nomean como posible mellora. E ten lóxica porque isto permitiría intercambiar experiencias e implementar en cada un dos concellos e centros de información ás mulleres os proxectos exitosos desenvolvidos por algunha destas entidades, así como superar o illamento de moitos deles. Sería preciso para tal fin crear protocolos destinados a coordinar e optimizar as actuacións en materia de violencia de xénero, con reunións interdisciplinares entre todas e todos os profesionais da Rede de centros CIM, así como con todas as entidades dedicadas a traballar no eido da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



Dentro desta mesma cuestión tórnase necesario tamén pór en marcha a cooperación interautonómica entre redes de centros, promovendo encontros coas entidades destinadas á promoción da igualdade doutras comunidades autónomas con idéntica finalidade, e co fin de engadir experiencias levadas a cabo noutras comunidades e incorporalas ás actividades dos CIM galegos.

Todas esas posibilidades de replicar experiencias son as que dotarán a Rede CIM dunha verdadeira calidade de servizos e a que permitirá falar de verdadeiras vantaxes, animando así —penso— os concellos que non contan con CIM ou a aqueles que en todo caso teñen un servizo parello a establecerse de forma firme dentro da rede.

E, sen dúbida, unha das cuestións que permitirá tamén dotar de mellor sentido esta rede de centros é a oportunidade de ofertar unha formación continua a todas as profesionais que forman parte de cada centro. Cada día que pasa aparecen novas necesidades de atención, e esas novas necesidades obrigan os profesionais que prestan asistencia psicolóxica, xurídica ou sociolaboral a actualizar de modo continuo a súa formación. Reclámase non só formacións diferentes senón tamén unha oferta mellor planificada no tempo. Que a oferta poida ser coñecida a primeiros de ano permitiría unha mellor organización dos centros e distribuír mellor nos trimestres a atención ás usuarias ou aos usuarios que poidan achegarse ata o centro. Esta simple mellora permitirá que non se acumulen durante o último trimestre —como xa comentabamos o outro día— as formacións de interese para os profesionais, como viña acontecendo nos últimos anos, o que provoca a imposibilidade para moitas das profesionais de asistir ás formacións.

Teñamos en conta —como ben explican as directoras de centros— que é precisamente nesas datas cando se solicita a redacción dos informes anuais dos CIM por parte da Secretaría Xeral de Igualdade, o que xa resta de por si días e horas de atención ás usuarias. E se a isto lle engadimos a asistencia a cursos de formación, a realidade é que nos centros —no caso especialmente, ademais dos máis pequenos— suporía deixar sen horarios de atención durante unha semana ou máis as usuarias e os usuarios.

Así mesmo, outra das vantaxes que debería supor a Rede CIM sería o uso de plataformas de xestión que permitisen compartir moitas das informacións dos centros, podendo incluso cruzar datos ou compartir información sobre as actividades e formacións impartidas en cada un deles. Isto non se está dando —como se ten manifestado— nin presencialmente, favorecendo de verdade reunións periódicas entre directoras ou profesionais dos centros, nin tampouco a través de ningunha ferramenta informática.

O que si se alerta é da mellorable plataforma de xestión CIM. As directoras e profesionais dos centros teñen manifestado a reticencia precisamente de moitas mulleres á hora de aportar os datos para cubrir os ficheiros informáticos. Algo que achacan á desconfianza das vítimas a que este acto supoña unha visibilidade pública da súa condición de usuarias destes centros, e especialmente no rural. Entendemos que esta é unha cuestión que merece dunha necesaria reacción urxente por parte da administración, pois a confidencialidade deste servizo debe ser un dos piares que se asegure en todo o momento e non disuada, por suposto, ningunha posible usuaria deste recurso.



O decreto que regula o funcionamento dos CIM fai referencia á necesaria presenza só de dous perfís profesionais que cumpran as funcións, por un lado, de atención psicolóxica e de atención xurídica, polo outro. Sen embargo, as novas funcións dos CIM fan que máis perfís sexan altamente recomendables. De feito, un vinte e sete por cento dos CIM contan xa co perfil de axente de Igualdade; un perfil profesional fundamental para garantir a aplicación da perspectiva de xénero en cada unha das accións que se realizan. É imprescindible evitar que se subvencione ademais este perfil profesional por debaixo doutros de igual categoría profesional, tal e como está acontecendo; algo que é totalmente incoherente e discriminatorio.

Como tamén parece que a incorporación dos perfís profesionais do ámbito do traballo social ou a orientación e intermediación laboral serían os máis desexables para asesorar laboralmente as usuarias. E esa necesaria especialización das e dos profesionais é a que precisamente vai permitir garantir a calidade á que vimos alegando dende o inicio da nosa exposición.

Estas e moitas outras cuestións que agora resumiremos son as que foron demandadas nes informes anuais dos CIM de toda Galicia e que pasan todas por dúas cuestións básicas: por un lado, a mellora de medios técnicos e, por outro lado, a mellora do financiamento. Isto é, o compromiso firme de garantir a supervivencia da Rede CIM.

Non esquezamos que son servizos con profesionais que consolidan a súa relación laboral no tempo. E isto é o que pode estar provocando as retencias de moitos concellos, especialmente os máis pequenos, os do rural, ao considerar que a dependencia de financiamento externo pode provocar que no caso de que este cese sería o propio concello o que debería asumir uns gastos para os que non pode garantir solvencia suficiente nun futuro. Por iso cremos que é preciso que se desenvolva e garanta por parte da Xunta unha partida propia, e non só a dependencia do Fondo Social Europeo, que asegure de modo moito máis claro a pervivencia destes servizos territoriais.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a implementar e impulsar esta serie de melloras xa comentadas na Rede CIM de Galicia, que permitan garantir ese servizo integral e de calidade para todas as mulleres galegas, independentemente da súa localización no territorio e incidindo na consolidación da Rede integral de CIM en todo o territorio, especialmente no rural galego, impulsando en colaboración cos diferentes concellos a apertura de moitos máis centros, independentes ou mancomunados, que permitan cubrir a totalidade do territorio galego no horizonte do ano 2020.

Por outro lado, fomentar —como dicía— a cooperación institucional entre os propios CIM, así como de maior cooperación interautonómica.

Tamén a mellora do funcionamento da Plataforma de xestión de CIM e do sistema de implementación de datos para velar pola confidencialidade das usuarias.

Garantir tamén a inserción laboral das mulleres vítimas de violencia de xénero, xa sexa mediante convenios con empresas ou coas administracións locais.



Asegurar o financiamento autonómico da Rede CIM, que permita, por un lado, a subsistencia da rede e, por outro, a mellora dos seus medios técnicos e a incorporación de novos perfís profesionais, especialmente nos centros que atendan unha poboación de máis de vinte mil habitantes.

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, señor Tellado, por interromper todo o rato, porque o seu runrún foi francamente molesto.

Aumento de recursos de acollemento económicos e sociais que permitan romper con situacións persoais de violencia en mulleres de alta vulnerabilidade.

E —remato xa— implementar desde o vindeiro ano 2020 a presentación durante o mes de xaneiro do programa e a axenda anual de formación dos e das profesionais dos CIM, atendendo ás realidades dos colectivos atendidos nestes centros e ás súas problemáticas.

Estas son, en definitiva, as nosas peticións, que son as das profesionais e directoras de centros de todos os CIM de Galicia, e que agardamos que sexan tidas en conta por todos os grupos e que, en todo caso, poidamos chegar a unha posible transacción que permita a posta en marcha de moitas delas.

Pola nosa banda, máis nada polo momento e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Grazas, presidente.

Quero que as miñas primeiras palabras sexan de lembranza para María José Aboy e Estrella Domínguez, as dúas mulleres galegas asasinadas esta fin de semana a mans das súas parellas. Todo o noso cariño e todo o noso ánimo para as súas familias e as súas amizades. *(Aplausos.)*

Señorías, sempre que se fala de centros de información á muller, do seu impulso, da mellora na prestación do servizo, da mellora na formación do seu persoal e mesmo da consolidación da Rede integral de CIM de Galicia, especialmente no rural galego —como pide o primeiro punto da súa iniciativa—, nós non podemos máis que estar a favor, señora Pierres. Porque nós estamos a favor de consolidar a Rede de CIM galega en todo o territorio, especialmente no rural; nós estamos a favor de fomentar a cooperación institucional entre os propios CIM, ademais dunha cooperación interautonómica; nós estamos a favor de mellorar o funcionamento da Plataforma da xestión de CIM. E aquí eu pediríalle tamén, xa que está tan preocupada pola ferramenta informática, que a comprobase, porque a verdade é que tampouco é que se perda unha semana de traballo en introducir os datos na plataforma, señora Pierres. Creo que exaxerou vostede aquí un pouquiño. E ás usuarias tampouco se lles preguntan di-



rectamente as cousas que logo se poñen na plataforma. Da conversa con elas hai moitas cousas que xa saen e que despois o persoal do CIM introduce na ferramenta, sen necesidade de preguntarlles directamente ás usuarias cuestións como se é vítima de maltrato, se ten fillos, se vive soa ou se vive con ascendentes ou descendentes.

Seguimos. Estamos a favor de estender o Programa de inserción laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero iniciado no 2016 e no 2017 ás entidades locais e ao tecido empresarial. Estamos a favor de seguir apoiando a Rede autonómica de centros de información á muller a través de recursos autonómicos e técnicos axeitados. Estamos a favor de implementar un programa de formación das profesionais dos CIM atendendo ás novas realidades que se inclúen no novo decreto, como é a atención á persoas LGTBI, a inmigrantes —que sempre se atenderon nos centros de información ás mulleres—, ás mulleres e aos menores, que son un novo colectivo que tamén agora se inclúen.

Ben, pois todas estas cuestións están incluídas na nosa emenda, señora Pierres. ¿E vostedes están a favor? Porque vostedes, o Grupo Socialista, teñen que dar moitas explicacións, porque o único centro de información á muller que se pechou en Galicia foi o Centro de Información á Muller de Ponte Caldelas. E a min gustaríame, señora Pierres, que todo o seu discurso que tivo aquí llo explique ao señor Andrés Díaz, alcalde socialista de Ponte Caldelas, porque pechou o CIM e botou á rúa ás dúas traballadoras, á avogada e á psicóloga, con doce anos de experiencia e formación acreditada para atender vítimas de violencia de xénero.

Vostede dicía aquí que lle parece pouco tempo o que se atende ás vítimas. Pero é que en Ponte Caldelas tiñan trinta e oito horas semanais de atención da psicóloga e da avogada, e resulta que o substitúen por unha atención dunha avogada de cinco horas. E vostede vén aquí dicir que hai que poñer máis persoal nos CIM. Eu non estou en contra diso, pero o que sería axeitado é que alí onde gobernan, nos concellos que gobernan, que fagan iso.

E vostede vén aquí pedir máis recursos para os CIM. Mire: o CIM de Ponte Caldelas tiña unha subvención de 30.000 euros; o custo do CIM era de 33.000; o concello poñía 3.000 euros, a Xunta 30.000. Desde que pecharon o CIM en 2016 levan perdido en Ponte Caldelas 90.000 euros. E a Xunta non lle desacreditou o CIM, e sabe que podía facelo, porque polo decreto, con tres meses de inactividade, ese CIM a Xunta podería desacreditalo e, por tanto, saír da rede integral, que hoxe vostede vén aquí pedir que se reforce. Así que eu creo que tamén ten que facer un pouco de labor pedagóxico interno no seu partido e explicarlle ao alcalde socialista de Ponte Caldelas a importancia de ter un CIM nesa zona rural e nun sitio pequeno. *(Aplausos.)*

E tamén quero falar de cinismo e de hipocrisía. Porque que veña aquí a señora Quinteiro —como veu antes— chamarnos cínicos e hipócritas, cando eles gobernan no Concello de Santiago, que no ano 2018 estiveron sen avogada sete meses e dous meses sen psicóloga, e que nos veña aquí falar de hipocrisía e cinismo, explíquelles ao señor Martiño Noriega que os problemas das mulleres de Santiago non se resolven con pancartas o 25 de novembro e o 8 de marzo; que se resolven con persoal no centro de información á muller. Dígalles ao señor Martiño Noriega que o feminismo hai que aplicalo, e non falalo e poñerse detrás das pancartas.





**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** O verdadeiro feminismo é o que se fai cando se fai política, cando se xestionan os recursos públicos. *(Aplausos.)*

Nós seguiremos apostando polos centros de información á muller. Foi un goberno do Partido Popular no ano 1995 quen puxo en marcha os centros de información á muller en Galicia. E desde o ano 1995 nunca estiveron en risco de peche; só na época do Bipartito, cando vostedes intentaron crear aquela rede paralela que eran as oficinas I+B. ¿Lémbranas? Claro, poñíanas xusto nas mesmas poboacións onde había centros de información á muller. Non é que vos-tes quixeran incrementar a Rede de centros de información á muller; non, non, é que alí onde había un CIM poñían vostedes unha oficina de I+B+i. Si, señora Pontón, non diga que non coa cabeza porque iso vivino eu en primeira persoa. Xa lle digo un exemplo: en Arzúa, por exemplo, xa o poñían.

Eu convídoos a que todos sigamos traballando e sigamos incrementando a Rede de CIM, pero a Xunta non é a única responsable dese incremento, señora Pierres. Todos os concellos onde se goberna,...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...e tamén onde gobernan vostedes, tamén poden facilitar a posibilidade de que se incrementen os CIM. Solicítase a través do decreto que se incorpore á Rede galega de CIM e xa está. Hai tres novos neste ano: un do Bloque Nacionalista Galego e dous do Partido Popular. No Partido Socialista de momento ningún concello puxo un CIM novo, así que eu animo o Partido Socialista...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...a que, efectivamente, siga incrementando...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...a Rede de centros de información á muller de Galicia.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Simplemente un matiz ao fío aquí da última intervención da señora Prado, que pretende crear unha idea de que os servizos públicos son partidistas ou dependen do goberno. Os servizos públicos son do conxunto das persoas que viven e que traballan neste país, que son as



que financian eses servizos. (*Aplausos.*) E a responsabilidade das administracións públicas é velar por que estean ao alcance de todas as persoas que os necesitan ou os poidan necesitar.

E cólloco aquí porque unha das cuestións que é fundamental, e ademais centrou o comezo da intervención da señora Pierres, que tiña que ver con cal é a parte do territorio do noso país que estaría descuberta con eses centros de información ás mulleres, por volta situada no corenta e dous por cento dos concellos do país, e iso vai en contra —volvemos outra vez ao que falabamos na anterior intervención— dos principios xerais que inspiran, motivan e rexen a lei do ano 2007, artigo 4.6, equidade territorial, no que xa se dicía no ano 2007, hai doce anos, que no desenvolvemento da rede de recursos e servizos de prevención, atención, apoio, tratamento e protección da violencia de xénero se terán en conta as necesidades de compensar os desequilibrios territoriais, garantindo o acceso á totalidade das mulleres, especialmente a aquelas que viven nos espazos rurais. Obviamente, doce anos despois, seguimos falando de como é necesario levar e garantir estes servizos de atención, de apoio, de asesoramento, de información ás mulleres no conxunto do territorio, especialmente aqueles territorios que se atopan en espazos rurais.

E aquí, señora Prado: difama, que algo queda, ¿non? Eu cada vez que a escoito falar vénseme á cabeza esa idea que me dicía a miña compañeira de piso nos anos de universidade —é absolutamente real—: difama, que algo queda. Dicía que eles estaban a favor de estender, de apoiar, de xerar e de fortalecer a Rede de centros de información ás mulleres, e falaba de hipocrisía. Hipocrisía é que vostedes entraran pola porta no ano 2009, señora Prado, e eliminaran os puntos de información ás mulleres que permitían comarcalizar os servizos, (*Aplausos.*) que é unha cuestión fundamental que está na moción que presenta hoxe o Partido Socialista; que tamén despediron a partir do ano 2009 ás traballadoras dos equipos de igualdade do Consorcio; que suprimiron o Servizo Galego de Igualdade e mantiveron un boicot permanente a todas as políticas feministas que se implantaron neste país cando o Bloque Nacionalista Galego estivo no goberno e tivo responsabilidades (*Aplausos.*) en materia de igualdade na Xunta. Pero difama, que algo queda.

Despois falará a portavoz do Partido Socialista da emenda que presenta o Partido Popular, pero para nós hai unha cuestión que é fundamental do que presenta hoxe o PSOE, e que motiva tamén o apoio que lles damos a estas iniciativas desde o BNG, que é garantir ese financiamento para incorporar novos perfís profesionais, para mellorar a prestación do servizo, garantindo os recursos necesarios, que é asegurar ese financiamento autonómico, que non se dependa única e exclusivamente dos fondos europeos para manter e garantir o desenvolvemento deste servizo. E é que ademais é algo compartido, porque vostede lembrará, señora Prado, cando debatemos a posición conxunta de todas as forzas desta cámara para enviar unha proposta a ese pacto de Estado por parte do Parlamento galego, unha das cuestións nas que estabamos de acordo era que había que crear un fondo de apoio aos concellos para reforzar os servizos públicos que teñen que ver tamén coa prevención e o tratamento integral das violencias machistas, e especificamente, ademais dos servizos sociais, os centros de información ás mulleres. E vostedes —polo menos até onde a min me chega a capacidade interpretativa— o que suprimen na súa emenda precisamente das propostas do Partido Socialista é esa parte que para nós é fundamental, que é garantir financiamento público directamente da Xunta de Galiza para despreparar e garantir estes servizos.



Por outra banda, non saíu até o de agora, pero nós levámolo denunciando desde que se reformou o decreto no ano 2016 e seguiremolo facendo: aos CIM cargáronselles responsabilidades e competencias que até o momento non tiñan, porque existía unha de rede de apoio, asesoramento e información especificamente en materia de afectividade, sexualidade, diversidade, orientación sexual e demais, porque se lles atribúe no ano 2016 nesa reforma do decreto todo o apoio ás persoas LGTB, cando existen os centros Quérote ou debera existir esa rede de centros Quérote para atender esa información e ese asesoramento.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** O que non pode ser é que aínda por riba de todo o que teñen que atender os centros de información ás mulleres se lles carguen con competencias e traballos que nós entendemos desde o BNG que debe cumprir outra rede que xa existe desde o terrible Goberno bipartito como son os centros Quérote.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Nós imos votar tamén a favor desta iniciativa. Levamos moito tempo falando deste recurso fundamental, imprescindible —eu diría—, para a atención ás mulleres vítimas de violencias machistas, pero temos tamén que salientar que hai un problema evidente con estes centros: moitos atópanse con dificultades en canto a recursos e en canto ao persoal, e tamén como aquí xa se puxo de manifesto hai moitos desequilibrios territoriais. Entón, por suposto, todas as medidas que se poidan levar adiante para apoiar un recurso tan fundamental coma este, nós imos apoialas.

E cremos que o problema fundamental —e que tamén aquí se mencionou— é que falta un financiamento estable e permanente. E nós cremos que debe provir da Xunta de Galicia tamén. Como o ensino, como a sanidade, a igualdade ten que ser unha prioridade absoluta, e a Xunta ten que destinar máis fondos. Porque mentres estrangulan os concellos con leis, como a Lei Montoro, cando lles están dificultando enormemente que se poidan levar adiante moitísimas políticas públicas dende os concellos, á vez descargan todas as responsabilidades nos concellos. Para nós parécenos que iso si que é hipócrita. Entón, nós cremos que a Xunta de Galicia debe asumir como prioritaria a loita pola igualdade, e para iso destinar recursos específicos para estes centros tamén podería ser.

Despois din que están a favor de moitas das medidas que aquí se expoñen, por exemplo, a coordinación destes centros, que é evidente que falta coordinación, e as propias traballadoras levan tempo denunciándoo, pero a miña pregunta é: ¿por que se levan gobernando desde o 2009 non o fan?, ¿por que din agora que están de acordo e non fixeron ningunha medida para mellorar a coordinación? Hai moitísimos problemas, moitísimo tempo onde as traba-



lladoras levan dicindo que queren xuntarse, que queren pór en común, compartir e saber, e non se fai. Fíxose o centro de recuperación integral e podería estar asumindo moitas máis tarefas neste sentido, e que non se está a facer neste momento.

E as dificultades que afrontan os CIM en demasiadas ocasións súplense co esforzo que temos que recoñecer das traballadoras destes centros, que é moi grande. Pero para nós iso non é a solución. A solución non pode pasar con que as traballadoras estean comprometidas, que, por suposto, nós salientamos; ten que haber recursos e apoio dende as administracións para que estes centros que son imprescindibles tiveran máis apoio.

Tamén se falou aquí das novas funcións. Desenvolveuse un novo decreto onde se atribuían novas funcións aos centros, pero non se cambiou nin o persoal, nin a formación, nin os recursos. ¿Como podemos pretender que os centros desenvolvan co mesmo persoal que tiñan antes moitas novas tarefas? Para nós isto é un problema, xa o denunciámos cando foi no seu momento e seguiremos insistindo en que os CIM teñen que ter máis recursos e máis persoal para poder atender estas novas tarefas que derivaban deste novo decreto.

Despois, por falar moi brevemente da plataforma. Eu non empreguei nunca esa plataforma, pero é —e vostede si, xa o sei, eu non traballaba nun CUIM— unha queixa reiterada. Nós xuntámonos con moitas traballadoras de moitos CIM do país e a queixa digamos que din todas, absolutamente todas é esa, que se pode mellorar, que leva moito tempo. Entón, é algo que é evidente que hai un problema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón, agora concorda pero na súa intervención parecía que non. Nós entendemos que é unha reclamación xusta. E logo tamén o cómputo das horas, porque moito deste traballo non entra como cómputo se non é atención directa, pero cando é obrigatorio que estas tarefas se desenvolvan tamén polas propias traballadoras, pois tamén haberá que axustar as subvencións para que estas horas teñan o mesmo cómputo que as da atención directa.

Despois, o tema da formación. Xa o dixen: hai que facer moitos máis esforzos, non pode depender da propia vontade das traballadoras nin dos concellos, porque —como dicía— hai moita lexislación que impide que os concellos teñan financiamento suficiente para moitas cuestións, e a Xunta ten que dotalos deste financiamento.

Logo, o 8 de marzo está claro que a sociedade dixo que quería un país feminista. Ben, hoxe é o momento para votar mocións coma esta que melloren. Nós entendemos que debería ser aprobada tal e como está formulada polo Partido Socialista; se se chega a unha transacción, tampouco nos imos opor. Pero cremos que tamén é un pouco absurdo que veñan dicir que si que concordan con todas esas cousas, que xa se deberían estar facendo. Pois deberían quizais explicar por que non se están facendo ata o día de hoxe, se tan ben lles parecen.

E logo, por último, estamos moi satisfeitas do traballo que se fai en Compostela con Marta Lois, con todo o equipo da Concellería de Igualdade. O que pasa é que a vostedes moléstalles que unha concellería que non é vosa faga o mellor traballo en igualdade que se fixo nunca no Concello de Compostela. (*Aplausos.*) Moléstalles iso, que a mellor campaña de sensibilización contra as violencias machistas non sexa do Partido Popular. E a nós iso dános igual, queremos que se sumen á campaña de En negro, queremos que o Partido Popular estea



tamén, porque é unha campaña que conciencia, que sensibiliza. E vostedes non queren estar. E é o concello, non só por esta campaña, que leva adiante máis medidas en igualdade. E xa lles gustaría a vostedes ter feito iso, porque vostedes critican todo o que se fai pero non fan absolutamente nada. Mentres vostedes retroceden... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois practicamente non...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Non interrompan.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** ...o que fan é dicir que fan. Isto é o que fan constantemente: dicir que fan.

Eu pediríalle que eu mentres ela falou eu non interrompín en ningún momento.

**O señor PRESIDENTE:** Si, si xa llo dixen.

Remate, por favor.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Remato, e estamos a favor desta iniciativa, o Partido Popular parece que tamén, pois agardamos que despois unha vez aprobada fagan esta vez si iso que tanto concordan en facer. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo autor da moción, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Antes de nada agradecer o apoio dos grupos de En Marea e do BNG. Creo que todos estamos de acordo no necesario consenso en apoiar a mellora da claridade da implantación no territorio dos servizos ofertados, así como da pervivencia da Rede CIM de Galicia. E iso demostra que é precisamente neste tipo de cuestións no que todos e todas debemos ser construtivos e propositivos sempre en positivo. (*Aplausos.*)

Pero a verdade é que non podo rematar hoxe a miña intervención sen manifestar a miña máis fonda preocupación. E é que deberíamos pedir aos servizos médicos desta cámara que busquen tamén nas analíticas que nos farán estes días a presenza do virus que nesta cámara provoca a memoria selectiva. E é que só isto pode explicar que os deputados e as deputadas do Partido Popular só perciban os problemas cando acontecen nos concellos onde eles non gobernan, como fixo o señor Rueda o outro día e hoxe mesmo volveuno facer a señora Prado.

Permítanme que eu lles mitigue este síntoma tan molesto e lles lembre que no Concello de Cambados, onde tampouco lembrarán, pero daquela gobernaban vostedes, o seu CIM pechaba cada ano durante uns meses ao ano, por costume, e nunca —repito— nunca se lles escoitou ningunha queixa, nin unha soa queixa. (*Aplausos.*) Por certo, ¿lembran quen foi a primeira directora do CIM de Cambados?, ¿lembrarao o señor Rueda, que era o secretario municipal daquela? Pregúntenlle a el, e pregúntenlle por Tania Varela. E, de paso, pregún-



tanlle con que amigos compartiron e comparten as sedes nesta vila, cun tal Terito. *(Aplausos.)*  
A este paso, vostedes entenderán que teñamos que pedir unha temporada dúas de *Fariña*, e que xa postos que a banda sonora sexa de Amistades Peligrosas, porque a cousa promete e moito. O que non sei é se a vostedes lles gustará tanto esta secuela coma a nós.

Por antecedentes precisamente coma estes, eu pídolles que aparquen a súa hipocrisía política. Vostede tamén comentou a palabra hipocrisía, e gústame que a sacara. Cando piden precisamente espírito construtivo ao resto dos grupos, ¡por favor!, sexan os primeiros que se apliquen o conto. Sexamos, ¡por favor!, responsables; traballemos a favor e non en contra da igualdade.

E xa en canto ás emendas que presenta o Partido Popular, estamos dispostos a transaccionar unha emenda na que se engada ao resto das medidas contempladas, por suposto, a mención expresa a «garantir e apoiar en todo caso a Rede CIM», especialmente no caso de que algún día puidera cesar a entrada do Fondo Social Europeo, que é o principal sustento económico da rede actual.

Agardo que con esa transacción nese sentido poidamos aprobar esta iniciativa pola unanimidade da Cámara.

Máis nada pola miña banda, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto do punto 4 da parte resolutiva da moción polo seguinte:*

*«4º Impulsar no inmediato unha negociación colectiva de ámbito galego, con patronal e sindicatos, co obxectivo de establecer medidas para acadar a igualdade salarial efectiva entre mulleres e homes, elevar os salarios galgos e para establecer melloras na conciliación e na organización horaria, dando cumprimento ao acordo parlamentario tomado o 28 de decembro do 2016.»*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir, despois da parte resolutiva da moción, estes dous novos puntos:*





«8º) Impulsar cláusulas de contratación pública que garantan a non contratación por parte da Xunta con empresas que manteñan a fenda salarial entre homes e mulleres.

9º) Excluir nos procesos de contratación da Xunta a toda aquela empresa que nos últimos dous anos teña sido sancionada pola Inspección de Traballo ou condenada en sentenza xudicial por moobing maternal, discriminación de xénero ou calquera outra práctica sexista.»).

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débase engadir, despois da parte resolutiva da moción, estes dous novos puntos:

8) Corrixir a falta de cumprimento de aspectos recollidos na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, na Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes e no que corresponde a Galiza respecto da lexislación estatal na materia.

9) Remitir á Cámara Galega no prazo de dous meses os resultados do presunto primeiro ano de impulso do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021.»).

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

A moción que traemos hoxe a debate é para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 26 de febreiro sobre a política da Xunta de Galicia para a igualdade laboral e salarial entre homes e mulleres. Se en algo coincide este Grupo Socialista coas declaracións feitas polo conselleiro, o señor Conde, durante esta interpelación é en que queda moito camiño por recorrer para acadar esa igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres. Imaxinen o longo que pode ser este camiño se seguimos coas políticas regresivas do señor Feijóo, de recortes nas partidas orzamentarias dedicadas á igualdade, á protección e promoción da muller, así como os recortes nas políticas para apoiar a conciliación da vida laboral e persoal.

Vostedes, señorías do Partido Popular, andan moi contentos estes días celebrando os dez anos de goberno do señor Feijóo. Pero déixenme dicirlles unha cousa: estes dez anos non van ser recordados por ter apostado dun xeito firme e contundente para acadar a igualdade laboral e salarial entre homes e mulleres. (Aplausos.) Para apostar por esa igualdade real entre homes e mulleres hai que facer dotación orzamentaria, e o Goberno da Xunta de Galicia nestes dez anos fixo todo o contrario. A Xunta de Núñez Feijóo recortou catro de cada cinco euros para a partida de «Igualdade, protección e promoción da muller»; hoxe é unha cuarta parte do que era hai dez anos. Hai dez anos, sendo o señor Touriño presidente da Xunta,



33,55 millóns de euros; hoxe, con Feijóo, 7,36 millóns. Hai dez anos había máis de cinco millóns para apoiar a conciliación da vida familiar e persoal; hoxe o orzamento queda moi lonxe dos dous millóns de euros, exactamente 1,62. Este é compromiso do señor Feijóo coas mulleres galegas.

E dicía antes que este camiño para lograr a igualdade salarial e laboral sería moi longo, tan longo que se seguimos con estas políticas do Goberno popular poderíamos tardar en percorrere seiscentos quince anos. Si, escoitaron ben: en Galicia farían falla seiscentos quince anos para eliminar a fenda salarial. Isto non o di o Grupo Socialista, senón o colectivo de técnicos de Facenda, que na súa terceira edición do informe «Fenda salarial e teito de cristal», cos datos de 2017, dinos que as galegas cobramos de media un 27,5 por cento menos que os homes e que en termos absolutos a diferenza nas nóminas en Galicia é de 4.431 euros.

Este informe sitúa Galicia como o caso máis extremo, xa que calcula que ao ritmo actual na nosa comunidade sería na que máis tempo levaría suprimir esta fenda salarial. Mentres que sitúa en oitenta e sete anos o período medio no conxunto de España que sería necesario para igualar as nóminas entre homes e mulleres. Período medio no conxunto de España: oitenta e sete anos, e en Galicia, a este ritmo: seiscentos quince. En Galicia, as mulleres non cobran máis dunha cuarta parte do salario que si perciben os homes. É increíble o dato, pero as galegas, segundo este informe, non acadarán a igualdade salarial ata o ano 2634. Se dicimos que a fenda salarial en Galicia é do 27,5 por cento, no caso das pensionistas a diferenza supera o trinta e seis por cento.

Segundo este informe, as causas desta tremenda fenda salarial están en que as mulleres teñen uns contratos máis precarios, con xornadas parciais, con soldos por debaixo dos 7.400 euros anuais e tamén polo denominado teito de cristal, xa que a partir dos 60.000 euros anuais as mulleres apenas copamos un terzo dos postos.

Ante esta realidade, os técnicos de Facenda instan a tomar as medidas para acabar con estas desigualdades. Entre elas aconsellan o aumento de prazas en escolas públicas infantís de cero a tres anos, así como o aumento de prazas en centros especializados para a atención e o coidado de persoas maiores e dependentes.

¿E que fixo o Goberno de Feijóo no tocante ás residencias de maiores? A política de Feijóo neste eido pódese resumir nunha frase: «Hai unha auténtica primavera de prazas privadas en residencias de maiores, mentres seguimos na invernia en prazas públicas». (*Aplausos.*) O informe do Consello de Contas sobre a atención aos maiores, publicado en xullo do 2018, así o di. Dende que chegou Feijóo ao Goberno da Xunta puxéronse en marcha cero residencias públicas e cero prazas xestionadas directamente pola Administración autonómica. Somos a décimo segunda comunidade autónoma en gasto público por dependente, a que menos aporta con respecto á aportación estatal.

No relativo ás escolas públicas infantís, a gran promesa electoral de Feijóo quedou convertida nun novo fiasco, e estou a falar das escolas infantís nos polígonos industriais. Levamos discutindo moito tempo sobre o número de prazas públicas e como é posible que cun saldo vexetativo negativo haxa listas de agarda nas escolas infantís públicas. Isto é porque non se



dotan orzamentariamente estas partidas; así, conquistar unha igualdade real semella unha utopía.

E xa non é só que non apliquen políticas activas que permitan eliminar esta fenda salarial, senón que, ademais, o Partido Popular en Madrid votou en contra duns orzamentos xerais eminentemente sociais, uns orzamentos que ían destinados nun cincuenta e cinco por cento a políticas sociais. Vostedes votaron en contra de dar cobertura á dependencia, vostedes votaron en contra da universalización da educación pública gratuíta; medidas, estas, que servirían para ir avanzando na eliminación desa fenda salarial.

Pero como non é igual que gobernen uns que que gobernen outros, e por moito que lles moleste ao Partido Popular e ao seu socio Ciudadanos, o señor Pedro Sánchez vai gobernar ata o último día. Onte, a Xunta Electoral Central respaldou e convalidou os venres sociais do Goberno socialista; polo tanto, o Goberno vai seguir presentado decretos leis, xa que a Xunta Electoral Central —e paso a ler textualmente— di: «*Desestimar la reclamación puesto que en ella no se pone de relieve que se haya producido ninguna conducta prohibida por los apartados 2 y 3 del artículo 50 de la LOREG*».

En coherencia coa liña socialista, que goberna para mellorar a vida dos traballadores e traballadoras e das clases pasivas do noso país, o pasado venres 8 de marzo publicouse o Real decreto lei de medidas urxentes para a igualdade de trato e de oportunidades no emprego e na ocupación. Este real decreto ten por obxectivo eliminar a fenda salarial e garantir o dereito das traballadoras e traballadores á conciliación e á corresponsabilidade. Amplíanse os permisos por nacemento e coidado de menores para equiparalos progresivamente a ambos os proxenitores. Recolle a reforma do Estatuto dos traballadores para reforzar a igualdade de remuneración entre homes e mulleres, sen discriminación, e o dereito á conciliación da vida laboral e familiar, en liña co establecido na Recomendación do 7 de marzo de 2014 da Comisión Europea. Introdúcese no noso ordenamento xurídico o concepto de traballo de igual valor, e establécese que as empresas levarán un rexistro de salarios ao que poderán acceder os traballadores a través dos seus representantes legais. Tamén se establece un prazo de tres anos para que as empresas de máis de cincuenta traballadores elaboren e apliquen un plan de igualdade.

Ademais, seguimos con melloras: hoxe publícase o Real decreto lei 8/2019, de medidas urxentes de protección social e de loita contra a precariedade laboral na xornada de traballo. Nel dáse a cobertura necesaria ás persoas que se atopan en situacións de vulnerabilidade, como os casos dos parados e paradas de longa duración, pensionistas, xoves, inmigrantes e determinados colectivos. Entre as novidades destaca a recuperación da idade de cincuenta e dous anos para o subsidio por desemprego, increméntase a contía das prestacións familiares e da pensión mínima de incapacidade permanente total para quen teñen menos de sesenta anos.

A nivel estatal, nos últimos meses estanse a facer os deberes, pero non vemos o mesmo a nivel autonómico. Por iso este grupo trae esta moción, unha serie de propostas reais para loitar contra a fenda salarial, e que esperemos que saia adiante co apoio de todos os grupos. Entre esas medidas está que na contratación pública da Xunta de Galicia se apliquen as medidas contidas no artigo 34 da Lei orgánica 3/2007, e tamén que no relativo ás subvencións



autonómicas se aplique o artigo 35 da dita lei; crear un distintivo autonómico para as empresas en materia de igualdade, similar ao previsto no artigo 50 desta lei; crear unha mesa de traballo con patronal e sindicatos para a conciliación horaria e a organización de horarios; pedirlle un informe ao Consello Galego de Relacións Laborais sobre as medidas a introducir na negociación colectiva para favorecer a igualdade e a redución da fenda salarial; realizar unha composición equilibrada dos consellos de administración das empresas públicas da Xunta de Galicia, e presentar anualmente un informe con motivo da conmemoración...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** ...—vou rematando, presidente— do Día Internacional pola Igualdade Salarial, para dar conta da execución e avaliación das medidas adoptadas, facilitando estatísticas salariais desagregadas por sexo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día, señorías.

Non podemos interpretar esta iniciativa e decidir o noso voto sendo alleos e alleas ao contexto no que estamos. Eu quero recordar que, contra todo prognóstico, e malia o constante cuestionamento, malia a criminalización interesada e malia o difícil que era revalidar o éxito de 2018, efectivamente volvémoslo facer, e as feministas deste país superamos toda expectativa o 3 de marzo en Lugo e toda expectativa o pasado 8 de marzo nunha folga que, unha vez máis, foi absolutamente histórica e na que Galiza, unha vez máis, superou con moito a capacidade de mobilización do resto do Estado.

Milleiros de mulleres —milleiros de persoas— saíron á rúa a protestar contra a desigualdade, a protestar tamén contra a violencia, a protestar tamén contra ámbitos como o coidado ou o consumo, que recaen fundamentalmente no noso lombo, pero tamén contra as discriminacións que aínda no día de hoxe se manteñen no ámbito laboral, que é o que fundamentalmente trata a iniciativa do Partido Socialista.

Porque non é posible unha vida digna sen un marco laboral digno, sen dereitos laborais que xa de por si non son suficientes neste momento, e que é algo que vai en detrimento de toda a clase traballadora deste país. Pero é que, por riba, as mulleres sufrimos discriminacións engadidas, que son teoricamente ilegais, pero que permanecen. Nós, despois deste 8 de marzo, asumimos unha vez máis ese mandato que nos deron as rúas; entendemos que a rectificación que non vimos en 2018 por parte do Partido Popular deberíamos vela neste 2019.

Eu quixera facer unha reflexión sobre as cuestións concretas que presenta hoxe o Partido Socialista. A ver se paso o nivel de censura, porque hoxe, claro, podemos escoitar neste parlamento que hai cousas que non se lle ocorreron nin a Franco, pero despois non podemos valorar as políticas de igualdade do Partido Popular, así que a ver se paso o umbral de censura.



Pero é que unha vez máis estamos diante dunha iniciativa na que a maioría dos puntos recaen nunha cuestión fundamental, que é pedirlle ao Goberno do Partido Popular que cumpra a Lei de igualdade e que cumpra a lexislación en materia de igualdade. E iso debería desatar, como mínimo, un pouco de rubor nas meixelas da bancada do Partido Popular, porque, ademais, non falamos de leis que foran promulgadas a semana pasada; falamos da Lei estatal de igualdade —do 2007, pasaron doce anos—; falamos da Lei galega de igualdade —do 2004, pasaron quince anos—, e da seguinte Lei de igualdade galega —do 2007, pasaron doce anos—. E, así, un suma e segue; mesmo algo tan elemental como crear un distintivo que premie as empresas que sexan referentes en igualdade, e aí vemos como nos devolve esta iniciativa a foto de cales son as políticas do Partido Popular: moitas promesas, moitas promesas; «*promesas que no valen nada*», que diría a canción.

E xa non só iso, senón que despois vemos cousas como o presidente da Xunta de Galiza anunciándonos grandes novidades. Eu quedei un pouco estupefacta cando a semana pasada vin o señor Feijóo todo orgulloso anunciándonos que a primeira lei de impulso demográfico ía ter un certificado para as empresas que fomenten a igualdade real. Parece que este goberno ten un pouco de memoria de peixe. Eu xa non digo que recorden cuestións como a que teño aquí na miña man, (*A señora Presas Bergantiños amósalles un documento aos membros da Cámara.*) que é o Decreto 33/2009, polo que se regula a promoción de igualdade nas empresas e a integración do principio de igualdade nas políticas de emprego, capítulo V, no que se especifica o desenvolvemento da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, pero é que teñen incluso esquecemento da súa propia historia, do seu propio goberno, porque algunha señora deputada, antes conselleira de Traballo, xa no 2010 —a Xunta— puxo en marcha o distintivo de excelencia empresarial en igualdade. ¡Un ambicioso distintivo! Era tan ambicioso o distintivo que eu estou esperando ansiosa que, pola vía do artigo 9, me confirmen cantas empresas, (*Aplausos.*) pero creo que só unha; pola hemeroteca só deberon nomear unha empresa, e despois do 2010 non lles debeu acordar ningún 8 de marzo, ningún 25 de novembro, e aí deixaron en caixón, morto, algo que recolle a Lei de igualdade estatal do 2007, algo que a propia regulamentación galega a posteriori desenvolveu, que o Partido Popular meteu nun caixón e que agora nos anuncian como gran novidade. De repente é fantástico e maravilloso e vai solucionar todos os problemas das mulleres traballadores deste país ese distintivo de igualdade.

En fin, causa un pouco de sopor este debate permanente sobre cuestións que están lexisladas desde hai máis dunha década. E, por suposto, votaremos a favor desta iniciativa do Partido Socialista.

Moitas garzas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Ben, nós tamén sentimos non sei se rubor, sopor ou directamente vergoña por ter que volver falar, en marzo de 2019, de fenda salarial, e é unha vergoña porque se constata o fracaso dun sistema, dunha sociedade e duns gobernos que permiten





que a suposta recuperación económica, ese crecemento do PIB dende 2014, non chegue; e non só que non chegue á maioría social, senón que particularmente non chegue ás mulleres. E, deste xeito, a fenda salarial, a porcentaxe de salario que as mulleres debéramos, de media, elevar aos nosos ingresos para equipararnos aos homes, non deixa de medrar dende ese famoso ano 2014: se era do 26,5 por cento no 2014, sitúase hoxe no trinta por cento. E non só iso, é que tamén se afonda na pobreza feminina; hai unha feminización clara da pobreza: se a taxa de risco da pobreza do noso país é do 22,6, é do 24,4 no caso das mulleres. E engadímoslle un elemento máis, que é que aumentou durante a crise o número de mulleres que coidan persoas dependentes sen cotizar á Seguridade Social.

Todo estes elementos afondan nas causas estruturais da fenda salarial, e por iso falaba aquí a propoñente de que se tardarían máis de seiscentos anos —a este ritmo, evidentemente— en conseguir a equidade salarial entre homes e mulleres.

E isto sucede nun contexto no que a estrutura é de precariedade laboral en todo o país, pero que afecta especialmente as mulleres, porque un setenta e sete por cento dos contratos a tempo parcial son femininos, pero é que ademais son femininas as persoas que ocupan os empregos que teñen os salarios máis baixos. Pero é que ademais, dese setenta e sete por cento de contratos a tempo parcial que son de mulleres, máis dun sesenta por cento destas traballan a tempo parcial por non atopar un emprego a tempo completo.

E engadámoslle outro elemento máis que ten que ver con esa dimensión do coidado, que segue ocupando a muller: o 13,5 por cento das mulleres aceptou un emprego a tempo parcial para atender menores ou dependentes fronte a un dous por cento dos homes. Aí están as causas profundas desa fenda salarial, que a cinco anos desa suposta recuperación non fai máis que aumentar.

É un contexto tamén de precariedade estrutural da clase traballadora galega: os salarios galegos sufriron perda de poder adquisitivo, medrou a taxa de temporalidade, destruíronse empregos... Eses son os éxitos dos dez anos de Feijóo: cen mil empregos menos, e a fenda salarial continúa agrandándose. Unha fenda, que como explicou a propoñente, é maior aínda entre as pensionistas: o cincuenta e oito por cento de fenda salarial, se temos en conta o salario que terían que aumentar as pensionistas galegas para acadar as pensións masculinas, xa das máis baixas do Estado.

Pero engadamos un elemento máis, porque a fenda salarial, aínda que menor, tamén sucede no emprego público. Tamén, porque ten unha dimensión igual ao resto do emprego, que é que as mulleres ocupan empregos de menor valoración social e, ademais, teñamos en conta que o emprego público no noso país é maioritariamente feminino, especialmente na sanidade, no ensino e nos centros de atención directa de Política Social. Queríamos traer aquí esta referencia porque é a Consellería de Política Social a que acumula a maior taxa de accidentabilidade da Xunta, sendo o sobre esforzo a principal causa destes accidentes laborais. Aí está tamén un elemento da precariedade laboral feminina provocado pola propia Xunta. Queríamos tamén facer unha referencia hoxe, ao falar de fenda salarial, aos numerosos conflitos laborais que están abertos no noso país e que afectan especialmente as mulleres. Por certo, conflitos que, xeralmente, teñen menos visibilización que os masculinos, como os





ERE de Vodafone e Bosch Vigo ou o conflito permanente que viven as —sobre todo— mozas que traballan en Attento, que somete as súas traballadoras a ritmos de traballo insoportables, despedimentos selectivos con vontade de facer dano á loita sindical e salarios baixos. Son todos casos do sector das telecomunicacións, un sector especialmente precario e no que están empregadas, sobre todo, mulleres de menos de trinta e cinco anos. Así pois, engadimos un elemento máis para rematar coa fenda salarial: derrogar as reformas laborais e controlar as ETT e as empresas multiservizos.

Pero, en fin, para rematar —que xa só queda un minuto—, a fenda salarial e a igualdade non son unha ladaíña que teñamos que entoar cada 8 de marzo, senón que se debe practicar, a Xunta debe practicala. ¿Como debe practicala? En primeiro lugar, cumprindo as leis, algo tan obvio que xa foi reseñado polas distintas intervenientes. Esta moción non vai moito máis alá de cumprir as leis, e precisamente por iso é necesaria, porque non se cumpren as leis de igualdade, nin a autonómica nin as disposicións estatais. E tamén se acada a igualdade se o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar deixa dunha vez de ter arbitrariedade na concesión de permisos de dereitos á conciliación das traballadoras. Unha sentenza acaba de condenar o Consorcio por iso mesmo, por non conceder un permiso de conciliación a unha traballadora. Iso tamén é igualdade.

Tamén se evita a fenda salarial evitando que a Xunta estableza servizos mínimos abusivos nas folgas do 8 de marzo —sentenzas xudiciais así o confirman— ou aplicando cláusulas sociais na contratación pública e evitando contratar con empresas que —como por exemplo, o Grupo Norte— discriminan as súas traballadoras sen concederlles os complementos de penosidade, perigosidade e toxicidade que si se lles conceden aos homes. E outro elemento —por iso engadimos unha emenda— é...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...cumprir cos acordos parlamentarios, porque aquí tomamos en 2016 un acordo para que se convocara unha negociación colectiva de ámbito galego para elevar os salarios galegos e rematar coa fenda salarial, e nada sabemos diso. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular. Señora Prado del Río.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Ben, señora Otero, eu non sei se está en campaña de primarias para ir nas listas de deputados a senadora nacional, porque, claro, ademais de vir defender aquí os venres sociais e os decretos do señor Sánchez, trae unha iniciativa para que cumpramos unha lei estatal que ten que cumprir o Consello de Ministros e para pedirnos que a Xunta de Galicia se axuste á Lei estatal de contratación da Administración pública do Estado. ¡Pero é que Galicia ten a súa propia lexislación, señora Otero! Eu creo que anda vostede un pouco despistada, creo.

Todo o que dixo... Eu non teño tanto tempo como tivo vostede para desmentir, unha a unha, todas as mentiras que vostede dixo na súa intervención, pero algunha voulla desmentir. Por-



que, claro, non se pode vir aquí dicir tantas barbaridades en tan pouco tempo, señora Otero. Ademais, para ser crible ten que ser rigorosa, e voulle dicir algunhas cuestións das que vostede dixo... (*Balbordo.*) Eu xa sei que non lles gusta, pero escoiten, que tamén despois lles molesta cando falan na outra bancada; escoiten.

Mire: vostede vén aquí cunha iniciativa para cumprir a lei estatal. Hai cousas que si que podemos cumprir, pero hai outras que son de imposible cumprimento, porque nós temos a nosa propia lexislación de contratación pública e non podemos atender ao artigo 34 da lei, como vostede pide.

Mire: insisten vostedes en comparar cousas que son incomparables. Vostede vén comparar o orzamento de Igualdade da Xunta de Touriño co orzamento de Igualdade da Xunta de 2019. ¿Vostede non sabe que cambiou a estrutura orgánica da Xunta de Galicia? ¿Vostede non sabe que cando gobernaba Touriño había unha Vicepresidencia de Igualdade e Benestar, que era a que tiña ese orzamento do que vostede fala, no que se incluían as escolas infantís e onde se incluía o cheque infantil, por exemplo? ¿Que nos quere comparar? ¿Quere que comparemos? ¡Comparamos!

Mire, escolas infantís: no 2009, 2,9 millóns de euros; no 2019, doce millóns de euros. (*Murmurios.*) Cheque infantil: 1,7 millóns de euros no 2009; 28,5 millóns de euros no 2019. Prestacións por fillos menores de tres anos: dous millóns o señor Touriño, 4,9 millóns o señor Feijóo. (*Murmurios.*) O mantemento das escolas infantís do Consorcio —tome nota deste dato—: o señor Touriño, 25,6 millóns de euros; o Partido Popular, 41,9 millóns de euros, señora Otero. (*Murmurios.*) ¿E sabe por que? Porque se incrementou o número de prazas de escolas infantís co Goberno do Partido Popular.

E que me veña falar de dependencia, cando o Goberno central non está asumindo o pago do cincuenta por cento que ten que pagar e cando o Goberno do Partido Popular pasou de catorce mil dependentes atendidos a sesenta mil no día de hoxe; sesenta mil, que foi un obxectivo que nos puxemos para o 2020, para o final da lexislatura, e que hoxe, en 2019, está xa cumprido, señora Otero. Non veña vostede aquí con datos que son absolutamente falsos.

E fala das escolas infantís nos polígonos industriais. Ben, pois fale de Lugo, por exemplo, que o propio Partido Socialista rexeitou unha escola infantil no polígono industrial.

E dime que no informe *Brecha salarial y techo de cristal* de Gestha —ao que vostede fixo referencia— (*A señora Prado del Río amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Galicia é un caso extremo. Señora Otero, as cifras non se poden retorcer e as cifras non son opinables. As cifras son as que son, e voulle dar os datos que están neste informe. Vostede fixo referencia a unha interpretación que fixo o señor José María Mollinedo do ritmo de redución do último ano, el fixo un cálculo dos anos que nos levaría a redución. Pero, mire: o dato real é que Galicia ten un 27,5 por cento de fenda salarial e o total é de 29,3, é dicir, -1,8, e vostede dixo que Galicia era un caso extremo. Pois se Galicia é un caso extremo con -1,8, ¿que podemos dicir de Andalucía, que ten un 30,7 —+1,4—? Ou de Asturias, gobernada polo Partido Socialista, cun 37,6, isto é, +8,3 —lémbrolle: Galicia, -1,8—. Ou de Cantabria, con +5,6. E, así, podería poñerlle moitísimos casos de comunidades autónomas —que non teño tempo—. Lea o informe



e non veña aquí vostede manipulalo, señora Otero, por favor. Non é crible se vostede non é rigorosa, e se non é rigorosa, non suba a esta tribuna a intentar enganar todos os deputados desta cámara e a cidadanía que nos está escoitando.

Mire: dos sete puntos que vostede plantexa, nós estamos a favor de apoiarlle cinco. Dous non llos apoiariamos por unha cuestión que lle acabo de explicar. O punto 1 non o podemos apoiar porque se refire á contratación da Administración xeral do Estado —como se pode imaxinar, estamos en Galicia—. O punto 3: en Galicia temos a nosa propia marca, non temos por que copiar a marca da lei estatal, temos unha lei. Temos esta lei. *(A señora Prado del Río amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Colla o DOG do 17 de febreiro de 2006, que ten unha lei que, ademais, aprobaron vostedes no Bipartito, señora Otero: a Lei de igualdade no traballo, que era dun conselleiro socialista; pode vir aquí e sacar peito da lei. E, mire: nesa lei, os artigos 72 e seguintes regulan exhaustivamente a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade. Xa sei que a señora Presas di que non funciona; ben, pois impul-sémola, pero non veñamos copiar outra do Estado cando temos a nosa propia.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Logo veñen pedir aquí máis autogoberno, e resulta que, cando temos leis propias, vostedes queren aplicar as leis estatais. *(Murmurios.)*

Miren, señorías... Eu agradecería que eses murmurios, que despois molestan tanto, non se dean cando interveñen os deputados e deputadas do Partido Popular. *(Murmurios.)*

Mire, señora Quinteiro: vostede estará moi orgullosa do Goberno de Santiago; eu non estaría tan orgullosa cando non poñen á disposición das vítimas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ...durante sete meses unha avogada e, durante dous meses, a psicóloga. E neste ano, do que levamos tres meses, dous estiveron sen psicóloga.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Siga vostede orgullosa dese goberno; eu non estaría orgullosa das pancartas, senón de dotar de recursos as vítimas e a atención ás mulleres en igualdade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado. Terminou o seu tempo. Grazas.

Grupo autor da moción, señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Para empezar pola última das voceiras: que me fale vostede hoxe de manipulación, precisamente vostede, señora Prado... Creo teñen bastante que calar despois das informacións apa-



recidas onte nos xornais relativas ao 11-M. *(Aplausos.)* Que me fale vostede de manipulación cando son vostedes uns perfectos expertos en manipular datos e en manipular a realidade... *(Murmurios.) (Aplausos.)* É que hai que ser ben hipócrita, que creo que utilizou vostede antes esa palabra. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Se quere falar vostede... *(Balbordo.) (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señora Prado, silencio. Vostede xa tivo a súa rolda. Señora Otero, agora tócalle a vostede.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Ben, para ser rigorosos só hai que ler o punto 1 da nosa moción: dicimos que na contratación pública da Xunta de Galicia *(Murmurios.)* se apliquen as medidas contidas no artigo 34 da Lei orgánica 3/2007. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* É certo, non se poña nerviosa. O que di o artigo 34 é relativo aos contratos da Administración xeral do Estado, pero di que, obrigatoriamente, se deberán introducir nas súas condicións de execución medidas tendentes a promover a igualdade efectiva entre homes e mulleres no mercado de traballo, conforme o previsto na lexislación de contratos do sector público. ¿Que problema hai en aplicar estas medidas aquí, en Galicia? Eu creo que non hai ningún tipo de problema.

Ben, concordo totalmente coas voceiras do BNG e de En Marea, que dicían que non vimos aquí pedir nin máis nin menos que que se cumpran unhas leis que levan aprobadas moitísimos anos, leis que son de 2004 e de 2007. Despois de todos estes anos, temos que seguir vindo aquí traer estas iniciativas para que se cumpran unhas leis que levan tantísimos anos aprobadas. Ben, tamén quero agradecer o apoio do BNG e de En Marea a esta iniciativa.

E, claro, os datos —quero dicir, o que din da brecha salarial— non os inventou o Partido Socialista: os datos son reais, os datos están aí, e, a este ritmo *(Murmurios.) (A señora Prado del Río amósalle un documento á señora Otero Rodríguez desde o seu escano.)* —eu non manipulei as cifras—, tardaríamos en acabar coa fenda salarial seiscentos quince anos. *(Murmurios.)*

E, para falar das emendas: no tocante ás emendas presentadas, chegamos a un acordo para transaccionar o punto 4 da nosa moción, tanto por parte de En Marea como do BNG, e o punto 4 da moción quedaría redactado do seguinte xeito: «Impulsar no inmediato unha negociación colectiva de ámbito galego con patronal e sindicatos, co obxectivo de establecer medidas para acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres, elevar os salarios galegos e para establecer melloras na conciliación e na organización horaria, dando cumprimento ao acordo parlamentario tomado o 28 de decembro de 2016, así como remitir á Cámara galega, no prazo de dous meses, o resultado do primeiro ano de impulso do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021».

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Rematados os debates das mocións, procedemos á votación das mesmas.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario de En Marea.

Estaba pendente unha transacción co Grupo Parlamentario Socialista. ¿Teñen acordo? ¿Chegaron a un acordo? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Coñécena todos os grupos? ¿O Grupo Popular tamén a coñece? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, pois procedemos a votala con esa transacción. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, claro, téñena que coñecer todos os grupos. Eu non estaba no debate.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tratamento das informacións en materia de igualdade.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Estaba pendente unha transacción co Grupo Parlamentario Popular, non sei se hai acordo. ¿Hai acordo? *(A señora Pierres López pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Pódenos ler a transacción, por favor?

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Quedan os puntos 1, 2, 3, 4 e o encabezamento tal como estaba... Perdón, 1, 2, 3, encabezamento e punto 6, tal como estaban na nosa iniciativa. E transaccionáronse os puntos 4 e 5. O 4 di: «Estender o programa de inserción laboral para mulleres vítimas da violencia de xénero iniciado no ano 2016 a través das entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro neste ano 2019 ás entidades locais, así como ao tecido empresarial». E o punto 5 di: «Seguir a apoiar a rede autonómica de Centros de Información á Muller, garantindo o financiamento dos recursos económicos necesarios máis alá do período actual vixente dos fondos europeos, así como dos medios técnicos precisos, e fomentar que nas entidades locais se incorporen perfís profesionais a maiores dos que se recollen no artigo 10 do Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e a acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia».



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Votamos esta transacción.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López, sobre as melloras que debe implementar e impulsar a Xunta de Galicia en relación coa Rede de centros de información á muller.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Patricia Otero.

Hai unha transacción á que chegou co Grupo Parlamentario de En Marea e co BNG que afecta o punto número 4. ¿Lénola? Léaa, por favor.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Quedarían todos os puntos da nosa moción excepto o cuarto, que cambiaríamos e quedaría redactado do seguinte xeito: «Impulsar no inmediato unha negociación colectiva de ámbito galego con patronal e sindicatos, co obxectivo de establecer medidas para acadar a igualdade salarial efectiva entre homes e mulleres, elevar os salarios galegos e establecer melloras na conciliación e na organización horaria, dando cumprimento ao acordo parlamentario tomado o 28 de decembro de 2016, así como remitir á Cámara galega no prazo de dous meses os resultados do primeiro ano do impulso do Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021».

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Votamos esta transacción.

*(A señora Prado del Río pide a palabra.)*

Perdón. Si, señora Prado, ¿para que quere a palabra?

*(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿Acepta vostede a votación por puntos?

Non a acepta. Entón, votamos a transacción tal como estaba. *(Murmurios.)* Silencio.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Otero Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes*





*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata as catro e media, 16.30.

Boa tarde.

*Suspéndese a sesión ás dúas e cincuenta e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.*

### ***Cambio no desenvolvemento da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos a sesión cunha alteración da orde do día, tal e como foi comentado xa. En concreto, adiantando unha pregunta ao Goberno.

### **Pregunta de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Ben, boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, señor Rueda.

A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, contempla —como vostede ben sabe— a obrigatoriedade dos plans de igualdade para a Administración autonómica, tamén para os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e tamén para os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Pois ben, se vostede lembra ben, o día 25 de abril do 2017 foi presentada ao debate do Pleno da Cámara unha proposición non de lei, por parte deste Grupo Socialista, para coñecer o estado dos traballos para a posta en marcha urxente do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia.

A iniciativa, —lémbrollo— non acadou o apoio do grupo do Goberno, e quero lembrarlle aquí que, en concreto, foi pola negativa do Grupo Popular para solicitar a redacción dun informe que puxera de manifesto o feito ata o momento; negáronse. ¿E sabe vostede por que se negaron? Porque ese informe era tanto como recoñecer a Xunta que non fixera nada.



No día de hoxe —marzo de 2019— a realidade é que o plan de igualdade segue sen ser unha realidade vinte e tres meses máis tarde da nosa iniciativa, e sorprende cando vemos que, con motivo do 8 de marzo do pasado ano, o señor Feijóo xa anunciaba a aprobación «inminente» —esta foi a verba empregada: «inminente»— do I Plan de igualdade da Administración galega. Levamos, polo tanto, case doce anos agardando por unha medida que permita conquistar o obxectivo de igualdade laboral entre mulleres e homes e a eliminación da discriminación por razón de sexo.

Tendo en conta que é a propia Administración pública a primeira que é incapaz de cumprir coas obrigas da lei, non estraña que no 2017 apenas un dez por cento das empresas españolas con máis de douscentos cincuenta traballadores cumprisen coa Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

O 4 de xullo do ano 2017 a Comisión Interdepartamental de Igualdade acordou elaborar o I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia. E no 12 de marzo de 2019, máis de vinte meses despois, seguimos agardando pola súa aprobación e posta en marcha, sen ningún tipo de noticia ao respecto.

Porque xa non entendemos ben que significa «inminente» na linguaxe deste goberno, hoxe preguntámoslle, señor Rueda: ¿canto máis tempo pensa o Goberno da Xunta de Galicia demorar a posta en marcha do I Plan de igualdade da Administración xeral da Xunta de Galicia? ¿Canto máis tempo vai adicar este goberno a incumprir as súas promesas? (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pierres, efectivamente, no pleno deste parlamento do 25 de abril xa se debateu unha PNL, e vostede reflectía o contido na pregunta que fai, pero nós votamos en contra; vostedes o que pedían era que pasaran dous meses máis, facer un informe e, a partir de aí, cumprir cunha obriga legal. E o que fixo o Goberno foi cumprir con esa obriga legal e, polo tanto, poñerse a traballar na elaboración dese plan; de feito, no mes de xullo, a Comisión Interdepartamental aprobou formalmente o inicio da elaboración dese plan, e é o que se veu facendo ata agora.

No que non estou de acordo, e gustaríame deixalo claro nesta primeira contestación á súa pregunta, e o que eu entendo da súa formulación é que, mentres non existira ese plan de igualdade —efectivamente, concordo con vostede—, está, por lei, a administración da Xunta de Galicia obrigada a facelo —como tal administración da Xunta de Galicia—, é en que non se estiveran facendo cousas, e que, polo tanto, a situación de desigualdade fora patente e que diso se derivaran prexuízos moito maiores.



Si que se estiveron facendo cousas, eu simplemente quero recordarlle que, á parte desa diagnose que se estivo facendo —e é obrigatorio facer esa diagnose antes de aprobar o plan; está na mesma lei que vostede cita—, non partiamos de cero, nin moito menos, e iso foi o que tamén permitiu que ese traballo de diagnose se fora facendo dun xeito serio, dun xeito que permitira avaliar unha administración tan ampla, tan complexa como a Xunta de Galicia, para elaborar unha proposta de plan de igualdade que fora axeitada e, sobre todo, que puidera funcionar e que fora realista. Pero é que quero recordarlle que no ano 2014 —creo que é xusto recoñecelo— se implantou a flexibilidade e o teletraballo, que é parte importante dunha igualdade que agora se reflicte na diagnose que se está facendo na Administración da Xunta de Galicia. Fomos pioneiros naquel momento; no día de hoxe, practicamente todo aquel —e foron moitos miles de traballadores, e sobre todo traballadoras— que se quixo acoller a estes plans está facéndoo con normalidade dentro da Xunta de Galicia.

No 2017 —quero recordarllo tamén— aprobouse o Decreto de formación do persoal da Administración autonómica en materia de igualdade e de violencia de xénero; creo que tamén foi pioneiro entre as administracións autonómicas nese momento. En 2018 sabe vostede que se ampliaron as baixas por maternidade a vinte e dúas semanas; agora é certo que hai unha lexislación no nivel estatal que, por certo, non entrou en vigor polas razóns que expuxo o Goberno nacional hai pouco tempo, pero que pode ser aínda máis ampla ca esa, e hai unha cláusula que di que, ante calquera normativa que poida ser máis beneficiosa nese sentido, a Administración autonómica se adaptará a ela. Polo tanto, fixéronse cousas tamén: o Plan estratéxico 2017-2020 de igualdade de oportunidades e o Plan 2018-2021 de conciliación e responsabilidade establecen medidas.

¿Que lle quero dicir con isto? Que non se perdeu o tempo mentres se elaborara esa diagnose, que é obrigatoria por lei, e que, polo tanto, se avanzou en igualdade. E agora o que toca é, loxicamente —como vostede di—, cumprir esa obriga legal de aprobar o I Plan de igualdade na Administración autonómica. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Réplica, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Si, señor Rueda, vostedes levan dez anos no Goberno e, polo tanto, case dez anos incapaces de implementar o I Plan de igualdade da Administración autonómica. *(Aplausos.)*

¿Quere que lle lembre cantos anos estivo o Partido Popular —por exemplo— gobernando na Deputación de Pontevedra na época democrática? Trinta e tres anos; e, dende que se aprobou a Lei do traballo en igualdade, oito anos. ¿Sabe cantos anos leva o Partido Socialista gobernando a Deputación de Pontevedra? Algo máis de tres anos. ¿E sabe canto tempo precisou para poñer en marcha o primeiro plan de igualdade desta institución? Pouco máis de dous anos. ¿E sabe como o fixo? Poñendo a igualdade no centro das súas políticas. É así de sinxelo. *(Aplausos.)* Marcouno como unha prioridade e púxose a traballar dende o primeiro momento. É máis, a Deputación de Pontevedra non só aprobou o I Plan de igualdade aos dous anos do seu mandato, senón que foi o primeiro plan da Administración pública española que se ela-



borou con base nunha auditoría laboral de xénero. Unha obriga que, por certo, é xa para todas as administracións a raíz do Real decreto lei sobre igualdade laboral que o Goberno aprobou esta pasada semana.

Ese é o compromiso real coa igualdade: non facer simplemente as cousas porque, efectivamente, sexan obrigas legais, senón facer todo o posible por —incluso— melloralas, para que a igualdade se consiga de modo real e se contribúa de forma firme a erradicar todas as desigualdades entre mulleres e homes, comezando polo exemplo da propia administración.

¿Ve a diferenza entre os que din que fan e os que realmente fan as cousas? ¿Ve o que significa estar comprometido coa igualdade e o que non? ¿Ve como non se pode falar de que algo é inminente cando nin se teñen comezados os traballos? Por iso, eu vólvolle preguntar: ¿canto máis terán que agardar as mulleres e os homes que traballan na Administración autonómica galega a que vostedes poñan as pilas da igualdade?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Peche da pregunta, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Si, señora Pierres, non me entendeu —está claro— na primeira parte da miña intervención; iso de que os traballos non están iniciados... Claro, certos traballos están iniciados. Primeiro —vólvolle dicir—, a diagnose é obrigatoria por lei; é o que se fixo ata o de agora, tendo moito traballo avanzado. E vostede di que a Deputación —niso serve de exemplo, doutras cousas que teñen que ver coa colocación de traballadores non quere nin falar— tardou dous anos; pois ao mellor é que tiña cousas feitas anteriormente que lle permitiron facer ese traballo rápido. (*Risos.*) A Xunta de Galicia, dende logo, fixo ese traballo, e citeille exemplos; non estivemos de brazos cruzados en absoluto. Estívose facendo ese traballo e, polo tanto, pódolle dicir que agora, neste mesmo mes de marzo, ese traballo elaborado se lle vai trasladar a quen primeiro ten que velo: ao entender da Xunta de Galicia, os representantes dos traballadores e traballadoras da Xunta de Galicia aos que vai afectar ese plan de igualdade; é dicir, os sindicatos con representación.

Darémolles traslado dese plan e, loxicamente, aínda non está aprobado porque agora empeza xa a súa fase final polos representantes dos traballadores. Estamos pendentes das súas alegacións e, inmediatamente, por suposto, daremos tamén conta neste parlamento, e neste mesmo ano o primeiro plan de igualdade estará elaborado, e agardamos que en vigor. Un plan realista, un plan ben feito, un plan feito despois dunha diagnose que analizou unha administración —perdoe que lle diga— bastante máis complexa que unha deputación, con todos os respectos e con todas as diferenzas —estamos falando dunha plantilla de case cen mil persoas—, e que intentaremos que reflecta, para poder aplicarse dende o primeiro momento, todos aqueles extremos, todas aquelas circunstancias que un plan de igualdade ben feito ten que ter.



Recórdolle que dende o ano 2015 é obrigatorio facer este tipo de plans, e xa moito antes a Xunta de Galicia —insisto— estaba traballando; pero dende ese momento e, sobre todo, a partir do ano 2017, cando se tomou ese acordo na Comisión Interdepartamental, estívoe traballando para esa diagnose. O plan xa está elaborado, trasladóuselles aos sindicatos e neste mesmo ano entrará en vigor, agardo que co consenso e a colaboración tamén dos grupos políticos da oposición.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Continuamos co punto segundo da orde do día.

**Comparecencia do Sr. conselleiro de Cultura e Turismo, por petición propia, para informar da posta en marcha dos novos plans e medidas en materia de turismo**

**O señor PRESIDENTE:** Para substanciar esta comparecencia ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, don Román Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Moi boas tardes, presidente.

Señorías.

Comparezo hoxe nesta cámara para dar conta do traballo que estamos desenvolvendo en materia de turismo e tamén en materia dos traballos realizados na preparación do próximo Xacobeo.

Hai apenas seis meses asumimos a responsabilidade nesta nova consellería, sendo conscientes da importancia do turismo para Galicia. Estamos ante unha actividade que supón ao redor do 10,4 % do noso produto interior bruto e tamén ao redor do 11 % dos postos de traballo.

Os datos máis recentes de Exceltur mostran que o emprego vinculado co turismo crece a un ritmo do 7 % interanual, acadando os cento dez mil postos de traballo. No ano 2017, a aportación turística á nosa economía superou os seis mil trescentos millóns de euros, cun incremento do 9,6 respecto ao ano anterior. Ademais, só no ano 2018 se crearon catrocentas catro novas empresas de servizos, amosando o novo pulo e dinamismo que está a vivir o sector. Todas estas cifras deixan claro que estamos ante unha actividade en expansión, unha peza estratéxica para o presente e tamén para o futuro de Galicia.

Pero o turismo é máis que un motor económico. Cada ano millóns de visitantes chegan a Galicia, e chegan a Galicia atraídos polas nosas costas, polo noso rural, polo noso patrimonio, pola nosa gastronomía...; cada un destes visitantes transfórmase, en definitiva, nun embaixador da nosa terra. Persoas visitantes que deixan en Galicia unha parte do que son pero levan consigo tamén unha parte do que somos.



Estas dúas facetas, sector económico e imaxe de Galicia, definen o noso modelo: un modelo turístico de calidade, cunha oferta rica e diversa que se estende durante todo o ano; un modelo turístico sustentable, comprometido co medio ambiente, a cultura e o desenvolvemento do territorio, e un modelo turístico rendible, que achega beneficio para as nosas empresas, crea postos de traballo e fixa poboación ao territorio.

Este, en definitiva, é o noso obxectivo: construír a mellor Galicia para visitar, que é tamén a mellor Galicia para vivir.

O pasado ano 2018 acercounos un pouco máis a este obxectivo. Ao longo deste ano Galicia rexistrou 4,8 millóns de turistas. Estamos ante o segundo mellor ano da nosa historia, consolidando as extraordinarias cifras do lustro, no cal o número de visitantes creceu máis dun 26 %. O número de pernoctacións superou os dez millóns, o gasto do turista interno creceu a un 9,100 % con respecto o ano anterior e o do turista internacional creceu nun 3,8 %. Tamén aumentou a rendibilidade hoteleira nun 2,6 % só no último ano. En visitantes —e na comparativa co resto das comunidades autónomas de España—, Galicia ocupa a oitava posición. E non é un dato nada menor, tendo en conta que España é o segundo país máis turístico do mundo. Estamos só por detrás daquelas comunidades autónomas onde o turismo ten un peso moi significativo: Cataluña, Baleares, Canarias, Andalucía e outras. Noutras variables, como, por exemplo, tamén a evolución da estadia media, somos os primeiros. Temos un crecemento do 3 %, superando amplamente a tendencia española —que, por certo, no último ano foi negativa—.

Señorías, o Camiño de Santiago tamén nos deixa boas novas. No ano 2018 chegamos a máis de 320.000 peregrinos con Compostela, un crecemento do 8,6 %. E a verdade é que son moitos máis os que chegan a Galicia. Algunhas fontes din que o triplo, que hai o triplo de peregrinos que os que obteñen a Compostela.

Á súa vez, o Camiño ten un carácter cada vez máis internacional: o 65 % dos peregrinos son estranxeiros, nun mapamundi que chega a arredor de 180 países. No ano 2018, ademais, fomentouse a repartición dos fluxos en todos os itinerarios, crecendo moi especialmente o Camiño portugués —de feito, acada o 25 % dos peregrinos, sendo o segundo tras o Camiño francés—. Tamén avanzamos a nivel turístico na desestacionalización. De feito, 6 de cada 10 turistas chegan fóra dos meses centrais do verán. E a tempada baixa é a que máis medra, medra un 8,2 % respecto do ano anterior.

En definitiva, estes datos confirman que Galicia cada vez ten máis que ofrecer, e, sobre todo, ten máis que ofrecer durante todo o ano.

Desde unha perspectiva cualitativa, o ano 2018 supuxo tamén unha mellora, unha mellora no crecemento do gasto dos turistas, no aumento da creación de empresas e na suba dos ingresos do sector hoteleiro. Ambos factores, cuantitativos e cualitativos, demostran que continúa a boa marcha do sector.

As variables cuantitativas fálannos dunha Galicia que atrae cada vez máis xente, e as variables cualitativas dan conta dun destino que, ano tras ano, é máis competitivo, sostible e de





maior calidade. É un sector tamén cada vez máis desestacionalizado, fóra dos meses do verán. E para iso contamos con produtos de marca baseados nos recursos endóxeos e tamén cun sector cada vez máis internacionalizado, cunha porcentaxe maior de turistas estranxeiros e que mantén a cultura, a paisaxe e a gastronomía como principais referentes.

Este balance positivo do pasado ano non fai máis que incrementar o reto co que nos enfrontamos no ano 2019, no actual ano: por un lado ser capaces de consolidar as boas cifras, traballando por un destino cada vez máis atractivo para os visitantes nacionais e internacionais; por outro, seguir definindo o noso modelo turístico, incrementando o compromiso co territorio e o aproveitamento dos nosos recursos. En definitiva, que os galegos non só teñamos unha fonte de riqueza, senón tamén unha fonte de orgullo como país, do moito e bo que temos como país.

Señorías, hai apenas seis meses trazamos nesta Cámara as liñas xerais da Consellería de Cultura e Turismo, unhas liñas ambiciosas para facer fronte a estes retos que temos por diante. Nesa comparecencia anunciamos, entre outras cuestións, dúas grandes medidas no ámbito do turismo e que xa puxemos en marcha: por unha parte o Plan MAT e, por outra, a Estratexia Galicia Sabe.

O Plan MAT —mellora de aloxamentos turísticos— aposta directamente pola calidade. Trátase dun paquete de accións e de liñas de axudas que apoian os aloxamentos turísticos para modernizar os seus equipamentos, infraestruturas e servizos. Estamos ante unha acción transversal na que están implicados cinco departamentos autonómicos. O Plan MAT busca fidelizar os visitantes, incrementar os períodos de estancia e, por suposto, os gastos por turista. Isto ten, obviamente, unha repercusión directa na creación de emprego. E, por suposto, isto mellorará a oferta estimulando a creación de novos aloxamentos en territorios que teñen un alto potencial de desenvolvemento.

O pasado mes de xaneiro xa puxemos en marcha as dúas primeiras liñas do plan: a acción Reforma Tur 2019, impulsada polo Igape, para a reforma de establecementos hoteleiros; e a orde de axuda, impulsada pola Axencia de Turismo, para a mellora das infraestruturas de aloxamento, accesibilidade e renovación das súas instalacións. Estas dúas primeiras liñas do MAT foron dotadas con catro millóns de euros e beneficiarán a máis de quíntos establecementos hoteleiros.

Durante estes meses tamén puxemos en marcha a Estratexia Galicia Sabe, unha iniciativa que busca impulsar a moi boa tradición culinaria que ten Galicia, e tamén os produtos autóctonos; sendo, como todos vostedes saben, a gastronomía un dos principais reclamos turísticos de Galicia. Ademais, esta estratexia potenciará a competitividade e o emprego no sector primario, unha estratexia que marcará unha folla de ruta e definirá prioridades e accións no eido do turismo enogastronómico. Farao xerando riqueza en toda a cadea de valor e impulsando o recoñecemento, a protección e difusión da cultura gastronómica galega.

Galicia Sabe foi presentada en xaneiro no Consello da Xunta e xa dispoñemos dun primeiro diagnóstico, un paso indispensable para o establecemento de medidas que impulsen o papel líder de Galicia neste ámbito. Temos accións como a creación dun mapa galego de recursos



enogastronómicos, o desenvolvemento dun plan de dinamización turística de zonas vitivinícolas —especialmente das zonas DO—, e o impulso de novas zonas gastronómicas tematizadas —por exemplo, as rutas do queixo ou do mel, a ruta do marisco e outras—.

Ademais destes dous grandes plans, o MAT e a Estratexia Galicia Sabe, xa postos en marcha, quero anunciar que nos próximos meses presentaremos a Estratexia de Turismo Rural, unha iniciativa que busca aumentar a oferta turística con novas experiencias que poñan en valor o noso rural, aproveitando para iso os seus recursos propios —a paisaxe, a gastronomía ou a cultura—, buscando o fomento de sinerxías co sector primario e apostando por un modelo desestacionalizado, comprometido co medio ambiente e co desenvolvemento do territorio.

Entre outras medidas, a Estratexia de Turismo Rural, implementará unha nova clasificación dos establecementos en función da súa calidade e dos seus servizos, cun ránking de estrelas semellante ao que existe actualmente para os hoteis. ¿Por que? Porque queremos mellorar a profesionalización destes establecementos, queremos fomentar a difusión e a promoción dos seus servizos, a súa equiparación ao resto de infraestruturas de aloxamento turístico. E tamén queremos apostar e dar unha maior seguridade a clientes e propietarios.

A posta en marcha destes tres grandes plans complementábase cunha ducia doutros programas turísticos que crean novos produtos que diversifican a nosa oferta, ou dan continuidade a accións que xa están en marcha e teñen o seu éxito probado en anteriores edicións. Moitas destas propostas foron recentemente expostas en Fitur, o principal foro turístico de España, onde a presenza galega volveu ser destacada. En Fitur presentamos accións como o percorrido polos cascos históricos, e tamén novas accións como a ruta marítima sobre a pegada fenicia, ou a primeira ruta atlántica de turismo de mergullo —en colaboración, neste caso, con outras rexións do arco atlántico, como Portugal, Reino Unido ou Irlanda—. Tamén presentamos outros produtos xa consolidados: a ruta da camelia, o tren turístico, o plan termal e outras máis. Iniciativas, todas elas, que completan unha oferta de primeiro nivel, diversa e de calidade, e que afonda na desestacionalización e no valor de Galicia como destino, acañando tamén unha maior difusión polo conxunto do territorio.

A acollida do *stand* de Galicia en Fitur foi extraordinaria. Polo expositor pasaron máis de 76.000 persoas, realizáronse máis de corenta presentacións e mantivemos contacto con máis de douscentos xornalistas especializados, xornalistas de distintas nacionalidades. E o *stand* tamén serviu de base para o sector empresarial, que levou a cabo múltiples encontros de negocio. En definitiva, un balance moi positivo nun evento que cada ano supón o inicio das actividades de promoción de Galicia en todo o mundo.

Estes programas de estratexia, señorías, dan proba do traballo realizado co obxectivo de consolidar o modelo turístico galego, un modelo comprometido a nivel cultural, socioeconómico e medioambiental; un modelo que aproveita os recursos do noso país xerando valor en toda a cadea e creando riqueza e emprego en todas as comarcas e concellos onde se desenvolve.

Ademais destas liñas de acción, no noso horizonte preséntase un gran reto, un enorme reto: a organización do Xacobeo 2021. Hai uns meses presentabamos nesta Cámara un proxecto



ambicioso que se sustentaba, entre outros elementos, nunha arquitectura participativa, un proxecto transversal que quere implicar a todas as institucións, entidades e cidadáns de Galicia nun gran proxecto común, un Xacobeo do que todos os galegos debemos sentirnos parte. E para conseguilo reunímonos coas principais institucións do país e iniciamos accións para darlle verdadeira voz e verdadeira participación á sociedade civil nesta planificación.

Ao longo destes meses organizamos numerosas reunións e encontros.

Primeiro —a nivel local— sentámonos coa Fegamp, coa que expuxemos as oportunidades e os retos que nos presenta colectivamente o Xacobeo 2021, especialmente para os concellos, e firmamos un protocolo de colaboración para coordinar as tarefas de mantemento e seguridade no Camiño. Reunímonos cos alcaldes da Vía da Prata, itinerario que este ano centraliza numerosos investimentos, seguindo o Plan director dos Camiños. Tamén nos sentamos coa Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés, que segue a ser, sen dúbida, o itinerario máis transitado e que ten que estar preparado para o aumento dos fluxos que se esperan no ano 2020 e no ano 2021.

Ademais, convocamos tamén un encontro con institucións e entidades do ámbito cultural e turístico de Santiago, abordando os retos e oportunidades que suporá para Santiago de Compostela o feito de ser a gran meta e destino das peregrinacións no ano 2021.

No ámbito autonómico, continuou convocándose a Comisión Interdepartamental. E aquí aprobouse o decreto para os beneficios fiscais, aprobouse o manual de uso da marca, e aprobáronse tamén as liñas estratéxicas para a redacción do Plan estratéxico do Xacobeo. Reunímonos en múltiples ocasións co sector turístico a través do seu *cluster*, dando continuidade á colaboración público-privada que tan bos resultados ten dado ata agora. Fixemos un gran encontro con todos os xeodestinos para estudar a potenciación das súas singularidades e as oportunidades que presenta o Xacobeo para xerar riqueza en todo o territorio. Reunímonos cos reitores das tres universidades galegas, que, sen dúbida, van xogar un papel crucial no desenvolvemento deste evento. Convocamos un encontro coas asociacións de amigos do Camiño, no que propuxemos a creación dunha mesa para colaborar todos neste indispensable labor. E tivemos tamén o primeiro encontro nunha mesa de traballo no Parlamento de Galicia con representantes de todos os partidos desta Cámara, aos cales agradezo a súa presenza; un encontro que supuxo só unha primeira toma de contacto. Volveremos reunirnos, se vostedes o teñen a ben, a finais deste mes, e unha vez estea adxudicado o Plan estratéxico do Xacobeo, un plan que pronto comezará a etapa de redacción e aportacións públicas buscando construír un documento que represente a todos. Por suposto, este documento e este plan traerémolo a esta Cámara para a súa aprobación no segundo semestre deste ano.

Os encontros continuaron no ámbito estatal. Reunímonos coa Delegación do Goberno en Galicia, na Mesa de Seguridade Viaria dos Camiños de Santiago. E aquí propuxemos colectivamente e conxuntamente crear un plan operativo que garanta a protección e a atención de posibles continxencias derivadas do aumento previsible do fluxo de emigrantes. Encontrámonos en diversas ocasións coa ministra de Industria, Comercio e Turismo, á que demandamos que todas as comunidades autónomas de España polas que pase o Camiño de Santiago poidan participar no Consejo Jacobeo. E tamén lle pedimos que a próxima reunión deste Con-



sejo teña lugar en Santiago, o máis rápido posible. Por suposto, tamén llo solicitamos ao Ministerio de Cultura. E ao Ministerio de Cultura tamén lle pedimos —cunha boa resposta— que houbera un compromiso do Estado na organización do Xacobeo 2021 e o apoio ao plan de BIC do Camiño de Santiago que se lle presentou no seu momento ao dito ministro.

Asistimos a Conestur, que é, sen dúbida, o principal foro turístico de España e que reúne todas as administracións públicas e o sector privado, apostando por involucrar a todos os participantes nesta efeméride.

Así mesmo, en diferentes foros plantexámoslle ao Goberno de España a necesidade de comezar a planificar a mobilidade no sistema aeroportuario e ferroviario de Galicia, tendo en conta a chegada do AVE a Galicia no ano 2020 e tendo en conta a propia celebración do Xacobeo; o cal vai xerar un enorme fluxo e uns enormes cambios na mobilidade intraautonómica.

A nivel internacional estamos poñendo en marcha grandes proxectos a través de convenios e contactos con algunhas das máis prestixiosas institucións culturais do mundo, como, neste caso, o firmado recentemente coa Universidade de Nova York. E mañá mesmo continuaremos coa axenda internacional, reuniremonos co ministro de Economía de Portugal, co que trataremos accións conxuntas no Camiño Portugués e no marco da celebración do próximo ano santo. Esta intensa axenda de encontros ten como obxectivo recoller e involucrar todas as aportacións posibles e todos os puntos de vista dentro da gran programación que ten que ser o Xacobeo 2021.

Seguindo coa arquitectura participativa, puxemos en marcha dúas grandes medidas para recoller e favorecer as achegas de todos. Por unha parte, o programa de beneficios fiscais; e, por outra, a convocatoria aberta de proxectos O teu Xacobeo. O programa de beneficios fiscais foi impulsado no seu momento polo Consejo Xacobeo, por proposta de Galicia. E foi aprobado nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018 —recordarán, señorías—, antes da chegada de Pedro Sánchez ao Goberno, cando a estabilidade posibilitaba aprobar orzamentos. E estes orzamentos non só investían notablemente en Galicia senón que tamén eran positivos para os cidadáns; e posibilitaron —por certo, afortunadamente— aprobar o programa de beneficios fiscais.

Naqueles orzamentos reconeceuse o excepcional interese público do Xacobeo e aprobouse a liña de patrocinios. Deste xeito, calquera persoa física ou xurídica que queira apoiar o Xacobeo 2021 recibirá os máximos beneficios fiscais establecidos pola lei.

Permítanme que explique con brevidade e con concisión cales son os beneficios fiscais aos que poden acollerse. Podemos dividir os patrocinios en varias categorías: convenios, doazóns e deducións por publicidade. Os convenios de colaboración consisten en aportacións directas para financiar unha actividade. Estas aportacións deducirán o cen por cento da cantidade satisfeita sobre a base imponible do imposto de sociedades, no caso de persoas xurídicas, e sobre o rendemento neto, no caso de persoas físicas. Como contraprestación á aportación do mecenas, obviamente, difundirase a súa colaboración e imaxe na actividade, ligándose neste caso á marca Xacobeo 2021. Por outra banda, están as doazóns, que poden ser económicas, de bens ou de dereitos. Neste caso as persoas xurídicas poderán deducir o 40 % da



cota íntegra do imposto de sociedades; e as persoas físicas, o 80 % do aportado ata os 150 primeiros euros, para favorecer o micromecenado; e o 35 % do resto —sempre falando da cota íntegra—. Tamén haberá deducións fiscais por gastos de publicidade. Nestes casos, a cantidade potencialmente desgravable pode chegar a supor o 90 % relativo ao 15 % do que unha empresa inviste en materia de promoción de publicidade. Sen dúbida, esta modalidade está chamada a ter un enorme protagonismo. Ademais, hai outras aportacións que tamén implican deducións nos impostos sobre transmisións patrimoniais, actividades económicas, taxas locais, etc.

Como saben as súas señorías, pódese participar neste programa dende o pasado 1 de outubro do ano 2018 ata o 30 de setembro do 2021. E nós pensamos que é unha oportunidade extraordinaria para formar parte do Xacobeo 2021 apoiando os proxectos que realmente interesan a cada un.

A segunda gran medida para construír un Xacobeo participativo e implicar a toda a sociedade galega foi unha convocatoria de proxectos: «O teu Xacobeo», un programa que iniciou a recepción de propostas o pasado 14 de xaneiro e que durante un mes recolleu as iniciativas de cidadáns, entidades privadas, asociacións, concellos, colectivos, etc. Hoxe, señorías, xa podemos facer un balance deste programa e entendemos que foi un rotundo éxito. Hai 653 solicitudes presentadas, que se dividen en: 119 procedentes de concellos e entidades locais, 188 de entidades privadas e 346 solicitudes que proceden de asociacións e entidades sen ánimo de lucro. Estas cifras mostran a gran implicación e o gran interese de todos os sectores da sociedade e a importancia que a sociedade galega lle dá ao Xacobeo 2021.

Señorías, a última vez que comparecín nesta Cámara algúns deputados da oposición poñían en dúbida a relevancia do Xacobeo e cualificábano como unha especie de simple acto de propaganda do Goberno. Dicían que a sociedade galega lle ía dar as espaldas. O resultado desta convocatoria aberta á sociedade galega, á sociedade civil, demostra que os galegos e as galegas entenderon que este é un acontecemento fundamental. Comparten con nós a importancia deste proxecto transversal e de país, e demóstrano coa súa implicación. Estes 653 proxectos que se están avaliando garanten que este será o Xacobeo máis participativo da nosa historia, un Xacobeo do que todos poderemos sentirnos parte.

Señorías, ademais da arquitectura participativa, a planificación do ano santo require de importantes investimentos, investimentos que prepararán Galicia para a gran chegada de visitantes, de peregrinos e, sen dúbida, para o gran aumento de fluxos turísticos polo conxunto do país. Este esforzo orzamentario comezou a facerse realidade, e fíxoo, hai escasos días, coa licitación de oito grandes contratos para a conservación e mantemento dos camiños de Santiago en toda Galicia; un investimento de 15,6 millóns de euros que chegará a 121 concellos e que se estenderá por máis de 1.250 quilómetros en todas as rutas. Os contratos inclúen actuacións de vixilancia, atención a incidencias e a conservación ordinaria do trazado co obxectivo de conservar os valores patrimoniais e a seguridade do peregrino. Ademais dos contratos de mantemento do Camiño, no ano 2019 tamén investiremos tres millóns de euros no acondicionamento e sinalización da Vía da Prata, un itinerario que se especializará para cubrir as necesidades dos peregrinos a cabalo.





Señorías, trátase de fortes investimentos, investimentos que non só prepararán os camiños para o ano santo senón que queremos que os seus efectos se estendan máis alá do ano 2021, deixando así un Camiño máis e mellor preparado para a próxima década. Con este mesmo obxectivo investimos na construción de novos albergues nas diferentes rutas. Así, temos os recentemente finalizados: en Friol, no Camiño primitivo —300.000 euros—; o de Ourense, inaugurado recentemente, cun investimento de 820.000 euros, na Vía da Prata; tamén está a piques de abrirse o albergue de Ordes, no Camiño inglés, cun investimento de arredor de 600.000 euros; pronto se licitará o gran albergue de Vigo, cun investimento superior a 1 millón de euros; e, por último, tamén podemos anunciar que estamos xa traballando na creación dun novo albergue na Vía da Prata especialmente habilitado para peregrinos a cabalo.

Ademais do traballo nos camiños, tamén se están a realizar fortes investimentos na conservación e posta en valor de moitos dos bens patrimoniais que están ao carón dos camiños. Dentro deles, e moi especialmente, como meta de todas as peregrinacións, temos a catedral de Santiago. Por certo, aproveito este momento para condenar o atentado patrimonial que se realizou na noite de hoxe coas pintadas que se fixeron nas diferentes fachadas da catedral.

Dicía que estamos asumindo e desenvolvendo na catedral un paquete moi intenso, moi forte, de obras, quizais as máis importantes da nosa historia recente. Neste momento temos xa o 21 % das obras rematadas e certificadas. Temos o 48 % das obras en execución. O ano 2019 é un ano tremendamente complexo para a basílica xacobeá, xa que se están acometendo os investimentos e as intervencións máis duras, que obrigan, como vostedes saben, a suspender o culto en determinados momentos. E temos tamén o 11 % en proceso de licitación. Quédanos, iso si, o 20 % restante, do que aínda non se iniciou a licitación pero no que xa estamos cos proxectos técnicos e coa redacción de proxectos para poder ter no ano 2021 a catedral de Santiago —para dicilo dun xeito moi coloquial— en perfecto estado de revista. Entre todos estamos, sen dúbida, facendo un gran esforzo para que este edificio sexa, sen dúbida, unha gran fonte de orgullo para todos os galegos e que estea preparada para o ano santo xacobeo.

No ámbito das infraestruturas temos tamén que destacar o Monte do Gozo. Estamos ante un elemento icónico do xacobeo que durante moitos anos foi un dos puntos centrais da celebración do ano santo. Nestes días firmárase o contrato definitivo de adxudicación e reforma que dará comezo a unha nova etapa na vida deste espazo. E, ademais, hoxe queremos anunciar que continuarán as obras de limpeza e mellora da iluminación deste recinto, centrándonos de xeito inmediato no contorno do monumento de Juan Pablo II. Crearase un bosque de camelias, como un recurso turístico, potenciando un concepto tan galego como o de xardín de inverno. Habilitarase un novo espazo pensando especialmente no coidado dos cabalos, fundamentalmente dos peregrinos que realizan dese xeito o Camiño. E realizarase unha importante ampliación do auditorio, que en dúas fases chegará ata os 40.000 usuarios, ata as 40.000 persoas, que poidan asistir aos eventos que se realizan no Monte do Gozo. Estas intervencións, xunto coas que está levando a cabo neste caso a Consellería de Infraestruturas no ámbito da seguridade viaria, suporán unha nova revitalización dun espazo senlleiro que, sen dúbida, volverá vivir os seus grandes momentos durante os próximos anos. *(Aplausos.)*

A estes grandes investimentos en infraestruturas xúntase o impulso de grandes eventos, grandes eventos que teñen por finalidade promocionar e poñer a Galicia no punto debido,





por suposto, a nivel español e tamén a nivel mundial. Neste caso hai que encadrar accións como a segunda edición de O Son do Camiño, que vimos de presentar. Por certo, a primeira edición foi todo un éxito, un éxito sen paliativos, con 84.000 persoas que asistiron ao Son do Camiño, máis da metade de fóra de Galicia. Foi un festival que posibilitou incrementar notablemente a demanda hoteleira de Santiago e da súa contorna próxima, creou emprego para 850 persoas, fundamentalmente galegas, e contou con máis dun 80 % de provedores de empresas culturais galegas. O festival deixou un retorno estimado situado arredor dos 15 millóns. A segunda edición, se me permiten, está chamada a superar este notable éxito. Hai quince días, como vostedes saben, saíron á venda os abonos para esta segunda edición e, se na anterior se venderon 20.000 abonos en pouco tempo, nesta segunda edición vendéronse 25.000 abonos, 5.000 máis que na primeira parte, en pouco máis dunha hora. Isto demostra a enorme resposta, o gran interese que ten esta iniciativa, que está poñendo o noso país no circuíto internacional dos grandes festivais de música e atraendo moitísimas persoas tamén de fóra. *(Aplausos.)*

Moitos destes grandes investimentos estanse concentrando en Santiago, non pode ser doutro xeito. É o punto de encontro de todos os camiños. Pero o Xacobeo 2021 será un acontecemento que se celebrará e que repercutirá en toda Galicia. Farémolo cunha intensa programación turística e cultural que chegará non só ás sete cidades, non só aos 121 concellos polos que pasan os camiños, senón que se estenderá polo conxunto do territorio, polo conxunto de Galicia, abrindo unha oportunidade única para dinamizar todos os concellos e todas as comarcas de Galicia.

Señorías, non partimos de cero, nestas propostas non partimos de cero. Existía un moi bo traballo previo en materia turística e queremos seguir traballando nesta liña. E querémolo seguir facendo para consolidar o gran crecemento turístico dos últimos anos, querémolo seguir facendo para seguir avanzando cara a un destino de calidade, responsable, que saiba poñer en valor os recursos do noso país e xerar riqueza e emprego. E querémolo seguir facendo tamén para poñer as primeiras pedras, unhas pedras sólidas e de futuro, do gran proxecto que será o Xacobeo 2021.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Xa levan algún tempo con nós e imos aproveitar para saudar os alumnos de 5º de primaria do centro Rosalía de Castro, de Xinzo de Limia, e tamén os profesores, que hoxe están con nós. Benvidos ao Parlamento.

E agora comezamos a rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Boa tarde a todas e todos.

Boa tarde, señor conselleiro.



Ben, eu a verdade é que o primeiro que teño que dicirlle, de parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, é que, cada vez que comparecen vostedes desde o Goberno para falarnos de novos plans e medidas en turismo, o certo é que a música que oímos nos resulta certamente bastante familiar e coñecida. Son eses cantos de serea que vostedes repiten moito pero que, despois, á hora de ilos testar ao territorio, nós o que vemos é que hai moitos plans, moitas promesas de plans, moita repetición de cousas que están a facer, pero realmente pouca planificación e pouca estratexia de fondo, señor Rodríguez. A min gustáronme as súas palabras finais, pero o certo é que, escoitando o resto do contido da comparecencia, creo que iso é máis a retórica que lles poñemos ás comparecencias de turismo, de estratexia e demais, que realmente unha planificación por detrás.

E, comezando por onde o facía vostede, o certo é, señor Rodríguez —e nós así o recoñecemos—, que hai algúns datos que son positivos no escenario do turismo no noso país neste momento. Outra cousa é que nós pensemos que a tendencia xeral positiva que está a vivir todo o noroeste sexa exclusiva do Goberno galego e que non teña que ver nada tampouco coa conxuntura. En todo caso, nós cremos que si hai indicadores que nos deben levar, se non á preocupación, cando menos á previsión e cando menos a unha preparación de cara ao futuro, sobre todo se ampliamos un pouco o foco no marco temporal. Porque o certo é que vostedes tamén, cando fan o balance de 2018, son un pouco cucos. E nalgún indicador fan unha comparación desde o 2015 ou desde o 2016 e non fan unha óptica un pouco máis ampla, porque o certo é que hai algúns dos indicadores que tampouco son tal como vostedes os venden. Por exemplo, se observamos o período 2009-2017, vemos como si descendeu a estadia media en todos os tipos de aloxamentos turísticos, agás os aloxamentos de tipo rural; ou como, aínda que se incrementa o número absoluto de noites tomando de referencia este período 2009-2017, tamén vemos como o incremento total do número de noites en Galiza foi moi inferior ao experimentado no conxunto estatal.

En todo caso, son cuestións para termos aí. Nós tampouco facemos especial fincapé en medilo todo ao peso, que é un pouco unha crítica que lles facemos a vostedes. Pero precisamente entendemos que hai que ampliar un pouco máis o foco e que é evidente que un aumento de turistas pode ser positivo, que un aumento dalgúns indicadores, como o aumento de visitas estranxeiras, é positivo; que hai cuestións, como unha timidísima aínda, para nós, desestacionalización, que as temos que ver, pero que temos que velas como unha oportunidade e non como un simple escenario no que non intervir en cuestións máis estratéxicas, de fondo, e continuar a navegar nesa conxuntura sen definir un horizonte colectivamente.

E nós o que pensamos é que temos que facernos unha pregunta, e é se estamos aproveitando estas oportunidades, estas cuestións que nos permitirían cambiar cousas de futuro. Realmente pensamos que non. E lamentamos ter que dicilo, porque nós pensamos que a actividade turística non só é unha parte fundamental da nosa economía —aínda que pensamos que non debe ser a única, tamén nos preocupa a terciarización cara á que camiña este país— senón que tamén é a nosa carta de presentación internacional e o modelo de país e de futuro. Polo tanto, entendemos que hai que apostar por un modelo propio neste contexto globalizado.

Preocúpanos que pareza que vostedes non queiran ir máis alá do monocultivo do Camiño de Santiago. Eu insisto, a nós parécenos importante o Camiño de Santiago pero preocúpanos



un pouco que monopolice o 99,9 % das cuestións que vostedes poñen enriba da mesa. E tamén sentimos a necesidade de apostar de forma rigorosa por un produto máis diversificado, que haxa tamén unha política de reequilibrio territorial e que, vendo os seus propios datos, vemos como Ourense, por exemplo, ten o 7 % das visitas. Loxicamente Lugo e Ourense necesitan aínda máis políticas de reequilibrio. E tamén necesitamos ver as necesidades do turismo en conxuntura con outras necesidades que ten este país; por exemplo, en canto a infraestruturas.

E por ir entrando nalgunha cuestión das que vostede dicía —pensando, por exemplo, no Camiño de Santiago—, nós queremos deixar algunha reflexión aquí enriba da mesa. Primeiro, que non é ouro todo o que reloce e non todo son boas novas. Porque vostedes practican sempre un discurso moi triunfalista co Camiño de Santiago, e poderíamos falar tamén doutros estudos e doutras visións, das voces críticas que hai diante de como se está a levar este aumento de camiñantes. E desde un punto de vista económico tamén podemos relativizar cal é o peso real que ten na economía galega o Camiño de Santiago. Primeiro, porque é un turismo de baixo impacto económico. Segundo, porque a realidade tamén fala por si soa. ¿Cal foi a mudanza da tendencia demográfica dos concellos polos que pasa o Camiño de Santiago? Pois ningunha. ¿Cal foi a mudanza de dinámica destas poboacións? Pois ningunha. Polo tanto, cremos que podemos afirmar que non está a supoñer significativamente un cambio no desenvolvemento social destas localidades. E igual non ten que selo, teñen que selo outras políticas. Pero, polo menos, avaliemos o que é e o que non é o Camiño de Santiago na súa xusta medida. Iso non quere dicir minusvaloralo.

Nós notamos varias ausencias no seu discurso. Porque volveu vostede falar dos beneficios fiscais —beneficios fiscais que con Fraga xa houbo nalgún momento, tampouco é a máxima innovación política deste goberno nin do goberno central— e notamos bastantes ausencias. Porque levamos desde xullo de 2018 falando destes beneficios fiscais e hai debates importantes para nós que están a quedar atrás. Sobre patrimonio falou vostede dun importante investimento para arranxar os camiños —entendín eu que tamén para a política de patrimonio—. Pero, claro, é que eses 12 millóns, basicamente, que é o que ten Patrimonio na Xunta de Galiza para este tipo de cuestións, é absolutamente insuficiente baixo o noso punto de vista. Como é insuficiente o que se está a facer no Camiño de Santiago respecto doutras cuestións que temos debatido nesta Cámara, desde as franxas de protección ata, por exemplo, as necesidades de seguridade viaria. Hai compromisos, incluso impulsados polo BNG —por exemplo respecto do Camiño portugués—, que, para nós, non están a ser respondidos pola Xunta de Galiza. E esta non é unha realidade que só vexa o BNG, que só vexan asociacións do Camiño. Incluso o propio CES, no seu último informe, sinalaba a necesidade de reforzar investimentos en seguridade viaria, sinalización, aspectos ambientais, protección do patrimonio, etc. E a nós dános a sensación de que a Xunta de Galiza, no canto de liderar ese apoio económico —que a Xunta ten moita máis capacidade de facelo que outras administracións—, non o están a facer.

Falou vostede do Plan estratéxico. E, se non entendín mal —prégolle que mo confirme—, estará no segundo semestre. Nós esperamos que, ao fío dese Plan estratéxico, xa que tamén nos vai custar máis de 60.000 euros, poidamos chegar a acordos. Pero para nós tamén hai moitas cuestións do Plan director do Camiño que están a ser abandonadas e das que temos



pedido reiteradamente o seu cumprimento. Dános a sensación de que, en termos de tempo e cumprimento, non se está a ir ao ritmo adecuado.

E a segunda reflexión sobre o Camiño de Santiago é que, de verdade, non lle restamos importancia, señor Rodríguez, pero é que o Camiño de Santiago non o é todo. E dá a impresión de que van vostedes a golpe de botafumeiro e de que a política cultural, turística e case económica desta comunidade ten que ir baseándose en que o 25 de xullo caia en domingo. Realmente nós pensamos que esa non é a vía, que o produto do xacobeo está asentado xa. Está en fase de conxestión. Temos que abrir outros debates que non sexa se no Gaiás ten que haber un bosque de camelias ou de rosas, que sexan máis profundos, que debatamos como están os fluxos do Camiño de Santiago, se hai que deixar de ampliar as rutas, se hai que, por fin, pechar un mapa dunha vez por todas, e non continuar abrindo debates deste tipo ou de como xestionar algúns dos posibles problemas, unha lista da compra como a que vostede fixo de cuestións que fixeron ultimamente. De verdade que eu, co do albergue de Ourense, xa perdo un pouco a paciencia. Porque non só xa tivemos case dous anos de atraso preguntando un e outro día nesta Cámara, senón que agora imos ter outros dous anos nos que vostedes nos digan que se acaba de inaugurar. En fin, nós pensamos que hai máis cuestións que debater sobre o Camiño de Santiago que vender iniciativas ao peso ou camiñantes ao peso, que nos dá a sensación de que ese é ao final o debate: que ten que haber máis e máis e máis, e cada vez máis. Chegará un punto no que iso podería levarnos a que deixe de ser singular e que sexa pan para hoxe e fame para mañá. Por iso, para nós, a gran ausencia na política da Xunta de Galiza e tamén no seu discurso son esas necesidades de diversificación, que nos dá a sensación de que son unha e outra vez promesas ao aire.

O punto de partida xa para nós non é demasiado positivo, porque esa Estratexia de turismo de Galiza eu quero recordar que non pasou por este Parlamento. Veuse presentar ano e pico despois de que xa fora pública; polo tanto, participación, pouca. Alégrome de que intenten emendar para este vindeiro xacobeo. Pero temos eternos plans dos que nunca máis se soubo nada: do plan estratéxico de márketing, por exemplo; do plan de enogastronomía... Agora vostede falou do «Galiza sabe». Eu non sei se finalmente abandonan esa redacción do novo plan de enogastronomía, porque cada vez que hai unha feira gastronómica hai alguén da Xunta de Galiza anunciando que están traballando nel. Eu xa empezo a desconfiar un pouco.

Pero permítame que lle diga que ten vostede novas responsabilidades pero vellos vicios. Porque o Plan de turismo rural xa parece o Plan de normalización lingüística na mocidade, señor Rodríguez. Porque aínda en febreiro de 2018 compareceu a señora Nava Castro na Comisión 6ª deste Parlamento, e esta deputada preguntoulle por esta cuestión e dixo que era cuestión de semanas. ¡Home si!, semanas son. Podíamos medilo en días, en horas e minutos, pero xa alá vai máis dun ano. Polo tanto, hai retos que para nós están aínda desatendidos.

Falou vostede timidamente da coordinación turística nos aeroportos. Gustaríame saber cal é a proposta que vai levar a Xunta de Galiza nese sentido. Hai outras cuestións, como a profesionalización, ou o reforzo da inspección. E tamén nos preocupa o impacto económico. Agora, por falta de tempo, non poderei entrar a desmontar algunhas das cuestións que nos parece que teñen unha lectura autocompracente e que farei na seguinte quenda. Pero si hai unha cuestión que me preocupou tamén da súa intervención e que o convido a corrixir na



segunda. Unha das preocupacións que ten este país é como atraer máis visitantes estranxeiros, e a min paréceme inaudito que non fixera unha soa referencia a como Galiza vai ter en conta o impacto do Brexit para esta cuestión. Isto é algo que o propio CES tamén, no seu estudo sobre o Brexit...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...incluía respecto do turismo.

E, polo tanto, despois intentarei falar un pouco do impacto económico no emprego. Nós entendemos que, se facemos a foto do período precrise e da actualidade, realmente non vemos un drástico aumento, como vostedes nolo venden en emprego; e moito menos en emprego de calidade e corrección da temporalidade —que vai en aumento—. Como digo, isto xa o abordarei na última quenda.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Simplemente —remato xa, señor presidente—, nós pedímoslle, señor Rodríguez, que se movan un pouco menos en basear a política turística deste país a golpe de fume de botafumeiro, a golpe de ir gañando peso nas cifras cuantitativas, e que aposten por un modelo cualitativo, sostible, que nos sitúe internacionalmente e que non converta o turismo no único elo da economía, senón nunha parte activa e que contribúa ao reequilibrio territorial. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, boa tarde.

Señor conselleiro, os socialistas sempre recoñecemos e recoñeceremos que o sector turístico é a día de hoxe unha das actividades económicas máis importantes para a nosa comunidade, xa que contribúe a crear numerosos postos de traballo e favorece o reequilibrio territorial. Así mesmo, o turismo serve como carta de presentación da nosa comunidade a todo o mundo.

O turismo en Galicia ten que dar un salto cualitativo, real e definitivo, para aproveitar a capacidade e potencialidade dos nosos recursos turísticos. Ninguén pode dudar de que é un gran motor de desenvolvemento económico e social da nosa comunidade, xerando emprego e creando riqueza e benestar. O sector turístico ten un gran impacto económico directo e indirecto sobre a sociedade galega debido ao seu carácter transversal, xa que afecta a todo o tecido económico do país. Por iso, débese apostar por un desenvolvemento do turismo baseado na calidade, na diferenciación e na sustentabilidade, algo moi difícil de alcanzar con estes orzamentos, debido á falta de compromiso político e á ausencia dunha orientación estratéxica do turismo que presenta a Xunta de Galicia nestes momentos.





A Consellería de Cultura e Turismo —a pesar da importancia que ten darlle unha consellería propia ao turismo e á cultura— conta para o ano 2019 cun orzamento total consolidado de pouco máis de 144 millóns de euros, o que representa unicamente o 1,2 % do total dos orzamentos da Xunta de Galicia. Os ditos orzamentos son os máis baixos de todas as consellerías da Xunta de Galicia. Os orzamentos para o ano 2019 comprometen aproximadamente 64 millóns de euros para o turismo. Se os comparamos cos datos do 2009, os daquel maldito goberno que nunca fixo cousa boa, veremos que houbo un descenso dun 18 % en termos relativos e que diminuíu en 14 millóns de euros en termos absolutos. Por outra banda, os orzamentos dedicados ao turismo en 2019 respecto dos dedicados no primeiro goberno do señor Feijóo vemos que son un 19 % inferiores, pese ao aumento para o ano 2019 en relación co 2018.

Ademais, deducindo da contía orzamentaria actual os gastos ordinarios, como o funcionamento administrativo, vemos como o orzamento queda reducido a 94 millóns de euros dispoñibles para gastos non ordinarios. Esta contía, ao noso parecer escasa, é a que dispón a Consellería para afrontar cuestións tan importantes como son o fomento da lingua galega, actividades culturais no país, a atención de arquivos e museos, a protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural, o turismo —incluímos aquí a Axencia de Turismo de Galicia—, a Cidade da Cultura, coas obras de realización do novo edificio que se van poñer en marcha, e, por último, a promoción do Xacobeo como programa estrela.

En resumo, pese á gran relevancia que se intenta outorgar por parte do Goberno galego ao próximo Xacobeo 2021, os orzamentos dos que dispón unha área que deberá resultar central e relevante, como é a de turismo, son moi cativos. Son moi inferiores aos esperados, xa que constitúen unha partida inferior aos empregados no xacobeo anterior. Sen dúbida, trátase dunha contradición, e instamos a Xunta de Galicia a resolvela para poder facer fronte aos retos que ten a dita consellería —retos como a modernización, a adaptación do sector na era da globalización, da economía 4.0, cos avances tecnolóxicos e a evolución do turismo e do turista—, e non só de cara ao próximo ano xacobeo senón tamén ao turismo de forma xeral e aos próximos anos. O obxectivo debe ser —e así parece que é— o de conseguir un novo modelo de desenvolvemento económico no sector do turismo, máis estable a medio e longo prazo e cunha capacidade para xerar emprego de calidade sen descoidar as épocas de vacas fracas. Sen embargo, a contía orzamentaria non parece acompañar o obxectivo perseguido.

Con todo, vemos que a súa principal partida de gasto é de publicidade e propaganda, partida necesaria para promover certas actuacións en materia de turismo. Sen embargo, ben pode argumentarse a súa falla de transparencia e que tales campañas se camuflen, como acostuma facer a Xunta de Galicia de maneira xeneralizada, nos apartados de investimentos inmateriais. Por exemplo, no ano 2018 soamente as partidas localizadas de licitacións en campañas de publicidade e realizadas pola Axencia de Turismo de Galicia ascenderon a cerca de 10 millóns de euros. O balance do sucedido o pasado ano 2018 revela que, tras anos de crecemento en relación co número de turistas que recibiu Galicia, estamos nun período de descenso, que probabelmente seguirá ata o ano Xacobeo se non lle poñen atención suficiente.

A cantidade de turistas que viñeron a Galicia diminuíu un 6,8 % en comparación co ano 2017. Ademais, se comparamos esta cifra co conxunto de viaxeiros que visitaron España durante





o ano 2018 vemos unha clara dinámica contraposta, xa que o descenso do 6,8 % de Galicia confróntase co aumento do 1 % no conxunto nacional.

O dito comportamento negativo en relación coa demanda turística tamén se viu reflectido no volume de noites, cun descenso dun 4,1 %, o segundo descenso máis elevado do conxunto nacional, soamente por detrás de Canarias e moi lonxe do descenso do 0,8 % a nivel estatal. Esta situación mostra que algo non se está a facer ben cando a diferenza coa media estatal e con outras comunidades autónomas de perfil similar —como son as englobadas na marca «España verde», País Vasco e Cantabria, que experimentaron un crecemento dun 3,9 % e un 5 % respectivamente en relación co 2017— é tan elevada.

Por se fora pouco, o número de pernoctacións en Galicia soamente representa o 2,2 % do total nacional. Ben é certo que non son todos os indicadores negativos. Por exemplo, a estadía media mellorou con respecto ao ano anterior nun 2,7 %. Segundo os datos do propio Instituto Nacional de Estatística, o volume de turismo repartiuse de forma moi desigual, tanto en número de viaxeiros ao longo do ano como en número de viaxeiros arredor do territorio. Aínda que se vexan brotes verdes, nos meses de maio, xuño, xullo, agosto e setembro, meses centrais do verán, Galicia acolle case o 60 % do seu turismo, entre viaxeiros e pernoctacións —un 5 % superior ao total do conxunto do Estado—, e repartiuno ao longo do territorio de maneira moi desigual, concentrado entre A Coruña e Pontevedra, con cerca dun 80 %. Con isto, pódese comprobar o desleixo co que está a tratar de diversificar o turismo noutras provincias, como Lugo e Ourense, que están a sentirse abandonadas a pesar do seu inmenso patrimonio paisaxístico, histórico e cultural. Isto demostra a fallida posta en práctica da desestacionalización e diversificación do turismo.

En canto ao Xacobeo 2021 é innegable que isto supón un reto e unha oportunidade para Galicia. E por iso na súa anterior comparecencia, en novembro de 2018, falaba vostede dos dez camiños para desenvolver a nosa cultura e o noso turismo, e de que o terceiro camiño era a sustentabilidade. E neste terceiro camiño moitas das accións da consellería teñen unha data de referencia, o ano 2021, pero nunca entendida esta data como un punto final senón como un punto e seguido. Isto dicíao vostede literalmente.

No que respecta a ese punto e seguido, o Xacobeo 2021 estamos seguros de que vai saír ben. Sen embargo, para que saia mellor, debemos apostar por iniciativas e proxectos sustentables que potencien a mobilidade e a accesibilidade dos espazos turísticos coa preparación das infraestruturas e servizos de transporte para os importantes acontecementos que están á volta da esquina.

Sen embargo, referido a isto, o pasado 9 de marzo un xornal publicaba a nova de que Galicia perde nove rutas internacionais na tempada aérea de verán, aínda que gañamos algunha nacional. Pero non é cuestión de que perdamos rutas internacionais para gañar nacionais. Temos que mantelas e gañar as máximas posibles.

Agradecemoslle tamén o seu compromiso para que este plan estratéxico veña remitido á Cámara antes da súa aprobación polo Consello da Xunta e non pase como coa Estratexia de turismo 2020.



En terceiro lugar, gustaríame falar do Plan director do Camiño de Santiago, que segundo a Xunta suporá unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folla de ruta que marcará as directrices para favorecer a conservación e a protección do Camiño na nosa comunidade. Este plan conta con catro obxectivos, cinco retos e catro eixes de desenvolvemento, coas súas liñas estratéxicas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor PÉREZ SECO:** E cada liña estratéxica aglutina diversos plans de actuacións prioritarios para o horizonte 2021.

Remato agora, presidente.

Pero vemos que a Xunta, en relación cos indicadores de execución que conteñen estas liñas estratéxicas, nada fixo ata o momento, polo que non podemos valorar o cumprimento ou incumprimento pola Xunta respecto do dito plan. Por iso, instámolo a que nos facilite os datos de execución do que dispoña. ¿Que fixo a Xunta ata o momento, señor conselleiro?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, ten a palabra a señora Chao Pérez.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Nós queremos comezar cunha consideración previa —necesaria malia que repetida—: a mestura das competencias de turismo e cultura é, ao noso entender, un erro, toda unha declaración de intencións que pretende continuar na liña, que vimos denunciando, de mercantilización e espectacularización da cultura e do patrimonio galego, unha submisión do patrimonio e da cultura a intereses turísticos, empresariais; un sumar máis e máis sen parar a pensar nas consecuencias. Que isto coincidira especificamente coa planificación do Xacobeo é unha mostra máis —igual que a súa intervención— de que non hai máis plan para o turismo de Galicia que traer máis e máis peregrinas e peregrinos, máis e máis visitantes.

Señor conselleiro, escoitámolo falar de cifras —o que dicía, sempre máis e máis— pero nada de sustentabilidade, nada tampouco de responsabilidade social; dous conceptos que, ao noso entender, deberían permitirnos traballar nun modelo diferenciado e distanciados da precariedade social e laboral que se impón cada día. Cómpre reflexionar sobre novas fórmulas turísticas centradas máis no aspecto cualitativo que no cuantitativo, sobre un modelo que non sexa de pan para hoxe e fame para mañá, un modelo de futuro, sustentable, que garanta o coidado do patrimonio cultural e natural. E isto non sempre se está garantindo, todo o contrario.



Falou na súa intervención dos recursos que se van destinar á conservación dos camiños de Santiago. E está moi ben, é preciso, urxe poñer recursos para a correcta conservación dos mesmos. Pero a realidade —xa o temos comentado en numerosas ocasións nesta Cámara— é que as intervencións da Axencia de Turismo de Galicia sobre os camiños non están sendo respectuosas co patrimonio. Todo o contrario, están deixando pegadas gravísimas moi importantes sobre o mesmo. Señor conselleiro, ¿van investir estes recursos en asfaltar o Camiño de Santiago, en seguir botando asfalto sobre as sendas do Camiño? Entenda a pregunta. Preocúpanos, porque son moitos os exemplos sen que muden de postura.

E outra cuestión: ¿van rectificar a súa postura respecto do proxecto de megaminería de Touro-O Pino? Temos que falar disto cando falamos do Camiño de Santiago. Fíxese en que insistimos porque, como xa denunciámos no seu día, o informe de Icomos confirmou que o Camiño se podería estar enfrontando ao maior ataque da súa historia. O documento advirte de que o proxecto de megaminería supón unha clara violación da normativa de protección, que non só invade a contorna senón que supón a destrución material de parte do seu trazado. O Icomos é claro e contundente. No caso de que se perderan os seus valores excepcionais, o Camiño podería ser excluído da lista do patrimonio mundial e da Unesco. Isto si que sería toda unha novidade para o turismo de Galicia.

Porén, a Xunta continúa defendendo o proxecto da megaminería. Entre defender o noso patrimonio e defender os intereses privados dunha compañía mineira, vostedes están sempre do mesmo lado,.

Así, ¿como espera o Goberno galego que confiemos na súa capacidade para xestionar o ano xacobeo se nin sequera se comprometen a garantir a integridade do propio Camiño. A súa actitude e as súas decisións deixan pouco espazo para o optimismo.

Mais volvamos ás cifras. Segundo informa o Instituto Nacional de Estatística, vostede fixo referencia a que no ano 2017 máis de 5 millóns visitaron Galicia. No ano 2018 as cifras minúaron un pouco, pasamos de 5,1 millóns de visitantes a 4,8, segundo os datos do INE. A Xunta interpretou este lixeiro retroceso como un fin de ciclo, e que, na nosa opinión, podería ter un aspecto positivo. Agora que os números frean, ¿sería posible que o Goberno galego accedera a falar por fin da calidade do turismo e non se centrara unicamente no peso? ¿É posible que agora poidamos debater acerca da necesidade de desestacionalizar e descentralizar o turismo para favorecer o conxunto do noso territorio e non só unha morea de cidades e vilas privilexiadas? ¿É posible falar dos beneficios dun turismo responsable e sostible para chegar ao rural galego, tan maltratado polas actuais políticas da Xunta de Galicia? Sería o camiño que, ao noso entender, nos axudaría.

Se falamos sobre o turismo —e sobre todo á luz da súa intervención, dicíao antes—, temos que falar sobre o Xacobeo, que foi basicamente do único do que falou vostede. Parece que é o único que importa —isto e as camelias, polo que se ve—. O próximo ano santo vai definir cal é o modelo turístico que o Goberno quere para Galicia, e isto preocúpanos. Preocúpanos porque os antecedentes non son claros e non parece que haxa ningunha vontade de emendalos. Todo o contrario, acaba vostede case de facer un panexírico de O Son do Camiño, o primeiro gran festival do Xacobeo.



O festival O Son do Camiño, na nosa opinión, é precisamente o exemplo paradigmático da política e as prioridades da Xunta de Galicia. Recursos para os festivais de toda Galicia, 250.000 euros; recursos para un macrofestival, destinado a dedo, algo menos de 3 millóns de euros. Para a cultura nunca hai; para turismo, o que faga falta.

E non só foi o «canto» senón o «como» —diciáo agora—. Co obxecto de celebrar a primeira edición do festival de música, o Goberno adxudicou directamente, en concepto de patrocinio, case tres millóns de euros a unha unión temporal de empresas que tiña apenas dous meses de vida. Así fai as cousas o Partido Popular. ¿Vai ser este o criterio que guíe as contratacións que teñan que ver co Xacobeo? Gustaríanos ser optimistas, pero os antecedentes non invitan a iso.

Ao falar de turismo, ao falar do Ano Xacobeo, teríamos que discutir tamén de como vai afectar ao conxunto do tecido social galego, e non só ás empresas da contorna do Partido Popular. O Ano Xacobeo é, sen lugar a dúbidas, unha importante oportunidade, pero tamén pode ser un risco que consolide modelos de negocio moi prexudiciais para a cidadanía.

Responsabilidade social —diciálle—. Durante os últimos anos asentáronse no noso territorio varias empresas de vivendas turísticas como Airbnb. No ano 2018 a Xunta informou de que tiña rexistradas case 4.630 vivendas de uso turístico. Un ano despois a cifra é case de 7.500, un incremento do 62 %. Nese período os cuartos dispoñibles aumentaron nun 36 %; e o número total de prazas, nun 78 %, chegando a sumar 21.270. Non obstante, e como sabe, deberíamos supoñer que a cifra real de uso turístico é moi superior, porque simplemente —como xa comentamos nesta Cámara— nesta cidade rexistráronse máis de catro veces o número de apartamentos turísticos que os rexistrados legalmente pola Xunta.

A proliferación de vivendas turísticas é un dos problemas vinculados ao turismo que máis preocupan á cidadanía, e non sen motivo, xa que están alimentando unha burbulla inmobiliaria moi prexudicial para o conxunto da cidadanía e para o futuro do país. A carestía dos prezos do alugueiro está expulsando a poboación dos centros da cidade, transformando o que deberían ser usos residenciais en usos turísticos; e os servizos básicos, en tendas de *souvenirs*. É un problema real e do que vostede na súa intervención non dixo absolutamente nada, un problema real co que a día de hoxe a Xunta de Galicia o único que fixo foi negalo irresponsablemente e dicir que non. Non sempre o mellor lugar para visitar é o mellor lugar para vivir, señor Rodríguez. Non o é se a xente non pode pagar as súas casas.

Os pisos turísticos teñen, ademais, outra eiva que xa temos sinalado, que é o diñeiro furtado ás arcas públicas. ¿De verdade, señor conselleiro, que vén vostede a esta Cámara a falar sobre turismo e non dedica nin un só minuto a esta cuestión? Xa llo preguntei en varias ocasións e non tivemos resposta. Insistimos, ¿cando vai tomar en serio o Goberno da Xunta de Galicia a proliferación dos pisos turísticos ilegais? ¿Cando vai recoñecer que o seu decreto non está sendo suficiente para atender esta problemática, nin para frear a turistización dos centros das cidades?

Pregúntolle, ¿pensa facer algo para regular a actividade que castiga a cidadanía —incapaz de afrontar os prezos do alugueiro— e as empresas que cumpren coas súas obrigas fiscais?



¿Pensa facer algo para garantir que o Xacobeo non consolide os pisos turísticos neste país mirando cara a outro lado? ¿Entende que o turismo descontrolado pode afectar os negocios locais?

Non o parece, todo o contrario. O goberno de Núñez Feijóo non tivo ata o de agora resposta ningunha a estas preguntas. Tampouco parece que isto lles preocupe demasiado, pois para o Partido Popular a vivenda non é máis que outro ben —un de tantos— co que especular e facer negocios.

E falar de turismo, señor conselleiro, debería, por suposto, implicar falar tamén do modelo laboral. Señor conselleiro, vostede subiu aquí fachendoso coas cifras, cos moitos miles de contratos do sector. Pero ¿sabe o que non dixo? Non dixo nada de cantos contratos deses son temporais, cantos teñen salarios de miseria, cantos consolidan cada día un modelo de precariedade insoportable. Vostede falou case corenta minutos e non dedicou un só segundo ás *kellys*, nin ás camareiras, nin ás limpadoras, nada para as traballadoras e traballadores do sector. Esa é a parte imprescindible da realidade, parte imprescindible do debate, se queremos falar do modelo turístico do país. A realidade é que case 3.000 mulleres traballan en Galicia limpando hoteis, pensións ou albergues que chegan a recibir 2,5 euros á hora. Unhas 50.000 persoas estiman os sindicatos que traballan no sector con grande precariedade. Oxalá na súa réplica teña algunha palabra para elas.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Chao.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, a señora Romero Fernández.

**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Ben, moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde, señor conselleiro, benvido a este Pleno para comparecer, por petición propia, para falar dun sector tan importante para Galicia como é o sector turístico; un sector estratéxico para a nosa economía e para a nosa sociedade, que nos últimos anos nos ten proporcionado datos de réCORDS históricos en todos os parámetros, aportando uns resultados positivos tanto para a creación de riqueza, de emprego e mesmo para a creación de novas empresas que contribúen a aumentar a recadación fiscal, que é en definitiva a que alimenta o Estado de benestar.

Cos gobernos do presidente Feijóo, o turismo deixou de ser unha conta pendente para converterse nunha fonte de rendibilidade para Galicia, e así o reflicte o último estudo sobre o impacto turístico na economía galega, realizado por Exceltur, referido ao ano 2017. Este estudo conclúe que, por cada millón de euros investido dende as administracións públicas en turismo, estas recadan máis do dobre, obtendo un retorno do 2,6. Na práctica foron 520 millóns de euros os destinados a este fin, pero foron 1.363 millóns de euros os obtidos a través dos impostos ligados a esta actividade.





Exceltur tamén destacou a boa evolución do nivel laboral, medrando os empregos vinculados ao turismo a un ritmo do 7 % interanual. Tamén destaca o estudo de Exceltur a repercusión indirecta. Por cada 100 euros dedicados ao turismo, xeráronse 49,3 noutros sectores. Do mesmo xeito, para cada 100 empregos creados directamente, creáronse outros 40 en sectores dependentes do turismo.

¿Por que hai *turismofobia* nesta Cámara? Non o entendo, non o entendo. Este estudo confirma que o galego é un turismo de calidade, que conta cun gran potencial, e que precisa de investimento público e privado para seguir avanzando. E nesta liña é na que se vén traballando ao longo de todos estes anos, con follas de ruta ben claras. Anteriormente foi o Plan integral de turismo —ata o 2017—; e a partir do 2017 coa Estratexia de turismo de Galicia 2020. Son plans que seguiron unha folla de ruta, que non son cantos de serea e que están a cumprir todos os obxectivos e as súas expectativas. E se hoxe somos un destino máis competitivo, máis moderno e máis profesionalizado é grazas á colaboración público-privada plasmada nesta estratexia.

A evolución turística no último lustro, señor conselleiro, deixa un balance moi positivo, mírese por onde se mire, compárese co que se compare, co nivel do Estado, con outras autonomías... É positivo por todas partes. E era difícil de imaxinar ao comezo da década, xa que non era doado logralo, pois vivimos un período marcado pola ausencia de anos santos, que tradicionalmente marcaban o ritmo da actividade turística en Galicia. É un avance que amosa que Galicia acertou cando decidiu que o seu modelo turístico pasa pola diferenciación desde a excelencia, desde a tranquilidade e desde a autenticidade. É un modelo turístico responsable que lles dá protagonismo ás comunidades locais aproveitando os seus mellores recursos propios, co obxectivo de lograr que os beneficios sociais, económicos e culturais do turismo cheguen a máis galegos, especialmente nas zonas rurais.

E a isto está a contribuír o noso produto principal, o noso produto estrela: o Camiño de Santiago. Tal como conclúe o estudo do impacto socioeconómico dos Camiños realizado pola Universidade de Santiago de Compostela —un informe que os que formamos parte da Comisión 6ª deberíamos coñecer, xa que a directora o veu presentar—, todos os concellos polos que transcorre considéranos unha fonte de riqueza e de benestar que contribúe a fixar poboación nos seus territorios.

Pregunten en Triacastela se ven que descoñecen este estudo, ou que non lles interesa —porque, claro, como non lles gusta o Camiño nin lles gusta o Xacobeo, pois non lle fan caso ao estudo—. A señora Presas falou sete minutos para deostar o Xacobeo e o Camiño; e tres, do resto das cuestións turísticas —xusto o contrario do que vou facer eu—. O modelo do BNG xa sabemos, señora Presas, que era o de Willy Fog, catro días viaxando polo mundo e un descansando no despacho —é unha pena que non estea o señor Bará, que seguro que faría así—.

O turista pasa máis tempo en Galicia, gasta máis, crecen as tarifas hoteleiras e mellora a rendibilidade. O tempo que pasan en Galicia medrou este pasado ano preto dun 3 %, mentres que no conxunto do Estado a estadia dos turistas caeu un 1,8 %. O nivel de gasto do turista interno, do nacional e do internacional, tamén se viu incrementado nun 8,4 %, nun 1,7 % e





nun 3,8 % respectivamente. O sector hoteleiro viu melloradas as súas tarifas nun 2,3 %, ata a cifra máis elevada da década, e mesmo a rendibilidade e o ingreso medio por habitación se incrementou nun 2,8 % fronte ao 1,6 % estatal.

Señorías, nas pasadas lexislaturas, cada vez que se falaba de turismo, a oposición acusábanos de que a rendibilidade das empresas era baixa. Ben, pois a rendibilidade, grazas ás políticas do Goberno Feijóo, está a mellorar. E todos os parámetros, todos, mírense por onde se miren, tamén.

Se falamos de desestacionalización, unha das grandes prioridades, xunto coa diversificación da oferta, os datos amosan novamente que as políticas están a funcionar, xa que cada vez é máis relevante a tempada media e baixa. En concreto, a tempada baixa medrou un 8,2 %, despois de que os maiores ingresos se deran nos meses de outono e inverno.

Este feito propiciou que a temporada media e baixa supoña o 63,4 % da demanda, fronte ao 36,6 % da tempada alta. ¿De que nos acusa, señor Pérez Seco? Case o 65 % dos turistas que chegan, chegan en temporada media ou baixa. Este feito implica que 6 de cada 10 turistas que visitan Galicia o fan fóra dos meses centrais do verán. E para o BNG esta é unha tímida desestacionalización. ¡Ben!

A aposta por produtos turísticos especializados axuda á hora de facer unha oferta máis atractiva fóra das tempadas altas. Galicia ten ingredientes suficientes para avanzar nesta dirección, cunha aposta polo termalismo, o enoturismo, o turismo activo, deportivo, de natureza, o turismo náutico, unha gastronomía que vai mudando ao longo do ano e un turismo rural que neste último lustro se incrementou nun 68 % —polo tanto, consideramos, señor conselleiro, moi acaída a próxima estratexia de turismo rural que nos acaba de anunciar, porque é preciso darlle pulo a este tipo de turismo— e o turismo de congresos; todos eles con produtos turísticos consolidados. Mesmo o turismo de concerto e ocio está a promocionar Galicia, xa que cada vez máis xente decide onde ir nunha ponte ou nunha fin de semana en función dos concertos que haxa. Aí está o éxito de O Son do Camiño, cunha importante reversión económica para Galicia, porque respecto de O Marisquiño falan moito da reversión económica, pero de O Son do Camiño, de momento, non lles escoitei dicir nada.

Xunto cos novos produtos presentados en Fitur, ofrecen experiencias singulares ao longo de todo o ano, o que sen dúbida contribuirá a continuar na senda de desestacionalización da demanda e da diversificación dos fluxos.

Grazas ao esforzo do sector turístico, que hoxe é máis moderno e profesional ca nunca, hoxe somos un destino moito máis competitivo. Para nós o balance máis importante é o que realiza o propio sector, que continuamente nos está a transmitir a súa satisfacción e a súa vontade de seguir mellorando e crecendo, traballando conxuntamente co Goberno —así nolo fan saber sempre que imos a Fitur—, porque confían no Goberno, señor conselleiro, e este é o mellor balance posible.

Non somos compracentes, somos optimistas para afrontar un futuro, un futuro no que as liñas que acaba de presentar, como o Plan de mellora de aloxamentos turísticos, a Estratexia



Galicia Sabe, a Estratexia de turismo rural e o Xacobeo 2021 —entendido en Galicia como un gran acontecemento, fundamental, con gran participación acadada, excepto os do BNG, e con fortes investimentos—, van contribuír a afrontar os grandes retos que temos por diante.

E, señora Chao, non podo deixar pasar a alusión que fixo ás vivendas de uso turístico. Pasaron vostedes de non querer regularas —na pasada lexislatura vostedes votaron en contra de regular as vivendas de uso turístico—, a agora, que pretenden a prohibición total. En Galicia non se está a producir unha proliferación deste tipo de aloxamento turístico grazas a que temos unha boa regulación, avalada integramente pola xustiza, que brinda un marco de seguridade, loita contra a competencia desleal e contribúe a achegar cartos ás arcas públicas. Por outra banda, a Inspección de Turismo xa está a comprobar que o período de funcionamento coincide co declarado no rexistro, e controla as plataformas de comercialización na internet para detectar situacións de intrusismo profesional neste ámbito. E neste 2018...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...fixo a inspección durante todo o ano e chegou ao cen por cento de vivendas de uso turístico.

Na seguinte quenda continúo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Romero.

Ten a palabra, para a rolda de réplica, o Conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, vostede comezou dicindo que lle gustaba a música, non así que lle gustaba a letra, da miña intervención. Bueno, xa avanzamos algo. Se lle gusta a música intentarei demostrar que non entende ben a letra. Porque realmente a música e a letra están perfectamente compatibilizadas e perfectamente organizadas para facer un bo produto.

Mire, vostede dixo que aquí estabamos facendo publicidade e propaganda. Pero eu voulle dicir unha cousa: este Goberno traballa con pico, pero sobre todo traballa con pa, traballa con pico e pa. E, mire, na anterior comparecencia, hai aproximadamente cinco meses, presentamos algunhas liñas estratéxicas, algúns plans. E hoxe xa traemos resultados. Por exemplo, do Plan MAT —que a vostedes lles soaba así algo raro no seu momento— xa puxemos en marcha dúas accións, cun investimento de 4 millóns de euros, que están orientadas a mellorar as instalacións turísticas, as infraestruturas turísticas; o que ten unha repercusión directísima na calidade dos establecementos, unha repercusión directísima na sustentabilidade e unha repercusión directísima na capacidade de creación de emprego. Aquí



hai pa, moita pa. O Galicia Sabe —tamén xa llo dixen— presentámolo no Consello da Xunta e imos a accións definitivas, presentadas en breve.

E, certamente, hai unha dúbida que vostede pon encima da mesa. Claro, vostede plantéxao coma se non estiveramos traballando pensando no futuro. E é xusto ao revés. Todo traballo que se plantexa faise cun horizonte temporal, deseñando un modelo turístico e de país ao que queremos chegar. E, obviamente, no noso ámbito, nunha actividade tan vencellada ás dinámicas do contorno no que está un país ou un territorio, é fundamental a situación e as macrotendencias que hai a nivel mundial; por exemplo, o Brexit, que vostede sinalou, ou a apertura do que poden ser os mercados turísticos do sueste asiático ou do norte de África, onde ata non hai moitos anos era difícil acudir. Co cal, todo iso hai que telo presente e hai que telo en conta.

En todo caso, agradezo que vostede faga fincapé nos datos positivos que ten o sector, que son moitos e moi importantes. Fálase de desestacionalización. Cada vez máis o turismo galego camiña cara a unha desestacionalización do que son os visitantes. Vostede fala de internacionalización, e cada vez máis chega un maior número de estranxeiros. Sen ir máis lonxe, no produto, se se quere, estrela, que é o Camiño de Santiago, arredor do 60 % dos camiñantes, dos peregrinos, proceden de máis de 180 países, un 60 %. E o 60 % dos turistas ordinarios —por dicilo dun xeito simple— veñen fóra de tempada estival. Se vostede compara estes datos con hai sete, oito ou dez anos, verá que hai un cambio radical. E isto non é espontáneo. Obviamente, o mérito principal é do sector e da boa política de colaboración público-privada que existe co sector. Pero algo terán que ver as políticas fomentadas dende a Xunta de Galicia para potenciar, divulgar, promocionar e vender diferentes produtos fóra de estación —algúns que vostedes preconizan pero en plan broma— e que están orientados basicamente a desestacionalizar a actividade turística ao longo de todo o ano. E estamos vendo que os meses onde máis medra a actividade turística é nos meses fóra da tempada estival.

Obviamente, fala vostede dun termo que a min non me gusta: do monocultivo do Camiño de Santiago. Creo que é unha auténtica banalización, porque non ten en conta o importantísimo papel, desde o punto de vista do reequilibrio territorial e da cohesión territorial, que ten o Camiño de Santiago. Á parte, no seu propio discurso hai unha contradición, porque di que non afecta a Lugo nin a Ourense. Ourense é a provincia na Vía da Prata que ten máis quilómetros de Camiño de Santiago; e Lugo ten os principais camiños, o Camiño Francés e o Camiño do Norte, a maior parte dos tramos que están declarados patrimonio da humanidade. Aí ten unha certa contradición no seu discurso.

E di que non ten impacto económico. Eu supoño que será unha percepción non demostrable e non cuantificada con datos. Eu recoméndolles ás súas señorías que viaxen a Triacastela, a Portomarín ou a moitísimos outros concellos e que vexan o que son estes concellos e imaxinen o que serían se non existira o Camiño de Santiago. E isto non o digo eu, non o digo eu, isto dío un estudo universitario feito pola USC, feito polo Idega, que demostra a importancia, tanto a nivel demográfico como a nivel económico, que ten o Camiño como elemento e como estratexia de equilibrio territorial. Negar esta evidencia é unha auténtica banalización.



Como é unha banalización non dicir que hai unha aposta decidida polo patrimonio, pola restauración do patrimonio cultural. Na catedral de Santiago creo que é indiscutible e indubidable, pero tamén no conxunto dos BIC que existen polo Camiño. É máis, presentouse no seu momento un plan de BIC do Camiño de Santiago para a súa rehabilitación. O ministro de Cultura comprometeu o seu apoio —sobre 100 millóns— para rehabilitar os BIC do Camiño de Santiago, que son moitos. A Xunta de Galicia está facendo un notabilísimo esforzo nesta materia e agardamos que o Goberno do Estado tamén o poida facer, porque estamos ante un proxecto de país e ante un proxecto cuxa importancia transcende a Galicia.

No ámbito da seguridade viaria, señora Presas, coincidimos. É vital, é fundamental, é básico dar seguridade ao camiñante. De feito, non hai moito tempo reunímonos na Mesa da Seguridade Viaria coa Delegación do Goberno, e con todos os membros que están na dita mesa. E aí puxemos encima da mesa unha serie de actuacións básicas fundamentais para garantir a seguridade. Un dos elementos básicos para os peregrinos é a demanda de seguridade. E aí o Goberno do Estado, fundamentalmente —porque as estradas nacionais, autoestradas ou autovías son as que xeran maiores conflitos ou maiores puntos de fricción cos camiñantes—, ten a responsabilidade de implementar as medidas pertinentes para que a seguridade do camiñante sexa do cen por cento.

Tamén agradezo a súa postura respecto do Plan estratéxico. E, obviamente —xa llo dixemos—, hai unha mesa de debate —na cal vostede participa— que ten a sa confianza de ser capaz de involucrar e de atraer neste caso os grupos da oposición con medidas en positivo que poidan implementarse e poidan contribuír a que este documento sexa un documento de todos. Xa manifestei a miña intencionalidade de traelo a debate a esta Cámara. Pero a verdade é que, por unha parte, vexo unha excesiva banalización e unha excesiva vulgarización, na súa interpretación, do papel estratéxico que ten o turismo, por unha parte —e o Camiño de Santiago, por suposto—, e a utilización —se se me permite— de adxectivos creo que pouco respectuosos coa importancia que ten o turismo no país: «o botafumeiro», «camiñantes ao peso», «lista da compra»... (*Murmurios.*) Creo que son descrições ou son cualificacións que realmente vulgarizan e banalizan o que vostede explica. E, obviamente, se algo ten feito este Goberno —e pode vostede ler a Estratexia de turismo de Galicia— é apostar pola diversificación no sentido amplo da palabra. Nunca un goberno apostou tanto pola diversificación na actividade turística —por certo, con resultados cremos que máis que notables—.

E realmente, señora Presas, non lle podó pedir máis que confianza, teña vostede confianza, non sexa como santo Tomás, non queira vostede meter o dedo na chaga, teña confianza. Porque, mire, na anterior comparecencia fixéronse algúns anuncios e vostede desconfiaba deses anuncios. Seis meses despois, algúns deses anuncios xa llos traemos a esta Cámara con datos e con realidades. Por exemplo, no seu momento definiuse como propaganda, ou como unha estratexia errada, «O teu Xacobeo». Acabo de traer os datos a esta Cámara e, por certo, ningunha crítica por parte de vostedes. Afortunadamente, os resultados ao final fan que as palabras banais e as palabras con pouco peso as leve o vento.

Respecto do Partido Socialista, señor Pérez Seco, agradezo tamén a concordancia que temos no recoñecemento da importancia da actividade turística como sector económico funda-



mental na creación de riqueza, na creación de emprego, no equilibrio territorial e, tamén diría eu, na creación dun orgullo, dun orgullo de país. E houbo sen dúbida un salto cualitativo fundamental nos últimos anos, cunha importancia transversal cada vez máis importante da actividade turística: máis calidade, máis sustentabilidade, máis internacionalización e máis diversificación. Creo que iso é indubidable e agradezo que vostede o recoñeza.

Hai unha cuestión na que non coincidimos. Vostede plantexa este debate como un debate orzamentario e, obviamente, traslada o dato comparativo ao ano 2009. Di que hai menos orzamento hoxe que no ano 2009. Fíxese vostede: efectivamente, hai menos orzamento; pero, sen embargo, fíxese nas variables tanto cuantitativas como cualitativas que avalan as políticas implementadas, neste caso, pola Xunta de Galicia. Os resultados, con menos recursos, son máis turistas, máis internacionais, máis diversificados, máis riqueza, máis diversificación, máis equilibrio territorial. Imaxine o que se podería facer, o que podería ter feito este Goberno, se tivera os seus recursos. Realmente plantexar ese debate cuantitativo sen ningún tipo de explicación pois, ao final, lévanos a ver como había unhas políticas que non tiñan resultados e que agora hai unhas políticas que obviamente teñen resultados; sobre todo, no ámbito turístico, que é unha actividade tremendamente transversal e onde interveñen moitísimas variables de moi diferente tipo. Por exemplo, é clarísimo no ámbito do Camiño, pois non só son as partidas orzamentarias da Consellería de Cultura e Turismo. Hai partidas orzamentarias noutras consellerías directamente orientadas a fomentar e a mellorar o Camiño. Por exemplo, en Medio Ambiente as partidas das áreas de rehabilitación integral para os trazados do Camiño; ou, no ámbito de infraestruturas, todas aquelas partidas para mellorar os accesos á cidade de Santiago. Son partidas que están noutros ámbitos pero que inciden directamente na mellora integral do territorio e, por conseguinte, na mellora integral do que é o Camiño de Santiago.

Hai unha partida na que creo que hai unha lectura interesada dela, que é a de publicidade. Obviamente, a Axencia de Turismo ten unha partida moi importante de publicidade, pero aí está a promoción de Galicia. Por certo, estas partidas adxudícanse en concurso público, mediante concurso público absolutamente transparente. E aí están todas as partidas de promoción turística que esta Administración, como calquera outra administración, executa —fundamentalmente nos destinos emisores de turistas para atraer turistas a Galicia—.

E, obviamente, vostede introduce un debate que creo que é interesante, pero que eu creo que está perfectamente resolto, que é o debate da cantidade e calidade. Creo que aquí temos que apostar pola calidade. Agora, vostedes plantexan en negativo que no ano 2018 haxa un lixeiro descenso respecto de 2017. O ano 2018, pese a ese descenso existente, é o segundo maior da nosa historia, cuns parámetros perfectamente explicados tanto polo sector como pola Administración. Preocuparíanos, e moito, se ese lixeiro descenso estivese acompañado dunha caída das variables cualitativas, de calidade, que dan sentido e rendibilidade a un sector. Hai máis estadía media nos nosos aloxamentos turísticos, hai máis pernoctacións, hai máis rendibilidade económica, hai máis desestacionalización e hai máis internacionalización. Todas aquelas variables que falan de calidade increméntanse no último ano pese a que, efectivamente, hai un número lixeiramente inferior comparado co ano 2017, que é o ano récord ao longo da nosa historia.





E tamén lle agradezo, sinceramente, a confianza cando vostede di que o Xacobeo vai saír ben. Eu creo que non é bo para un goberno, non é bo para un partido político. É bo para Galicia e ten que saír ben, non cabe a menor dúbida. E, igual que a vostede, a nós preocúpanos o día despois. O día despois é o máis importante, e coincidimos na necesidade de deixar unha Galicia ordenada a nivel turístico e unha Galicia que poida competir mellor nos seguintes anos. É fundamental, como vostede dixo, que haxa unha coordinación dos grandes sistemas aeroportuarios e ferroviarios, tendo en conta que no ano 2020 o AVE vai chegar a Galicia e vai modificar completamente os grandes fluxos aeroportuarios e ferroviarios. E temos que garantir a accesibilidade aos principais espazos turísticos. Iso díxeno e plantexámolo na anterior comparecencia. Obviamente esa medida ten que ser abordada polo Goberno do Estado. Non estamos no mellor momento, pero, unha vez que pasen as eleccións, o Goberno do Estado ten que pñerse a traballar nesta liña conxuntamente coa Comunidade Autónoma, cunha visión técnica, cunha visión de país e cunha visión que permita preparar Galicia para facer fronte aos grandes retos: a chegada do AVE, os cambios na mobilidade da poboación, tanto intraautonómica como extraautonómica, e a accesibilidade especialmente para os grandes espazos turísticos, que son obviamente as nosas cidades, son a Ribeira Sacra, son as zonas das Rías Baixas e son outros nos que temos que favorecer que haxa unha mobilidade interna que posibilite o acceso a eles.

Señora Chao, a verdade é que vostede me confunde —dígollo en sentido metafórico—. A ver, eu non acabei de entender, despois de escoitala a vostede, se é bo ou é malo que haxa máis turistas, máis peregrinos, ou que haxa menos turistas e menos peregrinos. Porque nos fixo críticas porque faciamos un discurso cuantitativo, de máis turistas, de máis peregrinos, pero, por outra parte, criticáanos que haxa menos turistas e menos peregrinos —menos peregrinos, non; senón menos turistas comparativamente co ano anterior—. Entón, non o sei moi ben, non o sei moi ben.

Si sei que vostede fala de sustentabilidade. E, só cun dato, creo que o seu discurso perde certa vixencia. Só este ano, vanse licitar 18 millóns de euros para mellorar as infraestruturas do Camiño —1.250 quilómetros—. Iso é absolutamente sustentable, e prepárase o Camiño non só para o presente inmediato, senón para o futuro.

Vostede dime que nas intervencións no Camiño de Santiago se bota asfalto. Pois mire, eu voulle dicir que todas as intervencións que se fan no Camiño de Santiago pola Axencia de Turismo están avaladas cos informes da Dirección Xeral de Patrimonio, ¡absolutamente todas! E realmente poñer en cuestión os informes da Dirección Xeral de Patrimonio —que acostuman ser duros, moi rigorosos— é certamente curioso.

Vostede tamén me fala da mina de Touro. Xa lle respondín a unha pregunta nesta Cámara e respóndolle o mesmo: temos o máximo respecto polo Icomos, non nos cabe a menor dúbida. Agora, a actuación que se planifica nesta hipotética mina está fóra do ámbito de protección desde a perspectiva do patrimonio cultural. A mina non está nin no trazado nin na zona de amortecemento do Camiño de Santiago. Co cal entenderá que, dende o punto de vista de patrimonio cultural, non teñamos moito que dicir neste ámbito.

Fala de calidade. Nós levamos falando moito tempo e defendéndoa. E cando falamos de calidade, falamos de que haxa unha maior desestacionalización, que haxa un maior número de





estranxeiros, que haxa unha maior diversificación da oferta, que haxa produtos segmentados no mercado que posibiliten a chegada de turistas con diferentes vocacións, con diferentes demandas, con diferentes necesidades. Todo iso contribúe á calidade. Cando falamos de calidade, falamos de mellorar as nosas infraestruturas turísticas. Plantexemo, plantexámolo, co Plan MAT. Falamos tamén de calidade cando hai unha maior dispersión da actividade turística polo territorio, porque xera emprego, xera riqueza e é un estímulo ao desenvolvemento importantísimo nas zonas rurais do país; onde, por desgraza, nalgunhas delas quizais o único estímulo de crecemento e de desenvolvemento sexa a actividade turística.

Tamén se criticou —xa o dixen antes— «O teu Xacobeo». Xa puxen encima da mesa os resultados. E, claro, tamén está un pouco desactualizada nos datos, tanto nas cantidades económicas que se dedican aos festivais como nas que se dedican a O Son do Camiño. Non son os datos que vostede plantexa.

E respecto das vivendas de uso turístico creo que vostede ten un discurso errado —sinceramente o digo—, un discurso de parte. É obvio que sexa un discurso cunha percepción concreta, pero eu creo que é unha percepción equivocada. Se algunha comunidade autónoma fixo algo para regular as vivendas de uso turístico foi a galega, foi das pioneiras en ter un decreto especializado na regulación deste tipo de vivendas; decreto que, por certo, pasou filtros xurídicos, tanto dos que propoñían «vivendas turísticas non» —ningunha— como dos que dicían «barra libre». E este decreto está no medio, é unha actividade económica que existe, que ten que estar regulada e ten que ter unha serie de permisos, tanto das comunidades de veciños como do que son os concellos. O que hai que facer é regulala. E iso pedímoslo ao Estado, pedíuselle ao Estado. De feito, nas últimas reunións co Ministerio de Economía e Turismo pedimos que houboese unha regulación estatal para que houboese un réxime fiscal, un réxime fiscal claro e xusto, que houboese tamén un réxime laboral, que houboese normas básicas de defensa de consumidores e que houboese unha definición da actividade económica. ¿Por que? Porque entendemos que esta é unha actividade que hai que regular. E aí teñen un papel os concellos, que son os que autorizan ou non unha actividade económica. E temos unha responsabilidade o Goberno autonómico: temos que rexistrar e inspeccionar este tipo de vivendas, sempre a favor do usuario, respectando o usuario e defendendo as garantías para o propio usuario deste tipo de vivendas.

Fala vostede tamén de emprego e fala da precarización e da estacionalización. Efectivamente, o emprego turístico está moi vencellado á estacionalización e por iso o noso modelo, que avanza progresivamente cara a unha desestacionalización, vai a favor dunha redución da precarización. Porque unha maior desestacionalización é igual a unha menor precarización. Co cal, canto máis avanzamos na desestacionalización —e estamos nun 60 %— implica que haxa unha maior creación de emprego estable ao longo dos meses de todo o ano. Porque, obviamente, si existe ese vencello. E tamén lle direi unha cousa: que en Galicia os asalariados do sector turístico están arredor dun 75 %, e en toda a cadea de valor da actividade hai bos resultados, tanto para os emprendedores —fíxese que o ano pasado, só o ano pasado, houbo 404 novas actividades turísticas—, para os propios empresarios, que están tendo maiores rendementos, como tamén para os propios traballadores, que, ao ter un modelo máis desestacionalizado e máis rendible, teñen unha maior capacidade ou posibilidade de desenvolver o seu posto de traballo de modo habitual.



E, xa para rematar, respecto do que nos comentou, Galicia falou e está falando para que haxa criterios de igualdade de xénero nos certificados de excelencia turística. Preocúpanos ese tema e estamos falando neste caso coas camareiras de piso profesionais, para que as súas reclamacións poidan ser, desde o punto de vista laboral, xustas e poidan dalgún xeito ter maior estabilidade no emprego e, por suposto, unha maior capacidade salarial. É algo que estamos traballando e que estamos implementando nos certificados de calidade.

En todo caso, agradézolles aos tres portavoces o ton das intervencións, sempre é positivo ser construtivo. E, sobre todo, agradezo que entendan que a actividade turística é unha actividade económica fundamental, transversal para o país, pero que tamén forma parte do noso orgullo. E os galegos debemos estar orgullosos de ser un destino cada vez máis atractivo non só para o conxunto de españois senón tamén para o conxunto de persoas que nos visitan doutros países.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Hai unha apertura dunha rolda especial de aclaracións con dúplica do Goberno.

Ten a palabra, en nome do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Señora Romero, efectivamente, o modelo do Bloque Nacionalista Galego é referenciar Galiza internacionalmente, a través das feiras do libro, como un país propio, tendo representación directa. Eu sei que vostede está con ansias de redimir esa gran festa do Igape, eses cubatas dos que aínda falamos o outro día na Comisión 6ª. (*Aplausos.*) Pero, tranquila, eu espero que, aínda que gastaron 65.000 euros nesa festa, os 60.000 do Plan Xacobeo rendan abondo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, 4.000 en cubatas, non 65.000. Pero ben, ¡en fin!...

Brincadeiras á parte, quedou claro no debate que temos modelos ben diferentes, señor Rodríguez. Porque eu entendo a letra, créame que a entendo, estiven ben atenta. Pero discrepo en que o pico e pa que aplica a Xunta de Galiza, cando menos, sexa na mesma dirección que defenderíamos desde o BNG, ou sexa, na totalidade do que din vostedes que van facer. Porque moito falou do MAT, moito falou dalgunha cuestión, pero pouco dedicou, na súa segunda quenda, a resolver algunhas das dúbidas que se presentaban desde a oposición sobre plans que vostedes anuncian repetidamente e que non levan a termo nin aclaran para cando. E pregunto outra vez, a ver se teño éxito, por ese plan do rural, no que temos especial interese. Porque teño a intuición de que imos ter bastantes achegas que facer, porque temos modelos diferentes. Na propia Estratexia de turismo de Galiza prevese para unha planificación a medio tempo. O plan acaba en 2020 e estamos en 2019. Hai un ano dicían que era para dentro de dúas semanas. Pois, ¡home!, se iso non é banalizar, pois desde logo tampouco o é falar de que vostedes practican o monocultivo do Xacobeo, como nós pensamos que si están a facer.



E eu non digo que non poida contribuír, dalgunha maneira, ao reequilibrio territorial. Pero, desde logo, necesítanse máis fórmulas e apostas máis transformadoras para o reequilibrio territorial, porque dá cumprida conta de que, de momento, non serviu para iso. E vostede cita estudos, e tamén a señora Romero citaba un estudo, que, con todas as cautelas —xa o debatemos na Comisión e por suposto que o lemos—, é un estudo parcial dun só camiño. Sábeo vostede, señora Romero, perfectamente. E podíamos falar doutros estudos. Podíamos citar a Martín Duque (2017), a Andrade (2010), e hai na propia comunidade científica diferentes visións do que está a supoñer ou non está a supoñer o Camiño de Santiago. Polo tanto, tampouco é un debate que estea exclusivamente no marco político, pero seguimos botando en falta novas propostas e novas apostas.

Por exemplo, falando da contorna rural, falando das necesidades de equilibrio, nós, unha vez máis, traemos cuestións a esta Cámara que nos preocupan, como que o noso país só teña unha media do 12 % do espazo protexido. A media estatal é dun 27 %, e entendemos que o noso país tería potencial para protexer máis espazo e fomentar tamén actividades turísticas nel. E non só en Lugo e en Ourense, tamén no eixo atlántico, protexendo espazos en deterioración.

Simplemente por colocar algunha proposta na mesa, quería facer algunha reflexión sobre a cuestión do retorno económico nesta segunda quenda, porque discrepamos de que todo sexan luces e de que todo sexan boas novas.

Fíxense, collemos un dato que a priori podemos interpretar todas e todos como positivo: o número de viaxeiros aloxados incrementou considerablemente desde o ano 2009 —por ter a foto da década enteira—, ata o último ano dispoñible aumentou, concretamente, un 33 %. Hai ese aumento e cabería agardar que, polo tanto, houbera un aumento correlativo na xeración de impacto económico, na xeración de emprego. Pero a realidade é que en absoluto acontece iso, sen entrar en que eses incrementos poidan ser inferiores aos producidos no Estado, ou noutras cuestións.

Vexamos a ocupación. A ocupación no turismo desde o 2010 apenas se incrementou. Estamos —no último ano— en 119.000 persoas. En 2010 estabamos en 115.000. Polo tanto, entendemos que ese leve aumento o que evidencia é unha profundización desa temporalidade. A temporalidade do sector é moi alta, está case no 40 %, e máis se falamos de mulleres. Incluso se falamos, por exemplo, de mulleres de entre 16 e 30 anos que traballan, con estudos secundarios, no sector do servizo de comidas e bebidas, a taxa de temporalidade supera o 65 %.

Polo tanto, algo falla na ecuación. Non é todo xeración de riqueza, non é todo mellora do cadro económico e laboral. E, polo tanto, entendemos que o que hai que facer é ver as posibilidades que hai de darlle a volta a iso, ver os retos que temos de cara ao futuro. E, desde logo, para nós os retos non pasan exclusivamente polo Camiño de Santiago. E non é unha banalización, é unha reflexión política profunda e seria desta cuestión.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Polo tanto, unha vez máis, temos que dicirlle á Xunta de Galiza que, cando queiran apostar por unha planificación integral, transversal e que aposte



pola diversificación e a desestacionalización, nós estaremos aí, señor Rodríguez, facendo propostas.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Pero, desde logo, non lle compraremos a autocompra-cencia nin o único empeño en que o Camiño de Santiago continúe a ser todo.

Nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

En nome do Grupo Parlamentario dos Socialistas, ten a palabra o señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Grazas, presidente.

Señor conselleiro, por seguir por onde rematei a miña primeira intervención, sobre o plan director do Camiño de Santiago que corresponde, hai uns datos de execución; e preguntáballe e non me contestou. Non sei se me vai contestar agora no peche da súa comparecencia. A nós parécenos interesante coñecer eses datos. E, se non entendín mal, creo que fixeron unha contrata dunhas consultorías para coñecer eses índices de execución. Porque, como ben sabe seguramente, eu, en nome do Grupo Parlamentario Socialista, rexistrei varias preguntas sobre os índices de execución. E contestáronme simplemente a unha. Eu preguntaba cal foi o número de incidencias sanitarias por camiño nos anos 2015, 2016, 2017 e no primeiro semestre do 2018, e especificadas por concellos e datas. E a resposta da Xunta, así moi rápida, é literalmente: «Non é posible achegar a dita información xa que os sistemas de información do Servizo Galego de Saúde non rexistran se a persoa atendida é peregrino. Ao non dispoñer deste código específico, non é posible facilitar o número de atencións realizadas nestes mesmos anos». Entón, a miña pregunta é: ¿para que poñemos ese índice de execución no plan estratéxico do Camiño?

Por outro lado, xa se comentou antes que todos os grupos da oposición levamos á Comisión 6ª diferentes iniciativas nas que denunciabamos o mal estado, as deficiencias, de distintos tramos de distintos camiños. E, ademais, a experiencia que temos confírmanos que, se estes camiños, incluíndo albergues, rutas, sinais, etc., máis visitantes terían, pasarían por eles e non desviarían os camiños por outras rutas alternativas, como ben dicía a portavoz de En marea. Moitos exemplos sobre isto son, pois, as urbanizacións de calzadas, alteración de itinerarios históricos, a sinalización mala ou confusa en moitas etapas, o mantemento da limpeza da maleza —silvas, ortigas, etc.—, porque, se algún camiño non é moi transitado, pois ao cabo dun ano ese camiño cérrase e a xente ten que buscar outras rutas alternativas. Tamén o firme é moi desigual, o que propicia os tropezos e as caídas dos peregrinos, e hai acumulacións de escombros nalgunhas etapas. E está o número de albergues, que xa falou vostede de que se ían construír agora.

Entón, señor conselleiro, no Xacobeo 2021 e nos seguintes anos, nas distintas rutas do Camiño de Santiago, os peregrinos fan esas rutas por diferentes motivacións: a espiritual, as



motivadas por unha experiencia singular, a dos peregrinos aos que só lles interesa o patrimonio cultural ou a de calquera outra índole. Pero, sen embargo, unha vez que se pasa por Galicia a través destes camiños, a Xunta tería que tentar que todos estes, ou a gran maioría deles, volvan como turistas para dedicar máis tempo e visitar, obviamente, gastando máis na súa estadía. E viceversa: que o coñecemento do Xacobeo en Galicia que teñen outros turistas, como os que veñen ao sol e á praia, faga que dediquen tamén unha parte do seu tempo a visitar Santiago como meta dos camiños, pero tamén calquera outro concello onde se celebre algún evento do Xacobeo, incrementando así o seu impacto económico derivado do evento.

Creemos que a escaseza destas sinerxías de cooperación que atopamos na promoción do Xacobeo entre todos os actores que interactúan na súa promoción e nas súas actividades fai que en moitos casos existan accións ineficientes e descoordinadas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pérez Seco.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Chao Pérez.

**A señora CHAO PÉREZ:** Señor conselleiro, igual, se estivera máis atento, entendería mellor. Acostuma a pasar.

E, señora Romero, turismofobia, non. Criterio, temos criterio, defendemos o turismo pero non ao peso, non máis e máis. Defendemos un turismo que non sexa unicamente de cantidade senón tamén de calidade, un turismo que contribúa a reforzar a nosa economía e sirva para defender e reivindicar o noso patrimonio material e inmaterial. E que permita tamén recuperar aquelas vilas e lugares que están quedando desertas por culpa das políticas do Partido Popular. Cada ano, 80 aldeas en Galicia son abandonadas. Segundo o Instituto Nacional de Estatística, hai 2.028 aldeas que non contan con ningún habitante. Noutros tantos pobos atopamos só a unha ou dúas persoas, normalmente de idade avanzada; polo que é de esperar que o abandono continúe medrando nos próximos anos. Unha política de turismo responsable non debería ignorar este feito, senón telo moi presente. O turismo non pode ser unicamente unha oportunidade para unhas cantas vilas e cidades ao mesmo tempo que o resto do país se desangra.

É por esa razón que apostamos por avanzar cara a un turismo que sexa desestacionalizado, descentralizado e que teña moi en conta o rural.

(*Murmurios.*)

Señor presidente, hai un ruído constante...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Por favor, manteñan silencio!

Continúe por favor.





**A señora CHAO PÉREZ:** Pero hai un asunto fundamental que debería ser obxecto tamén de calquera debate sobre o turismo. ¿Estamos verdadeiramente ante un sector estratéxico para Galicia ou non? Vostede, señor conselleiro, dixo que si, sen dubidalo. Mais nós pensamos que, antes de responder afirmativamente a esta cuestión, habería que aclarar se estamos diante dunha actividade capaz de xerar emprego tanto en cantidade como en calidade e ao mesmo tempo inducilo noutras actividades económicas. Así sucedeu historicamente coa industria, a automoción, o naval, a confección, a pesca, a lousa, o granito, as enerxías alternativas, etc. Pero non é o que acontece co turismo, practicamente incapaz de xerar empregos indirectos. Asemade, non se pode obviar que o turismo en Galicia está moi centrado nos meses de verán, con contratos temporais e con salarios moi baixos. Por outra banda, unha parte moi importante do turismo que chega a este país é de mochila, de estadias moi curtas e cun consumo moi baixo.

Con estas características ¿deberíamos falar de sector estratéxico? Antes de dalo por feito habería que dar un debate sosegado. Nós pensamos que o turismo é unha actividade que se debe repensar polo miúdo, tanto para evitar os seus efectos nocivos —converter os espazos públicos nun pesadelo para os residentes, por exemplo—, poñendo sobre a mesa medidas como os impostos turísticos, regulando o tema dos apartamentos —medidas ás que sistematicamente se opoñen—, como para que se optimicen os beneficios económicos procurando que aumenten os recursos e apostando por unha mellora das condicións laborais. Turismo verdadeiramente de calidade máis alá do slogan; non turismo elitista, senón turismo de calidade.

E, fíxese —non só o dicimos nós—, segundo o estudo de opinión sobre o impacto do turismo en Galicia da Unión de Consumidores de Galicia, do pasado ano, o 84 % das persoas enquisadas considera que hai destinos turísticos masificados. O 81,5 % di estar a favor de implementar medidas para controlar o fluxo de turistas en certos espazos do país. Pode facerse e debe facerse. O sector precisa dunha regulación máis estrita no referido á ordenación dos espazos públicos, ao número e á calidade dos establecementos, á protección das zonas históricas e dos espazos naturais e, por suposto, ás condicións do emprego. Isto señor conselleiro non se está facendo.

Poderíamos falar das Cíes, da praia das Catedrais, do Cebreiro ou da ferverza do Toxa, por poñer algúns dos exemplos máis recentes que ocuparon portadas nos xornais; algúns dos exemplos onde sabe ben que «o máis e máis» ameaza con estragalo todo. Precisamos, señor conselleiro, diálogo e pensamento conxunto antes de asentarmos tamén na nosa terra o monocultivo turístico, que tan malos resultados demostrou noutros territorios. Hai que empezar por cuestionar se é aí a onde queremos ir, pois, como digo, nos lugares onde se apostou sen criterio, aplaudindo sen máis o aumento das cifras, o deserto que queda ao final é desastroso.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Chao.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Romero Fernández.





**A señora ROMERO FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Señora Chao, acusa vostede o conselleiro de non escoitar. Vostede non escoitou absolutamente nada. Segue negando que estamos conseguindo unha desestacionalización, négao continuamente, cando lle deron os datos. É que é imposible. Como di o conselleiro, sempre parten de premisas distintas, e é imposible ter un debate serio.

Está claro que temos modelos turísticos diferentes. O noso está acreditado que está a dar boísimos resultados. Non quero nin imaxinar como estaría Galicia se gobernaran vostedes en todos estes ámbitos en todos estes anos. Turisticamente non se tería feito nada. Nada era o que estaba feito a nove meses do anterior Xacobeo 2010, porque, efectivamente, non cren nel. Non cren no Camiño, cando é precisamente o Xacobeo e o Camiño o que nos permite proxectarnos no mundo os 365 días do ano. O único que se fixo foi cambiar un logo, señor conselleiro, cos cartos que suporía dar a coñecer un logo que xa era coñecido mundialmente, e encima plaxiándollo á Confederación de Empresarios de Ourense, porque era moi similar.

As súas políticas ían dirixidas a potenciar a cantidade, e non a calidade, como fai este Goberno. Poucos sectores mudaron tanto na última década como o sector turístico. É moito o que se leva feito, pero tamén é moito o que queda por facer. Moitos son os desafíos que afrontar nun contexto global cambiante.

É evidente que estamos ante un cambio de ciclo, asistimos a unha nova etapa na que a reactivación dos destinos do Mediterráneo e o seu regreso do mercado global con agresivas ofertas para intentar recuperar o mercado perdido non nos beneficia. Recordo como daquela ligaban precisamente esta perda dos mercados do Mediterráneo ao éxito das políticas turísticas do Goberno, nada máis lonxe da realidade, porque o que mudou, señoría, foi o modelo turístico de Galicia. Hoxe é un modelo de calidade, diverso, sustentable, competitivo, desestacionalizado, tranquilo, internacionalizado... Pero é certo que se soubo aproveitar esas circunstancias porque se puxeron en práctica as políticas axeitadas, e hoxe estamos en mellor disposición para afrontar estes grandes retos, coa chegada da alta velocidade e a celebración do Xacobeo.

Por iso, alegrámonos, señor conselleiro, por esta comparecencia. Vostede non trouxo á Cámara os datos turísticos para gabarse deles. Non, señor conselleiro, vostede trouxo aquí o imprescindible para acadar estes resultados: planificación, competitividade, singularidade, sustentabilidade, equilibrio, profesionalización, calidade, internacionalización...

Dinnos que non cumprimos plans, que son papel mollado. Está implementándose o plan estratéxico, a Estratexia de turismo 2020, o plan termal, o Plan director do Camiño de Santiago, o Plan de accesibilidade turística, de accesibilidade ao Camiño de Santiago. Acábase de presentar o Plan de mellora de aloxamentos turísticos, que incide directamente na calidade e que impulsará a competitividade do sector, a formación e a calidade —sobre todo naquelas empresas e naqueles establecementos máis pequenos—. E terase en conta que estas



empresas teñan implementado un plan de igualdade ou de formación, algo que viñamos reclamando nesta Cámara.

Por iso aplaudimos este plan, porque vai mellorar a accesibilidade e a supresión de barreiras arquitectónicas, aumentar a clasificación e elevar a súa categoría, mellorar a climatización que permite o aforro enerxético, permitirá o embelecemento do contorno e a renovación de equipos móbiles.

Tamén consideramos moi acertada a estratexia «Galicia sabe» para promover o recoñecemento, a protección e a difusión da cultura enogastronómica e posicionar Galicia como destino líder na gastronomía internacional. Servirá para promocionar un turismo sostible, baseado nos produtos autóctonos e de tempada, e para pór en valor a paisaxe e as persoas do noso rural. E moi vinculado a isto irá o próximo Plan de turismo rural, para que aumente a oferta turística, cree sinerxías co sector primario e poña en valor o noso rural.

E xa respecto da organización do Xacobeo, conselleiro, penso que dixo todo. Polo tanto, remato, señor presidente. E ánimoo, señor conselleiro, a seguir traballando nesta liña que tan bos resultados deu ao longo destes anos, afianzándonos como un destino máis competitivo e de maior calidade, que nos permite estrear o ano 2019 reforzando o seu proceso de desestacionalización, xa que a demanda hoteleira medrou en xaneiro case dous puntos, acadando o nivel máis elevado dos últimos once anos. Hai máis viaxeiros que pasan máis tempo en Galicia, un 1,7 % máis, mentres que no resto do Estado descende un 1,4 %. De xeito paralelo, as tarifas hoteleiras medraron en xaneiro un 2,3 %, o que leva aos establecementos hoteleiros a mellorar os niveis de rendibilidade.

Polo tanto, novamente, as cifras do turismo galego son boas, mírese por onde se mire. Señor conselleiro, continúe así, porque está claro que imos polo bo camiño.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Romero.

Ten a dúplica o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, señora Presas, temos modelos diferentes o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular, afortunadamente, diría eu. Que teñamos modelos distintos non é bo nin é malo en si mesmo. Pero creo que, afortunadamente, Galicia leva anos apostando por un modelo máis parecido ao que plantexa e defende o Partido Popular. E a min sempre me queda unha pregunta, unha pregunta que lanzo ao aire: ¿que pasaría en Galicia se se implementasen e estivésemos gobernando segundo os seus modelos? Realmente sería interesantísimo facer unha proxección para ver o que pasaría en Galicia se estivésemos gobernados nos últimos dez anos polo Bloque Nacionalista Galego. Dende logo, Galicia non se parecería en



nada ao que é hoxe. E creo que esa imaxe hipotética que teríamos sería, polo menos —por dicilo dun xeito suave—, bastante triste e bastante, en certa medida, preocupante.

En todo caso, vostede fala do Plan de turismo rural. Non se preocupe en ningún momento. En moi breve prazo de tempo virá aquí, non o dubide en ningún momento. E xa lle avancei unha medida, xa lle avancei que imos facer unha clasificación dos aloxamentos con base nuns parámetros de calidade de servizos para facer unha racionalización das escalas con base na calidade que teñan os propios aloxamentos. Non se preocupe que, igual que estas, hai outras moitas medidas que van posibilitar a mellora do turismo rural en Galicia.

Obviamente, queda moito que facer, queda moitísimo traballo por diante. Si, mellorouse notablemente. Creo que é innegable a mellora que tivo Galicia en xeral, pero moi particularmente a que tivo o turismo. Certamente queda moito por facer, queda moito por traballar na desestacionalización, na rendibilidade, no emprego, moitísimo. Pero tamén non é menos certo que é moi difícil negalo.

Dicía o portavoz do Partido Socialista que os peregrinos en certa medida deberían ser embaixadores de Galicia, en certa medida. Dicíao cunhas palabra semellantes. Eu creo que o son, e isto non é unha simple percepción que pode ser acertada ou que pode ser errada. Isto fundaméntase nuns datos, neste caso cuantitativos, derivados dun estudo que fixo neste caso a USC, que nos dá uns datos que creo que son moi interesantes. Estes datos dinnos que o 98 % dos peregrinos recomentan a experiencia. Dous de cada tres peregrinos pensan repetir, tanto como peregrinos como de visitantes, de turistas, e a máis do 75 % dos galegos agrádalles moi positivamente a presenza de camiñantes. Creo que iso fala dun produto tremendamente empático, dun produto de éxito.

Obviamente, eu creo que a señora Chao —con todo respecto— vive nun mundo virtual. Vostede crea un discurso, repíteo e pensa que é certo. ¡Home!, a desestacionalización podía ser máis forte —e niso traballamos—, pero o 60 % dos turistas chegan fóra do período estival. Podería ser máis forte, sen dúbida, pero non me negue vostede que a ratio de desestacionalización do turismo en Galicia é moi importante.

E, claro, vostede fala dun «turismo de mochila» creo que cun ton certamente denigrante, cun ton que lles falta ao respecto, se me permite, aos miles de empregados do sector turístico en Galicia, tanto de empresarios como de autónomos, e aos traballadores por conta allea. Creo que é un pouco denigrante que se cuantifique o esforzo de tantos profesionais con ese simple «de mochila». Porque, se vostede mirase os datos e non falase cun discurso de serie, daríase conta de que as variables cualitativas que definen o modelo turístico de Galicia están mellorando notablemente nos últimos anos. Fíxese, o seu «turismo de mochila» tivo ingresos no último ano de en torno a 300 millóns de euros. Con datos pechados no 2018, os viaxeiros e turistas que visitan Galicia gastan máis que na media de España. ¿Gustaríanos que gastasen máis? Por suposto, pero gastan máis que na media de España. O gasto medio do turista interno medrou respecto do 2017 nun 9 %. Aumentou a rendibilidade hoteleira nun 2,6 % —é dicir, o beneficio empresarial, que é moi positivo para a rendibilidade da actividade económica—. A estadía media do turista creceu un 3 %, superando a tendencia es-



pañola. E, como xa lle dixen, os viaxeiros e os turistas gastan máis en Galicia que na media de España. Iso é o que vostede define como «turismo de mochila».

En definitiva, tamén vostede di que se debe regular o turismo. Nalgúns aspectos si, pero parece que non sabe que no caso das Cíes ou no caso das Catedrais, que vostede citou literalmente, xa existe un sistema de regulación de acceso. Vostede dixo que había que facelo. Xa está feito, xa está feito, e dígollo para a súa tranquilidade.

Pero, en todo caso, e xa para rematar, señor presidente, creo que hai cuestións que son difíciles de entender, porque nos critican por unha cousa e nos critican pola contraria. Son francamente moi difíciles de entender pola súa parte.

Nós vimos aquí presentar un balance, un balance de feitos, un balance positivo, e sobre todo un balance que dalgún xeito sitúa o turismo, e tamén todo o que ten que ver co Camiño de Santiago, nun dos eixos estratéxicos a nivel económico e social de Galicia. E tamén dá a sensación de que hai un discurso confuso, porque por unha parte critican que haxa moitos turistas, moitos peregrinos, e por outra critican que non haxa moitos peregrinos ou que non haxa moitos turistas. Realmente é un discurso certamente contraditorio e, cando menos, curioso.

En todo caso, nós temos un modelo turístico, sabemos o que queremos, temos avanzado moito nos últimos anos. Contamos coa Estratexia de turismo 2020, que leva consolidándose nos últimos anos. Levamos e presentamos novas liñas de traballo, o Plan MAT, o Plan de turismo rural novo que se vai pór en marcha, a estratexia «Galicia sabe».

Temos un modelo tranquilo, que se basea nos recursos naturais, nos culturais, na gastronomía, que é responsable, que xera riqueza, postos de traballo polo territorio, e tamén é comprometido, comprometido co territorio, comprometido co medio ambiente e comprometido coa sociedade. Co cal, realmente, hai un traballo moi notable, tremendamente notable, dun sector empresarial moi comprometido co país. Temos unha moi boa colaboración público-privada, e estamos traballando e deseñando tamén, con toda a intensidade posible, a celebración do novo ano santo, do Xacobeo 2021, que entendemos que é unha gran oportunidade para o país.

Ao final, señorías, o que importa na boa política é a tarefa, e deixar o país mellor do que o atopaches. E creo que nese sentido, tanto a nivel xeral como a nivel da actividade turística, Galicia está cumprindo con creces.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

### ***Cambio no desenvolvemento da orde do día***

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pasamos ao seguinte punto, que é unha alteración na orde do día xa comunicada aos portavoces, e pasamos á interpelación 5.1.



## **Interpelación de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios do Goberno acerca da normativa do galego**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Boa tarde, señor conselleiro de Cultura e Turismo.

A verdade é que non sei o que pasaría se o modelo turístico fora o dos grupos da oposición, e tampouco sei —e prefiro non verme nese escenario— o que pasaría se o señor Casado fora o próximo presidente do Goberno de España. E sobre iso vai esta interpelación, aínda que evidentemente dirixida ao ámbito da educación. Tamén sei que o Goberno responde solidariamente, e ademais, no seu caso, responde tamén con pleno coñecemento de causa sobre o fondo desta interpelación.

Como vostede sabe, o Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, determina que é competencia plena desta comunidade autónoma o regulamento e a administración do ensino en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades no ámbito das súas competencias. En setembro do ano 2018 —o ano pasado— o presidente do Partido Popular, o señor Pablo Casado, adiantou o que serían os cinco alicerces do seu proxecto reformista, que presentaría na convención nacional do seu partido, entre os que se incluíría que o Estado debería recuperar as competencias en educación no caso de que algunha comunidade autónoma non actuase con lealdade nesta materia. E dicía literalmente: «Non podemos vivir coa endogamia de que unha autonomía seleccione profesores polo seu idioma, porque é apoiar un sistema de adoutramento que vai en contra do propio futuro dos nosos fillos».

Este profundo pensador e analista do sistema educativo deixou, ademais desta, outras perlas que quixera compartir cos honorables membros desta Cámara. Para Pablo Casado, a educación é panca de desenvolvemento de toda a nación —ata aí podemos estar de acordo—, e pediu unha formación de calidade. En concreto, e naquel momento en Asturias, atacou o actual Goberno por decidir «onde teñen os pais que levar os seus fillos por un código postal», simplificación que raia o binario. Foron palabras literais do señor Casado. Cando di «código postal» entendo que se refire á zonificación necesaria para arbitrar a admisión dos alumnos nos centros tanto públicos coma concertados.

Tamén dixo que pedía unha educación en liberdade e de calidade para que os nenos de Asturias non estean a estudar simplemente hórreos ou frixuelos. Supoño que, se fixera esas declaracións en Galicia, diría «hórreos e filloas». O que pasa é que tamén é certo que no caso de Galicia non as diría neste momento, porque o Partido Popular goberna nesta comunidade autónoma.





Insisto, son profundas reflexións que iluminan necesariamente o sendeiro cara a unha educación de máxima calidade.

Pero non quedou aí. Dixo que só faltaba que non se explicasen en castelán materias como ximnasia, laboratorios, etc. ¡Ximnasia! ¿Este home, este señor —perdón—, estaría escolarizado nalgún momento da súa vida como para saber que a ximnasia se denomina «educación física» desde hai máis de corenta anos? (*Aplausos.*) ¿É esa a mensaxe deste profundo analista que temos como líder principal da oposición neste momento? Ximnasia, hórreos e frixuelos; hórreos e filloas. ¡Profundo! Convirá vostede comigo en que isto é preocupante.

Pero, bueno, as afirmacións como as anteriores poñen en cuestión non só a capacidade dos distintos gobernos autonómicos para xestionar adecuadamente as súas competencias en materia de educación, senón que ademais introducen a lingua propia —daquelas comunidades que, como a nosa, a teñen— coma un elemento de ruptura social. E esta é a realidade que está detrás deste discurso.

Como vemos, as declaracións do señor Pablo Casado, que lidera o Partido Popular, supoñen unha ameaza sen precedentes para as comunidades autónomas no ámbito educativo, entre outros, entre outros. Xa sei que me dirá vostede que na última convocatoria de oposicións ao ensino publicada a semana pasada se mantén idéntica a exigencia de coñecemento da lingua galega para aquelas persoas que aspiren a ser profesoras ou profesores funcionarios nesta comunidade autónoma. Iso xa o sei. O problema non é o que está publicado neste momento, o problema é o que pode chegar a ser polo que se deduce, con non moita análise, das declaracións do señor Casado. Pero o problema é que a realidade actual do Partido Popular nos sitúa nun escenario no que dereitos que considerabamos que eran incuestionables, realidades que considerabamos fóra de calquera debate partidista, volven campar coma se foran unha ordalía inquisidora no debate político.

E, en concreto, o Partido Popular, señor conselleiro, é particularmente sensible ás políticas lingüísticas, máxime se pode obter un rédito curtopracista en votos. Non importou quebrar o consenso lingüístico acadado xa desde gobernos do presidente Fraga sobre a lingua galega e, en concreto, sobre a súa transcendencia no ensino.

O señor presidente da Xunta de Galicia, o señor Feijóo, declaraba en maio do ano 2011: «Non queremos un galego de resistencia. Necesitamos un galego expansivo que encabece o proxecto plurilingüe que avalamos. Necesitamos que os nosos fillos manteñan o idioma dos seus pais e avós para que poida tamén ser unha das linguas na que falen os nosos netos». Pois, moi ben, «Galicia, Galicia, Galicia». Dixo o señor Feijóo: «Miramos ao noso arredor e atopamos moita xente que non quería unha lingua que illase senón unha lingua que unise». Supoño que con iso de «moita xente» se refería case en exclusiva aos moitos, moitísimos, membros do colectivo Galicia Bilingüe, o mesmo colectivo que, cando o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia emendou totalmente o fondo do famoso Decreto 79/2010, lle recordou —e vou citar as declaracións de Galicia Bilingüe daquel momento, vou citalas entrecomiñadas, vou citalas dicindo a fonte e vou citalas no idioma orixinal e, polo tanto, en castelán—: «*Galicia Bilingüe le recuerda al señor Núñez Feijóo que accedió a la Presidencia de la Xunta apoyándose en gran medida en la polémica suscitada por el decreto aprobado por el Gobierno*





*bipartito. En aquel momento el señor Feijóo prometió...» —citamos textualmente— «...que el idioma en el que se den las asignaturas troncales, que son las de los textos...» —esta frase tamén é para analizar, «las asignaturas troncales son las de los textos», é dicir, se teñen textos son troncais, en fin..., bueno... — (Risos.) «...las del material didáctico, las más importantes, debería ser elegido por los padres; por eso en ese primer sobre de matrícula les vamos a hacer esa pregunta, y esa pregunta va vinculada al Gobierno». Afortunadamente, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia impuxo algo de sentido e eliminou toda esa parte relativa a que os pais podían elixir o idioma no que os seus fillos ían ser educados. «Afirma el señor Feijóo que la consulta a los padres de los niños de infantil sobre la lengua materna de sus hijos ya no será vinculante legalmente pero que será determinante. Así mismo, sostiene que se modificará el decreto para eliminar del texto la posibilidad de que los alumnos puedan usar oralmente y por escrito la lengua de su elección. Pero, a renglón seguido, afirma que les pedirá flexibilidad a los profesores». Fin de la cita, sic, pecho comiñas. Isto foi o que declarou Galicia Bilingüe.*

Naquel momento —e non vou analizar agora, porque non teño tempo, as bondades que para o uso do galego trouxo este Decreto de plurilingüismo— parecía que non ía pasar nada. ¡E non pasa nada! Sabemos que o Goberno ten un plan. Non sabemos cal, pero haino, como as meigas. ¡Hai un plan! A ver cando se dignan poñelo en marcha e comunicarnos cal é.

Pero o señor Casado moi recentemente —estas declaracións foron de setembro do ano 2018—, hai dúas semanas, declarou que ía presentar unha lei de linguas, porque relega as linguas propias a un uso opcional e eleva o castelán a vehicular. «En plena precampaña o líder do PP asegurou que esta iniciativa xa está redactada no seu programa electoral de forma expansiva a todo o Estado». Polo que, se chega á Moncloa, as linguas cooficiais pasarían a ser un mérito pero non un requisito excluínste. E o problema non é se estamos a falar de función pública —que o é, ¡claro que o é!—, o problema é que, segundo as declaracións deste señor, di que proclamou a necesidade de regular o castelán, con base no artigo 3 da Constitución, que establece que todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala, en catro ámbitos: o administrativo, o emprego público, a sinalización e o ensino —o ensino, señor conselleiro—.

Polo tanto, con base en toda esta relación de feitos, que están debidamente documentados, que non acabo de inventar, eu preguntolle se considera vostede que as declaracións como as do señor Casado son aceptables, se pensa o Goberno galego que as condicións existentes sobre o coñecemento da lingua galega nos sistemas de acceso á función pública docente son prescindibles. Insisto, xa sei que na convocatoria da semana pasada...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Si, remato, señor presidente.

E preguntolle se considera que esas declaracións supoñen algún tipo de adoutramento na poboación escolar. É dicir...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.



**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...se pedirllas aos profesores e profesoras que falen en galego e que o coñezan...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Álvarez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...é adoutrinar os alumnos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Boa tarde de novo, señor presidente, señorías.

Señor Álvarez, véxoo a vostede moi preocupado polo señor Casado, moi preocupado. (*Murmurios.*) E a verdade é que antes de contestar as súas preguntas e dicirlle o plantexamento que ten o Partido Popular, permítame dicirlle, señoría, que a súa intervención —igual que o feito de escoller esta iniciativa— nos parece moi tramposa, moi oportunista, (*Murmurios.*) preventiva ou que pode chegar a ser un pouco desactualizada e melancólica —falan de Galicia Bilingüe, falan do ano 2009—, e, se me apuran, sen sentido. Porque vostede acaba de recoñecer que hai moi poucos días se aprobou unha convocatoria para prazas de profesorado neste país e, que eu saiba, non cambiou nada nese momento. E vostede di: Non, non, está ben. Co cal permítame que aquí vexa unha intencionalidade política manifesta, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) un uso clarísimo de utilizar a educación como escusa para xerar outros debates, e un debate —se se me permite— artificial que non está nas escolas, non está nas casas dos galegos e non está en Galicia. Ao contrario, pensamos que en Galicia o uso de dúas linguas non é en ningún caso un problema, máis ben lle diría que ao contrario, somos un modelo. E somos un modelo de convivencia harmónica, (*Murmurios.*) onde conviven en equilibrio e en liberdade dúas linguas, onde non se persegue a ninguén por falar ningunha das dúas linguas. (*Aplausos.*) E quizás noutras comunidades autónomas bilingües, por desgraza, non se pode dicir o mesmo. E iso é o que teñen que ter en conta vostedes cando intentan xerar un debate artificial cunha insá intencionalidade.

Mire, vostede sabe que o modelo lingüístico de Galicia en educación, aplicado á educación, funciona perfectamente. Non imos falar de quen rompeu os consensos no período fraguista a nivel Plan de normalización, de Lei de normalización. Non ten sentido, xa os galegos o xulgaron moitas veces, xa saben os galegos todos quen rompeu, polas presións dos seus socios, eses consensos. (*Murmurios.*)

Agora, ¿isto ten unha translación ao sistema educativo? Mire, Galicia é a comunidade autónoma de España onde hai un maior coñecemento das linguas cooficiais. ¡O maior!, é indiscutible. E somos, dentro do ámbito dos informes Pisa, a comunidade autónoma que ten un nivel de comprensión lectora en ámbito bilingüe máis importante. Iso fala de convivencia e iso fala de uso harmónico das linguas na nosa sociedade.



E, claro, vostede chega aquí e intenta terxiversar as palabras do presidente do Partido Popular para crear discordia e xerar un discurso ficticio. Curiosamente vostede non dixo unhas palabras que o propio señor Casado dixo sobre o modelo lingüístico de Galicia: que era un modelo para exportar a outras comunidades autónomas onde —insisto— por desgraza non é así. Vostede sabe coma min perfectamente que esas expresións están destinadas a outras comunidades autónomas. Vostede, o seu partido —digo «vostede» retoricamente—, estou seguro de que non está a favor do uso da lingua que se fai no modelo educativo catalán —refírome da lingua catalá—. Estou seguro de que non pode estar, como representante do Partido Socialista, a favor do modelo educativo catalán no ámbito das linguas. E, se o está, gustárame que o dixera publicamente. Porque nese ámbito non existe ningún tipo de bilingüismo senón que se usa a lingua como un elemento de confrontación política. Úsase para dividir, úsase para separar. E estou seguro de que o Partido Socialista non pode avalar ese uso perverso dunha seña de identidade e dun elemento que non debe servir nunca para confrontar, que debe servir claramente para unir e para comunicarnos, e, o que é máis grave, xerando fendas sociais. E creo que, nese sentido, sería moi interesante que o noso modelo, que é un modelo en equilibrio —que garante o coñecemento pleno das dúas linguas cooficiais marcadas no Estatuto, que respecta os dereitos tanto dunha persoa que quere falar en castelán como dunha persoa que quere falar en galego—, se extrapolase a outros ámbitos onde isto non é así, porque iso favorece a convivencia, favorece a convivencia harmónica. Creo que ese sería o mellor exemplo que poderíamos dar como galegos, dicirlles a algunhas partes do noso territorio como se pode facer e como se pode facer ben, usando as dúas linguas en harmonía, en convivencia, en equilibrio, con respecto, para unir, nunca para separar e nunca para xerar discrepancias.

Pregúntame vostede sobre as competencias educativas. Unha resposta case de perogrullo a unha pregunta de perogrullo: por suposto, en Galicia imos cumprir a lei, cumprimos a lei, a Constitución, o Estatuto, as diferentes leis educativas, o Decreto de plurilingüismo. ¿Como non o imos facer? Nós temos que lograr o respecto e a aplicación do marco xurídico e, segundo, temos que xestionar o ensino segundo as nosas propias peculiaridades. E voulle dicir unha cousa: en España hai un sistema educativo que é solidario —lévao sendo moitos anos—, que fomenta a cohesión territorial, onde existe un marco xurídico xeral e un marco específico de cada comunidade autónoma que debe, dalgún modo, aplícalo ás especificidades de cada territorio. Pero tamén non é menos certo que hai unha marxe de mellora. E tanto o Estado como as comunidades autónomas poderíamos coordinarnos mellor e poderíamos traballar mellor para reducir certas desigualdades que existen no sistema educativo, que as hai e que xeran desigualdades nos nenos e nas nenas, nos alumnos. E iso é o principal problema ao que lle temos que facer fronte.

E, por certo, o Partido Socialista fíxolle un fraco favor á educación deste país, á cohesión territorial e social deste país, cando ao chegar Pedro Sánchez á Xefatura do Goberno rachou o Pacto de Estado pola educación. O feito de rachar o Pacto de Estado pola educación dun xeito absolutamente partidista é un sambenito que colgará claramente no Partido Socialista por incapacidade de asumir a existencia doutros modelos. Sacáronos dun simple plumazo. E eu coñezo moitos representantes significativos do Partido Socialista que nese momento sentiron vergoña daquela medida. Porque rachar o enorme esforzo colectivo que as comunidades autónomas, de diferentes partidos, e tamén o Estado fixeran polo Pacto da educación foi realmente algo que vai quedar no debe do Partido Socialista.



E, evidentemente, vostede fala de adoutramento. Mire, nós nunca utilizaremos nin a lingua nin o ensino como ferramenta de adoutramento. Noutras comunidades autónomas, por desgraza, faise así. Tamén é certo que en Galicia nalgún momento había quen quería poñer os nenos de tres anos a cantar o himno. (*Murmurios.*) Iso tamén é algo que está no debe dalgúns, pero nós non queremos nin adoutramento nin imposicións, o que queremos é... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...convivencia, tolerancia... (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio. Señor Rivas, por favor. Silencio. (*Balbordo.*) Non está vostede no uso da palabra. Silencio. Aquí antes outro deputado estivo a falar e o resto calou, así que agora escoiten o conselleiro e, se non están de acordo, utilicen as técnicas parlamentarias para presentar iniciativas.

Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Ben, e iso é o noso modelo lingüístico e o noso modelo educativo. E pódolle dicir claramente que é un modelo que a sociedade demanda como positivo. Non estamos nin nun extremo nin estamos no outro extremo, estamos no centro, onde a inmensa maioría dos cidadáns, dos galegos e galegas entenden que ese é o modelo que ten sentido.

Témolo dito en moitas ocasións: o Partido Popular, que leva sendo durante moitos anos —e seguirá sendo— a forza hexemónica e a que mellor representa os intereses democráticos dos galegos, éo por unha sinxela razón: porque nós queremos a Galicia, pero tamén queremos a España. Nós somos galeguistas, absolutamente galeguistas, pero non renunciámos a ser españois, non entendemos que sexan realidades contrapostas, son realidades complementarias.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** E este é o sentir maioritario dos galegos e é o que reflicte o Partido Popular, e nós defendemos o galego porque falamos en galego; facémolo. Por certo, no Partido Socialista a algún gran líder escasamente se lle oe falar en galego.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Nun mal inglés si, pero dificilmente se lle escoita falar en galego.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** E —como xa dixen— a nosa prioridade claramente é manter o cumprimento da lei e manter un modelo...



**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rodríguez.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...lingüístico educativo que demostrou que garante o éxito e, sobre todo, garante...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...a igualdade e a convivencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas de novo, presidente.

Señor conselleiro, é absolutamente inadmisíbel que a oposición veña falar ao Parlamento de política, ¿onde se viu? (*Murmurios.*)

Comparte vostede certa tendencia á sobreadxectivación co señor Casado, que, por certo, converteu en *trending topic* o termo «felón», porque debeu ser o termo máis buscado en Google eses días para ver a que se refería. Só lle faltou chamarme tafur. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Pero ben, tampouco pasa nada.

Oia, ¿lembrará vostede por casualidade se algún membro do actual Goberno da Xunta de Galicia se manifestaba xunto con Galicia Bilingüe? (*Aplausos.*) Porque, claro, se temos alguén que se manifesta con Galicia Bilingüe e que despois é un membro destacado do Goberno, ao mellor, nun alarde de indución, somos quen de concatenar unha cousa con outra. Insisto, hai que ser moi malpensados, tramposos e tafures, pero ao mellor resulta que hai algunha relación entre Galicia Bilingüe —ano 2009— e o que pasa neste momento.

E mire, señor conselleiro: eu non vin falar aquí do presente, vin falar do futuro, vin falar de se o Goberno da Xunta de Galicia comparte as declaracións do presidente do Partido Popular nacional, do señor Casado; foi o que vin preguntar. Xa sei que neste momento non hai unha alteración da orde da normativa lingüística en Galicia. Pero ¿comparten vostedes, porque é un risco certo se este señor chega á Presidencia do Goberno nalgún momento —ou sen chegar á Presidencia do Goberno—, que é aceptable que se poña a lingua dunha comunidade autónoma como un elemento de confrontación? É dicir, que hai que meter en verea a estes, sexan cataláns, galegos, vascos..., ¡tanto me ten! Teñen gobernos autónomos con capacidade para decidir; hai mecanismos e xa se puxeron en marcha se a desviación do ordenamento xurídico fai que sexa necesario actuar dunha determinada maneira. Pero é que non estou a falar aquí nin da Constitución, nin do artigo 155, nin doutras cousas nin entelequias, estou a falar dunhas declaracións concretas, dunha intencionalidade feita explícita por este señor.





Díciame vostede que as declaracións ían encamiñadas a unha comunidade autónoma que non é Galicia, que é modelo e faro occidental da competencia e da coordinación e non sei cantas cousas máis —lingüísticas— para toda España e parte da Europa occidental e parte tamén do mundo civilizado. Estupendo, estupendo. Será porque entre todos chegamos a este marco; tamén é certo que houbo alguén que o quebrou nun determinado momento cun decreto —insisto— que foi rexeitado, a diferenza doutro que parecía querer crear soldadiños de tres anos —como vostede pareceu dar a intuír na súa intervención, ¿non?—, pero que non foi recorrido e non tivo ningún problema na súa implementación ata que chegaron vostedes —insisto— con algún conselleiro manifestándose a favor.

Fálame vostede do Informe PISA e fálame de coñecemento da lingua galega. ¿E por que non me fala dos informes sobre o nivel de uso do galego da Academia Galega ou doutros organismos cos que podemos estar ou non de acordo, no sentido de que poden ter algún tipo de nesgo político? Pero, en todo caso, hai institucións académicas que teñen feitos estudos que evidencian, señor conselleiro, que as causas da perda de competencia lingüística e de galegofalantes, sobre todo entre a mocidade, está relacionada co Decreto 79/2010, do plurilingüismo, e que é un elemento de retroceso nos avances que se experimentaran en materia de lingua galega. Iso non lle vale, ¿só lle vale o dato positivo? ¿Non avalía vostede ningún dos negativos que causa ese decreto? ¿Iso resulta indiferente? ¿Resulta indiferente que alguén nos estea ameazando e que diga que, se as comunidades autónomas queren, poderán tamén utilizar a súa lingua propia? ¡Se queren! ¿Como que «se queren»? ¿Pero que escenario é este? É algo potestativo: aquí vamos falar todos castelán si ou si e, se queren, falamos outra lingua. Eses son os espíritos que se deducen das declaracións deste señor, e iso é polo que eu lle estou a preguntar; non lle estou a preguntar por outra cousa. Mire o que pregunto. Pode vostede, na súa rolda de peche, criticar a...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...Pedro Sánchez, criticar o Goberno socialista, criticar o pacto de Estado... Algún día podemos falar, podemos facer un monográfico e falamos tamén de cando a señora Cospedal, hoxe defenestrada politicamente, vetou un pacto co señor Gabilondo, naquel momento ministro de Educación, porque había eleccións. (*Aplausos.*) Podemos falar todo o que queira diso.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Estou falando de hai anos, non de hai meses. Cando queira facemos un monográfico deste asunto.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, grazas, señor Álvarez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Dedíquese vostede a —non sei— insultar, pero...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Grazas, señor Álvarez, xa está.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** ...insisto: contésteme, se pode, ás preguntas que se lle formulan na interpelación.





Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura e Turismo, o señor Rodríguez González.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** Señor Álvarez, vostede sabe perfectamente que nin vostede nin eu nos dedicamos a insultar. Eu si lle digo que mire para diante, que non mire para o pasado; saque esa melancolía que leva encima. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Non fale de 2009, fale do presente; fale de por que o Partido Socialista de Pedro Sánchez rachou o pacto educativo. (*Aplausos.*) Fale sinceramente diso e explíquelles a moitísimos membros do seu partido, absolutamente decepcionados, por que o Partido Socialista rachou un pacto que a España lle era moi importante e moi necesario, absolutamente necesario.

E mire: a verdade é que vostede intenta xerar un debate —como xa dixen— que pensamos que é falso e que non cala nos galegos. Mire: o noso modelo lingüístico —repítollo— é un éxito. Houbo, durante moitos anos, unha situación de convivencia e de consenso, e nun momento concreto rachouse; vostedes saberán por que o racharon, con que intencionalidade o racharon, pero a partir de aí reconstruíuse cun decreto que foi difícil de sacar adiante, pero que posibilita o que ten que facer o sistema educativo, que é garantir o coñecemento. E, afortunadamente, este decreto garante o coñecemento practicamente pleno, o maior da historia no ámbito do coñecemento do galego na poboación en idade escolar. Iso é algo que non se pode negar, e faino en harmonía, faino en equilibrio e faino respectando ambas as linguas.

E, claro, vostede faime dúas preguntas moi concretas: que consideramos das declaracións, supoño que do señor Casado, que propón a recuperación por parte do Estado das competencias en educación no suposto sempre subxectivo de falta de lealdade, e preguntanos polas condicións existentes do coñecemento da lingua galega. A segunda xa lla respondín, e xa o dixo vostede: a oferta pública de emprego é moi clara e moi precisa, e vostede coñecía perfectamente.

Agora sobre a primeira, e vostede é do ámbito educativo como son eu. Aquí non falamos de suposicións, aquí non falamos de que pasará, que pasaría; aquí falamos de realidades e píddolle a súa opinión como membro do Partido Socialista, se está a favor ou en contra do que lle vou dicir a continuación. Mire: ¿vostede está a favor de que nun caso concreto dunha comunidade autónoma —en Cataluña, (*Murmurios.*) porque estas declaracións están orientadas a Cataluña— haxa ao redor de vinte profesores imputados por incitar ao odio en clase? ¿Está de acordo? (*Murmurios.*) ¿Vostede estará de acordo con que nove profesores fosen imputados por sinalar alumnos e alumnas que eran fillos de gardas civís? ¿Parécelle normal esta actuación? ¿Parécelle normal que sexan os propios profesores quen sinalen os nenos nunha aula por falar un idioma ou por falar outro? ¿Parécelle normal? (*O señor Rivas Cruz:* Si, eu e meus pais si que o vivimos. Si que o vivimos.) ¿Parécelle normal que en moitos centros —en máis de trinta centros— levasen os alumnos menores sen permiso ningún dos pais a manifestacións políticas? Aquí a política faise dentro dos parlamentos, non se fai nas aulas, e ese é un reproche que sempre farei. (*Murmurios.*) ¿A vostede parécenlle normais —á parte,



están nas redes sociais— algúns vídeos onde algúns profesores lles están dicindo aos alumnos, lles están ensinando aos alumnos a corear unha serie de consignas en época preescolar? ¿Vostede está a favor diso? Porque a primeira pregunta que vostede fai se refire a isto, como vostede sabe perfectamente.

Hai centos —tamén centos— de denuncias de pais e de nais que queren democraticamente que aos seus fillos tamén se lles ensine, ademais da lingua catalá, a lingua castelá. (*Murmurios*.) Son declaracións que poñen de relevo e poñen encima da mesa a importancia do modelo educativo galego, un modelo en convivencia, un modelo en harmonía, que non xera fricción e que debemos exportar; debiamos facer un esforzo por facerlles comprender que o noso modelo é un modelo positivo.

E mire: creo que esta liña que levamos mantendo nos últimos anos é positiva para Galicia, porque non xera fricción, non xera intolerancia, xera convivencia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...e xera respecto, e iso é o que temos que poñer encima da mesa. E se non, se entramos en debates estériles, en debates puramente interesados e en debates sobre que pasaría no caso de...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...podemos acabar vendo como algo normal o que lle acabo de describir, que é realmente, tremendamente serio.

Nós debemos garantir os dereitos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...de todos os galegos e de todas as galegas a expresarse na lingua que desexen...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...e tamén temos que asegurar a igualdade de oportunidades.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** E Galicia, afortunadamente —un segundo, señor presidente—, é un modelo de convivencia, e a nivel social e a nivel tamén educativo deberíamos estar orgullosos de que somos capaces de ter un modelo educativo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.



**O señor CONSELLEIRO DE CULTURA E TURISMO (Rodríguez González):** ...estable, positivo, que non xera fricción e que xera moita convivencia nos nosos centros e na nosa sociedade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, conselleiro, rematou o tempo.

Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do Grupo... *(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)*

Si, dígame, señor Leiceaga, ¿para que quere o uso da palabra?

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, en función do artigo 77.2. O señor conselleiro indicou que cantar o himno era unha mostra de adoutramento ideolóxico, e eu pediríalle que lese o artigo 1 da Lei de símbolos de Galicia.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Non di nada diso o 77.2. Di que poderá pedir a lectura de normas ou documentos.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, si. Pídolle a lectura do artigo 1 da Lei de símbolos de Galicia; iso é o que lle pido.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moi ben. Pois nada, continuamos, porque lle toca ao presidente do Parlamento decidir se é conveniente facer lectura dun artigo que pide algún deputado ou non. E, neste caso, eu creo que quedou tremendamente claro ao que se referían nas intervencións todos.

Así que continuamos coa proposición non de lei, se están vostedes de acordo. *(Balbordo.)* Ben, se non o están, síntoo, porque me toca a min tomar a decisión. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, é o que di o Regulamento. Prégolles que teñan respecto a todos os deputados e tamén á Presidencia, así que eses xestos que fai non corresponden a este hemiciclo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non corresponden a este hemiciclo. Vostede sabe a que me refiro; entón, ímolo deixar aí.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Alberto Pazos Couñago e oito deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Concello de Vigo para que retorne ao consenso acadado para a modificación da Lei da Área Metropolitana de Vigo e ao cumprimento desta, así como do cumprimento do convenio asinado en materia de transporte metropolitano garantindo as mesmas tarifas para todas as persoas usuarias con independencia do seu lugar de procedencia**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa do señor Losada Álvarez; do



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do señor Bará Torres, e do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do señor Cal Ogando.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Fermín Losada Álvarez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

- 1. Promover a efectiva entrada en vigor da Área Metropolitana de Vigo retirando o recurso contencioso presentado pola Xunta de Galicia sobre a súa constitución, o que supuxo a súa total paralización.*
- 2. Sumarse ao consenso existente entre o resto dos partidos políticos dos concellos da Área Metropolitana, que supoñen a maioría no goberno da mesma, para desenvolver a súa posta en marcha.*
- 3. Respetar a súa plena autonomía ao respecto das funcións que por lei ten encomendada á Área Metropolitana de Vigo, sen ningunha clase de interferencia, inxerencia ou establecemento de condicións previas por parte da Administración autonómica.*
- 4. Que en materia de transporte metropolitano a Administración autonómica asuma os custos vinculados directamente as súas competencias exclusivas nesta materia.*
- 5. Facilitar o acceso ao transporte metropolitano ao concello de Gondomar, tal e como foi repetidamente demandado, cesando no seu trato discriminatorio con este concello.*
- 6. Constituír á Área Metropolitana de Vigo inmediatamente despois das eleccións municipais do próximo mes de maio.»).*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Xosé Luis Bará Torres, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*«O Parlamento acorda instar á Xunta de Galiza a que resolva as discrepancias co Concello de Vigo a respecto do convenio suscrito o 6 de xullo de 2016 para a integración de Vigo no transporte metropolitano, mediante o procedemento contemplado na cláusula 10 do citado convenio.»).*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*



*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a, unha vez constituídos os novos Gobernos municipais da área metropolitana de Vigo, traballar na busca dun novo acordo entre a Administración autonómica e os concellos.»).*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidente.

A verdade é que comecei o día falando da Transición, e agradézolle moito a intervención ao señor Álvarez, que me trouxo tamén recordos daqueles debates da Transición, cando algúns distinguidos socialistas non tiñan ningún empacho en chamarlle «o tafur do Mississippi» a un presidente do Goberno, algo que, por suposto, resultaría intolerable se o fixese un candidato do Partido Popular. ¡Iso é intolerable! (*Aplausos.*) Iso é intolerable porque isto é postestade exclusiva dos socialistas, por suposto que si. En fin, sempre e cando continúen vostedes considerando socialista o señor Guerra.

Miren: vaíamos ao tema que nos trouxo aquí, porque a verdade é que tamén me permitiu anticipar a cuestión. Foi oír falar de tafures e xa sabía que me tocaba falar da Área Metropolitana de Vigo.

O 22 de febreiro de 2015 a Xunta de Galicia —os representantes da Xunta de Galicia— e os catorce concellos da comarca de Vigo alcanzaron un acordo histórico para desbloquear a posta en marcha efectiva da Área Metropolitana de Vigo, a que pretendía ser a primeira área metropolitana de Galicia. Facíano impulsando a aprobación da Lei 14/2006, que modificaba a Lei 4/2012, da Área Metropolitana de Vigo. Unha primeira lei —para min unha lei que tiña moitas máis vantaxes que inconvenientes— que é certo que espertara polémica por aprobarse só cos votos positivos do Partido Popular.

Pero aprobamos esta segunda lei despois de chegar a un acordo que quedou reflectido neste documento breve do que permitirán que faga a lectura. (*O señor Pazos Couñago amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Decía que os catorce concellos e a Xunta de Galicia «manifestan que unha vez presentado o texto que recolle o acordo sobre os termos da modificación da Lei 4/2012, da Área Metropolitana de Vigo, iniciárase a súa tramitación que quedará condicionada a: 1. Presentación e aprobación nos plenos municipais ou órgano municipal competente. 2. Completo acordo dos catorce concellos sobre a incorporación do Concello de Vigo ao Plan de transporte metropolitano de Galicia, sen que esta incorporación signifique ningún incremento na achega nel prevista, para a Xunta de Galicia ou para os outros concellos, nin limitación ningunha das persoas usuarias».

Engadía o último parágrafo: «Unha vez cumprimentadas as citadas condicións, iniciárase o procedemento de modificación do devandito texto legal para a súa aprobación no Consello da Xunta de Galicia, e posterior remisión ao Parlamento».





Señorías, o certo é que, a pesar do que dicía o propio Goberno nun xesto de boa fe, a Xunta de Galicia non esperou a que se cumprimentaran estas cuestións e foi anticipando a tramitación deste acordo dende a boa fe —como dicía— para facilitar que chegase canto antes a Lei da Área Metropolitana. Os puntos fóronse cumprindo. Primeiro, efectivamente, referendouse nos catorce concellos o acordo ao que acabo de dar lectura, concretamente, en trece acordos plenarios en trece concellos, e nun —no de Vigo—, por un acordo da Xunta de Goberno, porque o Goberno de Vigo decidiu que non era necesario que o resto de grupos da oposición participase deste acordo.

Ese acordo plasmouse nunha lei, unha lei que se tramitou neste parlamento e unha lei que —para os desmemoriados, debo recordarllelo— se aprobou por unanimidade da Cámara. A diferenza da anterior, aprobouse por unanimidade da Cámara: todos e cada un dos parlamentarios que formaban parte desta cámara estiveron a favor de aprobar esa lei. Por se había algunha dúbida, o Concello de Vigo sumouse con entusiasmo tamén á aprobación desa lei, só había que ver as fotos daquel día na prensa, (*O señor Pazos Couñago amósalles un documento aos membros da Cámara.*) cun Caballero exhibindo o uve vitorioso, porque por fin conseguimos desbloquear a Área Metropolitana de Vigo. Un acordo que, por primeira vez, outorgaba a Vigo a capitalidade dunha entidade territorial supramunicipal autónoma —por primeira vez na súa historia—, e un acordo roto pola deslealdade institucional do alcalde de Vigo, que foi incapaz de cumprir os acordos asinados.

Porque, dende o mesmo momento no que tivo lugar o acordo, o señor Caballero teimou denodadamente en converter o consenso en imposición, en atopar escusas de todo tipo para incumplir o acordado e en converterse no prototipo daquel político que definira Woody Allen : o que atopa un problema en cada solución. Iso é o que fai o señor Caballero. Primeiro escudouse en que había dificultades de carácter técnico e estivo mareando a perdziz durante meses con que había un problema de programación das canceladoras. Claro que había un problema das canceladoras: que non quería cumprir o acordo, que foi o seguinte paso, negarse a cumprir os termos do convenio que asinara días antes. Uns termos, por certo, que eran exactamente iguais aos que están aprobados para o resto de Galicia, para toda Galicia, señorías: O Pino, Touro, A Baña, Trazo, Boqueixón, Vedra, Ordes, Pontedeume, Neda, Valdoviño, Baleira, Friol, Outeiro... En fin, innumerables os concellos galegos que participan deste acordo, incluídas as cidades da Coruña, de Lugo, de Santiago e, recentemente, de Ourense.

Señorías, despois disto deu unha nova volta de porca, que foi a confrontación cos veciños da área metropolitana, establecendo diferenzas moi claras: o prezo do billete metropolitano era 0,86 para os vigueses e 1,32 para calquera que non fose de Vigo. E, dando un paso máis, empezou a acusar os non vigueses de pretender viaxar gratis á custa dos vigueses, como se os usuarios non pagaran o seu billete, como se llelo pagara o Concello de Vigo. Non, señoría, págano os usuarios.

En medio de toda esta voráxine de despropósitos, deuse un intento vergoñento —recordámolo todos—, o 1 de decembro de 2016, de forzar a constitución da Área Metropolitana de Vigo contra o criterio de quen lexitimamente presidía a sesión constitutiva e en contra dos informes do Consello Consultivo de Galicia, que informaba sobre a obriga de nomear co-





rectamente dous representantes dos concellos de Gondomar e de Moaña — que lle correspondían ao PP e se lles outorgaran a outros grupos— e, ademais, sobre a necesaria e imprescindible incorporación efectiva, con carácter previo, de Vigo ao transporte metropolitano.

Aquela situación sen precedentes de máximo abuso obrigou os distintos concellos a buscar amparo nos tribunais, e estes, en sucesivos pronunciamentos de carácter cautelar, suspenderon a constitución da área, ademais de impedir que o Concello de Vigo segregase o acceso aos abonos de transporte en función do domicilio do solicitante. A resposta do alcalde a estes pronunciamentos foi sorprendente: primeiro abandonou o Plan de transporte metropolitano de Galicia sen esperar a resolución definitiva, un plantexamento curioso de quen cre que o asiste a razón xurídica, e a segunda —esta tamén moi novidosa en Vigo— foi culpar a Feijóo; isto encántalle.

É o modo socialista: se a Xustiza non dá a razón, cuestiónase a Xustiza; se os órganos asesores das institucións non lle dan a razón, cuestiónanse os órganos asesores, e se ningunha desas dúas cousas coa, a culpa é de Feijóo. Isto é así dende hai moito tempo. Miren, temos exemplos abondo, eu póñoallos algúns: ¿que os tribunais din por sentenza que o Cunqueiro está exento de pagar IBI? (*O señor Pazos Couñago amósalles un documento aos membros da Cámara.*) «Caballero insiste en que cobrará o IBI ao Cunqueiro». ¿Que a xustiza di que o Goberno de Vigo non pode facer nomeamentos a dedo de determinados funcionarios? (*O señor Pazos Couñago amósalles un documento aos membros da Cámara.*) «El Gobierno de Vigo seguirá nombrando a dedo a funcionarios jefes a pesar de la sentencia». ¡Oia! ¿Que imputan un concelleiro por un tema de contratación dunhas luces e demais? Iso é un tema, simplemente, de envexa que nos teñen os de fóra. E, xa para casos desesperados, temos a cláusula Feijóo. ¿Que me paralizan a constitución da Área Metropolitana? A culpa é de Feijóo. Se o caso é moi desesperado, hai que aumentalo. ¿Que hai unha condena polo enchufe da cuñada da señora Carmela Silva no Concello de Vigo? (*O señor Pazos Couñago amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Entón é culpa xa de Feijóo e de Rueda; aquí hai que sumar, porque canto máis gorda é a bóla, máis xente hai que traer a colación.

E claro, namentres pasan todas estas cousas, un ten que facerse unha pregunta: ¿que vai pasar cando saia a sentenza definitiva sobre a Área Metropolitana de Vigo e sobre o transporte metropolitano de Vigo? Eu creo que hoxe temos que facernos unha pregunta: ¿que vai pasar entón?, ¿vana acatar ou imos optar polo modelo Cerceda?, ¿levamos ao Pleno a sentenza e votámola? Se nós dicimos que a sentenza está ben, queda aprobada e, se non, non facemos caso. ¡Modelo socialista! (*Aplausos.*)

O problema, señorías, é que, namentres van pasando estas cousiñas, a Área Metropolitana segue parada e os veciños, privados das vantaxes que derivan da creación desa área metropolitana. O transporte metropolitano non despreza todos os seus efectos, o que pagan, fundamentalmente, os vigueses, que seguen soportando o billete urbano máis caro de toda Galicia e perdendo aforros anuais por familia de ata mil euros. E, mentres tanto, o Concello segue aumentando os pagos á concesionaria.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.



**O señor PAZOS COUÑAGO:** O último aumento, de 1,6 millóns de euros. Un magnífico negocio para todos os vigueses.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Nós, polo tanto —e remato xa, presidente—, cremos que xa chegou o momento de deixar de botar culpas aos de fóra, de buscar excusas baratas e de buscar consensos novos en vez de cumprir os vellos.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** E, polo tanto, pedimos que haxa un mínimo de reflexión e que poidamos entre todos botar a andar, definitivamente, a Área Metropolitana de Vigo que tanto están esperando todos os cidadáns desa área.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do BNG o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

A verdade é que resulta bastante patético que o Partido Popular teña que vir aquí, á tribuna do Parlamento, facerlle oposición ao Goberno municipal de Vigo; é realmente patético. E non sei se o portavoz do Partido Popular veu aquí facer méritos para ir na próxima candidatura do Partido Popular ás eleccións municipais de Vigo, se está facendo méritos; a ver se o escoita a señora Muñoz e lle dá un oco aí na candidatura. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Esta PNL é como os osos polares: estivo en estado de hibernación. O que pasa é que os osos polares están sobre seis meses en estado de hibernación, e esta PNL estivo dous anos. Foi rexistrada o 3/3/2017 e xa se debateu daquela neste pleno. A verdade é que non teñen data de caducidade as PNL. E agora, curiosamente agora, xusto no mes de marzo, rescátana do esquecemento. Non sei por que agora, no mes de marzo; non sei se é porque o mes de marzo está dous meses antes do mes de maio e porque hai proximamente unha data, que é o 26 de maio, e por iso lle acordou ao Partido Popular traer este debate aquí, dunha maneira claramente oportunista e electoralista. Isto é absolutamente descarado, porque o único que pretenden con este debate é intentar rabuñar uns pouquiños votos alí, na contorna da área de Vigo, a ver se convencen alguén para que os vote nos concellos veciños. *(Murmurios.)* É evidente o oportunismo e o electoralismo desta proposta.

Nós, en todo caso, o que queremos é aproveitar este debate para denunciar a causa desta situación que se nos describiu aquí, que é que o Partido Popular e o Partido Socialista boicotearon a creación da Área Metropolitana de Vigo, liquidárona pouco despois de nacer. A primeira área metropolitana de Galiza, que a verdade é que levou moitísimo traballo e moitos



anos construír, quince anos de voltas e de debates, de leis tras leis, e en seis meses acabaron con ela. Acabaron con ela porque é outro episodio máis desa confrontación, desa liorta partidista na que están instalados o Partido Socialista e o Partido Popular. E non lles importa. A vostedes dálles igual, con tal de impedir calquera proxecto do que se poida beneficiar unha área na que viven catrocentas sesenta mil persoas. E aí está o tema do transporte metropolitano, aí está o tema do abastecemento de auga a Vigo e á súa área, pelexan polas illas Cíes, pelexan pola urbanización da AP-9, pelexan polo Celta. É igual, todo vale para intentar sacar algún tipo de tallada.

E o transporte público é o peor exemplo precisamente desta falta de cooperación e falta de lealdade institucional, que nós tamén puxemos de relevo con respecto ao debate sobre O Marisquiño, que foi outra vítima desa falta de lealdade institucional.

E, claro, aquí o motivo desa diferenza, teoricamente, é a discrepancia na aplicación do convenio do transporte. Pois mire, no propio convenio establécese o procedemento para resolver as discrepancias, que é a aplicación da cláusula 10, que se resolva nos tribunais, se non hai acordo, a interpretación do convenio. Non sei, levan dous anos con isto paralizado, levou tamén á paralización e ao enterramento da propia área de transporte metropolitano, porque vostedes non queren resolver este asunto, porque viven mellor na confrontación, vailles mellor, e, así, estamos asistindo continuamente a mostras desa confrontación.

Claro, agora veñen aquí e traen este debate e esta proposta para intentar lavar a cara, botarlle a culpa ao Partido Socialista, botarlle a culpa ao Concello de Vigo de todos os males, cando tamén hai responsabilidades da Xunta de Galiza, que foi quen vetou e quen botou abaixo a Área Metropolitana de Vigo coas súas actuacións.

E por iso o BNG trae aquí unha emenda moi sinxela, e é que se aplique a cláusula 10 prevista nese convenio e que decidan os tribunais en todo caso como hai que interpretar ese convenio, e sobre todo o que lles pedimos é que deixen de usar a veciñanza como reféns, como reféns dos seus líos, das súas liortas e dos seus intereses partidistas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, o señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

O artigo 1 da Lei de símbolos de Galicia, do 29 de maio de 1984, di: a bandeira, o escudo e o himno de Galicia simbolizan a súa identidade como nacionalidade histórica. Eu creo que é pouco subversivo, francamente, pero, ben, é verdade que o nivel da subversión cada un o pon onde considera. *(Aplausos.)*



Señor Pazos, mire, non sei moi ben a quen se refería cando falaba de tafures, pero, se se refería a quen penso, o que nunca fixo foi pasear nun iate cun narcotraficante pola ría de Vigo (*Aplausos.*), ¡nunca, nunca, nunca!, ¡nunca fixo iso! Polo tanto, absolutamente orgullosos.

Por certo, sobre discutir a Xustiza, supoño que recorda cando no Partido Popular dicían que a trama Gürtel fora montada polo ministro Rubalcaba. ¿Recórdano? ¿Non o recordan? Ben, pois eu creo que é un bo exemplo da discusión da Xustiza.

Mire, en «*En busca do tempo perdido*», o protagonista ensimesmábase cunha madalena durante case vinte follas, e a verdade é que a súa amada pois acaba esquecéndose del, porque el miraba parar a madalena. E vostedes aquí están absolutamente ensimesmados cun feito que os molesta enormemente, que é que están a punto de ser irrelevantes electoral e politicamente no Concello de Vigo (*Aplausos.*), a punto de ser politicamente irrelevantes no Concello de Vigo. E como sigan así, señor Pazos, eu entendo que vostede veña facer aquí política municipal, porque o Partido Popular non vai ter concelleiros no Concello de Vigo para defender as súas posicións políticas. Verano, verano.

Mire, a Área Metropolitana de Vigo abarca un espazo político que tivo uns resultados nas eleccións municipais, que seguro que vostede coñece, señor Pazos. O PSOE tivo 93.663 votos, é dicir, o 45 %, e o Partido Popular tivo o 31 %. Polo tanto, xa non falo do 17 % e 7 % de Vigo, por isto de non ferir sensibilidades, estou falando do conxunto da área metropolitana de Vigo; volvo repetir: 93.600 fronte a 66.000.

E seguro que tamén coñece, señor Pazos, cal foi a tendencia do seu partido no concello de Vigo: descender entre o ano 2011 e o ano 2015 nun 53 % o número de votos; repito: descender nun 53 % o número de votos no concello de Vigo entre as eleccións do ano 2011 e do ano 2015.

Porque, señor Pazos, ¿sabe o que acontece? Acontece que os cidadáns de Vigo non son parvos e saben perfectamente cal é a posición política do Partido Popular nesta cuestión. Saben que vostedes tentaron no ano 2012, cando aprobaron a primeira lei soamente cos seus votos, que no poder executivo ou no poder de dirección na Área Metropolitana de Vigo Vigo estivera á mesma altura que calquera outro municipio da área, como vostede ben sabe. E tiveron que pasar estes datos, é dicir, esta caída do 53 % nos votos, para que o señor Feijóo e o señor Rueda, efectivamente, reconsideraran a súa posición e polo tanto modificaran esta situación.

E despois, cando viron que iso significaba unha perda de poder político importante para a Xunta de Galicia, fixeron algo que está na súa man desfacer. ¡Oia!, ¿por que acudiron aos tribunais? Retiren o recurso nos tribunais e a Área Metropolitana ponse en funcionamento de maneira inmediata.

Por certo, ¿por que se condiciona o funcionamento da Área Metropolitana a unha das competencias e non ao resto? ¿Por que se condiciona ao funcionamento do transporte metropolitano? Por unha lei *ad hoc*, feita por vostedes, precisamente para bloquear o funcionamento da Área Metropolitana de Vigo, porque sabían que Vigo e os vigueses e as viguesas non ían



pagar unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, e xa está ben de que a Xunta invite e os concellos paguen.

Se o Concello de Ourense e o seu alcalde quere pagar, está moi ben, pero o Concello de Vigo e o seu alcalde non vai pagar competencias exclusivas da Xunta de Galicia. E, por certo, ten todo o apoio do Partido Socialista para facelo, ¡só faltaría!, vostedes, que din que van baixar impostos. Pero ¡oia!, ¿de que están falando? ¿De verdade cren que os cidadáns non son conscientes desta situación?

E, por certo, na propia Área Metropolitana pon que non haxa máis gastos para a Xunta de Galicia e para os concellos, excepto para o de Vigo, que ten que pagar, subvencionar os billetes do transporte metropolitano.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Remato, señor presidente. Como dixo o señor Bará, hai un método para resolver isto, que é o contencioso-administrativo; aí resólvense os problemas que haxa no convenio do transporte metropolitano.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** E, por certo, no apartado segundo di que as compensacións da Xunta de Galicia respecto do servizo urbano se realizarán pola primeira etapa urbana, e iso é o que acepta o Concello de Vigo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...o que aparece no convenio, non certificar as contas da Xunta baixando impostos e pedindo... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Losada. Rematou o seu tempo.

*(Aplausos.)*

Señor Losada, non se trata de ser subversivo ou non, pero o artigo 77.2, ao que facía referencia o seu portavoz, determina que é a Presidencia a que estima se hai que facer lectura do artigo ou non. Así é que lle agradezo a súa oportuna... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, xa, arrebatos, xa vexo eu moitos desde aquí arriba, moitos. Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** *(O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.)* ...de deslealdade institucional, non sei como chama vostede a traer unha iniciativa ao Parlamento de Galicia co único obxectivo de desgastar o Concello de Vigo, porque é o único obxectivo polo que trae esta iniciativa, porque sabe vostede perfectamente que esta iniciativa non serve





absolutamente para nada, non vai desatascar a situación, non vai solucionar o problema. É totalmente lexítimo que o Partido Popular teña a posición que vostede defende, pero traer esta iniciativa aquí só serve para facer propaganda, para facer campaña electoral e para facer política de desgaste con administracións que non son da súa cor, e vostedes sábeno perfectamente. Sabe que esta iniciativa non vai desatascar nada, pero é unha máis, outra vez máis, outro pleno máis, e xa non sorprende a ninguén que o Grupo Popular utilice este pleno única e exclusivamente para facer campaña electoral e campaña de desgaste a administracións en que non gobernan.

Esta PNL é outra máis da súa campaña contra o Concello de Vigo, onde teñen vostedes representación. Eu non me vou aventurar tanto como o señor Losada, non vou falar de futuro, pero desde logo a día de hoxe vostedes teñen representación, son a primeira forza da oposición no Concello de Vigo, e esta iniciativa o lóxico é que a defendan no Pleno do Concello de Vigo, que é onde teñen que defender esta iniciativa. Aquí non lles serve absolutamente para nada; como digo, para facer política de desgaste, e sábeno vostedes perfectamente.

Se queren vostedes traer iniciativas para instar e interpelar os distintos concellos das cidades de Galicia, poderían traer algún día tamén vostedes unha iniciativa para interpelar o Concello de Ourense, o único concello das sete cidades que non foi quen de aprobar nin un só orzamento, e con moitísimas carencias.

Pero vostedes a este pleno xa trouxeron iniciativas de todas as cidades de Galicia, excepto de Ourense, porque vostedes utilizan este pleno para desgastar as administracións que non son da súa cor. Trouxeron moitas iniciativas de Vigo, da Coruña, de Compostela, de Pontevedra, de Ferrol e de Lugo, trouxeron iniciativas de todos, pero nunca trouxeron ningunha de Ourense, o que fala moi claramente de cales son as súas intencións.

Pero todas as iniciativas que vostedes traen a este pleno —non só esta, a outra PNL tamén, e as dúas preguntas, as catro— son iniciativas para facer campaña electoral e campaña de desgaste, e neste caso concreto, nesta iniciativa, dálles igual que sexa incoherente, dálles igual que isto os leve ao punto de conflito onde xa saben que non teñen encontro, porque o consenso ou o acordo do que vostedes están falando xa manifestaron tanto a Xunta de Galicia como o Concello de Vigo que o interpretan de maneira diferente, e iso xa está enriba da mesa, e iso xa está neste momento e non se vai mover. Polo tanto, volver ao punto de conflito non serve absolutamente para solucionar o problema.

É incoherente tamén porque o fan vostedes a dous meses das municipais; evidentemente, a dous meses das municipais non se vai solventar este problema, non van chegar a ese acordo, e vostedes sábeno. E é tamén incoherente porque Vitrasa tamén remata a súa concesión, e, polo tanto, como forma parte da firma, pois tampouco ten sentido volver retomar isto neste momento.

Pero, como digo, non se trata só desta iniciativa. Vostedes traen outra na que instan o Goberno do Estado a incrementar a Unidade da Policía Adscrita, tamén con intención de desgastar o Goberno do Estado, porque podían traer unha PNL para pedir a transferencia das competencias, para desde a Xunta de Galicia poder ter capacidade de actuación. Pero vostedes





non queren ter capacidade de actuación, tan só queren desgastar por un interese electoralista.

E as dúas preguntas que traen vostedes veñen co mesmo obxectivo. Traen unha sobre o plan director de fomento para o corredor atlántico de mercadorías, porque cando vostedes gobernaban no Goberno do Estado o Goberno do Estado, do Partido Popular, e non pedía a incorporación de Galicia no corredor de mercadorías, como o trasladaron desde instancias europeas, onde dixeron que non había ningunha petición do Goberno, vostedes non traían aquí ningunha iniciativa, vostedes calaban, e cando nós traíamos iniciativas para que o Goberno actuase, votaban en contra. E traen esta iniciativa agora co único interese de desgastar o Goberno do Estado.

E traen outra para facer propaganda de igualdade, sobre os avances en coigualdade. Podían traer vostedes unha PNL para instar o Goberno da Xunta a que incremente as súas políticas de coigualdade. Entón si que sería útil e si serviría para algo, pero simplemente traen unha pregunta para poder facer campaña propagandística, porque vostedes non queren solventar os problemas, só queren facer propaganda.

Nós, como si buscamos solucións, propoñémoslles unha emenda de substitución, que si entendemos que pode solventar o problema, que é unha emenda que di que o Parlamento de Galicia insta o Goberno da Xunta de Galicia a, unha vez constituídos os novos gobernos —porque non ten sentido agora facer isto, haberá que esperar a que se constituían os novos gobernos municipais para sentarse a buscar unha solución na Área Metropolitana de Vigo—, traballar na busca dun novo acordo —porque xa saben que este non solventa o problema—. Polo tanto, se queren buscar unha solución, insten o Goberno da Xunta a que inicie as conversas para un novo acordo e que o fagan entre a Administración autonómica ou os concellos, porque nós entendemos tamén que non ten ningún sentido que forme parte da firma unha empresa privada. Entendemos que a firma debe de ser entre as administracións, e despois falemos de concesiós, pero aí Vitrasa non pinta nada na firma.

Nós traémoslles unha proposta seria, que poida servir para solventar o problema, porque o que propoñen vostedes, como habitualmente, non serve absolutamente para nada.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Pazos Couñago.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Pois por empezar por algo positivo, vou empezar concordando co señor Bará: debe estar a cousa das listas complicada para que o señor Cal se nos propugne hoxe aquí como voceiro do Partido Popular. En todo caso, agradecemos moito que nos faga o relato das iniciativas que temos ou que non temos que presentar.

Está moi ben porque sei que vostede, en cambio, ten un enorme interese en que os concellos sobre os que se debata aquí son os de Tui, Mos, Sanxenxo, Redondela, Palas, Ourense... (*Mur-*



*murios.*) Eses si, eses gústalle. E por iso vén hoxe aquí pois afearnos o que fan vostedes diariamente en todas as comisións. (*Murmurios.*) Pero, claro, é o que falabamos antes: hai cousas que só están permitidas para a esquerda.

Quero tranquilizar tamén o señor Bará, ¿verdade? Eu son choqueiro, señor Bará, eu son de Redondela. ¡Home!, ninguén me dixo nada de ir en ningunha lista fóra do meu concello; en todo caso, ¡home!, eu creo que quen foi o número 1 da lista ao Congreso e non saíu, e quen estivo tamén formando parte das listas, ¿verdade?, do seu concello e tampouco o quixeron, debería preocuparse menos pola miña posición nas listas e preocuparse un pouquiño máis pola súa, señor Bará. (*Aplausos.*)

E mire unha cousa: eu creo que os que estiveron en estado de hibernación foron vostedes. Mire, se vostedes están á orde do día, ¿sabe?, do que se vai aprobando neste país, deberían de saber que a Lei da Área Metropolitana o que contemplaba era que, segundo se fora producindo o vencemento das concesións das liñas de transporte, estas incorporábanse á Área Metropolitana. E iso é o que se está producindo hoxe en Galicia, e por iso hai que traer isto aquí, porque isto urxe, porque se está perdendo unha oportunidade histórica, histórica.

Pero a vostedes iso dálles igual, porque aquí os que buscamos a confrontación somos nós. Ten vostede un concepto da confrontación curioso, porque nós o que pedimos é que se cumpra un compromiso que está asinado —¡asinado, señorías!— por todos. Mire se está asinado por todos que ata o señor Losada, para afearme a lei, tivo que remitirse á de 2012; da de 2016 non dixo nada, é unha cousa curiosísima. E, claro, di: ¿por que se condiciona ao acordo o cumprimento deste punto? ¡Home!, ¡porque o acordamos catorce concellos e a Xunta de Galicia! Pero eu, se quere, doulle copia do acordo. É que entre as firmas está a do amado líder, (*Risos.*) prométollo, que non a falsifiquei eu.

E, claro, eu non falo porque sexa de Vigo nin porque vaia ir nunha lista. Eu falo porque creo que son o único galego —tiven ese privilexio— que estivo en todas as xuntanzas de desbloqueo da Área Metropolitana, ¡en todas!, e coñézoas de primeira man. Entón, claro, está moi ben que me remita vostede ao contencioso, pero estaría moito mellor que aceptasen vostedes o resultado do contencioso.

E dicirle unha última cousa —e con isto remato xa—. Mire, eu creo que hai que ter un pouco de respecto polo adversario político, por todos, por todos. E, polo tanto, cualificar de irrelevante un grupo que ostenta o 20 % da representación en Vigo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...paréceme unha falla de respecto. Que o faga o voceiro dun grupo que representa nesta Cámara o 17 % paréceme unha tomadura de pelo. (*Murmurios.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)


**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Pazos.



Suspendemos a sesión ata o día de mañá ás dez da mañá.

*Suspéndese a sesión ás oito e catro minutos do serán.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

